

**Revista de
Estudios Miñoráns**

Nº 20 | 2020



IEM (Instituto de Estudos Miñoráns)

Redacción e administración:

Aula de Cultura “Ponte de Rosas”
Avda. da Feira 10, baixo
Apartado 30, 36380, Gondomar
Tel: 986 360 575
e-mail: oficina@iem.gal
Web: www.iem.gal

Director da edición:	Xosé Ramón García
Consello de Edición:	Pablo Casal Nuñez, Juan Chamorro Sanromán, Juan Hermida Lago, Bieito Legaspi Villamarín, Xulián Maure Rivas e Anxo Rodríguez Lemos
Asesoramento lingüístico:	Bieito Legaspi / Miguel Anxo Mouriño
Deseño de cabeceira:	Fernando Pol (+)
Ilustración da cuberta:	<i>A Ramallosa. A Casa Branca.</i> Pepe Sanjurjo Mantilla
Fotografías:	Autores e arquivo IEM
Deseño da capa:	Xosé Manuel Fachal
Deseño interior e maquetación:	Juan Chamorro
Imprime:	Foro Gráfico S. L.
ISSN	2340-2644
Depósito Legal:	VG 613-2020

Os textos e imaxes publicadas nesta revista son da responsabilidade exclusiva dos seus autores



Revista de Estudos Miñoráns é unha publicación anual do IEM

As opinións dos artigos non reflicten necesariamente as do Instituto de Estudos Miñoráns e son responsabilidade dos autores.

Pódese reproducir total ou parcialmente, sempre que se cite a procedencia.

Índice

PRESENTACIÓN REM 20	7
ACHEGAS	9
Cambios de usos na bacía da Ramallosa 1956-2018	
Gonzalo Méndez-Martínez	
Emilio Fernández	
Andrés López-Fortes	
Aida Ovejero-Campos	11
As covas de Baiona de Fóra, Monte Real e A Palma	
Clube Espeleolóxico Maúxo	23
Os garranos e os paxaros: Simbiose mutualista na Serra da Groba	
Xilberte Manso de la Torre	59
Lugar e arquitectura	
Antonio Soliño Troncoso	75
Memoria técnica dos traballos de extracción, restauración e conservación dos fragmentos dos debuxos feitos polos presos no Mosteiro de Sta. María de Oia durante a Guerra Civil (1936-1938)	
Celia Casás Pérez	141
“Comer, beber e arder”. Aproximación á economía e sociedade do Val Miñor ó comezo do século XX	
José Luís Mosquera Veleiro	163
<i>Doazón no día lues, dous días do mes de nouembro de 1422 baiona de miñor</i>	
Xulián Maure Rivas	183

Aproximación á Única Contribución do Marqués de la Ensenada: Baiona, Baíña e Baredo (1)	
Anxo Rodríguez Lemos	191
O 30 aniversario da CEMMA	
Alfredo López	
José A. Martínez Cedeira.....	229
Un novo coro ao vello modo. Cantares do Brión	
Xoán Colazo Pazó	241
A Escola Municipal de Cerámica de Nigrán, un sinal de identidade	
Mª Teresa Fernández-Colmeiro Martínez	255
ESPECIAL ARTE	271
Agora si: o meu tío pintor	
Eva Prol Sanjurjo	273
O MEU VAL DE MIÑOR	289
Unha Medalla de Ouro de Baiona para o IEM	291
4 poemas no Val de Miñor	
Xavier Álvarez-Blázquez.....	299
Os novos estatutos do IEM	305
AS NOVAS DO IEM.....	321
CATÁLOGO DE COLABORADORES E COLABORADORAS	329
Normas para autores.....	335

Presentación REM 20

O número 20 da nosa revista pecha un ciclo (estaremos sempre a pechar ciclos?), cando se cumpriron os 20 anos da nosa existencia, e un novo andazo (que lembra os medievais, e ata a gripe do 18 de hai un século) fai mudar radicalmente os nosos hábitos de vida. Non hai nada de tempo que nos chamaban a atención as máscaras que portaban voluntariamente poboacións orientais, e aínda máis cando nos indicaban que era a súa contribución ao benestar colectivo, tratando de non contaxiar á súa contorna. Hoxe, coa irrupción en todo o mundo da COVID19, moitas cousas mudaron. En aras da nosa responsabilidade colectiva aceptamos non organizar as nosas exitosas Xeiras, que convocaron en ocasión a centos de persoas, e limitamos ata o extremo as nosas conferencias e Faladoiros. Todos estas circunstancias non impiden a nosa continuidade editorial, con esta nova entrega da Revista de Estudos Miñoráns, que ergue a súa cabeza no medio da pandemia.

Os cambios de uso do espazo habidos no Val de Miñor e a consecuente artificialización do contorno das últimas décadas son obxecto do primeiro artigo desta entrega, da autoría de profesores do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio da Facultade de Ciencias Mariñas da UVIGO. § O Clube Espeleolóxico Maúxo entra a valorar o sochán, natural e artificial, da contorna baionesa, e lembran, de paso, os tempos en que estas oquedades supuxeron acobillo de refuxiados ou simple recurso natural ben aproveitado e valorado. § As coidadas observacións de Xilberte Manso durante días e horas na nosa serra nai, a serra da Groba, lembranos as relacións que en todos os ecosistemas complexos (desde as contornas eurosiberianas que dominaban os mamuts ata as actuais sabáns africanas que nos ilustran ou adormecen no postprandial) existiu unha fonda interacción entre grandes mamíferos (os nosos garranos) e aves. Non vos perdades os videos que acompañamos mediante QR. § O coñecemento da arquitectura vernácula e urbanismo no ámbito rural no noso Val de Miñor de Antonio Soliño pon de relevo de qué forma a arquitectura inflúe na onomástica parroquial, determinándoa ocasionalmente, e como á súa vez inflúe na toponimia. § Joan Salvador Castellá, con case 100 anos finou o pasado 2-11-2020. Era a última memoria viva (cumpliu 18 anos no seu cautiverio no Mosteiro de Oia) deste campo de concentración de presos republicanos e antifascistas, nomeadamente cataláns. Unha sociedade culta valora a súa historia, e non oculca, senón que procura lembrar tamén as súas horas máis escuras. A xenerosidade dos actuais propietarios do Mosteiro permitiu que as gravuras que aqueles presos deixa-

ron pasaran á posteridade, e a Memoria Técnica de Celia Casás relata o coidadoso traballo de conservación daqueles grafiti. § A precaria economía dun Val de Miñor a principios do século XX, de industria moi limitada e sector terciario case inexistente que nos mostra J. L. Mosquera Veleiro, limitada á actividade extractiva (agraria e pesqueira) e crecemento limitado, mostra a situación de moitas familias no limiar da pobreza. § Un documento de Baiona do Miñor do século XV que Xulián Maure transcribe e glosa da pé a gorentosos comentarios sobre afectos domésticos entre “a miña moller” e “meu marido”, e de esguello, sobre a prevalencia do sistema pagá (“día lues”) sobre o cristiá (“segunda feira”) de denominación dos días da semana. § O artigo sobre a vila de Baiona e as súas parroquias limítrofes de Baíña e Baredo inicia a serie de artigos sobre a Única Contribución para a Coroa de Castela nas terras do Val de Miñor. Primeira entrega sobre as fontes documentais do complexo traballo (único en Europa) que supuxo a confección do coñecido como Catastro do Marqués de la Ensenada. § Abranguendo todo o país, pero cunha traxectoria que se desenvolve desde o noso Val de Miñor, a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA) cumpriu 30 anos de traballos de estudo, conservación e divulgación do medio mariño. § Desde as sombras do século XIX e do coro que dirixiu Perfecto Feixoo en Pontevedra en 1883 xorde en Vincios, no Val de Miñor e no século XXI, Cantares de Brión. Unha nova e meritoria agrupación coral coa ideoloxía que se relaciona intimamente co programa político-cultural que as Irmandades da Fala procuraban. § Os 37 anos de vida con que conta a Escola de Cerámica de Nigrán (nada en 1983, de mans de Miguel Vázquez e Manolo Lagoa) e ininterrompidamente continuada desde 1988 por Emilia Guimeráns son a base para o seguinte artigo, que asina M^a Teresa Fernández-Colmeiro. § O apartado “Especial Arte”, que esta vez asina Eva Prol Sanjurjo está adicado a Pepe Sanjurjo Mantilla. A obra deste artista, que aos 28 anos deixa un futuro xa ben encarreirado para estudar Belas Artes, aparece hoxe espallada por Madrid e Galicia (moita dela sen catalogar). Moitos alumnos do Val de Miñor lembran as súas aulas en Gondomar. § Desde o noso Val, con arrecendo a equinos e ouriol, chegan estes 4 poemas de Xavier Álvarez-Blázquez. § A concesión da Medalla de Ouro do Concello de Baiona (máximo grado de condecoracións que pode outorgar a Corporación Municipal) marca un fito a lembrar no noso 20 cabo de ano. § E (pechando outro ciclo) poñemos en negro sobre branco os nosos Novos Estatutos, impulsados por razóns de legalidade.

- *Cambios de usos na bacía da Ramallosa 1956-2018*
- *As covas de Baiona de Fóra, Monte Real e A Palma*
- *Os garranos e os paxaros: Simbiose mutualista na Serra da Groba*
- *Lugar e arquitectura*
- *Memoria técnica dos traballos de extracción, restauración e conservación dos fragmentos dos debuxos feitos polos presos no Mosteiro de Sta. María de Oia durante a Guerra Civil (1936-1938)*
- *“Comer, beber e arder”. Aproximación á economía e sociedade do Val Miñor ó comezo do século XX*
- *Doazón no día lues, dous días do mes de nouembro de 1422 baiona de miñor*
- *Aproximación á Única Contribución do Marqués de la Ensenada: Baiona, Baíña e Baredo (1)*
- *O 30 aniversario da CEMMA*
- *Un novo coro ao vello modo. Cantares do Brión*
- *A Escola Municipal de Cerámica de Nigrán, un sinal de identidade*

Cambios de usos na bacía da Ramallosa, 1956-2018

GONZALO MÉNDEZ-MARTÍNEZ ¹
EMILIO FERNÁNDEZ
ANDRÉS LÓPEZ-FORTES
AIDA OVEJERO-CAMPOS

RESUMO

Neste traballo preséntase a bacía da Ramallosa como laboratorio natural no estudo dos procesos de artificialización sufridos entre os anos 1956 e 2018. Analízase a evolución das distintas clases de coberturas do solo (superficies artificiais, zonas agrícolas, zonas forestais, zonas con vexetación arbustiva, zonas húmidas costeiras e praias e corpos de auga interiores), mediante diferentes métodos en función da información dispoñible. Estúdanse as forzas tractoras causantes dos cambios observados en relación cos patróns de ocupación do solo. A bacía da Ramallosa rexistrou un forte aumento nas superficies artificiais entre os anos 1981 e 2010, onde ditas superficies multiplican a súa extensión por 3,5. A taxa máxima de artificialización detectouse entre os anos 2000 e 2006. A magnitude do proceso de artificialización rexistrada no período de estudo nos municipios de Gondomar, Nigrán e Baiona non se explica a partir dos incrementos de poboación, fogares, vivendas (principais ou non), edificios e locais. O intenso incremento de vivendas illadas e dispersas experimentado nestes municipios, fortes demandantes de infraestruturas e equipamentos, xoga un papel determinante na artificialización da zona de estudo.

ABSTRACT

This work presents the Ramallosa basin as a natural laboratory for the study of artificialization processes occurring between 1956 and 2018. The evolution of different land cover classes (artificial areas, agricultural zones, forest areas, areas with shrub vegetation, wetlands and beaches and water bodies) was analysed using different methods depending on the available information. The driving forces causing the observed changes in land use patterns were investigated. The Ramallosa basin recorded a sharp increase in artificial surfaces between 1981 and 2010 when they increased by a 3.5-fold factor. The maximum rate of artificialization was shown between 2000 and 2006. The magnitude of the artificialization process in the municipalities of Gondomar, Nigrán and Baiona is not explained by increases in population, households, dwellings (main or not), buildings and premises. The intense increase in isolated and dispersed dwellings experienced in these municipalities, highly demanding of infrastructures and equipment, plays a crucial role in the artificialization observed in this territory.

1 mendez@uvigo.es

A BACÍA DA RAMALLOSA

O esteiro da Ramallosa é un espazo intermareal situado no fondo da ría de Baiona. Constitúe un espazo de alto interese para a investigación en campos tales como a ecoloxía, a sedimentoloxía, a xeografía física, a zooloxía ou a botánica, entre outros, pola amplitude de valores que levaron a declaralo como espazo protexido da Rede Natura 2000. Bo exemplo disto son os numerosos estudos, maiormente de investigadores da Universidade de Vigo que nas últimas décadas desenvolveron neste espazo, total ou parcialmente, os seus labores (Alejo 1990; Méndez-Martínez *et al.*, 2011; Pérez-Arlucea *et al.*, 2001a, 2001b, 2005; Román *et al.*, 2018, 2019a, 2019b, 2020; entre moitos). Pero, a ninguén se lle pode escapar que en moitas disciplinas, para unha boa análise deste espazo de interese, debemos coñecer igualmente que sucede na súa contorna e en especial na bacía dos ríos que verten ó espazo intermareal.

Á Ramallosa verten os ríos Miñor (que dá nome á comarca natural: Val de Miñor), co Zamáns como afluente, o Grova e o Guillade. O Miñor é un río de relativamente curto percorrido, cun curso de 16 quilómetros (Alonso, s.a.) entre o seu nacemento no extremo sur da Serra do Galiñeiro e a súa desembocadura na Foz, nome co que se coñece o esteiro que se desenvolve ó leste da barra areosa de praia Ladeira e ó sur da península de monte Lourido. O seu principal tributario é o río Zamáns. Este está formado pola unión de varios regatos entre o campus universitario ó norte e O Galiñeiro ó sur. Cando se xunta ó Miñor á altura de Gondomar conta con maior quilometraxe de curso fluvial. Entre ambos, conforman unha bacía de 75,6 km² que supón o maior contribución de auga doce á ría de Baiona.

Ó esteiro verten tamén as súas augas os ríos Grova e Guillade, que polo sur drenan terras do concello de Baiona baixando desde a serra da Grova.

As lonxitudes dos ríos e as superficies das súas bacías adoitan ser valores obxecto de discusión. Son dimensións que varían en función da escala e precisión da cartografía ou ortoimaxe empregada (a maior escala, maior precisión e maior lonxitude das formas lineais), do método empregado para o seu cálculo (manual ou automático) e mesmo de cambios que se producen co paso do tempo, como pequenas variacións nos bordes das bacías por grandes infraestruturas, como as autoestradas. Segundo as nosas estimacións, o conxunto de bacías que verten as súas augas á Foz da Ramallosa ocupan 98,76 km², correspondendo 76,50 km² á bacía do Miñor, 17,91 á do río Grova e 4,35 á do Guillade.

METODOLOXÍA

Como se apuntou máis arriba, os cambios nos usos do solo non son soamente de interese dos estudos da xeografía, pois axudan a entender moitos procesos obxecto de atención doutras disciplinas. Os cambios, polo xeral, teñen sido estudados mediante laboriosos procesos de fotointerpretación de imaxes aéreas e correspondente cartografado, polo que as series históricas de datos non se remontan, agás casos illados, máis ala de 1956-57, ano do voo aéreo denominado Voo americano serie B. Hai un voo de algúns anos antes, 1945-46 (Voo americano serie A), que ten menor calidade e non sempre é doado de empregar. Posteriormente, outros voos para fotografía aérea encar-

gados por diversos ministerios ou xa pola administración da Xunta viñeron conformar a serie de fotografías aéreas dispoñibles.

Por outra parte, o desenvolvemento das tecnoloxías da información xeográfica propiciou o emprego de imaxes para diversos usos relacionados co recoñecemento e análise territorial. No marco europeo, ten especial interese o proxecto CORINE Land Cover (CLC) que conformou unha base de datos xeorreferenciada sobre coberturas e usos do territorio dentro da Unión Europea. A escala na que se realiza, 1:100000, non permite a análise polo miúdo, especialmente nun país como Galicia, con moita alternancia de coberturas e usos en superficies reducidas. Pero pode ter calidade suficiente para a análise en extensións medias como concellos, bacías hidrográficas ou outras áreas determinadas, agás que sexan de pequena extensión. Estas cartografías por interpretación do CLC están dispoñibles para os anos 1990, 2000, 2006, 2012 e 2018. É evidente que, ademais das limitacións técnicas e metodolóxicas expresadas por diversos autores (Ovejero *et al.*, 2019), resulta unha limitación importante do CLC non ofrecer información anterior a 1990; pero, pola contra, ofrece unha serie regular e sistematizada, e está prevista a súa continuidade no futuro. A última cartografía dispoñible derivada do CLC, do ano 2018, clasifica as coberturas a partir de imaxes de satélite en 44 clases de coberturas/usos do solo (pensadas para o conxunto da Unión Europea), estruturadas en 3 niveis de agregación xerárquica. No noso caso, para operar con máis facilidade e minorar os erros, non precisamos máis que cinco clases cos seguintes códigos e denominacións: 1, superficies artificiais; 2, zonas agrícolas; 3, zonas forestais; 4, zonas con vexetación arbustiva; e 6, zonas húmidas costeiras e praias. Outras clases de moi baixa representación serven para completar a superficie da bacía.

Para mellorar a calidade dos datos e a resolución da representación cartográfica e ampliar a escala temporal de análise, pódese acudir á fotointerpretación das imaxes aéreas, un sistema que resulta máis laborioso e custoso en tempo. Un procedemento operativo para a análise global dun sector de extensión media, como poden ser os concellos ou bacías de tamaño semellante, consiste na fotointerpretación sobre unha malla predefinida (López-Fortes, 2017). Neste caso, a calidade será mellor canto máis densa sexa a malla e o beneficio desta mellora reflectirase nunha máis axustada valoración das clases con menor representación e formas menos compactas, como é o caso das superficies artificializadas nun contorno rural. Para garantir o resultado, calibreuse o procedemento operativo mediante a análise comparativa coas imaxes do Corine Land Cover (López-Fortes, 2017).

CAMBIOS NA COBERTURA DO SOLO ESTIMADOS MEDIANTE FOTOINTERPRETACIÓN (1956-2010)

Realizouse a análise sobre as fotografías aéreas do voo americano de 1956, sobre o voo do IRYDA de 1981 e sobre a ortofoto do PNOA de 2010, cunha malla de 250 metros que multiplica por catro a resolución do CLC. Desta análise resultan valores máis elevados da superficie artificializada que no CLC, xa desde o principio da serie, pero coinciden as tendencias (táboa 1). Neste caso, os valores de artificialización, de 3,38 km² en 1956, aumentan lentamente ata os 4,26 km² en 1981 e dispáranse ata al-

canzar os 14,79 km² en 2010, cando debeu estar próximo ó seu máximo. Para estes intervalos de tempo, o resto das clases evolucionan de xeito parecido ó rexistrado co CLC. As diferenzas máis destacables, resultado de retrotraernos a 1956, é recoller estatisticamente o feito dun moi importante incremento das masas forestais, de máis do 12% da superficie da bacía, entre 1956 e 1981. Este incremento apóiase no abandono de superficies agrícolas (redución do 5,6% da bacía) como consecuencia de procesos migratorios e cambios na economía da zona, e pola conversión de sectores arbustivos en forestais.

Código	Clases	Anos		
		1956	1981	2010
1	Superficies artificiais	3,38	4,26	14,79
2	Zonas agrícolas	28,58	23,00	15,42
3	Zonas forestais	38,98	51,26	53,52
4	Zonas con vexetación arbustiva	26,51	18,86	13,72
6	Zonas húmidas costeiras e praias	1,19	1,13	1,07
8	Corpos de auga interiores	0,13	0,25	0,25
	Área total	98,76	98,76	98,76

Táboa 1. Superficie (km²) das principais coberturas do solo nas bacías vertentes ó esteiro da Ramallosa calculadas sobre ortofotos, 1956-2010.

CAMBIOS NA COBERTURA DO SOLO CALCULADOS CO CLC (1990-2018)

As figuras 1a e 1b amosan a representación cartográfica dos cambios na cobertura da bacía desde 1990 a 2018.

Calculando as superficies correspondentes a cada unha destas clases, podemos ofrecer os resultados numéricos destes cambios. Como se pode comprobar na táboa 2, a evolución das tres últimas décadas está marcada pola artificialización de múltiples sectores da bacía, supoñendo case 7 km² entre 1990 e 2018. Ora ben, a maioría desta artificialización realizouse entre os anos 2000 e 2006, cando supuxo 5,19 km². As superficies artificiais realízanse maiormente á custa das zonas agrícolas, que se reducen en 7,77 km². Nestes procesos de cambio non debemos inferir unha correspondencia directa entre as superficies que abandonan o uso agrícola e as que resultan artificializadas. Se ben na maioría dos casos é así, outros corresponden a superficies agrícolas que se abandonan e se incorporan ás zonas forestais e de vexetación arbustiva, mentres algunhas zonas forestais e arbustivas pasan a ser artificializadas. Por outra parte, débese ter en conta que a existencia de unidades mínimas de mapeo en CLC leva consigo unha subestimación das clases que se presentan en extensións máis pequenas, descontinuas ou irregulares na forma, como é o caso das superficies artificiais.

Código	Clases	Anos				
		1990	2000	2006	2012	2018
1	Superficies artificiais	2,52	3,94	9,18	9,46	9,46
2	Zonas agrícolas	29,70	29,35	22,41	21,99	21,99
3	Zonas forestais	52,00	49,91	54,36	53,56	53,09
4	Zonas con vexetación arbustiva	13,23	14,26	11,52	12,26	12,74
6	Zonas húmidas costeiras e praias	1,31	1,31	1,28	1,22	1,22
8	Corpos de auga interiores	0,00	0,00	0,00	0,26	0,26
332	Rochedo	0,00	0,00	0,02	0,02	0,02
	Área total	98,76	98,76	98,76	98,76	98,76

Táboa 2. Superficie (km²) das principais coberturas do solo nas bacías vertentes ó esteiro da Ramallosa calculadas mediante Corine Land Cover (CLC), 1990-2018.




Figura 2. Superficie de cada clase cobertura (km²) no período 1990-2018.

A artificialización, como proceso territorial de modificación do medio, no caso das bacías que verten á Foz da Ramallosa, vén determinada polo importante incremento da densificación construtiva, o desenvolvemento de novas infraestruturas (autoestradas e outra vías, depuradoras, etc.), así como por novas áreas industriais e de equipamentos.




Figura 1a. Clasificación das coberturas do solo nas bacías vertentes ó esteiro da Ramallosa en 1990, 2000 e 2006.




Figura 1b. Clasificación das coberturas do solo nas bacías vertentes ó esteiro da Ramallosa en 2012 e 2018.

FORZAS TRACTORAS DO PROCESO DE ARTIFICIALIZACIÓN

Historicamente, o proceso de artificialización estivo estreitamente relacionado co incremento da poboación, ora ben nas últimas décadas obsérvanse incrementos da artificialización en poboacións estacionarias e mesmo en retroceso. A comarca do Miño non é allea a este proceso. A simple análise da evolución do parque de vivendas en comparación coa poboación amosa ás claras o que sucedeu na comarca. Na figura 3 rexistramos os datos correspondentes ó concello de Gondomar, ó que corresponde principalmente a área en estudo, xunto cos de Baiona e Nigrán. Non incluímos os datos de Vigo por reflectir unha dinámica propia e non ser útiles ó noso propósito.

Gondomar é un concello que a mediados do século XX presentaba unha dinámica de declive demográfico, que comeza a invertir no período intercensal de 1950-60. Nos




Figura 3. Evolución da poboación de dereito e dos fogares nos concellos de Gondomar, Baiona e Nigrán entre 1950 e 2019 no caso da poboación e entre 1950 e 2011 no caso dos fogares. Representáanse os datos normalizados ao valor da variable correspondente no 1950.

anos do boom demográfico, especialmente na década dos anos sesenta, o incremento de poboación non vai acompañado na mesma medida polo incremento de vivendas, polo que a ratio entre habitantes e fogares (vivendas habitadas permanentemente) pasa en Gondomar de 4,37 hab./viv. en 1960 a 4,46 en 1970; e de 4,54 a 4,91 en Baiona. Mentres, Nigrán reflicte un pequeno descenso. A partir de entón, a redución da ratio é constante, situándose en valores próximos a 3 nos tres concellos en 2011, último ano para o que dispomos de censo de vivendas.

Por outra parte, o fenómeno da segunda residencia, de tanta importancia na comarca, queda evidenciado na figura 4 polos valores destas en 2011 e pola forte suba rexistrada no censo de vivendas de 2011. En Gondomar, onde a presión pola construción vinculada á proximidade da costa é menor, a porcentaxe de vivendas “non principais” é do 23,2% en 2001, pero pasa ó 27,4% en 2011 como consecuencia de aumentar de 1040 a 1722 este tipo de vivendas. Mentres, en Baiona e Nigrán, os incrementos son importantes, pero sen chegar ós rechamantes valores de Gondomar. Posiblemente, un conxunto de factores, como maior dispoñibilidade de solo, menores prezos de solares, maiores facilidades na tramitación da construción e melloras na accesibilidade e servizos, estean detrás deste proceso.

O seguimento dos procesos de transformación de coberturas e usos do solo na comarca amosa un crecemento moi importante da artificialización, que case chega a multiplicarse por catro (incrementa o 275,4%) nos últimos trinta anos na bacía vertente á Ramallosa. Este proceso non pode ser explicado soamente polo incremento demográfico, que no caso de Gondomar, o de maior incremento entre 1991 e 2019, é do 35,4%; nin incorporando o importantísimo incremento de vivendas secundarias; pois estamos ante un proceso de intensa transformación do medio asociado á proliferación de vivendas illadas, con fortes requirimentos de infraestruturas e equipamentos asociados, así como é un proceso de modificación que se estende máis alá da comarca por extensas áreas do litoral das Rías Baixas.

A explicación ó importante crecemento da cobertura artificial das bacías vertentes á Foz da Ramallosa, que se multiplicou por 4,4 desde 1956 ata 2010, é a irrupción dun




Figura 4. Evolución das vivendas non principais e das vivendas, edificios e locais nos concellos de Gondomar, Baiona e Nigrán nos anos 2001 e 2011.

novo xeito de usar e consumir solo, desacoplado do crecemento demográfico, vinculado coa extensión das segundas residencias, coa ocupación de espazos agrarios e forestais con primeiras e segundas residencias de poboación funcionalmente urbana, e acompañado da extensión de infraestruturas e equipamentos tanto da poboación local como da de outros espazos próximos máis urbanizados.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALEJO, I., M.I. DE RAMÓN, M.A. NOMBELA, M.J. REIGOSA, AND F. VILAS (1990). Complejo intermareal de A Ramallosa (Bahía de Baiona, Pontevedra). *Ecología y evolución. Thalassas* 8: 45–56.
- ALONSO RODRÍGUEZ, ELISEO (s.a.). Miñor. Ítem en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 21, p. 87. Silverio Cañada, Editor. Santiago e Gijón.
- LÓPEZ FORTES, ANDRÉS (2017). Definición y validación de un método para la estimación de los cambios en la cobertura del suelo a partir de fuentes fotogramétricas y ortoimágenes: aplicación al análisis retrospectivo de cuencas. Trabajo Fin de Máster. Máster en Gestión del Desarrollo Sostenible. Titores: Gonzalo Méndez Martínez e Emilio Fernández Suárez. Universidade de Vigo. Inédito.
- MÉNDEZ-MARTÍNEZ, G.; PÉREZ-ARLUCEA, M.; GONZÁLEZ-VILLANUEVA, R. AND OVEJERO-CAMPOS, A. (2011). Anthropogenic influence on the Holocene sedimentation process along the Atlantic coast of Galicia (NW Iberian Peninsula). *Journal of Coastal Research* 64: 1788–1792.
- OVEJERO-CAMPOS, AIDA; FERNÁNDEZ, EMILIO; RAMOS, LUIS; JORGE E SILVA BENTO, RICARDO; E MÉNDEZ MARTÍNEZ, GONZALO (2019). Methodological limitations of CLC to assess land cover changes in coastal environments. *Journal of Coastal Conservation* 23: 657–673.
- PÉREZ-ARLUCEA, M., FILGUEIRA, M., FREIJIDO, M. Y MÉNDEZ, G. (2001a). Parámetros morfométricos e hidrológicos de las cuencas de drenaje y ríos tributarios a la Ría de Vigo. Estimación de las variaciones anuales en las cargas en suspensión y en disolución. *Cuadernos de Geología Ibérica* 26: 81–97.
- PÉREZ-ARLUCEA, M.; FREIJIDO, M.T.; MÉNDEZ, G.; NOMBELA, M.A.; RUBIO, B.; FILGUEIRA, M.; FERNÁNDEZ BASTERO, S. Y GIMÉNEZ, R. (2001b). Tasas de erosión, transporte y sedimentación en un medio estuárico: el Río Miñor (Ría de Vigo, Pontevedra). *Geotemas* 3: 17–21.
- PÉREZ ARLUCEA, M.; MÉNDEZ, G.; CLEMENTE, F.; NOMBELA, M.A.; RUBIO, B. Y FILGUEIRA, M. (2005). Hydrology, sediment yield, erosion and sedimentation rates in the estuarine environment of the Ria de Vigo, Galicia, Spain. *Journal of Marine Systems* 54: 209–226.
- ROMÁN, M.; RENDAL, S.; FERNÁNDEZ, E. AND MÉNDEZ G. (2018). Seasonal variability of the carbon and nitrogen isotopic signature in a *Zostera noltei* meadow at the NW Iberian Peninsula. *Wetlands* 38 (4): 739–753.
- ROMÁN, MARTA; FERNÁNDEZ, EMILIO; MARTÍNEZ, LUCÍA; MÉNDEZ-MARTÍNEZ, GONZALO (2019a). Anthropogenic nutrient inputs in the NW Iberian Peninsula estuaries determined by nitrogen and carbon isotopic signatures of *Zostera noltei* seagrass meadows. *Marine Environmental Research* 143: 30–38.

- ROMÁN, MARTA; FERNÁNDEZ, EMILIO; ZAMBORAIN-MASON, JESSICA; MÉNDEZ-MARTÍNEZ, GONZALO (2019b). Anthropogenic Impact on *Zostera noltei* Seagrass Meadows (NW Iberian Peninsula) Assessed by Carbon and Nitrogen Stable Isotopic Signatures. *Estuaries and Coasts* 42(4): 987–1000.
- ROMÁN, MARTA; FERNÁNDEZ, EMILIO; ZAMBORAIN-MASON, JESSICA; MARTÍNEZ, LUCÍA; MÉNDEZ-MARTÍNEZ, GONZALO (2020). Decadal changes in the spatial coverage of *Zostera noltei* in two seagrass meadows (Ría de Vigo; NW Spain). *Regional Studies in Marine Science* 36: 101264.

As covas de Baiona de Fóra, Monte Real e A Palma

Clube Espeleolóxico MAÚXO

XAVIER GROBA GONZÁLEZ¹
EDUARDO MÉNDEZ-QUINTAS
TEREIXA OTERO DACOSTA
MIGUEL GARCÍA GARCÍA
JOSÉ MIGUEL LÓPEZ MOSQUERA, ZRUS
ALBERTO ROMERO RODRÍGUEZ, ROMER
ANDREA SERODÍO DOMÍNGUEZ
ÁNGEL DE PRADO VÁZQUEZ
JOSÉ BERNARDINO COSTAS GOBERNA

RESUMO

Baiona conta cun senlleiro número de covas con diferentes valores naturais e culturais asociados. Como acontece en paisaxes semellantes, o substrato xeolóxico granítico non imposibilita que existan cavidades naturais de diversa xénese e morfoloxía. Coñécense tamén furados artificiais relacionados aquí coa necesidade de auga ou con instalacións militares. Igualmente atendemos ás referencias a supostos espazos subterráneos que son froito da fantasía popular ou da imaxinación erudita de certos autores. Ao fin, non esquecemos deixar memoria daquelas cavidades das que temos a certeza da súa existencia pasada porque foron destruídas. Da trintena de covas que forman o catálogo de cavidades naturais, artificiais, imaxinadas ou desaparecidas de Baiona, estes papeis céntranse nas que se localizan na parroquia de Santa María de Fóra e nos lugares de Monte Real e A Palma.

PALABRAS CHAVE: Covas graníticas, minas de auga, pozos, túneles, Baiona, Val de Miñor.

SUMMARY

Baiona has a significant number of caves with outstanding natural and cultural values. As it happens in similar landscapes, the geological granite substratum does not prevent the existence of these natural cavities which have different origins or morphology. You can also find artificial holes related to the need of water or to military facilities. We also pay attention to references to the so-called subterranean places which are the result of either popular imagery or the scholarly imagination of certain authors. Finally, we cannot forget those cavities we are sure of their past existence but they have been destroyed. Out of the thirty caves that belong to the catalogue of natural, artificial, imagined or disappeared caves in Baiona, these documents focus on the ones located in the parish of Santa María de Fora and in the places of Monte Real and A Palma.

KEY WORDS: granite caves, mines of sweet water, holes, tunnels, Baiona, Miñor Valley.

¹ xavgroba@gmail.com

INTRODUCCIÓN

Unha das xeografías preferidas para as investigacións que practicamos no Clube Espeleolóxico Maúxo, CEM, é o Val de Miñor. Comarca de nacemento e/ou residencia dalgunhas das persoas que formamos este colectivo dedicado á espeleoloxía, deporte e ciencia, que atende as cavidades naturais ou artificiais estudando multidisciplinarmente os contextos natural e cultural asociados a elas. A proximidade da cidade de Vigo, onde o CEM ten o enderezo social, tamén influíu nesta predilección pola xeografía miñorá.

A particular circunstancia laboral dun dos coautores –profesor de música no IES Primeiro de Marzo desde o curso 1996-1997– facilita o coñecemento de non poucas referencias espeleolóxicas locais comunicadas por algunhas persoas da comunidade educativa do referido centro público de ensino secundario en Baiona. Tamén son de destacar as referencias deste tipo coñecidas grazas aos vínculos de amizade e colaboración en tantos asuntos entre o CEM e o Instituto de Estudos Miñoráns, IEM. Non por casualidade, algún coautor deste traballo é socio de ambas as dúas entidades.

O elevado número de cavidades das que temos referencias en Baiona, e a moita información delas acumulada, condiciona a decisión de publicar por partes o seu catálogo. A decisión acomódase mellor ao formato da revista e permite que teñamos máis tempo para mellorar algúns estudos, aínda parciais, de bastantes dos furados coñecidos.

Antes de entrar en materia, consideramos que cómpre ter presente algún concepto xeral, comezando por aclarar algo máis da zona delimitada neste estudo.

Como indicamos no título, primeiro tratamos das covas localizadas en territorio de *Baiona de Fóra*. Forma esta, abreviada e coloquial, de referirnos a Santa María de Fóra de Baiona, entidade que conta coa rareza de ser parroquia apenas polo civil. Polo eclesiástico comparte o sete veces centenario templo ex-colexiata de Santa María con “Baiona centro” (Torres Luna & Pazo Labrador, 1994)¹. No civil, Santa María de Fóra figura como parroquia cando menos desde o nomenclátor de 1970 e así o teñen ratificado distintos estudos sobre a xeografía parroquial galega (Casas Torres & al., 1976: 39, 128; Miralbés Bedera & al., 1979: 25). Na tradición oral local mantense que a orixe desta singular entidade de poboación ten que ver co costume que tiñan nun dos barrios que constitúen *Baiona de Fóra*, o de *San Antón* (oficialmente Santo Antón), de enterrar os mortos en Baredo, parroquia da que, en efecto, formou parte (Madoz, 1849, IV: 24)². O territorio de Baiona de Fóra, con *San Antón*, complétase cos barrios de Cova Terreña, *A Perçibilleira* (oficialmente Percebelleira), parte de Piñeiro e da Anunciada (tamén coñecido como Corea), incluíndo o terreo que ocupa o Cuartel de la Guardia Civil, no linde das Maclas.

A institución parroquial de maior relevancia en Baiona de *Afuera* (como tamén lle din) é a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común, CMVMC de Santa María de Fóra de Baiona, propietaria, como veremos, dalgún dos terreos onde hai cavidades.

En canto a Monte Real, a historia do lugar e de como lle foi imposto ese nome por *Carta Puebla* do 15 de xaneiro de 1497 resulta mellor coñecida. Optamos nós por usar

1 Ademais de Baiña, Baredo, Belesar e A Ramallosa (Sta. Cristina) distínguese entre Baiona (Núcleo urbano) [capital de concello] e Baiona (Sta. María) de Fóra.

2 “Baredo [...] se compone de los [lugares] de Agro, Bouzo, Cadeyras, Cancelo, Caneyro, Carballo, Cela, Lajes, Outeyro, Ponte, Portelos, Río, San Antón, Torre y Xiestras [...]” MADOZ, P. (1849).

ese topónimo (e non Monte Boi, máis antigo e popular) porque todas as cavidades documentadas nesa península relaciónanse coas instalacións militares de orixe medieval que, por Real Orden, foron abandonadas polo estado en 1859 e logo vendidas, en 1874, ao madrileño asentado en Vigo, enxeñeiro, empresario, varias veces deputado e ministro monárquico, senador, cacique e ata marqués, José Elduayen Gorriti (1823-1898).

O Campo da Palma, abreviado coloquialmente na Palma, igual có Monte Real non pertence á parroquia de Santa María de Fóra de Baiona. Son zonas diferenciadas neste traballo porque outras cavidades coñecidas no núcleo urbano de Baiona fican reservadas para ser tratadas con maior pormenor en ocasión vindeira.

Tamén interesa saber que no CEM atendemos a espeleoloxía considerando catro categorías de cavidades: naturais, artificiais, imaxinadas e desaparecidas. Vaíamos por partes.

As cavidades naturais correspóndense aquí coas propias das paisaxes graníticas. Aínda que non falte quen poida seguir negando a existencia deste tipo de covas, en granitos tamén se teñen formado de xeito natural espazos subterráneos que, para o tipo de material no que se desenvolven, en teoría insolúbel, mesmo poden acadar dimensións considerábeis. O fenómeno leva anos sendo investigado no mundo e mesmo a UIS, *Union Internationale de Spéléologie*, conta cunha comisión dedicada a potenciar os estudos deste *pseudokarst* onde as covas galegas ocupan un destacado posto, tanto polas dimensións dalgunhas delas, como polo seu número e valores patrimoniais asociados.

As cavidades graníticas, certo, nin de lonxe son tantas nin acadan as magnitudes das que hai en terreos calizos, con casos de centos de quilómetros de desenvolvemento ou máis de 2000 metros de profundidade. Con todo, o desenvolvemento horizontal, DH, nas covas en granito pode superar os catro quilómetros e o desenvolvemento vertical, DV, pode chegar a ser decamétrico. Sendo obxectivos, non son dimensións tan cativas para o material (granitos, gneis, anortosita...) no que se poden desenvolver.

Atendendo ao criterio do tamaño, as principais covas deste tipo cartografadas no mundo das que temos constancia³ son as referidas na táboa 1.

TOPÓNIMO	LOCALIZACIÓN	DH	DV
Touchy Sword Of Damocles Cave System	Essex, New York, USA	3978	-51
Bodagrottorna	Iggesund, Gavleborg, Suecia	2610	- ?
Bear Gulch Cave	San Benito, California, USA	1754	-48
Bat Cave	Rutherford, North California, USA	1695	- ?
As Covas da Trapa	Tui, Galiza, España	1618	-98
M.B.D.A.T.H.S. Cave	Grafton, New Hampshire, USA	1615	-42
Hölickgrottan	Hornslandt, Gavleborg, Suecia	1340	- ?
Hurricane Cave	Teller, Colorado, USA	1180	-169

Táboa 1. Cavidades graníticas -ou desevolvas noutras rochas semellantes como son o gneis ou a anortosita- de maiores dimensións e cartografadas no mundo.

³ Elaboración propia seguindo datos varios, principalmente Chabert, C. & Courbon, P. (1997) e CA-VERBOB

En Baiona non hai constancia de covas de dimensións semellantes. As existentes non perden por iso interese, nin son escasas, nin carecen de méritos asociados ás súas, iso si, discretas medidas.

En canto aos criterios para clasificar as covas graníticas naturais, estes poden ser diversos. Chegue aquí con adiantar que nós consideramos unha mestura entre a probábel causa xeolóxica da formación da cavidade, a súa xénese e a morfoloxía que presenta.

Un segundo tipo de cavidades son as artificiais. Construídas adrede atendendo as necesidades particulares ou comunais da poboación local, iniciativas do propio estado ou intereses empresariais. En Baiona non temos constancia de mina soterrada ningunha dedicada á extracción de mineral, por caso de ouro, como si acontece, sen ir máis lonxe, nos veciños concellos do Rosal e Tomiño (Pérez Pintos & Bouzó, 2001). Tampouco de minas doutro mineral. O que non quere dicir que non existan. No que á espeleoloxía respecta, o territorio do concello de Baiona –como o de practicamente toda Galiza– non está ben prospectado e pode ser que exista algún buraco, neste caso mineiro, que teña pasado desapercibido.

Os tipos de cavidades artificiais dos que si hai exemplos en Baiona –abundantes e mesmo con algún caso de relevancia extramunicipal– están relacionados coa auga: minas, pozos, túneles e depósitos. Completan o catálogo algunhas instalacións militares; tanto as localizadas en Monte Real, e que deseguida tratamos, como as que hai en Cabo Silleiro, que fican reservadas para a entrega correspondente ás covas de Baredo.

O noso catálogo repara tamén en referencias subterráneas que non adoitan ter moito interese para os espeleólogos cando, nunca mellor dito, teñen o seu encanto. Trátase daquelas cavidades imaxinadas, inventadas pola tradición oral ou por eruditos escritores que con maior ou menor fortuna puxeron en circulación a ficción dunha cova, túnel ou corredor que apenas existe na tradición oral ou literaria, non na realidade.

No C. E. Maúxo temos tamén a teima de facer referencia ás cavidades das que consta a súa destrución. Ben por obras feitas enriba, ben por ter sido rotas para facer material de construción (grava, rebos, pasta, perpiaños, bloques...), ou mesmo por cuestións estéticas, como é o caso do espolio que sofren desde hai décadas as Pedras Furadas.

Finalmente, entenderase que é preciso avisar da perigosidade potencial da visita a calquera cavidade, por moi simple que semelle ser. Tanto polo risco de accidente como pola propia integridade dos espazos tratados, non imos ofrecer aquí a súa localización.

1. CAVIDADES NATURAIIS

Durante moito máis tempo do que sería aceptábel, tense dito que Galiza non é terra dada para a existencia de cavidades de orixe natural. Cun 80% do territorio en solos de substrato granítico, o razoamento semellaba ser certo, mais é falso. A realidade, fica antes adiantado, é que en granitos e rochas semellantes como o gneis, mesmo en seixo, tamén se forman cavidades naturais. Na táboa 2 indicamos a listaxe daquelas de maiores dimensións das que temos constancia no *pseudokarst* galego⁴.

4 Datos seguindo: [1]: Arquivos Maúxo [2]. Catálogo da Federación Galega de Espeleoloxia (2019). [3] Catálogo da Confederación [Española] de Espeleología y Cañones <https://cec-espelo-com/grandes->

TOPÓNIMO	PARROQUIA	CONCELLO	DH	DV
As Covas da Trapa	Ribadelouro	Tui	1618	-98
O Sesume do Avia	Amiudal	Avión	951	-38
As Covas do Folón	Coruxo	Vigo	905	-34
As Adeghas	Partovia	O Carballiño	190	-19
A Touba do Brión – Cobreiras	Vincios	Gondomar	150	-18
As Covas da Porteliña	Valadares	Vigo	105	-7
Coliño ou Furna Coliño	Illa de Ons	Bueu	77	+12
O Pozo do Inferno	Illa de Ons	Bueu	70	+50

Táboa 2. Cavidades graníticas de maiores dimensións cartografadas en Galiza.

Cómpre advertir que no país sábese dalgunhas outras covas graníticas cun DH superior ao medio quilómetro e que non figuran na listaxe anterior por non ter sido aínda cartografadas. En realidade, a advertencia é obvia. Estes catálogos varían ao ir atendendo as novas covas estudadas e tamén por certa competición entre espeleólogos ao querer subir de posto unha cova, ao poder topografar uns metros máis de gruta. Por suposto, o antes referido catálogo mundial de covas graníticas e rochas semellantes tamén está así condicionado. Un exemplo: no reino de Eswatini (Suacilandia, entre Suráfrica e Mozambique) sábese (Scheverer & al, 2013) dun sistema de cavidades granítico cun potencial de tres mil metros de DH, ou máis, xa que se localiza nun tramo do río Gobholo que desaparece á vista por 1800 m do seu curso.

Ref. 001. A Corte das Ovellas.

Localízase en terreos da CMVMC de Santa María de Fóra de Baiona, na escarpa NW do monte de San Roque, entre A Virxe da Rocha e o IES Primeiro de Marzo. A proximidade ao instituto de Baiona foi determinante para saber da existencia deste lugar con evidente valor pedagóxico⁵ engadido aos seus méritos naturais e culturais.


O nome fai referencia directa á memoria de tempos non tan distantes nos que, como acontecía en tantas partes do país, e antes da mal chamada “repopoación forestal”, a veciñanza levaba ao monte rabaños de ovellas ou cabras, ou as vacas da casa a pastar. Así pois, era habitual que animais (mesmo cabalos xotos) e persoas se achegaran a espazos abrigados coma este, a cuberto do sol ou da chuvia segundo viñeran dadas. Xa que este pastoreo de proximidade era habitual que estivese a cargo de nenos e nenas, este tipo de cavidades convertíanse en puntos de referencias-otros-materiales [Consulta 3-08-2020]. [4] DIZ DIOS, J.H. & RÍOS BASANDRE, R. (2001):

⁵ Informe C. E. Maúxo para a Unidade Didáctica de A Corte das Ovellas, Baiona de Fóra. Novembro de 2005. Documento subido á páxina de internet do IES “Primeiro de Marzo”. Cando anos despois se reformou esa páxina web oficial, contidos como este relacionados co patrimonio inmaterial e material foron gardados, e seguen dispoñíbeis na rede no enlace:

http://centros.edu.xunta.es/iesprimeirodemarzo/centro/patrimonio/patnatural_ovellas.php

rencia moi populares. A maiores de poder ser usados como refuxios meteorolóxicos, estes abrigueiros (*abrigueiros*, pronúnciese con gheada) tiñan outras funcións (Otero Dacosta, 2005: 105-130; Otero, 2006:107-118), ben relacionadas cos xogos propios da infancia ou ben coa sexualidade xa adulta, tal e como neste caso pon en evidencia o sinónimo documentado: O Fodedouro, “e por iso á *Virgen da Roca* decíanlle *La Consentidora*”.

Trátase de dous pequenos espazos subterráneos inmersos nun caos de bloques fragmentados de escasa dimensión e orixinados pola fractura, remexedura e caída a favor da pendente do cotarro (vid. topografía Fig. 1). Na súa formación tamén conta un segundo proceso xenético, o derivado da alteración física e química do granito que dá lugar a formas tipo *tafoni*, no país chamadas Pedras Furadas, cacheiras ou



**A Corte das Ovellas
Baiona, Galicia**

Topografía 2005: Barreiro, B.; Garcia, M.; Groba, X.;
Vaquero, M. (cartógrafo)

Fotografías 2020




Fig. 1. A Corte das Ovellas, topografía con fotografías. Fonte CEM.

cabezas. O espazo subterráneo inferior, coa boca aberta ao poñente, conta cun piso rochoso cuberto en parte por materia orgánica forestal. A súa orixe está ligada ao proceso indicado de remexido e apertura da estrutura do coto seguindo un plano de discontinuidade cun buzamento duns 35°N . O *abrigheiro* superior, formado a favor de planos subverticais dirección $\text{N}50^{\circ}\text{E}$, é algo máis amplo. A boca está orientada ao norte dominando visualmente o monumento deseñado polo afamado arquitecto Antonio Palacios Ramilo (1874-1945). Conta este espazo cun banco labrado na propia pedra no que poden sentar dúas persoas. Ten o mérito engadido de ser o lugar desde onde se tirou a única fotografía histórica coñecida dunha cova baionesa (Fig. 2), feita, como moi cedo, en 1930, ano de remate de construción do monumento mariano que sae na panorámica.

Desenvolta en granito de afinidade alcalina (granito cataclástico), A Corte das Ovellas domina unha paleosuperficie achanzada na que se observa un considerábel número de pequenas formas de erosión. Destacan os casos das xa antes mencionadas Pedras Furadas, e que logo trataremos diferenciadas, e tamén o das tecnicamente chamadas *gnammas*, pías na fala do país, moitas do tipo denominado *pan*, quere dicir de fondo plano, algunhas con canle de execución (o que fai pensar ás persoas con maior propensión á imaxinación que foron supostas pías rituais); noutros casos móstranse dúas pías unidas entre si, etc. Tamén se poden observar canles pouco desenvolvidas ao xeito de *pseudokarren*, tipo de xeoglifo que, de aspecto, semellan rabuñaduras nas rochas.



Fig. 2. Foto Alar, Baiona, do arquivo particular de Anxo Rodríguez Lemos. O pé de foto orixinal, suprimido por nós, di: "Vista desde el interior de una gruta del Monte de San Roque".

A maiores dos intereses xa máis ou menos declarados de carácter educativo, xeolóxico, etnográfico, histórico-artístico ou turístico⁶, A Corte das Ovellas tamén ten importancia para achegámonos á memoria democrática, dadas as referencias ao seu uso por “escapados” nos días da sublevación fascista de 1936 cando comezou a Guerra Civil⁷.

Débase tamén destacar o seu valor medioambiental e xeográfico: pola presenza de fauna variada (desde cabalos ceibos que se achegan desde a serra a réptiles e aves, sobre todo mariñas, que se poden observar) e polas espléndidas panorámicas que desde aquí se poden gozar nun día despexado. Un marabillosa lugar de observación con valores tan diversos como poucas veces se dan nun mesmo sitio.

Ref.002. O Confesionario.

Foi en abril do ano 2009 cando no IEM souberon deste lugar. Aconteceu durante os traballos arqueolóxicos realizados no cemiterio municipal de Baiona para recuperar o que quedaba dos nove homes asasinados o día 16 de outubro de 1936 no quilómetro 58 da Estrada de Camposancos, “Carretera de Pontevedra a Camposancos”, logo denominada C-550 e hoxe PO-552, saída de Baiona dirección A Guarda, onde desde aquel día lle quedou o nome da Volta dos Nove⁸.

Serían as seis e media ou sete da mañá daquela funesta xornada, cando veciñas do barrio da Percebelleira (pronúnciese *Perçibilleira*), daquela máis nenas que mozas, saíran da casa para levar o gando a pastar, como a diario acostumaban facer. Mudadas e aterrorizadas, foron testemuñas de como na referida volta da estrada levaban nun camión un par de cadaletos daqueles nove homes asasinados. Setenta e tres anos despois, unha daquelas raparigas, a Sra. Felisa Leyenda, contábao así no documental que sobre o tema está hoxe a disposición pública en Internet:

“Nós íbamos coas vacas e ovellas pò monte, e por riba onde está o instituto... por baixo do instituto sentimos uns tiros. Non sei se foron... non me acordo cantos. E seguimos p'arriba. E logo, cando chegamos aquel alto onde está o instituto, había unha pedra mui grande e alí puxémonos a mirar e miramos cargar un camión: botar dous homes ao camión. E logo, a compañeira que tiñamos nós, colleu e dixo: -Ide co gando por aí que marcho; vou mirar. E chegou abaixo. Xa non... O camión xa arrancara cando ela baixou, pero anduvo a revolver no sangue cunha vara e truxo unha bala. Foi o que miramos.

6 En decembro de 2004, coa terra que sobrou do ensanchamento da estrada que dá acceso ao Instituto e Baiona, acondicionouse como “paseo” o camiño que polo poñente rodea o recinto do referido centro de ensino. A obra, que pasa a rentes do outeiro da Corte das Ovellas, vai dar a unhas “escalinas rústicas” que comunican coa chan adxunta á Virxe da Rocha.

7 “En Baiona, no monte entre o Instituto e a Virxe da Rocha, temos outros dous buratos entre as rochas onde din “A Corte das Ovellas”. No máis grande atopamos un asentamento labrado no interior da rocha. Din que alí moraba outro fuxido do franquismo.” (Bouzó, 2003: 159)

8 Estes asasinatos políticos foron apenas unha mostra da terrible política de represión filonazi planificada por Francisco Franco e os restantes dirixentes militares e civís que provocaron o autodenominado Alzamiento Nacional e a conseguinte Guerra Civil (1936-1939) e ditadura. Desde o 15 de outubro de 2005, e por subscripción popular, un monumento substitúe as nove cruces pintadas en vermello que desde aquel día nunca deixaran de aparecer debuxadas no lugar onde mataron a Manuel Aballe Domínguez, Felicísimo Antonio Pérez, Elías Alejandro Gonda, Manuel Francisco Lijó, Modesto Fernández, Fidel Leyenda, José Rodríguez, Manuel Barbosa e Generoso Valverde.

Nós non miramos... eu non mirei máis que cargar dous. E miramos iso. Eu non fun abaixo tampouco pà nada. E cando superon o defunto de meu pai decía: -Ai, meu tío tamén, meu tío Félix.⁹

Precisamente durante os referidos traballos arqueolóxicos no camposanto de Baiona no que se documentou este testemuño, o arqueólogo director das escavacións, Xosé Lois Vilar Pedreira, aproveitou para preguntar pola toponimia desta zona. Foi así como saíu á luz O Outeiro do Confesionario. En palabras do propio investigador:

"[...] ó arrancar, ó saír o sol foron coas vacas p'ro monte. Foi cando miraron os homes que aínda estaban recollendo os cadáveres alí abaixo. E foi cando [a Sra. Felisa] falou do Outeiro do Confesionario. Que había un sitio alí que te podías meter dentro. Que no momento de mirar cando recollían os falanxistas e a Guardia Civil os mortos, que estiveran escondidas dentro? Iso quedaría moi bonito pero non foi así. Estaban no alto. Eles andaban coas vacas por debaixo do voso instituto que era o sitio natural, ir á Poça [Os Poços], ás Bouças Trighas, á Corte das Ovellas....[...] Subiran coas vacas hasta alí e foi cando miraron."¹⁰



Fig. 3. Fotografías do Confesionario. Fotos CEM.

9 A NOSA TERRA, DIARIO (2009): Documental Volta dos Nove. Arte e memoria / Arte é memoria: <https://youtu.be/mDSQ-19yacQ> [Corte 02:40 a 03:35. Última consulta 12-09-2020].

10 Vilar Pedreira, X. L. entrevistado na feira de Sabarís a día 7 de setembro de 2020.

Sabedores no CEM destes datos, buscamos O Outeiro do Confesionario onde se presumía que estaba. Trátase dun *abrigheiro* en terreos da CMVMC de Santa María de Fóra, no cotarro costeiro que domina a encosta fronte á Bombardeira ou Foloira (Rodríguez del Tamuxe, 1972: 4), destacado baixo ou petón onde rompen con estrondo as ondas.

Desenvolto en granitos cataclásticos, conta cunhas dimensións pequerrechiñas, malamente un metro de sombra por menos de alto. Formouse polo escorregar a favor da pendente dun pequeno bloque roto que, en efecto, pola parte superior, contra o seu apoio na base do coto, deixa aberto un pequeno oco. O nome de Confesionario acáelle.

Ref. 003 A Cabeza de Sapo e outras Pedras Furadas en Baiona de Fóra.

As Pedras Furadas, como xa foi dito tamén chamadas Cacheiras ou Cabezas (noutras zonas da Galiza disque se lles chama Cacholas), tecnicamente son *tafoni*, que en idioma corso (o propio de Córsega e mais do norte de Sardeña) significa algo así como ventá, buraco que dá ao exterior.

Trátase dun tipo de forma granítica que pode chegar a ser cavidade ou non. No territorio delimitado que estamos a tratar, non se conserva ningunha que poida, polo tamaño, clasificarse dentro das covas deste tipo, mais entendemos que estas formas, produto da erosión por alteración fisicoquímica da rocha, si deben ser mencionadas aquí por dúas razóns.

En primeiro lugar, porque no territorio de Santa María de Fóra si hai pedras furadas, varias, mais con dimensións que, insistimos, non permiten catalogalas como cavidades. Son abundantes nos terreos da CMVMC de Baiona de Fóra en San Roque, ao redor da Corte das Ovellas, e tamén preto do Confesionario hai algunha. Ademais



Fig. 4. A Cabeza de Sapo, inmediacións do IES "Primeiro de Marzo". Foto X. M^a Bouzó.

son ben coñecidas da veciñanza, en concreto da Percebelleira. Algunhas delas mesmo teñen un tamaño considerábel e ata nome propio, como así nolo confirmou quen na década dos anos 60 e principios dos 70 lembra brincar de neno pola zona e, ademais de frecuentar en cuadrilla A Corte das Ovellas e xogar ás batallas, utilizar unha destas cacheiras, A Cabeza de Sapo (Fig. 4), para agochar “as armas” dos seus xogos.

En segundo lugar, probablemente si existiron aquí pedras furadas cun oco o suficientemente grande como para poder falar de *covas tafoni*. Destruídas pola enorme presión demográfica que esta paisaxe sufriu, non quedan hoxe máis que restos mesurados como evidencia da cantería feita con elas a pico e marreta. Tal existencia de cacheiras de grandes dimensións considerámola aquí, máis que posíbel, probábel. Formando cova hainas, aínda, noutras zonas próximas, como O Coto da Moura en Chaín, A Capilla dos Mouros en Vincios (Clube Espeleolóxico Maúxo, 2005: 57-64) ou, sen ir máis lonxe, no Alto de Barbadouro, Baredo.

2. CAVIDADES ARTIFICIAIS

Fica dito; en Baiona non temos constancia de subterráneo ningún dedicado á extracción de mineral. Si abundan os relacionados coa auga, que poden ser de tipos distintos. Se o buraco é horizontal falamos de minas de auga. Pola contra, se a obra é vertical, denomínanse pozos.

As minas e os pozos son infraestruturas relativamente numerosas que non teñen sido obxecto dos estudos que coidamos merecen. Tamén precisarían ter unha maior consideración os depósitos subterráneos (cisternas, alxibes, como se prefira) e os túneles construídos para trasladar a auga a distancias, ás veces, quilométricas. De todos estes tipos de cavidades artificiais hai exemplos en Baiona; algúns ben exitosos.

2.1 Minas de auga

En Galiza coñécense baixo esta denominación o que tecnicamente son *galerías drenantes*. Hai consenso en atribuír o seu invento aos poboadores de Persia de hai 5000 anos. Desde o territorio do actual Irán, onde se contan por decenas de millares e teñen adquirida relevancia social, económica, medioambiental e cultural, estas *qanats* ou *qanawat* estendéronse polo nacente ata o Xapón e a poñente –primeiro con Roma e logo cos imperios ibéricos colonizadores de América– ata México, Perú ou Chile.

Na península ibérica estímase en millares. De distintas tipoloxías (minas con ou sen pozo, con ou sen lumieiras, bovedillas, cimbras, gabias, etc.) e con usos diversos desde época romana. En Portugal descoñecemos bibliografía. No caso español, poucos estudos teñen o rigor desexábel e, con certeza, non se sabe nin cantas galerías drenantes hai. Os datos dispoñíbeis en Galiza son pobrísimos; sábese que son abundantes no sur –no norte tamén as hai, ollo –mais os estudos dispoñíbeis son decepcionantes. Así, na bibliografía especializada que estamos a seguir (García Patón & al., 2008: 119-138), considérase extraordinario un traballo do ano 1918 editado en Madrid pola Junta Consultiva Agronómica, no que se dá conta de só 527 casos en todo o estado. A casuística galega resumíase daquela dicindo que na provincia ourensá había minas de auga “en todos los municipios” e na de Pontevedra “muchas”. As bases de datos “Aguas

XXI” do Instituto Geológico y Mínero de España no ano 2000 recollían 2133 galerías drenantes e 4139 pozos con galerías en todo o estado; en Galiza apenas 13 galerías. Como axiña tratamos, a situación mellorou algo. E de todas as minas de auga galegas das que se teñen feito estudos polo miúdo, por méritos propios destaca unha, localizada en Baiona: A Mina do Ulleiriño.

Ref. 004. A Mina do Ulleiriño.

Atópase construída na cabeceira da pequena conca fluvial da Regheira da Calera, por riba da Costa de *San Antón*, contra a Chan de Xugo. Ten un acceso doado ao ficar á beira da estrada que desde a Virxe da Rocha sobe á serra da Groba. Está dentro dunha propiedade privada por baixo do Outeiro da Mina e a escasos metros, pois, do linde con Baíña. O lugar escollido para facer a mina explícase pola proximidade dos acuíferos que había por riba, en Louzán, Baíña. Que había, dicimos, porque tanto O Ulleiro¹¹ como a A Laghoa (así, con gheada) foron aterrados hai décadas.

A litoloxía do terreo correspóndese coa propia dos granitos de afinidade alcalina, de dúas micas, granitos cataclásticos. A mina evoluciona en materiais brandos e duros. Desde tramos con migmatitas en proceso de alteración, tramos en xabre e diques de aplitas, a outros labrados na propia rocha nai. A presenza de materiais alterados queda patente no mencionado xabre e tamén por depósitos de silicatos arxiláceos tipo caolinita.

Cando topografamos a cavidade (Fig. 5), A Mina do Ulleiriño presentaba 107 m de DH. Máis de 115 m coa galería anexa á principal. Desde 2018 conta cun metro menos ao derrubárselle a bocamina por causa dun accidente na corta de eucaliptos.




Fig. 5. Alzado topográfico da Mina do Ulleiriño e planta sobre a fotografía aérea da zona (Fonte: CEM) e hidrotopónimos próximos (Fonte: Anxo Rodríguez Lemos).

11 Hidrotopónimos en RODRÍGUEZ LEMOS, A. (inédito).

Para un mellor entendemento da Mina do Ulleiriño describímola por tramos.

Tramo G-I.1. Entrada en pedra con oco de porta e lintel gravado coa inscrición: M 1895 A. Entrada derrubada por actividade forestal en 2018, consérvanse as pedras *in situ*. Dá paso a unha galería de sección rectangular que neste tramo conserva 28 m de longo e unha altura que oscila entre 1'30 e 1'50 m. As paredes son de cachotaría irregular, rebos. Cuberta alintelada con laxes rectangulares dispostas en paralelo e atravesadas; o que indica que este tramo foi construído en gabia logo tapada.

Tramo G-I.2. Continuación do anterior. Data gravada no lintel do xuntoiro que marca o troco de sección do túnel: 1894. Tramo de 36'20 m de longo e unha altura entre 1'80 e 2 m. Unha canle de sección trapezoidal, de 20 a 35 cm de fondo, favorece a circulación da auga desde o tramo G-I.5. Canle hoxe colmatada parcialmente por sedimentación. No centro do tramo prodúcese un estreitamento da galería, que pasa dos 2'40 aos 1'60 m de ancho. A zona máis ancha podería ter funcionado como depósito.

Tramo G-I.3. De longo 7'90 m, de alto 2'40 m. Comeza a variación da sección que xa vai ser ovalada na G-I.4. Zona que debía estar sempre con auga, polo que os construtores dispuxeron uns pontóns de pedra, a xeito de chanzos, para poder camiñar a 30 cm da canle de evacuación. Son 14 pasos de sección irregular e variable, separados unha media de 48 cm e cun ancho cada un de 50 cm; o ancho da galería.

Tramo G-I.4. De 15'37 m de longo e altura entre 4'12 e os 4'50 m. O troco de sección é moi brusco. Ao fin deste tramo converxen G-II, G-III e G-IV. Na zona de converxencia destacan os muros e o lintel de G-II ben feitos en pedra labrada e coas xuntas perfectamente unidas. Tramo reforzado con contrafortes; traves de granito de cantos finamente redondeados.

Tramo G-I.5. De longo mide 19'20 m e a altura oscila entre os 1'80 e 1'90 m. Tramo final da galería G-I e do curso de augas. Zona de infiltración acuíferra.

Tramo G-II. Galería transversal a principal de 1'80 m de longo e 1'60 m de alto, escavada en materiais brandos con predominio de silicatos arxiláceos. Ten manancial.

Tramo G-III. Galería de 6'32 m de longo e unha altura entre o metro e o 1'65 m. Forma unha segunda planta por riba de G-I.5. Toda escavada en xabre, accédese a ela subindo un resalte duns 2'50 m. Nas paredes hai varios puntos de apoio escavados.

Tramo G-IV. Pozo ou cheminea (tecnicamente unha lumieira) de cinco metros de alto que servía de aireación da cavidade e acceso para facilitar tarefas de mantemento. Hoxe está tapiada con laxes enriba. Continúa no exterior con aparencia de pozo.

Con estas características, non resultará estraño que a Mina do Ulleiriño teña sido publicada, con máis ou menos pormenor, en varias ocasións. En 2002 baixo autoría do CEM publicouse na revista *Lerías* do Instituto de Baiona (Clube Espeleolóxico Maúxo, 2002:11-12) en agradecemento ao alumnado polo que soubemos da súa existencia. Outro profesor do IES implicado na *descuberta* da cavidade, Xosé M^a Bouzó, mencionouna nas páxinas do nº 3 desta revista do IEM¹². Tres anos despois, en 2006, un dos coautores deste traballo (García García, 2006) incluíuna nunha das palestras especializadas, centrada no estudo dos distintos tipos de cavidades artificiais, presentada no Iº Congreso Galego de Espeleoloxía.

12 “A mina do Ulleiriño [sic], coa súa cancela derramada, penetra nun túnel de dobre nivel dende a estrada que da Rocha vai a Fontes, na súa entrada en Fontes, cara ó monte das antenas. Na súa boca medran en desmesura un par de bos exemplares de eucalipto.” Bouzó Fernández, X. M^a. (2003: 158).

Máis tarde, en 2007, tivemos nova ocasión de publicar sobre esta mina. Foi na colaboración maúxa cun proxecto financiado e editado pola Dirección General del Agua (Ministerio de Medio Ambiente) dirixido por Jorge Hermosilla Pla, da Universitat de València. E foi, sen dúbida, a primeira avaliación seria ao redor da historia e do estado de conservación das galerías drenantes en España cunha escolma de trinta exemplos significativos. Obra dividida por comunidades autónomas, a galega foi representada pola nosa contribución (Clube Espeleolóxico Maúxo, 2007), na que achegamos un inventario (limitado aos 57 casos coñecidos daquela, distribuídos apenas nas comarcas do Miñor, Fragoso, Alvedosa e Terra de Montes) e o pormenor de tres minas, as das casas de Chuco e de Fortes (Xián, Vincios) e mais, en posición destacada, non podía ser doutro xeito, A Mina do Ulleiriño.

Porque os méritos desta galería drenante baionesa non se limitan á boa factura da construción, inmillorábel mostra do bo facer da cantería tradicional de finais do século XIX antes descrita. O propio nome da mina tamén é un factor de representatividade: *Ulleiriño*



Fig. 6. Pormenor fotográfico dun espeleotema no interior da Mina do Ulleiriño. A moeda de referencia é de 20 céntimos de euro. Fonte CEM.

< de *ulleiro* < *ulló* < *ollo* (metaforicamente nacente, manancial, fonte).

Tamén destaca por terse convertido nunha “cova de consecuencia”; é dicir, sendo artificial, a cavidade iniciou un proceso de naturalización que nas últimas décadas se viu acentuado polo abandono. Nese proceso, en distintos puntos da mina destacan á vista formacións de delicados paneis de concrecións ou espeleotemas (fig. 6). Paneis de pequenos *gours* ou celiñas centimétricas de pigotita con cores vermella, negra, ocre ou amarela. E aínda un máis raro caso de espeleotema abrancazado, posíbel precipitación de caolinita, silicato arxiláceo altamente hidratado, semellante ao que nas covas *karsticas* denominan *moodmilch* ou *mondmilch* (leite de lúa ou da montaña).

A Mina do Ulleiriño tamén é refuxio de fauna varia. Arácnidos, quirópteros (arañas e morcegos dos que non sabemos determinar especies concretas) e anfibios entre os que temos documentado a *Salamandra gallaica*, tritóns (talvez *Triturus boscai*) e a emblemática, por endémica e única no seu

xénero, *Chioglossa lusitanica* (saramaganta rabilonga ou galega). Presenzas que confirman o bo estado da auga do Ulleiriño.

En canto ao uso que tiña, no seu día deducimos que daba servizo de regadío. Xa redactando estas páxinas, tivemos a sorte de dar con quen nos confirmou que fora construída para o abastecemento dunha das casas de *San Antón*, A Casa da Calera¹³.

Cómpre engadir que A Mina do Ulleiriño conta con patrimonio inmaterial asociado, en concreto unha “dimensión extraordinaria” que reservamos para contar máis adiante, cando nos deteñamos nas cavidades imaxinadas.

Ref. 005. A Mina de San Antón.

Mina de auga coñecida polo nome do barrio onde se localiza. Dá servizo ao Parador de Turismo de Baiona “Conde de Gondomar”, polo que tamén se lle chama A Mina do Parador.

Esta mina, da que se conta ten uns 80 ou 90 metros de longo e unha altura que permite andar erguido por dentro¹⁴, xa foi construída en tempos do anterior propietario de Monte Real, o acaudalado emigrante asturiano retornado de Cuba, Ángel Bedriñana Meana¹⁵. De feito, no lintel da bocamina figuran esculpidas as letras A B e o ano de 1924, precisamente cando Bedriñana comprou Monte Real aos herdeiros de Elduayen.

A porta da mina, agora metálica, hai anos que non se abre. Na actualidade úsase (en exclusividade polo persoal de mantemento do Parador de Baiona) un acceso vertical feito aproveitando a única lumieira das seis que disque tiña a mina antes de facerse a autoestrada (AG 57) que pasa a escasos metros. O novo acceso da mina, contáronos, dá a unha simple escaleira de ferros incrustados na parede pola que se baixa e sobe nas tarefas de limpeza e conservación da infraestutura.

A mina canaliza a auga que vai dar nas inmediacións a un descomunal depósito construído en formigón ao aire libre. Acumúlanse nel as augas da galería drenante e, sobre todo, as que veñen dos mananciais que se localizan quilómetros arriba, na parte alta de Baíña, no Ulleiro do *Ghato* (Chan da *Laghoa*) e mais nas Pasaxiñas (Fonte *Regheira*) que antes de ser propiedade do Parador daban servizo ao barrio de Fontes.

Ref. 006. A Mina da Fonte Silveira.

No mesmo barrio de *San Antón*. Trátase dunha estreita e pequena mina de auga duns seis metros de longo, escasa altura, de perfil ascendente e “dous ramales”¹⁶. Feita en xabre, o tramo interior xa se mete na rocha (granito, claro). O acceso da mina antes era baixando un pequeno buraco que había no chan do camiño, de algo máis dun metro de fondo, “a dous non chegaba”, tapado cunha pesada lousa de pedra que evitaba accidentes. O manancial daba servizo á fonte próxima, ao pilón de lavar feito en pedra

13 Dato facilitado por Santiago Silva, de 79 anos de idade, natural e veciño do barrio baionés de *San Antón*. Ref. CEM, 13/09/2020.

14 Temos constancia dun esbozo desta mina deseñado por Fermín de Baredo, quen durante moitos anos foi xefe de mantemento do Parador de Turismo de Baiona.

15 “[...] muchos años de la vida del asturiano Ángel Bedriñana Meana transcurrieron en tierras cubanas. A su regreso adquirió el castillo de Monterreal, lo restauró e hizo de la histórica fortaleza un lugar paradisiaco.” *Faro de Vigo* do 27 de xaneiro de 1963, reproducido no mesmo xornal do 27 de xaneiro de 2013 na sección “La hemeroteca del Faro”.

16 Descrición facilitada por Santiago Silva, de 79 anos, quen entrou moitas veces na mina por limpala. Ref. CEM, 13/09/2020.

un chisco máis abaixo, e tamén abastecía unha pequena presa de regadío. A auga tiña fama de ser “*buenísima*, agora non a colle *nadie*”. En efecto, hoxe todo está en desuso e transformado. Haberá vinte anos, o concello promoveu un acondicionamento de resultado polémico¹⁷. A fonte, convertida á vista nunha torre acastelada con escudo. O lavadoiro, denunciadas as obras, ficou sen rematar e hoxe é insalubre. Pola súa banda, a mina foi encofrada, perdeu a entrada orixinal por unha tapa de ferro das que se usan no sistema de saneamento e para moita da veciñanza actual de *San Antón* non existe.

Ref. 007. A Mina da *Perçibilleira*.

No barrio do mesmo nome (Percebelleira no nomenclátor) entre a *Regha* das Sina-das e A *Crús* da Mala Morte. A rentes e paralela á estreita estrada (antiquísimo camiño) que sobe en dirección a Baiña, atópase esta pequena mina que subministraba auga á Fonte da *Perçibilleira* por medio dunha canle cerámica de gres que baixaba desde a bocamina, paralela ao camiño, e que tiña o defecto de, a miúdo, romper¹⁸.

No CEM soubemos dela polo alumnado do instituto de Baiona. Describíunola logo un veciño: “Ha de estar derruída [...] había un pozo duns 4 metros polo que baixei eu moitas veces”¹⁹. Máis recentemente soubemos que a mina foi abandonada polo concello en 1999, cando a referida fonte pasou a ter auga da traída tralas obras de acondicionamento feitas nas mesmas circunstancias comentadas na anterior mina²⁰.

Contamos con outra descrición da mina, nesta ocasión facilitada polo presidente da CMVMC de Santa María de Fóra, propietaria do manancial. “A mina terá uns 25 ou 30 metros de longo [...] éntrase de pé [...] a uns 20 m da entrada hai como unha pociña, como un depósito [...] na actualidade detectamos que no verán seca e que as raíces do *arborado* da zona afecta o cano polo que se abastece un *grifo* que temos instalado ao lado da pequena réplica da *Virgen da Roca* en Bouzas Trigas, obra do *Ferreiro* de Sabaris”²¹, Manuel Quintas Vergara (1941-2017)²². En abril deste 2020 os propietarios decidiron tapiar a bocamina, por cautela, colocando unha lousa de pedra.

2.2 Pozos

Escapa ao noso propósito facer inventario dos pozos de auga que hai na zona. Apenas tratamos daqueles dos que nos consta teñen algún mérito. Son varios.

Ref. 008. O Pozo de Monte Real

Localízase intramuros da fortaleza, dentro do recinto do Parador de Turismo de Baiona “Conde de Gondomar”. A primeira referencia deste pozo apareceu editada²³

17 Datos facilitados o día 8 de setembro de 2020 por Avelino González Valverde, quen foi moitos anos xefe de mantemento de obras do Concello de Baiona e na altura tivo licenza das autoridades municipais para acondicionar a gusto esta e outras fontes e lavadoiros públicos.

18 *Ibidem*

19 Datos facilitados o 30 de novembro de 2005 por Ángel Silva, de 82 anos de idade. Entre outras habilidades, *Angelito Fumeghas* tiña sona de saber localizar auga polo método do péndulo, e tiña experiencia de ter entrado en pozos e minas varias.

20 Datos facilitados o día 8 de setembro de 2020 por Avelino González Valverde.

21 Datos facilitados por Manuel González Marcote na entrevista concedida a día 11 de setembro de 2020 na Casa Comunal de Santa María de Fóra de Baiona.

22 <https://valminortv.com/2017/10/27/fallece-manuel-quintas-vergara-o-ferreiro-de-sabaris/>

23 Con anterioridade, Fr. Martín Sarmiento na súa visita a Baiona, entroutras observacións rexistra:

en 1902 no afamado libro *Bayona Antigua y Moderna* de José de Santiago e Ulpiano Nogueira (Santiago & Nogueira, 1902: 186):

“[...] existe, todavía en muy buen estado, el pozo antiguo, que ciertamente es obra notable, porque a medida que se va bajando por una espaciosa escalera de 46 peldaños hasta una profundidad de bastante consideración, se observa que se compone de muchos cuerpos sobrepuestos, en todo iguales al que se eleva en su superficie, que es un cuadrado en forma de pabellón de arcos apoyados en columnas de piedra labrada y cerrado por sus tres lados. Está sostenida toda la obra por 48 columnas de piedra labrada, y tan notable construcción fue hecha a fines del reinado de Felipe II. / [...] no tiene igual en la Península.”

Ao pasar dos anos, varios autores, tratando de Monte Real, lembráronse da existencia deste pozo. En 1966, Martín Barreiro (1966: 34) describeo así:

“No lejano al lugar que ocupa la cisterna, se encuentra otra obra muy interesante: El pozo. Es antiquísimo, desconociéndose la remota y exacta fecha de su construcción. La tradición la atribuye a los romanos, siglo primero. Ha sido reconstruído en el año 1580. Se descende hasta el nivel del agua de manantial purísimo, por una escalera de cuarenta y seis peldaños y toda la obra sostenida por cuarenta y ocho columnas de granito.”

E ofrece información a maiores ao copiar, citando, un informe militar de 1800 asinado por quen daquela era “Coronel de Ingenieros y Director de Fortificaciones del Reino de Galicia”, Miguel de Hermosilla (Santiago & Nogueira: 1902: 49-50). O afamado enxeñeiro militar brevemente louva este “pozo de singular construcción en muy buen estado, con una escalera que baja hasta el hondo donde hay una agua muy buena.”

Outros autores tamén repararon, con maior ou menor rigor, neste pozo. Antonio de Mauricio (Vilar Montero, 2001:27-28) nas páxinas da súa historia de Baiona describe o pozo así:

“De espaldas a la Playa de los Frailes se hallan unas escaleras por las que bajando al recinto se tropieza ya con el Pozo Romano. No existe referencia de la fecha de su cimentación, pero se puede aventurar que ya han pasado muchos siglos y que debe ser de la era de la dominación romana, pensando que para la obtención del preciado líquido no se regateaba ningún esfuerzo, como nos lo ponen de relieve los monumentales acueductos de la época [...]. De lo que si hay noticia es que en 1580 ha sido reconstruído por orden de Felipe II. Cuarenta y ocho columnas sobrepuestas arrancan desde el suelo y son cuarenta y seis los peldaños que conducen hasta el fondo de este pozo que, según los entendidos, está considerado como uno de los más importantes del mundo.”

“Mirei o pozo e a cisterna”. Corría o venres día 17 de setembro de 1745. O texto ficou inédito ata 1975 cando na Universidad de Salamanca o edita quen foi o grande estudioso da vida e obra do erudito frade bieito, José Luis Pensado (Negreira 1924 – Salamanca 2000). Desde 2001 hai versión en galego desta *Viaxe de 1745* editada en Noia por Toxosoutos.

Con máis cautela histórica, Salvador Fernández de la Cigoña Fraga (1995: 67) na súa *Historia da Comarca do Val Miñor*, entre outras páxinas nas que menciona este pozo, achega que “transcorría o ano 1580 cando o concello da vila contrata a un tal Pedro de Campo para construír un pazo [sic.] na fortaleza”. Como insinúa o referido autor, o nome do mestre canteiro que fixo o pozo de Monterreal (dato inédito daquela) sábese grazas ás actas municipais de Baiona. Dispoñíbeis desde 2003 polo descomunal traballo de investigación de José García Oro e María José Portela Silva (García Oro & Portela Silva, 2003: 281), as actas que mencionan a construción deste pozo son varias. Entre elas, destaca a do día 8 de xaneiro de 1580²⁴ pola que se dá conta do acordo para a poxa da obra “para el remate del pozo que está empeçado a la puerta de la Cantarera y del Monasterio de San Francisco”. Nesa acta ofrécese a seguinte descrición do pozo que se quería:

“Y aviendose mostrado huna traça de la manera que se avia de hazer el dicho poço que es la siguiente: ha de tener tres arcos y una pechina y luego sobre los arcos se a de acoger el verdadero poço de ocho palmos de baçio y luego se a de elegir? [a interrogación xa está na transcripción editada] Huna escalera con hunas piedras albercadas largas que tengan de salida dos pies de baçio y lo demas a de entrar en el baçio de la escalera, el ancho de la escalera a de ser de hueco quatro pies y medio y tendra de alto el canon nueve pies, y tendra sus mesas a los quattros y a de tener seis pasos dentre mesa y mesa, y tendra cada paso de alto huna cuarta de bara, y de la parte del baçio del poço se an de poner unos pilares que tengan un pie de grueso y çinco de alto siguiendo por ençima destes pilares y un perpiaño a [...] Llegar adonde se an de sentar las piedras / de arriba del canon, y estos pilares se sentaran de manera que quede un palmo de claro y luz entre pilar y pilar, y asi de la parte del terreno yra una pared respaldando la tierra en esquadra asentada en argamasa muy apretada y junta de suerte que no entre el agua abajo, esta obra toda yra a picon y asi yra siguiendo la dicha escalera asta la superficie de la tierra, y alli se sacara huna pared con quatro estribos y subira la pared diez pies y los estribos hiran juntamente con ella y subiran todo lo que fuere menester para la capilla, y destes estribos se sacaran quatro arcos dentre estribo a estribo, y por ençima destes arcos huna capilla de huna clabe con sus predientes muy bien labrados y escodados, y los arcos tambien labrados y escodados, y se ygualaran las paredes por ençima de los arcos asta el nivel de la capilla, y por arriva se colocara por remate un entablamiento, las paredes tendrán de grueso tres pies y los estribos lo mismo de grueso, y tendran los estribos de salida quatro pies, la puerta de la escalera sera de ocho pies de alto y de ancho lo que fuere necesario, y la escalera / lo que sala ençima de la tierra se echara por ençima hun loscido en argamasa porque defienda la agua que cayere del tejado, y por ençima del enterrado? [interrogante ídem] se ara huna luçera para que de luz de la parte del sol. // Es condición que se ha de bajar mas el pozo de lo que esta media braça.” (García Oro & Portela Silva 2003: 281)

24 Arquivo Municipal de Baiona, acta do día 8 de xaneiro de 1580, Libro 7, fols. 110r-112r




Fig. 7. Topografía, planta e alzado do Pozo de Monte Real. Fonte: CEM.

O pormenor do documento deixa constancia da conseguinte poxa da obra, feita trala lectura do proxecto arriba transcrito. Na poxa participa Juan Alonso do Feal, quen pide 700 ducados para facer o pozo. Pedro do Campo baixa a 650. O primeiro “puso el dicho poço en viente ducados menos”. Entra na poxa un tal Gregorio de Nandín que baixa outros dez ducados. Finalmente, Pedro do Campo faise coa obra por 520 ducados. Féchase o trato, como era costume, dándolle “el señor Corregidor [o Dr. Mandojana de Çarate] una ramo de laurel que el reçivio. Y con condiçion que asta en todo el mes de mayo a de dar acabado el dicho pozo [...]”.

O referido libro de actas, o 7º de “la villa de Monterreal y Bayona”, menciona a Pedro do Campo outras veces e de formas diferentes. Por exemplo: “Pedro del Campo, maestro de cantaria”¹, “Pedro del Campo, maestro de cantero [...] que se ocupó de las fuentes de Sanson y de Çeta” (García Oro & Portela Silva 2003: 255) e tamén como “Pedro de Campo” (García Oro & Portela Silva 2003: 264).

As actas tamén aclaran cando se comezou a facer o pozo e o porqué da obra. Foi mandado facer por Felipe II mediante carta datada en El Pardo a 10 de xullo de 1579 “çerrada y sellada con el sello de las armas reales deregida a los señores Justiçia y Conçejo desta villa”. As ordes reais chegaron a Monterreal da man dun tal “Jorje Fratin yngeneyero” e lidas o día 29 de xullo de 1579 “dentro de las cassas de Ayuntamiento” (García Oro & Portela Silva 2003: 254-256). Mandábase o “adereço de la muralla desta villa y para hazer el poço que se haze en lo alto de Monterreal” (García Oro & Portela Silva 2003: 259-260), ambas as dúas obras xa en execución a principios de setembro de 1579. Ese “para facer o pozo que se fai”, que non refacer o antes feito, ratifícase no “se ha hecho y se hizo un poço de agua” que se escribe na acta do 21 de novembro. Xa que logo, entendemos que non foi reconstrución dun pozo xa existente, e moito menos podemos validar a suposta orixe romana que, sen proba ningunha, se apunta.

Resumindo, a construción do pozo de Monte Real comezouse na segunda metade de 1579. Pedro do Campo foi o mestre canteiro encargado das obras seguindo o proxecto antes descrito. Non consta queixa por defecto ou atraso, polo que a finais do mes de maio do ano 1580 o pozo debeu estar rematado.

Con estes antecedentes, no Clube Espeleolóxico Maúxo non podiamos deixar de intentar visitar e avaliar o referido pozo. Solicitouse por escrito á dirección do Parador de Turismo de Baiona “Conde de Gondomar” en agosto de 2020. Aos poucos días fomos autorizados para acceder durante a mañá do domingo 30 dese mesmo mes e ano.

O pozo de Monte Real ten unha profundidade de 21 metros; ou algún metro máis xa que, na data indicada, a auga inundaba ata o nivel que se marca na topografía (Fig. 7) e o fondo apenas foi posíbel medilo cunha sonda. Os metros indicados miden a distancia desde a clave central da bóveda, que fecha o remate superior que cobre o pozo, ata o fondo actual, supostamente colmatado xa que leva anos sen dragarse. Desde o nivel do chan, e contando con esa circunstancia, o pozo mide 15’80 m dos que, insistimos, só poidemos baixar 5’30 m. A parte do pozo baixo auga cando a nosa visita representouse na topografía intentando seguir a descrición antes transcrita da documentación da época.

O pozo presenta unha construción arquitectónica de planta cuadrangular (de 4’65 m de lado) inscrita con muros de pedra cortada en perpiaños por todos os seus lados, agás no primeiro andar onde no lateral orientado ao oeste se abre unha porta de acce-

so. Despois desta porta, o corpo inferior caracterízase por unha rampla de escaleiras feitas en perpiaño, e en tramos rectos, que se adaptan ao cadrado (de 1'80 m de lado) que delimita o pozo. Pola parte interna das escaleiras (nós puidemos descender 26 chanzos dos 46 descritos) colocáronse pilastras de forma descontinua que permiten unha total seguridade no acceso (imposíbel caer dentro do pozo) e a entrada da luz ce-



Fig. 8. Fotografía de Alar, Baiona, na que se marca e amplía o exterior do pozo dos Brandón. Abaixo opeitoril ou antepeito dese pozo na situación actual coa falsa lenda de *Pozo de la Aguada de la Carabela Pinta*.

nital. Pola parte exterior, un muro macizo feito de perpiaños, de excelente pedra granítica, como toda a obra, pecha a estrutura. Como elementos curiosos cómpre destacar a existencia de diferentes inscricións ou marcas de cantería que aparecen nas pedras do interior da construción (Taboada Táboas, 1989: 507-529; 2006: 87-101). Nos ángulos do cadrado externo atópanse contrafortes que recollen a presión da bóveda de cruzaría que pecha o pozo pola parte superior.

A parte superior do pozo, á vista desde o exterior, consta dun corpo cadrado de muros rematados en ameas (motivo engadido, como en todo Monte Real, cando foi propiedade de Ángel Bedriñana), cunha ventá de arco apuntado e abucinada en cada un dos muros que permiten a entrada da luz cenital. Este corpo superior remata cunha bóveda de aresta de catro panos con clave central.

Ref. 009 e 010. O Pozo da Praza de Abastos ou O (falso) Pozo da Aguada e O Pozo da Finca Brandón.

Tratamos xuntas as referencias xa que cada un deles se explica mellor tendo en conta a historia dos outros.

Comezamos polo que daba servizo á antiga Praza de Abastos de Baiona situada nun extremo do Campo da Palma, nas inmediacións da praia da Ribeira. Coñecida como a “Praza do Pescado”, tiña tamén dúas carnicerías e nas inmediacións, na esquina do tramo da muralla contra o areal -xusto por baixo onde se instalou o Real Club Náutico- estaba o *matadero* municipal. Aquela vella praza de abastos desapareceu cando ao antes mencionado Ángel Bedriñana lle interesou quitar de diante da entrada da que era a súa propiedade tan molesta actividade. Consequiuno coa construción (entre 1957 e 1960) dunha nova praza de abastos no mesmo lugar no que se sitúa hoxe. Como lembran as persoas de máis idade de Baiona, a Praza de Abastos tiña dentro unha billa de auga á que lle daba caudal un pozo de auga, algo salobre pola proximidade do mar, que fora feito dentro do edificio da praza. Nada raro.

Como tamén é ben sabido en Baiona, cando a vella praza de abastos foi derruída deixouse en pé a fachada do edificio cos seus catro arcos de medio punto. En 1962 foi decorada con azulexos e placas de bronce á maior gloria da conmemoración da arribada en 1493 da carabela *La Pinta*. O asunto é ben coñecido; o núcleo urbano de Baiona está inzado de monumentos con esa temática. O que resulta menos coñecido é que aquel pozo da vella praza de abastos foi tamén “acondicionado” colocándolle enriba a estrutura dun bonito antepeito, ou peitoril, feito en pedra que procede dun pozo doutro lugar. O asunto, xa comentado con elegante humor na antes citada obra de Antonio de Mauricio ²⁵(Vilar Montero 2001: 350), deuno a conocer con maior detalle o historiador Anxo Rodríguez Lemos (2018:22):

“Dentro deste discurso conmemorativo [da arribada a Baiona da carabela La Pinta] sería necesario incluír tamén O Pozo da Aguada, trasladado desde a súa posición orixinal, na finca de Brandón (próxima ao Liceo Marítimo) ata o pé dos arcos da Ribeira, fósiles da antiga praza do pescado [...]”.

25 “De la antigua plaza se aprovecharía la arcada (pérgola) que ornamenta la entrada a la mencionada playa y el pozo hecho en su día para su limpieza y que ahora denominan de la aguada, y dicen que del mismo se abasteció la Pinta cuando después de reparada puso rumbo a Palos de la Frontera. (¡Cousas veredes...!)”

Grazas á colaboración do referido autor, no CEM sabemos dunha fotografía de Aurelio Rey Alar (1904-1993)²⁶ na que, sobre todo se ampliamos a imaxe, (Fig. 8), se pode distinguir, sen dúbida, o exterior deste pozo cando estaba no seu sitio orixinal.

Un posterior “acondicionamento”, mesmo xustificado por escrito²⁷, feito polas autoridades municipais do momento fai máis grave o engano. Foi coa excusa da celebración oficial do “Vº Centenario da Arribada de La Pinta” (1993), e consistiu na colocación no lateral do antepeito do pozo dunha placa de bronce que sen rubor ningún pon: “POZO D LA AGUADA / D LA / CARABELA PINTA”. Mentira dobre. Nin este peitoril de pedra era o orixinal do pozo deste lugar (como acabamos de explicar era o da finca familiar dos Brandón) nin en 1493 puideron facer a *aguada* os da afamada carabela, nin os mariñeiros de calquera outra embarcación, xa que neste punto nunca houbera nin sequera manancial de auga, potábel nin outra, nin moito menos pozo ningún ata a construción (no século XIX) da antes referida Praza de Abastos. O asunto non é difícil de comprobar consultando algún dos mapas históricos de Baiona, a todo isto moi abundantes pola relevancia histórica do porto, vila e fortaleza de Monte Real.

En todo caso, o manancial máis próximo á Ribeira no que poder abastecerse de auga potábel era o da chamada Fonte das Monxas, de novo á vista desde 2012 cando a reforma que fixo peonil, parcialmente, a rúa Carabela a Pinta recuperou a fonte (mais sen auga a correr nin a estrutura orixinal co lavadoiro que tiña adxunto), logo de levar tapada máis de cincuenta anos.

2.3 Outras cavidades relacionadas coa auga

Ref. 011. A cisterna de Monte Real.

A escasos metros do pozo de Monte Real, construíuse unha cisterna ou alxibe. Foi en 1642, e poucos anos despois xa aparece mencionada como “obra insigne” no afamado libro *Armas i Triunfos. Hechos Heroicos de los hijos de Galicia* do mestre Frei Felipe de la Gándara y Ulloa. Deixouno por escrito así (Gándara, 1662: 663):

“La fuerça de Vaiona se fortificó a lo moderno i se hizo en ella una cisterna de cantería, obra insigne, i mui necessaria, por no aver en la fuerça mas de un poço, cosstaron dichas fortificaciones i cisterna 100U [100.000] ducados.”.

Fr. Martín Sarmiento tamén menciona a cisterna no diario da súa viaxe de 1745. En 1902, Santiago & Nogueira (1902:185-186) descríbena con estas palabras:

“La espaciosa cisterna, en la que se almacenaba el agua para el servicio de la guarnición y de los vecinos [de Monte Real], es una obra soberbia y es-

26 REDACCIÓN (2011): “Baiona, en el objetivo de Aurelio Rey Alar”, *Faro de Vigo*, 08 de maio de 2011, ed. dixital.

27 “Es creencia popular generalizada que antes de partir la carabela rumbo a Palos, se abasteció en Bayona de carne y leña, haciendo la aguada en el pozo de la Ribeira, hoy conocido como Pozo de la Aguada de la carabela Pinta. [...] Es de suponer que la Pinta [...] llegase a Bayona sin reservas, y si las tuviera serían mínimas y estarían en mal estado. Es por lo tanto más que lógico que antes de partir de Bayona se abastecieran, y, al ser dicho pozo el más cercano a la playa de varado, la creencia popular tiene todos los visos de ser historia, aunque la veracidad del hecho, de momento es tan solo conocida por las centenarias piedras de su petril”. SIERRA, A. (1993: 181-183).

meradamente construída con grosos sillares de cantería labrada; grande y monumental como no existe outra semeiante en España. [...] Se entra por un gran edificio que tiene un largo mirador en su parte posterior, dominando una huerta. Sobre la puerta de entrada ostenta dos piedras de armas, una con el escudo Real de España, y la otra con las armas del Marqués de Valparaíso, Gobernador y Capitán General de Galicia, que en el año 1642 mandó construir dicha cisterna, reinando Felipe IV, siendo Gobernador de la plaza el Capitán y Sargento Mayor Tomás Pardo, de la villa de Navarrete, y el maestro que la construyó se llamaba Antonio Martínez, natural de la Coruña, según dice la inscripción que se lee sobre la puerta debajo de los anteriores escudos.”

No xa citado opúsculo sobre a historia bi-milenaria da fortaleza de Monte Real, M. Barreiro (1966: 33) repara no indubidábel mérito arquitectónico da gran cisterna:

“Obra singular que encierra Monte Real dentro de su recinto amurallado, es la gran cisterna en que se almacenaba el agua para las necesidades del pueblo y la guarnición y que posee dimensiones tales, que acaso sea única en el mundo. / Es una esmeradísima construcción subterránea conseguida con sillares de cantería labrada. A su interior se puede acceder por una escalera de peldaños de piedra, al final de la que se encuentra el visitante un amplísimo salón. / han sido trasladados a otro lugar, dos escudos que decoraban la puerta de entrada, uno de ellos el escudo Real de España, el otro uno Ducal, dividido en cuatro cuarteles: en dos de ellos aparecía un cetro y dos charreteras, emblema del Virreinato; en los otros dos cuarteles un león asalta una torre. / Si han desaparecido del lugar los dos escudos, no así una gran piedra que tiene gravada la siguiente inscripción: “Reinando en España la Católica Magestad de Felipe IV, el Señor Marqués de Valparaíso y Capitán General de este Reino mandó hacer esta cisterna siendo Gobernador de esta Plaza el capitán y Sargento Mayor, Tomás Pardo de la Villa de Navarrete con cuya asistencia se izo – Año 1642 – Maestro Antonio Martínez natural de La Coruña.”

E cando Barreiro reproduce o antes referido informe do ano 1800 elaborado polo coronel de enxeñeiros Miguel de Hermosilla (Santiago & Nogueira: 1902: 45-51), ao respecto pódese ler que se trata de “una cisterna muy hermosa y capaz en que se necesita hacerle un purificador para que se vayan las aguas limpias a ella, tomar las juntas para donde se filtra y ponerle una capa de buen hormigón de tres pulgadas de grueso sobre la azotea que recibe las aguas que deben ir a la cisterna.”²⁸

Certo, a cisterna recollía auga da chuvia, mais non só a que lle ía directamente. De novo grazas á colaboración de Anxo Rodríguez Lemos, sabemos que lle chegaba auga desde os edificios próximos. Así, nun documento inédito asinado en Ferrol a 5 de outubro de 1756 ao describir Baiona pódese ler:

“[...] otra [casa en Monte Real ao servizo do corpo de guarda] arrimada a las azesorias de el Ayuntamiento y desde cuijo tejado recibía las aguas la cisterna, que tiene de largo 24 baras y 9 de ancho de la qual no se ha justificado perte-

28 Para a cisterna vid. Santiago & Nogueira (1902: 49).

nencia pero se solicitó que la Villa la redificase por la suma falta que haze la recolección de las aguas para el surtimento de la tropa.”²⁹

Na visita do CEM do 30 de agosto de 2020 facilitóusenos tamén acceso á cisterna de Monte Real. É unha estrutura arquitectónica de planta rectangular, feita toda en perpiaños de granito (de moi boa calidade) e composta por dous corpos superpostos.

O corpo inferior é o que funciona propiamente como depósito de auga. Accédese desde un patio superior (a propia terraza da cisterna) onde unha porta de 1'04 m de ancho por 1'95 de alto dá paso ás escaleiras. Nun primeiro tramo sete chanzos percorren 2'71 m formando unha entrada que chega aos 4'13 m de altura no primeiro descanso. A continuación, as escaleiras xiran 90° a esquerda e baixan outros seis chanzos ata chegar a outro descanso situado xa fronte á lámina de auga. Neste punto é onde entran as tubaxes que a traen canalizada desde Baiona (vid. Mina de *San Antón*) para servizo do Parador de Turismo. As escaleiras continúan descendendo e formando outro L. Xiran de novo 90° á esquerda e baixan nunha sucesión de dous chanzos –descanso- catro chanzos. O último xiro das escaleiras, novamente en ángulo recto, sitúanas paralelas ao muro lonxitudinal da parede do depósito, e son perceptíbeis grazas ao transparentes que están as cristalinas augas. Descenden as escaleiras nesa dirección outros dous chanzos, un breve descanso, e mais dous ou tres chanzos que, xa malamente recoñecíbeis á vista, permiten baixar andando ao fondo.

As medidas internas da cisterna delimitan un espazo cuberto de 12'5 m de longo, 5 m de ancho e 4 m de alto, dos que 2'80 m estaban sen cubrir pola auga o día da nosa visita. Trátase, pois, dun alxibe rectangular dotado dunha cuberta abovedada de medio punto, tamén construída en perpiaños graníticos.

O corpo superior basicamente é un patio rectangular cuberto con lousas pétreas (en granito, claro), con caída en X cara a un óculo de forma rectangular, hoxe pechado, de 20 x 20 cm por onde entraba a auga da choiva. Neste patio érguese unha pequena estrutura a xeito de caseta que protexe e pecha o acceso da porta antes mencionada que dá ás escaleiras. Conta con ventá rectangular (0'96 x 1'42 m), abucinada para iluminar directamente o primeiro tramo de baixada, e cunha inscrición no lintel e na esquina colindante á porta que indica cando e por quen foi mandada facer e se fixo a cisterna (véxase transcrito máis arriba, no texto de M. Barreiro). Este patio exterior está rodeado nos lados maiores por dous altos muros rematados con ameas (engadidas, fica antes dito, en tempos de Ángel Bedriñana como ornamento medievalizante), sendo o peche dos lados menores a estrutura que alberga as escaleiras e a parede dun edificio contiguo.

Ref. 012. A galería subterránea de Monte Real.

Como en toda fortaleza ou castelo que se prece, en Baiona circula a lenda de galerías ou túneles que daban acceso secreto a Monte Real. Nós tivemos a fortuna de dar

²⁹ 1756, outubro, 5. Ferrol. *Descripción de las plazas y puestos fortificados del Reyno de Galicia, de sus costas y fronteras concistencia y estado de sus defenzas con noticia delas obras proyectadas y de las aprovadas*. En RODRIGUEZ LEMOS, A. (2016): *A Única Contribución do Marqués de la Ensenada: remedio do necesitado, couza do facendado*. / “Ynterrogatorio General dela Villa y Jurisdicción de Baiona que comprende los pueblos, o Fr[eguesias] siguientes: Baiona, villa. Baiña, Sta. Mariña. Baredo, Sta. Mariña.”. Santiago de Compostela: Facultade de Xeografía e Historia, USC, inédito, p. 25.

con quen sabe do conto por tradición oral familiar, xa que o seu avó [Antonio Marcote Valverde] e tíos-avós [Fernando e Valentín] coñecían ben as instalacións de Monte Real por ter traballado para Ángel Bedriñana durante moitos anos. Antonio, durante máis de corenta anos como encargado *del castillo*, contounolo así:

“Eu o que che vou a contar é sempre polo que eu escoitei, nunca polo que eu mirei. Eu vin o pozo alí cando era rapaz. Eu acórdome de ir alí pero despois... son cousas de faladurías. [...] O pozo eu mireino, eu sendo un crío mireino, entrei, baixei un pouco pero non cheguei ó final e o conto que se contaba era que desde alí partía un dos túneles que había que saían da fortaleza. Dicen que había un túnel. Acórdome tamén, iso xa non o comentaba nin meu abuelo nin meu tío, xa o comentaban as miñas tías, as fillas de Antonio, a miña nai e... bueno. Acórdome de estar falando e decían que cando viñeron os que agora... os que colleron o parador. Cando lle compraron a Ángel Bedriñana e montaron o parador, os do ministerio chamáronnos para ir mirar o pozo e cando estaban baixando polo pozo, que lle estaban explicando meu abuelo e o irmán o tema do pozo, decían: -Bueno, ahora esto ya lo tenemos. Ellos se dieron cuenta que, lo que querían saber era eso de por donde iban los túneles, y que lo estaban como engañando: -A ver Antonio dínos por aquí, dínos por allí! Eles calaron a boca e non lle enseñaron nada.

X: Pero, entón eles daban por seguro que había eses túneles ?

M: Nin o negaron, nin o certificaron nunca. Porque despois tamén se comentaba que o túnel non partía de aí, senon que partía desde fóra. Hai un santo na muralla do parador, non sei se te das conta [...] e alí decían se partía




Fig. 9. Topografía, planta e alzado, da galería subterránea de Monte Real. Fonte CEM.

*dunha parte de alí, o sea, que a referencia era o santo. Pero claro, son tantos dimes, directes que... nunca se supo. [...] Nunca se encontraron.*³⁰

Deixando de lado o que se conta, na nosa visita autorizada ao pozo e cisterna do Parador de Turismo de Baiona “Conde de Gondomar”, informámonos de que tamén existía un túnel, pasadizo ou galería subterránea. O acceso facilitado permitiunos facer a topografía (Fig. 9) que se corresponde con esta descrición.

Localízase entre a cisterna e o pozo. A lonxitude da galería principal é de 24’50 metros. Un total de vinte e seis metros coa suma dun pequeno tramo transversal que, como os dous extremos do conduto principal, agora están tapiados con paredes de pedra. O pasadizo presenta un constante e pouco pronunciado desnivel, sendo o punto máis baixo o extremo próximo ao pozo. A sección é rectangular en todo o trazado, con altura e ancho variables segundo o tramo. A obra presenta paredes construídas en cachotería seca, mestura de rebos e perpiaños, e un teito tamén feito con pedras de granito, pequenas laxes lonxitudinais tumbadas. Así pois, todo indica que se trata dun falso túnel, unha galería subterránea construída polo sistema de gabia desde o exterior e logo tapado con terra. Desde que funciona o Parador de Turismo, o acceso ao interior faise baixando por un zapón de formigón de 54 x 50 cm aberto a 2’8 m dirección 134°N do muro do alxibe, e a 4 m dirección 42°N do valado do camiño exterior inmediato. Unhas escaleiras metálicas axudan a baixar os 2’91 m de altura. No punto onde chegan estas escaleiras, comeza unha pequena galería de 1’5 m de longo (dirección 40°N, transversal á principal) e un metro de ancho. Todo en pedra, presenta unhas escaleiras ascendentes, con seis pasos ou chanzos á vista. A altura deste tramo é descendente, pasando dos 2,25 aos 1,16 metros no máis alto das escaleiras. Nese punto o acceso está tapiado. Supoñemos que se trata do antigo e orixinal acceso ao túnel desde o exterior.

Volvendo ao punto da entrada actual, a galería principal desenvólvese por 4’52 m de longo (en dirección 144° N, cara ao alxibe, no que se mete dentro) cun ancho entre os 87 cm (no cruce coas escaleiras de pedra ou acceso orixinal) e os 40 cm na extremidade tapiada. Obsérvase unha tubaxe instalada para poder baleirar a inmediata cisterna nas tarefas de mantemento de subministro de auga potable ao Parador. A altura do tramo oscila entre o 1’7 m e os 80 cm contra a boca tapiada. Na parede de pedras que fecha o paso obsérvase un pequeno panel de *gours* de pigotita.

O trazado principal da galería que vai en dirección ao pozo ímolo describir por tramos. Desde o punto de acceso, en dirección 312° N, un primeiro treito de 7, 82 m e anchos e alturas en declive que van desde os 95 cm de ancho e 2’1 m de alto aos 53 cm de ancho e 1’6 de altura. O seguinte tramo ten 8’10 m de longo dirección 303° N e presenta un ancho máis ou menos constante (53/55 cm) e unha altura decrecente ata chegar aos 0’70 m. Finalmente, catro metros de galería do ancho referido que cada vez é máis baixo de altura (apenas 35 cm no cabo). Este empequeñecemento da galería vén dado non tanto polo deseño orixinal como polo proceso de colmatación acontecido ao pasar dos anos. A continuación e remate da galería é incerto; cos datos dispoñíbeis, non podemos asegurar se dá directamente ao pozo ou non. Supoñemos que esta infraestrutura en falso túnel foi construída coa mesma finalidade que ten na actualidade, a de baleirar de auga a cisterna, e que data do mesmo ano, 1642.

30 Manuel González Marcote, Ref. CEM audio 11-09-20: track 1 corte 00:00-05:10.

3. COVAS IMAXINADAS

Tratamos agora daquelas cavidades, ben naturais ou ben artificiais, que sabemos que nunca existiron. Nalgúns casos débese a unha confusión derivada do uso dunha palabra nun principio espeleolóxica (cova, covacha, buraco, toubra, etc.) que en galego non sempre ten por que facer referencia a un espazo subterráneo. Outras veces trátase claramente dunha invención popular ou fantasía erudita deixada por escrito.

Ref. 013. Cova Terreña.

É crenza popular xeneralizada en Baiona que este barrio da parroquia de Santa María de Fóra debe o seu topónimo a unha suposta cova feita na terra que antes había. Un exemplo por escrito desta teoría tan estendida chegounos por un traballo feito por escolares do instituto baionés que dicía:

*“COVA TERREÑA. Hai tres camiños para chegar a Cova Terreña. Polo río da Veiga, pola Parede Nova e polo Camiño do Carreiro. Hai moitas casas vellas que teñen cultivos e árbores frutais. A orixe etimolóxica vén da palabra “cova” e “terra”. O topónimo é de tipo orónimo. Antes non había moita construción e era todo campo. Agora estase a poboar. Ten ese nome porque antes había covas de terra.”*³¹

O caso é que non sabemos nin de documento nin de ninguén que poida dar testemuño dunha cova terreña, escavada en xabre, quizais, que existise algunha vez nesta zona. Pola contra, somos máis da opinión do antes mencionado *Angelito* Silva, experto en minas e pozos de auga, quen en 2005 compartiu con nós a hipótese de que en Cova Terreña nunca houbo cavidade ningunha: “Había algo por riba de Corea. Un pequeno olleiro por baixo dos Piñeiros... mais cova, cova non había”.

O topónimo deste lugar fai seguramente referencia a outro significado propio da palabra cova. Podería derivar dunha explotación mineira como a que si documentaron Xurxo Pérez e Xosé M^a Bouzó en Urgal, Belesar, onde chaman A Cova a unha mina aurífera romana a ceo aberto a pé do río Groba (Pérez Pintos & Bouzó, 2001: 44). Tal hipótese para Cova Terreña considerámola improbable, polo que o topónimo en cuestión podería ser entendido no sentido dunha “sepultura, especialmente cuando es en la tierra” (Rodríguez González, 1958: 665). Iso si, o actual cemiterio municipal, que se atopa nesta zona, non vale. Tería que ser unha cova –tumba antiquísima, xa que o referido camposanto é moitísimo máis recente có topónimo de Cova Terreña. Ambas as dúas suposicións son, pois, ao noso entender tan pouco acertadas como a que asegura que aquí existían covas feitas na terra.

Sen máis voltas, o topónimo de Cova Terreña coidamos pode explicarse atendendo a un significado do substantivo ‘cova’ do que temos constancia non porque deramos con el definido nun dicionario (que por suposto tampouco son tantos os por nós consultados). Por experiencia propia sabemos que, cando menos nesta parte do país, ás veces úsase o termo ‘cova’ para denominar un terreo cóncavo, en pronunciada forma de cunca, como semella á vista a paisaxe desta Cova Terreña. Xa nos pasou algo semellante hai uns anos (1995) cando intentamos localizar a Cova da Becha en Saiáns (non

31 Grupo de traballo sobre Patrimonio do IES “Primeiro de Marzo” Baiona, curso 2003-2004.

confundir coa que si existe con ese nome no máis alto da Serra do Galiñeiro). Foron veciños desa parte da beiramar de Vigo entrados en anos os que nos deron a solución á nosa infrutuosa busca espeleolóxica: o lugar chámasele cova polo fondo do terreo e o específico “da becha” vénlle dos vermes que alí, en cantidade e tamaño descomunal, son praga. Así aprendemos que hai casos nos que os dragóns e as covas desaparecen por arte do rico léxico galego.

Ref. 014. O Pasadizo da Torre da Tenaza.

Na tradición oral é moi habitual dar con alusións á existencia de pasadizos, túneles ou corredores subterráneos de dimensións extraordinarias que comunican dous puntos afastados –e sobranceiros– da paisaxe. Na zona contamos con varios casos. Como este que transcribimos, versión que sospeitamos ten pouco de popular e moito da creatividade do autor, quen foi cronista oficial de Baiona: Héctor Barreiro Troncoso (1988: 8-9).

“[...] Mauregato, hijo bastardo del Rey Alfonso el Católico y de una sarracena, decide apoderarse del trono que ocupa su sobrino Alfonso II, para lo cual solicita el apoyo del Emir de Córdoba. Este soberano, crea poderoso ejército que derrota al rey cristiano y pone el cetro en manos del usurpador Mauregato. El Rey astur, en pago de la eficaz ayuda prestada por el Soberano árabe, se compromete al tributo de las cien doncellas que anualmente le serían enviadas a su corte. / Las doncellas las reunían en la «Torre de Peito Bordelo» (Torre del Oprobio) donde eran seleccionadas [...] / Pasan los años [...] una vez instalado Abubaxir en Monte Boi [...] el jefe moro, no consigue que las tres doncellas se dobleguen a sus deseos y ordena sean encarceladas en el calabozo de “La Tenaza”, terrible mazmorra al nivel del mar, carente de luz y ventilación. / Un día que estaba de centinela en el calabozo un renegado, se compadece de los continuos sufrimientos de las mozas allí encerradas y les ofrece secretamente su libertad. Les dice, que en el suelo de la mazmorra y en la parte más cercana al mar, que se conoce por la humedad de la arena del piso, deben escarbar hasta hallar una losa; es la entrada de un secreto pasadizo [cita ó pé do autor: Más de una vez siendo yo niño, he oído hablar de la existencia de este pasadizo bajo el mar] que va por debajo del agua del mar, donde serán libres. / Aquella noche el guardián de la “Tenaza”, dá la voz de alarma, al efectuar el recorrido de vigilancia se encuentra el calabozo vacío y anegado de agua de mar que había entrado por el pasadizo. / Durante tres días, se vieron sobre los bajos de “Puerta Real”, tres gaviotas blanquinegras que nadaban y jugueteaban sobre las olas, y al ponerse el sol, emprendían el vuelo con rumbo desconocido.”

Outras versións falan de que ese fantástico túnel une Monte Real con Monte Ferro. Outros din que comunica con Panxón. Tamén sabemos de referencias que falan de quilométricos corredores semellantes que comunicarían Monte Boi con outros puntos afastados, a saber: coa Cova da Moura no Foral da Groba (Belesar) (Clube Espeleolóxico Maúxo, 2008: 35-48), coa Mina de Bosque, Morade³², co Castro dos Mouros ou Pedra Moura (Borreiros - Donas)³³, ou coa antes tratada Mina do Ulleiriño.

32 Ref. Daniel Alonso Peralba e Fernando González González, IES “Primeiro de Marzo”, 2006.

33 Dato facilitado por Anxo Rodríguez Lemos, quen o recolleu en 2012 da Sra. Carmen de Monteiro (Borreiros, Gondomar).

Ref. 015 Da Mina ou Mina do Ulleiriño a Baredo.

En efecto, temos constancia dun relato documentado para a Mina do Ulleiriño que incide na tradición de supostos pasadizos de dimensións extraordinarias. Sabémolo por Albina Misa, veciña de Fontes, Baíña, quen en 2004, cando tiña 76 anos de idade, contoullo a unha súa neta e unha amiga dela, na altura alumnas no instituto de Baiona.

“(...) Había unha mina tamén. Que lle chaman a Mina. Alí conforme se sube pà casa de mamá, alí pà parte d’abaixo... hai unha mina. Chamábase A Mina. ([A Mina do Ulleiriño]...) Abaixo, nena, en Fontes no ! Fontes é alá pàriba. (...) Máis abaixo, na casa de tía Juana, alá pra baixo... xunto a Lousáns, alí pà dentro. A Mina, chámanlle A Mina. E aí... dichosa mina! Nós fumos un día. Pero anduvemos un pouco! Pero despois: Apagábasenos a lus! Que disque chega a dichosa mina..., que chega a onde xoghan ós bolos na Chan da Crus [...]. Adiante onde hai a escuela dos nenos, a escuela, en Baíña, adiante, alí naquela chan, alí p’abaixo. Que chegaba a tal mina, que viña d’alí, a aghua. Pero non che sei máis nada. Fomos, uns poucos de rapases un día pero non, non nos atrevemos a chegar alá porque se nos apagou a lus e... bueno, bueno. E había moitos pozos d’agua. E demos volta. Escapouse e fuegos p’ra fora!”³⁴

4. CAVIDADES DESAPARECIDAS

Non é doado ter documentada a desaparición dunha cova. As máis das veces colapsan ou son destruídas sen maior relevancia. Hai ocasións nas que fica constancia da súa pretérita existencia grazas a un topónimo fosilizado, unha mención nun vello texto ou mapa, restos de cantería que a delatan ou, excepcionalmente, grazas a un traballo serio de documentación arqueolóxica. Tal é o caso da seguinte referencia.

Ref. 016 O Pozo da Palma.

Denomínase A Palma ou, para ser máis exactos, O Campo da Palma, a faixa de terreo achanzado que une as praias da Ribeira e A Concheira. Xa que logo, vén sendo o istmo que impide que a península de Monte Boi sexa unha illa.

Sen deternos en moito pormenor, lembremos que A Palma foi lugar poboado cando menos desde o século XII en diante (Garrido 1992). As ordes reais que desde 1497 pretendían asentir a poboación intramuros, en Monte Real, apenas foron aceptadas de mala gana. De feito, a mediados do século XVII, no Campo da Palma levantábase o barrio máis populoso de Vilavella, chamada así a Baiona extramuros. No contexto do que en Portugal se coñece como *Guerra da Restauração da Independência* (1640-1668), as autoridades militares españolas, alegando que era preciso para a boa defensa de Monte Real, e co apoio do monarca, destruíron toda canta edificación consideraban estaba demasiado próxima ás murallas. O suceso, con distintas fases entre 1656 e 1664, provocou a destrución do barrio da Palma [José de Santiago e Ulpiano Nogueira (1902: 196) falan de máis de 600 edificios derrubados]³⁵ e a case desaparición de toda a vila.

34 Ref. Blanca Lago Misa e Loli Torres Giraldez, IES “Primeiro de Marzo”, 2004.

35 Permitásenos a incoherencia de non incluír o aparcamento subterráneo da Palma neste catálogo, por máis que sexa a cavidade artificial de maiores dimensións da zona de estudo.

Os restos materiais daquela antiga poboación baionesa destruída no século XVII resucitaron en 1992. Foi no contexto dun mal xestionado plan parcial de urbanismo que contemplaba construír un aparcamento subterráneo. A polémica foi enorme, con notoriedade nos medios de comunicación de todo o estado e serios enfrontamentos coas forzas policiais enviadas a Baiona para reprimir o movemento “A Palma é Nosa”. Pois ben, en consonancia coa lexislación vixente na altura, realizáronse escavacións



Fig. 10. Fotografías da cimentación do pozo localizado en 1992 durante as escavacións arqueolóxicas na Palma. Fonte: Arquivo persoal de Vicente Caramés.

arqueolóxicas que, ante o nerviosismo político das autoridades, foron paralizadas dun día para outro en canto xurdiron os importantes restos daquel esplendoroso pasado do Campo da Palma. Grazas á desinteresada colaboración de quen daquela fora o director das escavacións arqueolóxicas abortadas, o arqueólogo e actual conservador do Museo do Mar de Galicia (Alcabre, Vigo) Vicente Caramés, sabemos que entre as cimentacións documentadas na Palma rexistrouse a estrutura dun pozo do que podemos achegar as dúas fotografías, inéditas, reproducidas na Fig.10.

Ref. 018 A cova da Virxe.

É a referencia incluída neste traballo que máis dúbidas e debate ten suscitado no equipo máx. En Baiona existía unha cova onde se levantou o monumento deseñado por Antonio Palacios? A resposta é case seguro negativa; case.

Entre as mencións a cavidades naturais que temos reunidas no CEM, gardamos como un tesouro a transmitida por José Goberna Alonso (1897-1981) a seu neto José Bernardino, coautor destas páxinas. O Sr. José contaba que tiña traballado nalgunha *peonada* cando se fixo o monumento e que alí, “na *Virgen de la Roca* había unha *cueva* pequerrecha por debaixo das pedras” ou algo así, que é o malo da memoria das historias ouvidas sen apuntar sendo un novo.

Revisamos as fotografías que puidemos, aquelas feitas durante as obras, e apenas distinguimos o buraco polo que subían os materiais de construción; oco logo acondicionado cunha bóveda para abrigar un altar. Sería alí? Localizábase esa suposta cova xunto aos pés da Virxe? Ou estaría nas proximidades, na canteira de extracción de pedra que desde a regueira do monte San Roque caía sobre o lugar da Fonte Cristalina?

Mesmo con todas estas dúbidas sen resolver, decidimos incluír esta referencia. Aínda que malamente documentada, este lugar tan emblemático de Baiona conta con outra alusión subterránea para o mesmo espazo que tampouco merece ser esquecida. Trátase do proxecto que tiña en mente o principal promotor da monumental escultura mariana, o enxeñeiro industrial Laureano Salgado Rodríguez (Vilar Montero, 2001: 300-319; García García & Costas Goberna, 2005: 89-94) quen teimaba construír “na base do monumento ou nas proximidades do mesmo unha cripta que fose sepulcro de galegos ilustres” (Iglesias Veiga, 2002: 41). Capela subterránea soñada (nunca se fixo) da que podemos ofrecer, grazas novamente á colaboración de Anxo Rodríguez Lemos, este outro testemuño:

“La Virgen de la Roca fué una de las obras más bellas y románticas de principios de este siglo [XX]. Con esta idea por bandera recorrió don Laureano toda Galicia y se presentó en la Corte de España [...] / Pensaba este colocar en la base del monumento una cripta que fuese sepulcro de gallegos ilustres. Se le echaron los años encima y no tuvo tiempo de realizar su propósito. Bastante fue que pudiese ver erguida la estatua de la Virgen, obra de mucho tiempo de lucha [...]”³⁶.

E rematamos, non sen subliñar como este caso nos resulta acaído, desde a experiencia máx, para comprobar de novo o que acontece en non poucos lugares onde

36 V. G. (1930): “Sesenta años de trabajo por el progreso de Galicia. Quien era D. Laureano Salgado”. *Vida Gallega*, ano XXII, nº 450, 30 de maio de 1930, sen paxinar.

o catolicismo se preocupou por resacralizar algunha cova, penedo ou coto dotado de significación para a comunidade na que se atopa. Así acontece na capela de Santa Tegra na Guarda, no Aloia na capela de San Xulián (que nesta parte do país nunca se lle chamou Xiao nin Xián) ou, por mencionar apenas outro exemplo dos moitísimos ciscados polo mundo católico adiante, na capela da *Virgen de la Cueva* [Esparragosa de Lares, Badajoz, (Puig y Larraz, 1896: 37-28)], de onde seica procede o afamado cantar infantil “Que llueva, que llueva/la Virgen de la Cueva...”, tan espallado e con variantes tan interesantes como a que canta: “Que llueva, que llueva / la Vieja de la Cueva...”³⁷.

AGRADECEMENTOS

Este traballo non tería sido posíbel sen a axuda ou colaboración de moitas persoas que nestes anos nos teñen informado ou alentado con referencias, datos ou suxestións varias. A risco de cometer inxustos esquecementos, conste aquí a nosa máis sincera gratitude a quen colaborou con nós neste asunto sendo alumno/a no IES “Primeiro de Marzo”: Daniel Alonso Peralba, Ana Carnero Prado, Brais Costas Fragueiro, Óscar Garbín, Rosa M^a González Álvarez, Fernando González González, Marta Giráldez, Luisa de la Iglesia, Paula Misa Peralba, Cristina Rodríguez Leyenda, Marta Silva Fernández, Paula Silva Senra e M^a Carmen Vilar Fernández. Ao profesorado do instituto de Baiona máis cómplice co Maúxo: Carlos Álvarez Valdés, Xosé M^a Bouzó, Cándido Castro García, Manola Conde Cid, Cruz Domínguez Pérez, María Jesús García Vázquez, Rosa Gómez Gallego, Puri Pérez Leirós, Manuel Vilar Márquez e na memoria *Tere Lillo Pichel*. Aos veciños de Baiona que non sendo da comunidade escolar do instituto colaboraron con información tan variada como rica, en especial a Santiago Silva, Manuel González Marcote, Avelino González Valverde e na memoria *Angelito Silva*. Ao persoal do Parador de Turismo de Baiona, en especial a Francisco José Plaza Prado (director) e Javier Díaz Mosquera (xefe de mantemento). A Vicente Caramés pola información arqueolóxica do Campo da Palma. A Belén Barona, xefa do departamento de Inglés do IES Escolas Proval pola súa axuda coa tradución do resumo. A todas as persoas que forman ou formaron parte do IEM, en especial a Carlos Méixome, Xilberte Manso de la Torre, Xosé Lois Vilar Pedreira e a Anxo Rodríguez Lemos quen, aos numerosos e desinteresados datos que nos achegou, engadiu a lectura crítica da versión final deste texto. A todas e todos, grazas!

37 En Internet é doado atopar unha chea de entradas con distintas versións desta cantilena infantil en castelán espallada por España e tamén por boa parte do continente americano. Por caso na República Oriental do Uruguai hai quen a canta co verso “... la vieja está en la cueva...”. Repárese como esa *Vieja* vén sendo a nosa mítica Vella, por caso documentada nalgunhas covas da Serra do Galiñeiro, vid. Rodríguez González, A. (2005: 147-156). E tamén: Romero Rodríguez, A. *Romer* (2018 63, 69).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARREIRO TRONCOSO, H. (1988). Historia del valle: Las Tres Gaviotas. *Diálogos del Valle Miñor* 11: 8-9 (20 de set. de 1988).
- BARREIRO, M. (1966): *2000 años de la historia del Castillo de Monterreal*. Talleres del Faro de Vigo.
- BOUZÓ, X. M^a. (2003): Baiona patrimonio e turismo. *Revista de Estudos Miñoranos* 3: 159.
- CASAS TORRES, J. M., MIRALBÉS BEDERA, M^a ROSARIO & TORRES LUNA, M^a P. DE (1976): *Galicia. Mapa e índices de localización geográfica de sus parroquias*. Universidad e Instituto de Geografía Aplicada del patronato “Alonso de Herrera” del CSIC Santiago de Compostela.
- CATÁLOGO DA CONFEDERACIÓN [ESPAÑOLA] DE ESPELEOLOGÍA Y CAÑONES. (CEC), actualizado a 30-06-2020. <https://cec-espelo-com/grandes-cavidades-otros-materiales> [Consulta 3-08-2020].
- CAVERBOB.COM Datos periódicamente actualizados polo espeleólogo norteamericano Bob Gulden en <http://www.caverbob.com> [Consulta 6-08-2020].
- CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO (2002): A mina de auga do Ulleiriño, *Lerias*: 10: 11-12. Equipo de Normalización Liguística do IES “Primeiro de Marzo”, Baiona.
- CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO (2005): *As covas de Vincios*. Gondomar: CMVMC de Vincios.
- CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO (2008). A Cova da Moura no Foral da Groba, Baiona. Patrimonio inmaterial, xeomorfolóxico e prehistórico nun punto da Serra da Groba. *Revista de Estudos Miñoranos*: 7/8/9: 35-48.
- CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO [2007 (2008)]: Galicia (Confederación Hidrológica del Norte): Mina do Ulleiriño (Baiona) e Minas de Fortes e do Chuco (Gondomar). In HERMOSILLA PLA, J. [dir.] (2008): *Las Galerías drenantes en España. Análisis y selección de qanat(s)*. 54, 55-57, 59. Secretaría General Técnica del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Madrid.
- CHABERT, C. & COURBON, P. (1997): *Atlas des Cavités Non Calcaires du Monde*. UIS: Union Internationale de Spéléologie
- DIZ DIOS, J.H. & RÍOS BASANDRE, R. (2001): Catálogo de Furnas do Litoral Pontevedrés *Furada*: 10: 4-49. A Coruña.
- FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOXIA (2019). Relación das cavidades galegas máis importantes. *Furada* nº 13, p. 76. en [Vogalía de Catálogo de Cavidades] actualizado abril 2019.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA FRAGA, S. (1995). *Historia da Comarca do Val Miñor (Baiona – Nigrán e Gondomar)*. Ed. Cardeñoso. Vigo.
- GÁNDARA, F. DE LA (1662): *Armas i Triunfos. Hechos Heroicos de los hijos de Galicia*. Madrid,
- GARCÍA GARCÍA, M. & COSTAS GOBERNA (2005). Cavidades artificiais. In CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO. *As covas de Vincios*: 89-94. CMVMC de Vincios, Gondomar.
- GARCÍA GARCÍA, M. (2006): Minas de auga e outras cavidades artificiais relacionadas coa auga. *Furada* [nº especial Actas Iº Congreso Galego de Espeleoloxía (Barco de Valdeorras, 2006)]: 155-157. Vigo.
- GARCÍA ORO, J. & PORTELA SILVA, M^a J. (2003). *Baiona de Miñor en sus documentos. Actas municipales correspondientes al siglo XVI*. Deputación de Pontevedra.

- GARCÍA PATÓN, J., IRANZO GARCÍA, E. & HERMOSILLA PLA, J. (2008). Galerías drenantes: definición, concepto, tipologías e identificación a escala mundial. In HERMOSILLA PLA, J. [dir.] (2008): *Las Galerías drenantes en España. Análisis y selección de qanat(s)*. 119-134. Secretaría General Técnica del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, Madrid.
- GARRIDO, J. (1992). Origen del Campo de la Palma de Bayona. *Faro de Vigo*, 19-01-1992 cit. por FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA FRAGA, S. (1995): 127.
- HERMOSILLA, M. DE (1800): *Relación topográfica de las Plazas y Puertos fortificados del reino de Galicia*. (Biblioteca de Ingenieros, nº 3264. Servicio Histórico del Ejército) reproducido por José De Santiago & Ulpiano Nogueira (1902: 45-51).
- IGLESIAS VEIGA, X. R. (2002). A Virxe da Rocha: un singular proxecto de Antonio Palacios. *Revista de Estudos Miñoranos*: 2: 35-45.
- MADOZ, P. (1849): *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de España y sus posesiones de Ultramar*. Madrid: Imprenta del Diccionario [...] de D. Pascual Madoz.
- MIRALBÉS BEDERA, R., TORRES LUNA, M^o P. DE & RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE, R. (1979): *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, Santiago de Compostela.
- OTERO DACOSTA, T. (2005): Cavidades na Galicia campesiña. In CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO. *As covas de Vincios*: 105-130. CMVMC de Vincios, Gondomar.
- OTERO, T. (2006): Cultura inmaterial e covas graníticas no Val Miñor. *Furada* [nº especial Actas Iº Congreso Galego de Espeleoloxía (Barco de Valdeorras, 2006)]: 107-118. Vigo.
- PÉREZ PINTOS, X. & BOUZÓ, X. M^a. (2001): Minería aurífera romana: do Miñor ao Miño. *Revista de Estudos Miñoranos* 1: 37-50.
- PUIG Y LARRAZ, G. (1896): *Cavernas y Simas de España*. Est. Tip. de la Viuda e Hijos de M. Tello. Madrid:, pp. 37-28.
- RODRÍGUEZ DEL TAMUXE, J. (1972). Baredo. *Tierras de Taraes y Toroño: Toponimia de Amorín, Baredo, Currás, Sobrada*. Seminario de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia, III [sen paxinar, (p. 4)]. Santiago de Compostela:
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. (2005). A memoria da pedra. Lendas do Monte Galiñeiro. In CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO *As covas de Vincios*: 147-156. CMVMC de Vincios, Gondomar.
- RODRIGUEZ GONZÁLEZ, E. (1958) “Cova”. *Diccionario Enciclopédico Gallego Castellano*. Vol. I. Editorial Galaxia. Vigo. Consultouse facsimil, Vigo: Galaxia 2001.
- RODRIGUEZ LEMOS, A. (2016): *A Única Contribución do Marqués de la Ensenada: remedio do necesitado, couza do facendado. / “Ynterrogatorio General dela Villa y Jurisdicción de Baiona que comprende los pueblos, o Fr[eguesías] siguientes: Baiona, villa. Baiña, Sta. Mariña. Baredo, Sta. Mariña.”*. Facultade de Xeografía e Historia, USC, inédito. Santiago de Compostela:.
- RODRÍGUEZ LEMOS, A. (2018). Arribada da Carabela La Pinta a Baiona. *Cousas do Val Miñor*: 19: 22.
- RODRIGUEZ LEMOS, A. (inédito). *Toponimia da parroquia de Baiña*.
- ROMERO RODRÍGUEZ, A. *Romer* (2018): *Aloianos*. ed. autor. Tui.
- SANTIAGO, J. DE / NOGUEIRA, U. (1902). *Bayona. Antigua y Moderna*. Imprenta Asilo Huérfanos del Sagrado Corazón de Jesús. Madrid. [Fac. Valladolid, 2008: Ed. Maxtor].

- SCHEVERER, M., LUNDBERG, J.E.K. & SJÖBERG, R. (2013): Gobholo Cave: A Long Granite Cave in Swaziland (Southern Africa)”. *16th Conference of Union International Speleology. International Conference Speleology Proceedings*, UIS (Consulta 9-08-2020). https://researchgate.net/publication/258220979_Gobholo_Cave_a_long_granitic_cave_in_Southern_Africa.
- SIERRA, A. (1993). *La carabela Pinta y su arribada a Bayona*. Deputación Provincial. Pontevedra. 181 e 183.
- TABOADA TÁBOAS, A. (1989). Monterreal. Bayona de Miñor. *Actes du VI^e Colloque International de Glyptographie de Samoëns*, 5-10 de xullo de 1988: 507-529. Editions de la Taille d'Aulme.
- TABOADA TÁBOAS, A. (2006). Monte Boi – Monterreal. Baiona de Miñor. *Revista de Estudos Miñoranos* 5/6: 87-101.
- TORRES LUNA, M^a P. DE & PAZO LABRADOR, A.J. (1994): *Parroquias y Arciprestazgos de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago Compostela, Monografías da USC nº 183, p. 125 onde ademáis de Baíña, Baredo, Belesar e Ramallosa (Sta. Cristina) distínguese entre Baiona (Núcleo urbano) [capital de concello] e Baiona (Sta. María) de Fóra.
- VILAR MONTERO, A. J. [ANTONIO DE MAURICIO] (2001): *Historia de Bayona. Desde tiempo inmemorial hasta nuestros días*. Alén Miño, S.L Ponteareas.

**Os garranos e os paxaros:
Simbiose mutualista na Serra da Groba
(Proxecto Equus. Caderno de campo. Apuntamentos)**

XILBERTE MANSO DE LA TORRE¹

RESUMO

Observacións feitas durante varios anos manifestan as relacións mutualistas entre os garranos (*Equus ferus atlanticus*) e varias especies de aves na Serra do Groba. Acompañan o traballo varias gravacións en vídeo e outro material gráfico.

PALABRAS CHAVE: Simbiose mutualista, Serra da Groba, garrano, lavandeira, estornión, aves.

ABSTRACT

Data obtained along several years show the mutual relation between Garranos (*Equus ferus atlanticus*) and several bird species in the Serra da Groba. Documental recordings and other graphic materials complete the study.

KEY WORDS: Mutual symbiosis, Serra da Groba, garrano (*Equus ferus atlanticus*), white wagtail (*Motacilla alba*), western yellow wagtail (*Motacilla flava*), common starling (*Sturnus vulgaris*), birds.

¹ bentevexo@gmail.com

Nas nosas investigacións sobre os garranos da Serra da Groba, dentro do *Proxecto Equus*, atopámonos con sorprendentes imaxes que nos guiaron para facer un seguimento máis detallado da relación existente entre os garranos e as aves.

Como se ten publicado noutros artigos (Bárcena, 2012; Lagos, 2013; Manso 2016, Bas-López, 2017; Fagundez & al., 2017) a presenza dos garranos nos nosos montes favorece a outras especies, tanto da fauna como da flora, que se benefician mutuamente e crean relacións simbióticas das que a biodiversidade sae favorecida.

Na Serra da Groba xa temos comentado, dun xeito global (Manso, 2019), os beneficios que supón a presenza dos garranos para o medio ambiente, como rozadores naturais, xeradores e distribuidores de fertilizante do que se favorecen moitas especies vexetais, grupos de insectos e outros mamíferos menores, xa que a presenza do lobo na Groba non se ten constatada dende os anos 70 do pasado século (Manso 2010), sendo o garrano noutras serras do país e do norte de Portugal vital para esta especie de cánido en perigo de extinción.

Unha das relacións máis senlleiras neste espazo de análise é coas aves, e nomeadamente con algunhas especies en concreto.

Temos na retina as imaxes dos documentais sobre natureza nas que se ven grupos de búfalos, cebras, elefantes, cervos, hipopótamos, crocodilos, etc., nas que distintas especies de aves colaboran nos labores de desparasitación. É algo moi común na natureza a relación de simbiose que establecen distintas especies para aproveitarse unhas das outras, clasificándose estas dependendo do tipo de relación: *parasitismo* é cando unha se aproveita da outra e necesita desta para vivir, sendo na maioría dos casos molesta para unha delas; *comensalismo*, cando un sae beneficiado e o outro non sae prexudicado; dáse maiormente nos ambientes mariños; e *mutualismo*, cando as beneficiadas son as dúas especies, tirando beneficios mutuos que as dúas agradecen.

Na Serra da Groba temos observado que os garranos teñen esta simbiose mutualista con varias aves, e observamos diferenzas tanto no número como na persistencia temporal, debido aos ciclos vitais de cada unha das especies. Despois de ter observa-



Garrano e estorniños.

do ocasionalmente estas relacións dende hai moitos anos, propuxémonos facer unha observación máis detallada nun ciclo de dous anos, para poder comprobar se había diferenzas estacionais, de especies, e incluso frecuencia das relacións, e anotar outra posibles variables que poidan ser importantes para un estudo máis polo miúdo.

Para acompañar as nosas observacións fixemos algunhas filmacións en vídeo que acompañan este artigo nos enlaces que se achegan na páxina web do IEM dentro do Proxecto Equus.

A zona de observación é toda a Serra da Groba, na que puidemos constatar estes comportamentos simbióticos en lugares moi diversos. Os garranos son territoriais



Garañón e garrana con estorniño.

e viven no lugar onde nacen, movéndose por unha zona concreta que se alonga ou acurta dependendo da época do ano e o alimento e auga dispoñibles. Viven en grupos familiares nos que as matriarcas acompañan as súas crías ata a época do destete ou cando paren outra cría, e permanecen no grupo perto da nai aínda despois de acadar a idade de reprodución, sumando elementos ao grupo. En primavera na Groba os garranos agrupan tódalas femias que poden e mantéñenas na súa zona, lonxe da posible interferencia con outros machos. Se non hai interferencias alleas, a zona de campeo dun grupo de animais é estable; de aí que poidamos ver sempre os mesmos animais nunha determinada área da serra. Isto facilita o estudo e control dos mesmos, tendo en conta as variables climáticas que os fan desprazar buscando acubillo, auga ou alimento.

Observamos diferenzas estacionais nas relacións coas aves, derivadas da propia presenza destas en número variable en inverno ou en verán e a propia abundancia doutras fontes de alimento. Algunhas son ocasionais e outras son estables, e hai que ter presentes as épocas de migración ou paso, nas que algunhas especies son vistas en maior número alimentándose.

As aves que temos visto relacionarse cos garranos son:

- Lavandeiras: lavandeira branca (*Motacilla alba*) e lavandeira amarela ou verdeal (*Motacilla flava*).
- Estorniños: estorniño negro (*Sturnus unicolor*) e estorniño pinto (*Sturnus vulgaris*).
- Tordo común (*Turdus philomelos*).
- Laverca (*Alauda arvensis*).
- Cotovía (*Galerita cristata* e *Calandrella brachydactyla*)
- Pega (*Pica pica*).
- Chasco (*Saxicola rubicola*).

As lavandeiras, estorniños e pegas durante todo o ano, e en relación directa sobre os propios garranos, fan recoñecementos sistemáticos no coiro e partes brandas dos garranos na procura de carrachos, moscas, tabáns e outros insectos hóspedes.

As cotovías, lavercas e tordos móvense entre as patas e nos arredores das mesmas, segundo os garranos van deambulando.

Os chascos están sempre a carón, nos toxais e nos talos das abrótegas (brochas ou abrutias) (*Asphodelus lusitanicus*), á espreita dos insectos que os garranos desprazan ao mover os toxos cando os ripan coa boca ou os tripan coas extremidades.

A lavandeira branca é a que máis presenza ten na relación cos garranos, durante todo o ano e en toda a serra. Temos observado nalgúns casos a presenza dunha lavandeira acompañando cada un dos garranos que tiñamos diante, máis de vinte, como se fosen pequenos gardiáns. Normalmente as lavandeiras andan por parellas e acompañan un garrano ou grupo familiar de nai e fillas. Tamén temos observado pelexas de lavandeiras por acadar un lugar entre as patas do seu garrano, defendendo o territorio.

A lavandeira branca está cos garranos chova ou ventee e no inverno, en días de frío (4 graos) ou chuvia intensa, temos observado como non dubidan en percorrer todo o lombo e corpo do garrano peteirando as serdas na procura de insectos (vídeo nº 02. 2019 12 21).

A lavandeira verdeal vese máis dende a primavera ata o outono, cando moitas emigran, o que fai que nos finais do verán aumente o número de avistamentos e de presenza entre os garranos cazando moscas e mosquitos no ar e diante dos seus ollos (vídeo 01, 2020 09 10, 38 graos 16,15 h).

O estorniño negro é, xunto coa lavandeira branca, a ave que máis temos observado no lombo dos garranos da Groba. Ten presenza na serra todo o ano e anda case sempre en bandos numerosos. Pousan arredor dalgún grupo de garranos e axiña se lanzan a petear tódalas partes dos seus corpos, en grupo ou sós. Son difíciles de gravar e fotografar, pois tan pronto detectan a presenza humana botan a voar afastándose. Temos observado tanto grandes bandadas como grupos pequenos, ó longo de todo o ano, con frío e calor, con chuvia e con néboa. Hai zonas máis fáciles para a observación como A Portela, perto da Valga, a Casiña Dominga no lindeiro de Mougás e Baíña; a Poza de Carballoso e arredores e no Alto da Groba. Estando ó axexo, ben camuflados, pódese ver como os estorniños conviven cos garranos e aproveitan tanto os parasitos no coiro como no chan, nos arredores, cando os van trepando ó deambular. Ó lonxe, ás veces, é fácil confundir os estorniños xuvenís de cor parda coas tordas, ata que levantan a voar e se distinguen polo xeito diferente de voo. (vídeo 05. 2019 12 31, 18.37 h.)

Estas observacións do comportamento das aves en relación cos garranos poñen de manifesto unha máis das interaccións que se dan cos *Equus ferus atlanticus*, que cumpren unha función medioambiental de moito valor nos ecosistemas da Serra da Groba e A Valga. Así pois, cómpre engadir ás turbeiras (Fagundez & al., 2017)), o toxo e a matogueira (Bas-López, 2017), o lobo (Lagos, 2013; Bárcena, 2012), mesmo varios grupos de insectos coleópteros, e por suposto os outros valores etnográficos e culturais (Manso, 2010), o do mundo das aves, que proporciona asemade imaxes ben fermosas



Garrano e lavandeira en día de chuvia.

e eses outros valores que ás veces ignoramos e que tanto contribúen ao equilibrio dun ecosistema como o da Groba, ameazado por tantos perigos e accións destrutivas.

Estas imaxes e estes breves apuntamentos queren focalizar a atención nos garranos e todo o que os rodea, para colaborar nunha maior información sobre un animal e unha cultura en perigo de extinción, máis aló dos coñecidos curros e rapas. Agardamos nun futuro poder seguir avanzando neste coñecemento e incorporar máis datos sobre esta curiosa relación e simbiose mutualista.



Garranos mollados e lavandeira.



Garrano mollado pola chuvia e lavandeira nun día de vento e frío.



Garrano con estornión no lombo.



Lavandeira amarela cazando diante da cabeza do garrano.



Garrano e chasco femia.



Lavandeira entre as patas dun garrano.



Garrano e lavandeira branca aguantando un vento forte.



Lavandeira peteirando na anca dun garrano.



Exemplar de tordo común.



Garrana aleitando con lavandeira entre as patas.



Grupo de garranos e estorniño no lombo.



Garrano con dous estorniños no lombo.



Garrano con estorniño gris no lombo.



Garrano e estorniño.



Lavandeira verdeal á espreita diante dun garrano careto.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BÁRCENA, F. (2012). Garranos: Os póneis selvagem (*Equus ferus sp.*) do norte da península Ibérica. In N. VIEIRA DE BRITO & G. CANDEIRAS (coord.), *Libro de Atas do I Congreso Internacional do garrano* 75-96. Arcos de Valdevez. Portugal.
- BAS LÓPEZ, S. (2017). A dieta das greas de garranos salvaxes (*Equus ferus atlanticus*) da parte norte da Serra do Seixo (Pontevedra). *Braña* 15: 5-11. Accesible en LOPEZ_2017_dieta_greas_garranos_salvaxes_Equus_ferus_atlanticus_norte_Serra_do_Seixo_BRANHA_15-5-11.pdf (consultada 3/11/20202)
- FAGUNDEZ, J., HERMIDA, R. & LAGOS, L. (2017). Brezales, lobos y caballos salvajes en Galicia. *Quercus* 377: 20-28.
- LAGOS, L. 2013. *Ecología del lobo (Canis lupus), del poni salvaje (Equus ferus atlanticus) y del ganado vacuno semiextensivo (Bos taurus) en Galicia: interacciones depredador-presa*. Tesis, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela. 458 pp.
- MANSO, X. (2016). *Equus ferus atlanticus*. As burras do monte da Serra da Groba. *Revista Estudos Miñoráns* 14/15: 107-135.
- MANSO, X. (2019). A xenética dos garranos da Groba. Unha análise necesaria. *Revista Estudos Miñoráns* 18: 11-20.
- MANSO, X.(2010). Dous foxos de lobo na Serra da Groba. Apuntamentos para un inventario de patrimonio. *Revista Estudos Miñoráns* 7/8/9: 95-104

BIBLIOGRAFÍA

- ABILLEIRA GONZÁLEZ, F., VALERO GUTIÉRREZ DEL OLMO, E., ÁLVAREZ BERMÚDEZ, X., & PICOS MARTÍN, J. (2017). *Prevención de incendios forestales con Cabalo Galego do Monte*. 7º Congreso Forestal Español. Gestión del monte. Servicios ambientales y bioeconómicos. Plasencia, Cáceres.
- VV.AA. 2014. *Ceibes no monte*. IES Terras de Turonio. Vigo.

ÍNDICE DE VÍDEOS



VÍDEO 01: Garrano e lavandeira. 2020 09 10. Gravado ás 16.15 h. no Tombiño, Torroña.

VÍDEO 02: Garrano en día de chuvia coa lavandeira peteirándolle o coiro. 2019 11 20, Gravado ás 18.20 h. no Campo da Secreta, Viladesuso.



VÍDEO 03: Garrano, lavandeiras e lavercas. 2019 11 29. Gravado ás 18.08 h. na Casiña Dominga, Baíña.

VÍDEO 04: Garrano deitado, protexéndose do frío, e lavandeira branca. 2019 11 29. Gravado na Casiña Dominga, Baíña, ás 18.07 h.



VÍDEO 05: Bando de estorniños e garranos. 2019 12 31. Gravado na Ladeira de Carballoso, Mougás, ás 18.37 h.

VÍDEO 06: Garranos e bando de estorniños. 2019 12 31. Gravado na Ladeira de Carballoso, Mougás, ás 18.42 h.



VÍDEO 07: Lavandeiras e lavercas cazando insectos entre as patas dun garrano. 2020 01 11. Gravado ás 15.56 h. na Fonte Regueira, Baíña.

RESUMO

A parroquia foi secularmente a peza base da ordenación xeográfica e social do rural galego; con menos intensidade, inda o é. O artigo que presentamos pretende poñer de manifesto a relación entre arquitectura e toponimia nunha delas. Tamén, valéndose de unidades arquetípicas da arquitectura vernácula, tratar de achegarse ao patrimonio construído de carácter popular da entidade aquí tratada: Santa Baía das Donas.
PALABRAS CHAVE: Santa Baía, inquisición, Donas, San Cibrán, románico, patrimonio.

ABSTRACT

The parish has been secularly the basic piece of the geographical and social arrangement of rural Galicia; with less intensity, it still is. The article we present aims to highlight the relationship between architecture and toponymy in one of them. Also, using archetypal units of vernacular architecture, try to approach the popular built heritage of the entity discussed here: Santa Baía das Donas.

KEYWORDS: Santa Baía, inquisition, Donas, San Cibrán, Romanesque, heritage.

¹ a.s.t@coag.es

É este un artigo que en orixe foi redactado para, sumado a outros, intentar ofrecer a través de pequenos capítulos unha lectura panorámica da parroquia de Donas, termo municipal de Gondomar; o tema colleu corpo tras a recollida toponímica da parroquia. A intención foi sempre presentar os resultados en forma de libro dando resposta a unha petición/compromiso Comunidade de Montes/IEM que, con idea de ser publicado en 2017, imprevistos distintos non permitiron materializar sequer a día de hoxe. Sen perder a esperanza de que aquel obxectivo inicial se poida aínda materializar, presentamos agora na REM a xuízo público a parte que nos tocou desenvolver.

DECLARACIÓN DE INTENCIONS

Neste capítulo quixemos poñer de relevo a través dalgúns exemplos de que xeito no ámbito rural a arquitectura inflúe na onomástica parroquial, determinándoa ocasionalmente, e como á súa vez aquela, en razón de peza completa, nunca escapa á toponimia; termina por, sen deixar de ser ela, facerse tamén lugar. Abonda botar unha ollada aos distintos listados de clasificación toponímica da parroquia, recollida por Anxo Rodríguez Lemos, para contrastar o citado, e isto a pesar da inxente cantidade de referencias perdidas. Elixiremos algunhas pezas de arquitectura tradicional e patrimonial de importancia dentro do contexto en estudo, nas cales a relación arquitectura-toponimia estea particularmente presente, e analizarémolas. Desta maneira enfilaremos o principal obxectivo do capítulo, que non é outro que ofrecer unha visión, se ben incompleta cando menos esquemática, do feito arquitectónico no ámbito da parroquia que nos ocupa. Unha parroquia que, durante boa parte do Antigo Réxime¹, no contencioso debeuse ao Xuíz do reguengo de Baiona e no político e gubernativo ao Procurador Xeral do Partido do Val de Miñor ata que en 1836 (referéndase na R.O. de 8 de febreiro 1837), xa baixo o Novo Réxime ou Estado Liberal, pasa a formar parte do Concello constitucional de Gondomar, un dos que remata por integrar a nova provincia de Pontevedra (1833).²

Pero antes de meternos co estudo pormenorizado, e a xeito de introdución, comentaremos unha serie de xeneralidades propias da arquitectura vernácula da bisbarra que dalgunha maneira servirán para contextualizar e axudar a comprender os casos concretos posteriormente analizados.

1 Ese foi o termo que os revolucionarios franceses utilizaron para designar o sistema de goberno existente no país anterior á Revolución de 1789. É un período histórico que practicamente coincide coa Idade Moderna, caracterizado pola existencia dunha sociedade estamental baixo monarquías absolutas. En España tende a considerarse o ano 1492 como data icónica do inicio do período, admitíndose citar as últimas décadas do XV, e a Constitución de Cádiz (1812) como o remate. O final do Antigo Réxime dá entrada ao denominado Novo Réxime ou Estado Liberal, se ben os ideais do primeiro aínda se manterán durante o reinado absolutista de Fernando VII e seguirán latentes ao longo das Guerras Carlistas.

2 A nova distribución territorial do Estado en provincias tal e como agora as entendemos, coa delimitación actual, excepto as variacións introducidas nas Illas Canarias, aparece no ano 1833 por iniciativa de Javier de Burgos, na altura Secretario de Estado de Fomento, en plena rexencia de María Cristina, viúva de Fernando VII. Foi mediante o R.D. de 30 de novembro. O mesmo Decreto crea as deputacións.

ACHEGAMENTO TEMÁTICO E XENERALIDADES

A parroquia, cuxo xermolo deixa na antiga Gallaecia o Reino Suevo (séculos V-VI), é aínda hoxe a entidade básica de organización social e xeográfica do rural galego; un territorio identitario para os seus habitantes naturais, característica que perde intensidade naqueles outros que chegan a ela procedentes da cidade. A parroquia xeograficamente está constituída por outras entidades menores, os barrios, integrados á súa vez polos distintos lugares e microlugares, e dende o alto medievo foi o territorio onde o individuo en Galicia, sometido aos intereses impostos polo contexto político, militar, social e relixioso de cada momento histórico, circunstancias que non imos analizar aquí, intentou atopar resposta ás máis imperiosas necesidades vitais, tanto no ámbito físico coma no emocional.

Para resolver as necesidades físicas o campesiñado, tamén a xente do mar, dirixe os esforzos fundamentalmente en dúas direccións: por un lado, intenta ordenar o ter-



Carreiro da Vicentiña, entre muros de peche de leiras, con pavimento de lousas para camiñar (pasal) e rego para auga, hoxe cheo de terra pola perda do uso. Moi preto do caleixón das Laxes. Donas.

ritorio, a parroquia, ao tempo que a cose ás límites e a outros puntos de interese; por outro, loita por acubillarse e atopar o mellor xeito de vivir nesa terra que pretende dominar. Nos dous casos sempre acomete os traballos con fonda sabedoría vital e especial atención á contorna; quizais, aqueles saberes que subministra o paso do tempo. As necesidades emocionais atenderémolas máis adiante.

De forma moi esquemática, empezaremos por comentar o primeiro apartado referido. No amplo e complexo concepto da ordenación do territorio debemos necesariamente incluír actuacións sobre o mesmo que son consecuencia directa de decisións tomadas polo ser humano ao longo de extensos períodos de tempo. Actuacións e accións como, poño por



Camiño de carro do Micho. Á esquerda, entre a maleza o pedestal da antiga cruz que lle da nome. Donas.

caso, a distribución de cales terras se dedican a cultivo e cales quedan a monte; a transformación da topografía en xeral, sendo de interese salientar a aparición do socalco, cuxo obxectivo é converter un terreo de pendente continua nunha sucesión de bandexas case horizontais cunha maior optimización produtiva; as obras e infraestruturas para aproveitamento dos recursos hídricos, impagable fonte de vida e riqueza para calquera territorio, e de forma particular todas as de regadío para campos de cultivo; os distintos muros e valados de acoutamento parcelario; a organización, distribución e tipos de cultivo; e moitas outras que non imos citar para evitar tedios innecesarios. Pero a peza hexemónica e fundamental na ordenación parroquial é o camiño, as vías de comunicación. O camiño no territorio, entendido como a mellor opción de percorrido para transitar de xeito habitual entre dous puntos, acompaña como concepto o ser humano dende o momento en que este deixou de ser nómade, recolector, e fixou o seu día a día a un determinado lugar. Dito isto, tamén queremos aclarar que neste traballo non imos ir máis alá do Medievo.

As vías de comunicación terrestre son básicas para a obtención dunha ordenación, mesmo mínima, de calquera parroquia, ou sector territorial, e elemental para o desenvolvemento de gran número de actividades do individuo. Estas, dentro do ámbito rural, reciben distinto nome en función da categoría: a máis humilde é o “carreiro”, pequeno camiño de carácter exclusivamente peonil; a de maior rango, a “estrada”, sempre de carácter supraparroquial (a idea de municipio como hoxe o entendemos é relativamente recente). Entre ambas as dúas existe unha considerable lista de nomes que as definen en función do uso principal, características xeométricas, condición do chan, dimensións, topografía, etc. Por exemplo: sendeiro, corredoira, congostra, camiño de pés, camiño de carros, camiño de cabalarías ou de ferradura, camiño enlamado, atallo, vereas, camiño costento, camiño fondo e outros moitos.

Calquera destas vías sempre atopou a maior dificultade de trazado no cruzamento de todo curso de auga e para resolvelo xurdiron diversas solucións que variaban segundo a categoría e dimensión da canle e dos medios dispoñibles para acometer a solución. Polo xeral o material empregado para enxeños estáticos (ás veces, para cursos notables de auga utilizábase unha barca; non coñecemos ningún caso no Val de Miñor) era a pedra granítica, aínda que tamén, quizais con menor intensidade, aparece a madeira. A solución máis sinxela por riba do nivel da auga ofrecíana as “poldras” (sucesión aliñada de pedras dispostas perpendicularmente á canle de auga sobre as cales se pisaba), e a máis complexa aparecía en forma de ponte sobre arcada múltiple. Entre ambas as dúas estaban as pontellas, as pontes de linteis dun ou varios tramos, as pontes de falso arco e as de única arcada. Baixo o nivel da auga para cursos de pouca fondura aínda existía outra solución, xeralmente para servizo de carros: o lastrado, cuxa intervención construtiva no leito do río podía dar pé a que o lugar se pasase a coñecer como “Porto”. Antes de dar por rematada esta clasificación viaria convén dicir que ningunha das vías citadas debe ser confundida cunha rúa. A rúa non existe no medio rural. A rúa só toma corpo no ámbito urbano, isto é, en vilas e cidades, sexan grandes ou moi pequenas, onde se mostra coma un dos máis importantes elementos morfolóxicos do espazo público.

Non imos entrar na análise pormenorizada da ordenación territorial de Donas. Porén si diremos que entre a orgánica trama viaria, algo moi propio do espazo rural este trazado orgánico dos camiños, conta cun tramo de estrada real, coñecida tamén como calzada real e camiño real. Este tipo de vía construíase por iniciativa e interese da monarquía reinante co obxectivo de unir puntos ou enclaves estratéxicos. No caso que nos ocupa comunicaba Tui con Baiona, poboacións das que, para xustificala, esbozamos a súa pegada contextual.

Durante o Antigo Réxime, Galicia, aínda que constaba como un reino, administrativamente non pasaba de ser unha provincia máis da monarquía española onde un Gobernador (dende que os Reis Católicos nomearon o primeiro en 1480) exercía a representación do rei e, ademais, asumía as funcións de presidente da Real Audiencia e as de Capitán Xeneral, cargo este que xorde no XVI. Neste contexto as reparticións fiscais e a transmisión de misivas reais ás distintas poboacións do territorio galego eran executadas a través das cidades máis importantes con poder representativo. Inicialmente foron cinco: A Coruña, Betanzos, Lugo, Ourense e Santiago. Máis tarde incorporáranse Mondoñedo e Tui, no XVI. Todas tiñan representación nas celebracións da Xunta do Reino de Galicia e, aínda sen selo, autodenominábanse cabezas de provincia en alusión ao territorio que cada unha representaba; o que tempo máis tarde, xa no XX, levou a algún historiador a denominar á Galicia do Antigo Réxime como “a provincia das sete provincias” (Burgueño, 1995: 6). É dicir, ata a chegada do Réxime Liberal no século XIX, a cidade de Tui, poboación fronteiriza de señorío relixioso asumido polo bispo, é cabeza da provincia de igual nome e en consecuencia un lugar estratéxico de notable interese para a monarquía española. Polo contrario, Baiona nunca tivo título de cidade, nin xeograficamente ocupou un posto estrito de fronteira, pero igualmente foi un enclave de grande importancia para a mesma monarquía, neste caso por razóns comerciais e tamén militares indiscutiblemente. Dende que Afonso IX en 1201 a dota de carta foral, lle muda o nome de Erizana polo actual e a incorpora á causa real, vai crescendo en importancia ata

converterse no porto máis notable e influente de Galicia sur, único de protección real en territorio galego, xunto coa Coruña entre a segunda metade do XV e primeiras décadas do XVII (Iglesias Almeida, 2006: 30)³. Baiona, ademais, nese tempo foi influente vila de reguengo con xurisdición sobre un extenso territorio.

Ao fío do dito é doado entender a importancia do camiño real que partindo de Tui e tras alcanzar o Alto de San Antoniño (onde, xa en Couso, existiu unha ermida con esa advocación) baixaba pola Bastida e A Retorta, e sucaba A Feira da Doce ata rozar a muralla do pazo de Gondomar (que o primeiro conde aumenta e fortifica na década inicial de 1600), para logo de cruzar Mañufe atravesar, de nacente a solpor, Donas e quilómetros máis tarde chegar a Baiona. Entraba na parroquia pola Areosa, xunto ao limítrofe barrio mañufés da Cruz, e saía polo Telleiro en dirección a Viso de Calvos.

Pasamos agora a tratar o segundo apartado ou resposta que o campesiñado dá á necesidade física de acubillo e sustento dentro da parroquia. O enxeño do ser humano ao longo do tempo crea e perfecciona unha serie de pezas e artefactos arquitectónicos co fin de satisfacer as necesidades de protección, amparo e alimentación a través do traballo, que rematan por constituír o corpus da secular arquitectura vernácula e anónima, tamén coñecida como popular, englobada dentro do campo da etnografía, manifestación cultural tutelada actualmente pola Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.⁴

O labrego, para resolver esta problemática, crea unha familia de pequenas edificacións con asignación de usos específicos distintos segundo necesidade. Á cabeza está “a casa”, auténtico núcleo aglutinador do patrimonio rural; o campesiñado sempre loitou por que o prestixio da “casa” nunca decaese. Pero a casa non debe ser confundida co concepto moderno de vivenda. A casa obviamente englobaba a vivenda, coa cociña, os cuartos e a sala; pero tamén as cortes, cortellos, adega, lagar e unha porción de terra anexa que recibía o nome de “o lugar” ou “o eido”, na cal se emprazaban o hórreo, a eira, a meda de palla, polo xeral un patio pechado por muro (chamado xeralmente no Val de Miñor “eirado”), a través do cal se accedía á casa e polo que corrían soltas as galiñas e outros animais; quizais un pozo, un pío ou tanque de pedra para lavar a roupa, un alpendre para o carro, a horta... Dependendo da potencia económica da “casa”, podía ser maior ou menor a cantidade destas construcións adxectivas, a solución arquitectónica da propia casa e a cantidade de terras anexas.

Pero a maiores “a casa” podía posuír en propiedade, arrendo, aforadas ou mancomunadas, outras terras e inmobles en diversos lugares da parroquia, e aínda noutras distintas á súa. O máis habitual era que fosen campos de cultivo, xeralmente de pequena dimensión (leiras) debido ás sucesivas herdanzas entre irmáns (isto con independencia do vinculeiro, mellorado ou mellorada), viñas en emparrado ou latas, tan propias da actual provincia de Pontevedra, parcelas a monte (tomadas) e muños hidráulicos. Os últimos, con orixe no medievo, adoitaban pertencer ás familias máis fortes, ás casas grandes, aos diversos estamentos da Igrexa, a comunidades veciñais e, con máis forza a partir do XVIII, a algunha familia común que o utilizaba como medio de vida. Polo tanto, podían ser “de particulares” ou “de herdeiros”. Nos de herdeiros,

3 “Os portos de Baiona e A Coruña eran os únicos habilitados para poder exportar e importar mercancías con outros do exterior europeos. Este privilexio foille concedido polo rei Juan II en 1452.”

4 A Xunta, atendendo á asunción de competencia exclusiva en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico que lle confire o Estatuto de autonomía, aprobou a Lei 5/2016, do 4 de Maio, do Patrimonio cultural de Galicia. Publicada en DOG (DIARIO OFICIAL DE GALICIA) n.º 92.

precedentes da fundación unitaria dun patricio nunha propiedade propia ou da dun grupo de veciños nun lugar do común, moían os seus propietarios. Os demais facíanos nos muíños ao negocio, chamados “de maquíá”, sendo este o prezo unitario a pagar ao muiñeiro. Un dos principais obxectivos finais das muiñadas, ademais do relón para o gando, eran as boroas de pan elaboradas con fariña milla e fermento para seren cocidas no forno de pedra do lar despois de levedar na artesa.

Deste apartado analizaremos algúns casos máis adiante coa intención de que sirvan de exemplo do rico patrimonio de arquitectura doméstica de carácter vernáculo que aínda conserva Donas, non sempre ben atendido e coidado. O mesmo faremos cunhas poucas pezas do seguinte, isto é, o da busca de resposta ante inquietudes, medos e preguntas sobre cuestións intanxibles que sempre acompañaron o ser humano. Todos estes exemplos e os razoamentos aquí vertidos han de ser entendidos obrigatoriamente nun contexto histórico e social da parroquia moi distinto ao actual.

É a partir da década dos sesenta do século XX cando (por razóns económicas e sociais do país en xeral e polas laborais como consecuencia da proximidade á cidade industrial de Vigo en particular) os costumes, a forma de vida, as estruturas familiares, o abastecemento económico, os movementos demográficos e outros factores empezan a mudar na parroquia rompendo o secular esquema produtivo agrario/gandeiro con base de autoabastecemento que xiraba arredor da “casa”. Por todas estas cuestións, e por outras non citadas, e debido aos avances tecnolóxicos, moitas das pezas de arquitectura popular consideradas imprescindibles no seu tempo perderon a utilidade e con iso quizais a razón de ser. Algunhas poden mudar de uso, reconverterse e volver ter vida. Outras, polo valor histórico, artístico ou etnográfico merecerán, e deberían, ser restauradas ou rehabilitadas, segundo casos. Moitas inevitablemente desaparecerán.



Casa da Guincha, no Pereiro, unha fermosa tipoloxía patín-corredor necesitada de urxente rehabilitación. Donas.

Por último, resta centrar as solucións das cales secularmente se valeu a xente do campo e o mar para responder aos seus problemas emocionais, a cuestións non tanxibles, a feitos como a morte e a crenzas como o “máis alá”. É este un apartado moi vinculado á antropoloxía e de antemán deixamos dito que, por non ser esa a razón deste artigo, non imos afondar na análise de ritos, costumes e crenzas. Non obstante si diremos que o campesiñado galego, e en consecuencia o da parroquia que nos convoca, asumiu dende o principio como crenza maioritaria a fe católica, se ben moi mesturada con diversos ritos e costumes pagáns de posible orixe precristiá que o rito dominante non foi quen de anular. As accións e arquitecturas que podemos atopar no rural galego relacionadas co máis alá e a morte son os amilladoiros ou amontoamento de pedras, as cruces, cruceiros, petos de ánimas, ermidas, capelas, igrexas e cemiterios. Todas están dotadas dunha forte carga simbólica, como sempre sucede coa arquitectura relixiosa.

Damos aquí por rematada esta minúscula introdución xenérica e pasamos á citada análise detallada de pezas. Trataremos sete unidades temáticas: tres arquitecturas civís, como exemplo de respostas a necesidades físicas, e catro relixiosas, ligadas ás inquietudes emocionais, que a Igrexa refire ao espírito ou alma. Do primeiro apartado analizaremos a casa vernácula, a casa grande e o hórreo, este por ser unha das edificacións adxectivas da casa rural máis singulares de Galicia. Do segundo veremos a igrexa parroquial, unha capela, un cemiterio e un cruceiro.

A CASA VERNÁCULA

Neste apartado imos centrarnos maioritariamente na edificación principal da “casa” do rural, ou sexa, aquela peza arquitectónica que acolle a vivenda. A casa é a máis importante manifestación arquitectónica ideada polo campesiñado galego e a xente do mar. A casa exemplifica como ningunha outra obra o mundo da etnografía. É o paradigma da optimización dos recursos materiais e técnicos en harmonía co territorio ao longo do tempo co fin de atopar a mellor proposta arquitectónica para vivir. Sobre ela publicou un recoñecido traballo o arquitecto Pedro de Llano (1981, 1983), a través do cal, entre outras cuestións, propón unha primeira clasificación tipolóxica para toda Galicia con base en criterios de estrutura arquitectónica, distributiva e construtiva relacionada co lugar. Un traballo moi ambicioso cuxo obxectivo só se acada parcialmente por culpa do desequilibrio existente entre a mostra de traballo de campo estudada (demasiado curta para poder considerala verdadeiramente representativa) e a extensión territorial do país. O Val de Miñor compartiría os tipos correspondentes á Galicia litoral e meridional.

A solución máis humilde é a terrea, ou sexa, a dunha soa planta cuxo pavimento interior moitas veces estaba executado con terra apisoada; a de maior rango é a “casa grande” que trataremos máis adiante. Entre medias existen distintas tipoloxías, entendendo quen subscribe como axeitadamente representativas do ámbito que nos ocupa dúas delas: a casa con patín e a casa con fronte a espazo público. A primeira distribúese pola parroquia sen atender a patrón ningún; a segunda aséntase na súa totalidade ao longo da antiga estrada real e outras vías públicas.

A casa con patín é, habería que dicir foi, unha das tipoloxías máis abundantes no Val de Miñor e, consecuentemente, unha das máis veces estragada. Polo xeral ten dúas



Patín da arruinada casa de Alcouse, hoxe intervida con criterio discutible.

plantas e o patín, que pode percorrer toda a altura da planta baixa ou só parte, dependendo da topografía que envolva a casa, sempre é o acceso á planta nobre, onde está a vivenda. Nas diversas variantes, está constituído por unha escaleira pétreo, xeralmente con varanda, que remata nunha plataforma horizontal, o patamal, tamén de pedra, dende o que se accede regularmente á cociña. Este patamal en ocasións esténdese ao longo da fachada con pavimento de pedra, ou incorporando madeira, apoiado en columnas exentas ou en ménsulas ancoradas ao muro da casa. Cando sucede isto o elemento arquitectónico formado recibe o nome de corredor. Este, e o patamal do patín, pode presentarse cuberto por unha prolongación do faldrón do tellado ou non. Dende o corredor sempre hai acceso a outra peza da vivenda: a sala, lugar unicamente utilizado en días moi puntuais como consecuencia dalgún acontecemento de importancia para a casa. Se o corredor dá ao sur, algo bastante inusual, tamén recibe o nome de solaina, se ben o máis acaído é que esta sexa independente e o patín quede colocado ao abeiro dos ventos dominantes.

A morfoloxía interior da casa naqueles casos que superan unha única estancia presidida pola lareira, ademais das dúas pezas comentadas (cociña e sala), complétana os cuartos ou alcobas, normalmente minúsculos e moitas veces sen luz nin ventilación natural directa do exterior. A miúdo non existe distribuidor, chegándose ás alcobas dende a cociña ou a sala, cando a posúe; noutros casos pásase a unhas atravesando as outras. O número de habitáculos é un condicionante importante para a morfoloxía. A “peza”, moi rudimentaria e case sempre consistente nun mínimo espazo roubado á cociña ou ao corredor exterior provisto dun caixón de madeira perforado na cara superior a través do cal as dexeccións chegaban a algunha corte da planta inferior, iniciou a súa aparición sobre mediados do XX. A hixiene persoal, escasa, resolvíase co uso de almofias e xerras e

as biolóxicas de campo ou directamente na corte. Case poderíamos dicir que só nas casas indianas se atopan cuartos para o aseo no campo galego dende as décadas finais do XIX.

A distribución interior construíase en madeira, pintada de calquera cor, xeralmente bastante forte, a excepción das paredes mestras: estas levantábanse en pedra, a cal tamén se pintaba. Era habitual que as estancias da casa tivesen teito horizontal, igualmente de madeira, o cal xeraba o faiado e ocultaba a estrutura inclinada das cubertas de tella cerámica curva. Este teito desaparecía na cociña, dende a que se accedía mediante unha escaleira de man o do resto da casa para almacenar distintos produtos. Este carácter xerárquico da cociña, onde o lume preside un espazo de gran dominio volumétrico, funcional e morfolóxico é o que levou a Yago Bonet Correa (1994) a incluír a casa atlántica do rural galego dentro do que definiu como “arquitectura do fume”, en contraposición á de patios mediterránea.

A cociña, cuxa moblaxe principal non fixa estaba constituída pola artesa e o escano, xeralmente tiña o piso de pedra, circunstancia que se acadaba nas casas con andar prescindindo desa parte na planta rasante ao deixala sen escavar. As paredes eran



Casa de López. Tipoloxía de vivenda con fronte a vía pública.

polo común de granito á vista, sen encalar xeralmente, a diferenza do resto da casa, e o fume da lareira e o forno saía directamente por entre as tellas; ocasionalmente existía cambota interior recollendo a lareira e o forno e cheminea sobre o tellado, construída a miúdo coas propias tellas. Enriba da lareira, que podía estar alzada sobre pés ou pousada directamente no chan, o pote apoiado nunha “trepia” de ferro ou colgado dunha “gramalleira”. Na planta baixa pasaban a noite os animais domésticos, regularmente ovellas, bois ou vacas, para achegar algo de calor nas xélicas noites de inverno.

A casa con fronte a espazo público ten unha configuración algo diferente á anterior e a todas aquelas que son puramente labregas ou mariñeiras⁵. Os materiais utilizados son os mesmos

⁵ Neste traballo non se describen as características específicas das casas da xente do mar, por outra banda en xeral non moi diferentes nos espazos de vivenda das aquí comentadas, ao non seren propias da parroquia en estudo.

pero a configuración espacial e formal é un chisco distinta. Para empezar, unha das fachadas, a que limita co camiño, ten carácter urbano, algo que tamén acontece con certa regularidade na casa mariñeira, non sendo estraña a aparición de balcóns individuais ou corridos no primeiro andar e a presenza de “portasdaire” (ventás resgadas ata o pavimento con varanda de ferro facendo de peitoril pola cara interior das follas acristaladas). Ademais, regularmente a planta baixa acolle algún espazo de carácter público ou comercial, auténtica razón da tipoloxía; o máis corrente é unha tenda-tasca de abastos, que pode ocupar parte ou toda a superficie. A planta primeira sempre está destinada a vivenda. Anexas á fachada posterior posúe terras coas mesmas prestacións e edificacións adxectivas que as outras tipoloxías de casas citadas. Eidos, os de todas as tipoloxías, nos que sempre ocuparon un lugar destacado os froiteiros, en tempos punto de máximo interese nas falcatruadas dos rapaces. Unha das árbores de froita máis abundantes da parroquia foron as cerdeiras; non obstante, hoxe a sonda das cereixas de Donas non pasa dunha afastada lembranza.


Casa do lugar das Presas

É un volume compacto que forma parte da tipoloxía de casas con patín. Trátase dunha edificación de 1800⁶ situada no barrio da Barga, no interior dun eido ou lugar, á que se chegaba por un camiño que dende levante e atravesando o referido eixido conducía directamente ao eirado (entendido sempre o termo tal como quedou definido anteriormente para o Val de Miñor), o cal, neste caso, ocupaba a fachada contraria á de acceso á vivenda. Á súa vez este eirado, que en tempos estivo cuberto por un emparrado de viña, por non ocupar esa posición principal e non tocar camiño público é de moi pequenas dimensións, non presenta anexas edificacións auxiliares e tampouco posúe o portalón con lintel, a lumieira, que habitualmente aparece como principal acceso á propiedade dende o camiño. Sobre este lintel non é raro que se emprace unha cruz exenta soa ou entre outros motivos; outras veces aparece trazada en baixo relevo nel, podendo quedar mesturada con máis datos ou mesmo ser substituída por estes. Sempre o obxectivo é o mesmo: protexer “a casa” e os seus ocupantes. Este signo de protección, a cruz, moi recorrente na maioría de variedades da casa tradicional do rural, non acostuma aparecer na tipoloxía con fachada a vía pública, agás cando esta incorpora nalgún punto do muro que pecha a propiedade un portal con lumieira para acceso ao terreo anexo; aí algunha vez vese. A cruz tamén a utiliza o campesiñado nas edificacións adxectivas baixo a crenza e esperanza de atopar protección para os animais e colleitas. E co mesmo propósito aparece noutros lugares, como fontes, muíños hidráulicos, recintos feirais, etc.

Esta casa sinxela e compacta, que como tantas outras se coñece na contorna polo nome das terras onde se asenta e polo alcume de quen en tempos foi familia propietaria, as Covelas (algúns na parroquia din Cuvelas), tras dar servizo a varias xeracións que a foron modificando segundo necesidades, quedou sen uso e, consecuentemente, foise arruinando ata que uns novos propietarios deciden volver dotala de vida. Ten planta rectangular de 11,70 m de longo por 6,60 m de ancho co lado maior orientado segundo a dirección sur-norte. Presenta dous pisos, pero debido á inclinación do te-


⁶ Dato referido na certificación catastral descriptiva e gráfica do predio. Dirección General del Catastro. Secretaría de Estado de Hacienda.

reco só se detectan polas fachadas leste e norte. Pola de poñente apenas sobresaí do terreo planta e media, sendo nesta onde, de xeito moi pouco acertado, diríamos que anómalo por ser xunto coa sur a máis castigada polos ventos dominantes, se empraza un moi reformado e cativo patín de acceso á vivenda do primeiro andar. Na fachada norte existiu un alpendre dunha soa planta do que só se conservan restos do muro de peche a oeste, restos da xamba da porta de acceso anexos á esquina nordés da casa e as marcas que o tellado deixou no muro desta, resolto con cuberta a dúas augas e cumio na mesma dirección que a edificación principal.



CASA DO LUGAR DAS PRESAS OU DAS COVELAS. PRIMEIRO ANDAR. ESTADO DA EDIFICACIÓN EN 2004

a.s.t._arquitecto
0 1 2 3 4 5 m. +




CASA DO LUGAR DAS PRESAS OU DAS COVELAS. PLANTA BAIXA. ESTADO DA EDIFICACIÓN EN 2004

a.s.t._arquitecto
0 1 2 3 4 5 m. +

Covelas. Estado en 2004.

A vivenda, bastante reformada, componse de cociña, o principal e máis grande espazo da casa tradicional galega, xa o dixemos, arredor do cal xira a vida doméstica, neste caso dotada de lareira, vertedoiro e forno, todo en pedra de granito; un comedor e un cuarto emprazados en espazo roubado á cociña primixenia; dous pequenos cuartos orixinais; unha cuarta alcoba inmediata á sala; e a sala, á que tamén se entra directamente do patín dende que se ampliou e se transformou en porta a antiga ventá de poñente.


Nesta ocasión a lareira resolveuse colgada sobre canzorros ou ménsulas graníticas encaixadas no muro norte por non estar a totalidade da cociña sobre un recheo de



CASA DO LUGAR DAS PRESAS OU DAS COVELAS. PRIMEIRO ANDAR. HIPOTÉTICO ESTADO INICIAL

a.s.t._arquitecto

0 1 2 3 4 5 m.



CASA DO LUGAR DAS PRESAS OU DAS COVELAS. PLANTA BAIXA. HIPOTÉTICO ESTADO INICIAL

a.s.t._arquitecto

0 1 2 3 4 5 m.

Covelas. Estado inicial.

terra, solución habitual para rebaixar a posibilidade de incendio na casa. O vertedoiro, embutido na parede, desauga a través dunha barbacá pétrea que necesitou ser reconducida cando se decidiu sumar un último cuarto en continuidade co patín.

A planta rasante estivo dividida en dous espazos independentes mediante unha parede mestra, agora arruinada. O uso de ambos os dous foi o de cortes e dende a situada máis ao norte, a cercada polo eirado, sempre existiu un paso, agora baixo o citado último cuarto engadido, con saída á fachada oeste. Dez metros máis alá, restos



Vista norte coas marcas do desaparecido alpendre. Estado en 2004.



Vista do reformado patín a solpor. Estado en 2004.




Vista interior dende a sala. Estado en 2004.

das ruínas dunha edificación complementaria ou adxectiva que tivo como usos o de adega, lagar e almacén.


Respecto dos materiais constituíntes, (cómpre) dicir que a carcasa exterior está executada en cachotaría de granito mediante muro de dobre folla de desigual calidade e 60 cm de espesor; o forxado entre plantas (mesmo no piso da cociña), a estrutura de cuberta, as divisións interiores e as portas e ventás exteriores foron de madeira; a cuberta está resolta en tella do país sobre ripas e pontóns apoiados en tesoiras, rematada sen cornixa nos beirados e con capeado de pedra nos pinchos; e nas últimas reformas do corredor introduciuse o ladrillo revogado revocado con morteiro de cal. A casa unicamente presentaba cor nas divisorias e teitos interiores e, ao exterior, nas carpintarías de portas e ventás, como tantas veces no rural galego (nos portos de mar era máis abundante a cor). Os paramentos, en granito, ofrecíanse ao natural.

Ningunha obra de arquitectura se mantén ao longo do tempo tal e como foi construída e, segundo quedou dito e se pode comprobar nos planos anexos, esta tampouco escapou a esa premisa. Despois de varias transformacións para adaptala aos intereses das sucesivas familias e tras un período longo de abandono, cambia novamente de propietarios (Collazo-Costas), xa quedou dito, e con proxecto de quen subscribe este artigo, autorizado polo Concello, iníciase un expediente de rehabilitación e ampliación, actualmente en execución (2017), para dar acomodo a un novo e amplo programa de necesidades como residencia habitual. As restauracións, rehabilitacións, reformas e ampliacións, xunto aos aconsellables e necesarios traballos de mantemento, son a maneira de prolongar a vida útil do patrimonio material construído. O obxectivo pretendido pode pasar por manter o uso ou instalar outro distinto, pero compatible coa peza preexistente e o lugar. Os distintos estamentos da administración pública tutelarán o proceso.



CASA DO LUGAR DAS PRESAS OU DAS COVELAS. PRIMEIRO ANDAR. PROXECTO DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN



a.s.t._arquitecto
0 1 2 3 4 5 m.



CASA DO LUGAR DAS PRESAS OU DAS COVELAS. CORTE. PROXECTO DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN

a.s.t._arquitecto
0 1 2 3 4 5 m.

Covelas. Proposta.



Maqueta.



Vista interior da casa vernácula en obras.




Obras de rehabilitación da cuberta. Foto de J.M. Costas.

Casa da Renda

Ata os primeiros anos do novo milenio, esta casa aínda era máis humilde cá anterior no apartado volumétrico, se ben a cantería mostra algúns indicios de preocupación e ben facer que aquela non posúe. Como ela, é outra tipoloxía común e moi habitual na parroquia e Val. Consistía nun pequeno prisma de base rectangular, de apenas 12,45 m de longo por 7,15 m de ancho, dimensións similares á Casa das Presas, dunha soa planta, isto é, terrea, e con cuberta a dúas augas resolta en tella do país sobre estrutura de madeira, sen cornixa nos beirados nin capeados nos muros pincho. Tamén neste caso os muros de cerramento, que aínda se conservan, son de cachotería de granito en dobre folla cun espesor aproximado de 60 cm e os ocos de portas e ventás seguen o patrón habitual deste tipo de edificacións, isto é, de pequenas dimensións e tipoloxía rectangular tendente á verticalidade. A maioría posúen tornachuvias integrados exteriormente no lintel, cousa que non sucede no caso anterior, e como é norma o peitoril non pasa dos 0,22 m de espesor.

Precisamente embutido neste espazo da parte inferior da ventá situada máis a sueste aínda se conserva o vertedoiro de granito da antiga cociña, que do mesmo xeito que no caso anterior evacuaba a través dunha barbacá de pedra existente no citado peitoril. A cociña, como case sempre sucedeu no Val de Miñor, complétaa a lareira e un forno



Estado inicial da edificación.








Vista parcial da casa antes da intervención de 2003.

de pedra anexo, emprazados no ángulo sueste da casa, moi próximos ao nomeado vertedoiro. O fume da cociña saía por entre as tellas da cuberta en tanto o resto da casa posuía teito horizontal, segundo testemuñan as caixas de acomodo dos tirantes das tesoiras nalgunhas fotografías custodiadas polo actual propietario. En todo caso, nesta casa xa había décadas que non vivía ninguén cando se decide rehabilitala. En realidade, ultimamente viña funcionando como espazo de apoio e almacén nas festas parroquiais, actividade que desapareceu cando os veciños decidiron trasladar o lugar de celebración.


Emprázase no barrio do Mosteiro, xusto fronte ao lugar que durante séculos ocupou a hoxe desprazada fonte monacal na explanada que antecede á igrexa, e o seu nome, igual que no caso anterior, coincide co do terreo de asentamento, terras que en tempos, con probabilidade, pertenceron á Igrexa e máis tarde foron dos Acevedo. Un lugar onde esta familia recibía en especies o pago de foros e rendas aínda a inicios do XX, segundo lembran na parroquia por transmisión oral. A el chégase dende o antigo torreiro de festas atravesando un portal rematado por unha cruz exenta colocada entre dous pináculos, aparentemente todos bastante recentes, asentados nun perpiaño de perfil curvo que descansa sobre a lumieira. Na cara exterior desta consérvase unha inscrición moi erosionada de difícil lectura entre cuxos datos consta unha imprecisa data.

Polo ano 2003, tras ser adquirido o predio por un novo propietario, o actual (Pereiro Rodríguez-Lepina), a casa, tras informe favorable da Comisión Provincial de Patrimonio, preceptivo neste caso pola proximidade da igrexa, e despois da obtención da correspondente licenza municipal, sométese a obras de reforma e ampliación (engáde-



CASA DA RENDA. PLANTAS, CORTE E ALZADOS
DO PROXECTO DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN

José Luís Pereiro Alonso. Arquitecto



Proposta.



Vista xeral dende o nordés. As agullas, tranqueiros, lintel e peitoril da ventá que existía no pano acristalado foron trasladados para un novo oco da fachada de poñente.



Testeiro norte, no que inda se aprecia a pedra adicionada para acadar altura suficiente para o primeiro andar.



Vista dun espazo de circulación lateral da vivenda reformada e ampliada.



Vertedoiro conservado na posición orixinal da antiga cocíña.



Portal de entrada á finca dende o interior. As portas están construídas utilizando o tradicional sistema de remontas.

selle un andar) segundo proxecto redactado no estudio do arquitecto José Luís Pereiro Alonso cuxo traballo é galardoado ese ano polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, delegación de Vigo, cun “Gran de Area” de achega á arquitectura. Nove anos máis tarde, no 2012, recibe o mesmo premio o proxecto da Casa do lugar das Presas.

A CASA GRANDE

Entre os labregos, durante o Antigo Réxime, e aínda despois, era practicamente imposible atopar unha “casa grande”. Estas foron residencia tradicional dos sectores máis podentes da sociedade rural: a curia, os militares, a baixa nobreza (fidalgos) e a alta nobreza, e reciben diferentes nomes en razón da súa categoría e propiedade. Precisamente a denominada como Casa Grande a secas posiblemente sexa unha das máis baixas da escala, se ben en ocasións incorpora brasón coas armas da familia fundadora e por veces presenta aspecto de auténtico pazo. O termo en si tamén se usa como denominación xenérica, xa o dixemos. A Casa de Curas, moi abundante no Val de Miñor, pode presentarse con ou sen brasón e ser máis ou menos opulenta. A Reitoral é unha casa de curas de carácter singular; nela vive o párroco. A Pousa equivale a un Pazo moi modesto, aínda que hai excepcións, e ocasionalmente preséntase sen escudo de armas. Por último, o Pazo é a residencia máis opulenta do rural galego. Este, ademais

de ser vivenda permanente xeralmente da fidalguía e ocasionalmente da alta nobreza⁷, funcionou como un verdadeiro centro de explotación do agro en Galicia.

Todas as variantes citadas intentaron facer ver a posición social e económica dos seus donos a través da volumetría da obra arquitectónica, dos traballos de estereotomía da pedra, dos elementos arquitectónicos que as constituíron e da cantidade e calidade de edificacións adxectivas ou auxiliares que as acompañaban. De xeito particular fixérono mediante as solucións empregadas no desenvolvemento das escaleiras-patín e das chemineas exteriores, no referente a elementos arquitectónicos, e mediante a existencia de capelas, pombais, grandes ou peculiares hórreos e ornamentados e brasonados portalóns, en canto a edificacións complementarias se refire. Todas, tamén, ocuparon unha posición e orientación privilexiada na xeralmente grande extensión de terras que posuían.

Moitas destas edificacións foron cabeza de morgado, xeralmente de primoxénito, e en consecuencia mantivéronse indivisibles xunto coas terras que o constituían durante varias xeracións, en moitos casos durante séculos, circunstancia que cambia coa chegada do Estado Liberal. É a partir de 1841, a raíz da definitiva abolición de morgados⁸, cando estas propiedades pasan a ser herdadas por todos os fillos, circunstancia que carece a división en porcións do edificio coa conseguinte adecuación de cada unha das partes ás necesidades vitais dos novos propietarios. Esta decisión, socialmente máis equitativa, tivo consecuencias demoledoras para o patrimonio construído.

En Donas localizamos tres edificacións que poden asimilarse á definición de casa grande nas súas distintas acepcións: Casa do Alcouse (así aparece referida no século XVII) ou Alcoucer, a menos potente, Casa da Inquisición e Casa de Acevedo. Á última volveremos cando tratemos a igrexa parroquial. Neste apartado analizaremos a segunda.

Casa da Inquisición

Unha vez máis o nome acáelle á casa por culpa da profesión do seu fundador: D. Francisco Antonio Lorenzo de Guntín foi inquisidor do Santo Oficio. No Arquivo Histórico Municipal de Baiona, Anxo Rodríguez localizou a acta de presentación ante o concello da citada vila que en data 6 de marzo de 1765 acreditaba a D. Francisco Antonio como familiar de número do Santo Oficio da Inquisición no reino de Galicia, segundo nomeamento recibido o 26 de xaneiro do mesmo ano.

Aínda que no citado documento D. Francisco xa consta como veciño de Santa Baia das Donas, a teor da inscrición gravada no lintel da porta que dá paso ao corredor da fachada norte dende as pétreas escaleiras exteriores, habemos de pensar que a casa aínda non estaba construída; á espera do que poida proporcionar unha lectura completa da citada lenda, fundaríase no Pereiro en 1777.

En 1995 eran os seus propietarios “D^a. Isolina Jorge Mínguez e os seus irmáns, que a herdaran do pai, D. Antonio Jorge, de orixe portuguesa, o cal a adquirira por compra

7 A alta nobreza galega durante o Antigo Réxime desprazouse de xeito voluntario ou inducido a Castela coa intención de establecerse preto do poder central, da Corte.

8 O primeiro intento serio de abolición dos morgados prodúcese en 1820, coa Desvinculación, durante o Trienio Liberal, pero non será ata o ano 1841, o 19 de agosto, en tempos de Isabel II, na rexencia do xeneral Espartero, cando se ratifique definitivamente a súa abolición.




Patio e patín da fachada norte. No ángulo inferior dereito unha antiga columna do corredor.


ao matrimonio formado por D. José Casás Alonso e D^a. Consuelo Alonso Camesella, a quen lles fora transmitida por herdanza do pai de D^a. Consuelo, de nome D. Juan Alonso, descendente da casa do Alcoucer ou Alcouse, tamén da parroquia de Donas, que no ano 1681, sendo os seus propietarios D. Juan do Cotro e D^a. Isabel Alonso, formalizaron contrato de renda con D. Jorge de Acevedo, fundador do pazo e morgado de igual nome, cuxos herdeiros pagarían e recibirían, respectivamente, tal subscripción ata 1884^o. (Soliño Troncoso & al., 1995: 301).

Trátase dunha edificación de dúas alturas e planta en forma de L coa á de maior dimensión no eixe leste-oeste, isto é, unha tipoloxía de planta e unha orientación no terreo de emprazamento para as principais fachadas característica dos pazos. Tivo unha superficie de ocupación de aproximadamente 280 m², para un total de máis de 550 m² construídos, e fachadas exentas ao interior do eido nos ventos levante, sur e norte, mentres a de poñente foi, e séguese a ser, límite co camiño que lle dá acceso. Dende o punto de vista morfolóxico e funcional, o primeiro andar acolleu as dependencias da vivenda, non recoñecible na actualidade, mentres a planta rasante asumiu papeis complementarios como cortes e adega. A antiga lareira, desaparecida como tamén sucede no pazo de Gondomar e noutros, debeu resolverse de maneira similar á da Casa das Presas, xa que ningún sector da planta baixa está recheo de terra.

A fachada arquitectonicamente máis rica é a norte. Ante ela ábrese un patio que funciona a xeito de eirado ao que se chega dende o camiño público exterior atravesando un portalón con lintel e ameadado. Polo lateral norte este patio está acoutado por unha serie de edificacións adxectivas da casa que rematan uníndose á edificación principal a través dun groso muro de cachotería que acolle outro portal, este sen lintel, de comu-



primeiro andar
-interpretación-



planta terrea
-interpretación-

CASA DA INQUISICIÓN. MUROS MESTRES ACTUAIS E RESTITUCIÓN DA SOLAINA
Planos baseados no levantamento planimétrico de Af.S.T./Ant.S.T. publicado en 1995

Debuxado por a.s.t.

0 1 2 3 4 5 m.



Casa da Inquisición.

nicación coas terras anexas que constitúen o “lugar” da casa. Dende este patio, pegada ao brazo leste da edificación, arranca unha rexa escaleira de granito con varanda maciza do mesmo material que desembarca nun corredor, con peitoril cego de pedra, cuberto por telladiño apoiado en tempos sobre esveltas columnas de granito, con posible desenvolvemento ao longo de toda a fachada (aínda se conservan tres columnas no eido). Na vertical do arranque da escaleira, no muro da casa, un escudo de armas coas insignias da Inquisición e unha inscrición:

EXVRGE
DOMINE
ETIVDICA
CAVSAM
TVAM⁹



Pormenor do escudo coas insignias da Inquisición no ano 1993.



Antigo portal de entrada á finca, hoxe modificado. Foto de Juan Chamorro.

9 “ERGUETE SEÑOR E XULGA A TÚA CAUSA”

Ao remate da escaleira a datación 1777, xa citada, como fin dunha extensa lenda en tres liñas de difícil lectura por culpa, entre outras cousas, dunha inadecuada e agresiva limpeza da pedra con chorro de area hai uns vinte anos. O devandito corredor descansa sobre un soportal de dobre arcada en perfil mixto, con mínima ornamentación, conformando un espazo que antecede ás dependencias secundarias da planta rasante. Na fachada sur, a xulgar polos vestixios existentes, un avultamento a ceito de canzorro lineal ancorado á parede da casa, debeu existir unha solaina, quizais tamén cuberta, que apoiaría no extremo contrario á casa sobre un pórtico granítico a base de pilastras e linteis ou de arcadas; nada sabemos.

Tampouco nada se pode comentar respecto da distribución orixinal interior debido ás múltiples reformas, adicións, divisións e mutilacións que sufriu o inmovible co fin de adaptarse ás necesidades dos varios propietarios actuais. Só comentar que algunha das ventás aínda conserva restos dos antigos parladoiros e que no folclore da zona sobrevive a lembranza dun calabozo inquisitorial na planta baixa. É obvio que por historia, superficie construída, solucións construtivas (nas que ha de incluírse a cornixa pétreo do beiril, inexistente nos casos anteriores), nivel de excelencia da cantería e dimensión do terreo que posuíu, non se trataba dunha casa propia do campesiñado común. Mesmo os muros que pechan o “lugar” están rematados, testados, a base de pezas específicas de granito traballadas en dobre vertente; unha especie de gran capeado. A confirmación definitiva do que comentamos queda atada pola denominación: na parroquia tamén se coñece como a Casa Grande do Pereiro.

O HÓRREO

As edificacións adxectivas da casa polo xeral coñecéronse sempre polo mesmo nome que aquela, dando razón de pertenza; raramente dispoñían de nome autónomo. Só cando eran de carácter comunal, estaban seriadas, ou tiñan forte carga de autonomía acostumaban posuílo. Isto tamén afecta o hórreo, construción, dentro das auxiliares, de maior interese de cantas poboan o campo galego. Dende sempre captou a atención do visitante e do viaxeiro quen, habitualmente, quixo ver nesa edificación unha peza de connotacións simbólicas, míticas e ata relixiosas; máis dunha vez foi confundido cun estraño e quizais exótico templo ou capela.

Se ben existen diversas teorías, pouco se sabe respecto á orixe desta edificación. Aínda dando por suposto que é anterior ao alto medievo e sendo sabedores das citacións que sobre el fixeron diversos autores latinos referidas ao contexto da Península Ibérica, en Galicia parece que as primeiras referencias escritas confirmarían a súa existencia no século IX, sendo estas máis abundantes a partir do XIII (Bas López, 1983: 86). Xustamente deste século é a primeira representación gráfica: a moi reproducida miniatura da lámina 203 das Cantigas de Santa María, de Afonso X, ilustrando a Cantiga CLXXXVII. Esta representación certifica que a existencia do hórreo rectangular en Galicia é moi anterior á chegada do millo americano (millo maíno) ao país galego a inicios do século XVII¹⁰ e posterior expansión no XVIII en substi-

10 Segundo algunhas fontes, como Caamaño Suárez (2003: 282) que quizás acadou o dato en Bouza Brey (1953), o millo foi traído a Galicia do continente americano polo asturiano Gonzalo Méndez de Cancio, Almirante e Gobernador de Florida, e a súa dona Magdalena Luaces, de Mondoñedo, ao regreso daque-



Vista dun penal do canizo da Casa das Tanas. Donas.

tución do anterior “millo miúdo”, outra gramínea, neste caso de talo máis grosso ca o trigo, procedente de Oriente e moi común na Europa medieval. A xeneralización do cultivo do millo americano disparou a construción de hórreos, chegando nalgunhas áreas xeográficas de Galicia e Norte de Portugal a formarse agrupacións arredor de eiras comunais nas que se realizaba a esfolada. Este tipo de implantación non foi característico do Val de Miñor. En todo caso, aínda sendo a función principal do hórreo o almacenamento do millo en espigas, tamén se usou para gardar e secar outros produtos. Inicialmente o almacenamento do millo maízo só se levaba a cabo despois de secar as espigas ao sol; logo, coa experimentación, o labrego galego e do Norte de Portugal atopou na

ventilación o xeito de madurar o produto ao tempo que estaba almacenado, circunstancia que tivo repercusión no xeito de conformar os paramentos exteriores da caixa de almacenaxe do hórreo medieval.

Esta edificación recibe moitas denominacións distintas ao longo da xeografía galega, sendo en ocasións a forma e o material constituínte os que as xeran, coñecéndose no Val de Miñor como canastro, calustra e, sobre todo, canizo. En Vincios tamén se lle di cabana. Nun documento de 1304, polo cal Domingo Pérez vende ao mosteiro de Oia unha viña e predio en Chaín, cítase co nome de “çelleyro” un emprazado nesa parroquia (Pallares Méndez & Portela Silva, 1971: 133). Agora, que xa hai tempo que polas razóns comentadas na introdución está a perder a función principal e caendo no abandono, soa con forza a denominación hórreo, máis xenérica, quizais como consecuencia da alta migración urbana á bisbarra.

O hórreo, de igual xeito a como acontece coa casa rural, presenta unha perfecta adaptación ao medio no que se implanta. A climatoloxía, a pluviometría, o alto grao de humidade da terra e a idea de protección do produto almacenado foi o que propiciou a

las terras no ano 1605. Outras referencias falan da súa aparición en Galicia en 1610, na zona do Barbanza. En todo caso parece non haber dúbidas de que as primeiras noticias chegaron á Península Ibérica a través de Cristobal Colón e mesmo o cereal seica foi transportado ata ela a inicios do XVI.



Interior do canizo do Cordas, polo Castro de San Cibrán, na actualidade. Donas.

súa conformación elevada sobre o chan. Que Galicia sexa unha terra rica en granito e madeira explica os materiais constituintes. E é precisamente o material o que nos dá unha das moitas clasificacións tipolóxicas: os de pedra, os de madeira, os mixtos de pedra e madeira, e, máis modernos, os de fábrica de ladrillo e prefabricados de formigón. En xeral, todos seguen un mesmo patrón morfolóxico: unha cámara principal con cuberta a dúas augas elevada do chan mediante pequenos soportes (pés), muretes (cepas), non propios da bisbarra, ou celeiro (almacén pétreo substituído nalgũa ocasión por un cortello), de pouca intensidade no Val pero con exemplos importantes en Xián, parroquia de Víncios, e a Veiga de Prado, Morgadáns. Ambas as

dúas primeiras solucións rematan na parte superior nun perpiaño de granito de planta cadrada, circular ou rectangular, colocado horizontalmente, máis ou menos traballado, que na zona recibe o nome de mo ou tornarratos, tamén moa, e ten por misión evitar a invasión da cámara por parte de roedores. Na terceira, o celeiro vai pechado na cara superior mediante lousas de granito que coa mesma función presentan un pequeno voo en todo o perímetro chamado “rateira”. Os pés na parte inferior apoian sobre unha pedra máis ou menos plana a xeito de alicerce e para acadar maior estabilidade no arranque presenta uns avultamentos nunha ou en dúas direccións. Cando é en dúas no Val de Miñor chámanse “uña de gato”.

A cámara está delimitada espacialmente por catro paredes verticais¹¹, dúas máis longas (costais) e outras tantas curtas (penais), un piso e a cuberta. Estruturalmente o hórreo traballa por gravidade. Enriba da mínima cimentación descansen os pés sen ningún tipo de ancoraxe e sobre estes as mós do mesmo xeito. A conti-

11 Falamos do común de planta rectangular. En Galicia coñecemos dous con planta en forma de L, polo que as paredes de cerramento pasan a ser seis, e un en forma de T. Este, único no país, é o Canizo do Roque, emprazado en Gondomar, no Miñor, e ten a cámara pechada mediante oito lenzos.

nuación unha fita denominada padieira (as pezas de pedra colocadas a esta altura tamén reciben o nome de linteis inferiores; se o canizo é de madeira ocupan o lugar as trabes da estrutura horizontal ou grade, chamadas tamén carreiras) percorre o perímetro para nela apoiar as columnas ou esteos centrais e de esquina. Aos últimos no Miñor, principalmente en Morgadáns, tamén se lles di tranqueiros. Sobre as columnas dos costais apoian os linteis superiores ou soleiras. Nestas soleiras e nos pinches dos penais, pezas que rematan estas caras, asenta a estrutura da cuberta formada polas tesoiras, o cumio e os cangos. Nos barrios de Vilas e Prado da parroquia de Morgadáns, e nalgún outro sitio, enriba das soleiras ou linteis superiores é habitual atopar unha pronunciada cornixa pétreo contrapesada ao interior conformando un beiril sobre o que verten as tellas curvas visiblemente retrasadas respecto do borde exterior. A esta cornixa no Miñor tamén se lle chama capia. Esta solución, xa se deixou intuír, é propia de Morgadáns.

Enriba da armazón horizontal da grade resólvese o pavimento a base de pontóns e táboas. Este xeito de resolver tamén se emprega nos canizos mixtos dispoñendo a armazón de madeira pola cara interior dos linteis inferiores ou padieira apoiada directamente nos tornarratos. Ocasionalmente, nalgúns canizos desaparece a madeira do chan e o pavimento execútase totalmente en lousas de granito.

Os panos entre columnas, asentadas na vertical dos pés, chámanse claros ou vans e polo común resólvese mediante táboas verticais (doelas) de madeira con cinta ou faixa central, doelas horizontais de madeira ancoradas a barrotes verticais distanciados a métrica constante, doelas monolíticas e independentes de pedra colocadas case sempre en vertical no Miñor e, por último, celosías do mesmo material; todas as solucións han de permitir unha correcta ventilación do interior. Cando a celosía queda constituída con dobre fenda respecto ao eixe horizontal a peza chámase espello. Ocasionalmente, de xeito principal nos penais, as doelas son horizontais formándose as fendas entre o leito da peza superior e o sobreleito da inferior, terminando por dar un xogo de claroscueros ao paramento que non existe no desdobre. Durante o século XX moitos claros de madeira foron substituídos por ladrillo pintado, outros construídos directamente con este material. Nalgún destes claros, ou nun penal, colócase a porta á que se chega por unha escaleira que de ser fixa apenas ten uns poucos chanzos e nunca toca o canizo.

Os penais sempre se rematan cun pinche, xa o dixemos, e sobre el, se é de pedra, asentan pezas tamén graníticas de sección poligonal, denominadas capas, capias ou capeados, que dan solución á non entrada de auga de chuvia entre a tella e o muro pincho. No vértice destas pezas, tratadas estereotomicamente como corresponde, polo xeral colócanse uns remates que reciben o nome de lampións ou espigas, uns pináculos pétreos de diversas formas, entre os que abundan os de alzado piramidal, que máis alá da simple cuestión ornamental puídesen ter relación con algún culto pagán de protección e fertilidade dada a importancia para a casa rural do material acubillado no interior. A cruz que en moitos hórreos comparte remate co pináculo viría a ser unha cristianización do citado culto. Esta case sempre asenta sobre unha peaña coñecida por copa.

As tipoloxías formais e construtivas máis comúns entre os existentes no Val de Miñor son as que, debido á súa abundancia na zona respectiva, remataron por denominarse como tipo Tui, tipo Pontevedra e tipo Morrazo. O primeiro é totalmente

de madeira a excepción dos pés e tornarratos. Ten cuberta de tella con notables voos nos beirados e pinchos, a miúdo apoiados en esteos, e case nunca leva remates. É moi frecuente no Baixo Miño, principalmente nos concellos de Tui e Tomiño, dende onde chegou ao de Gondomar. O segundo é de composición mixta, a base de granito na estrutura de perímetro e madeira nos claros, portas e piso, coa cuberta de tella. Este pode presentar unha variante cun pequeno telladiño (archete) centrado nun dos costais baixo o cal iría colocada a porta de acceso. Este terceiro pincho vai rematado por unha cruz sobre capeado reservándose para os penais respectivos pináculos ou espigas. A esta variante algún autor denominouna tipo Mañufe. Abunda no Val de Miñor. O terceiro dos tipos é igual ao segundo coa particularidade de estar construído totalmente en granito, en ocasións mesmo a cuberta. É o expoñente da máxima perfección arquitectónica dentro do grupo galaico-portugués.

Canizos en Donas

Neste artigo recolleemos tres exemplos de tipoloxías tradicionais entre os existentes na parroquia e un cuarto dos considerados modernos. O último é o da Casa de Avelino, no Souto, e os primeiros son o da Casa das Tanas, na Barga, o da Casa do Cordas, no Castro de San Cibrán, e o da Casa de María Claudino, na Nogueira.

O de Avelino está executado en formigón armado pero no tipolóxico e construtivo imita os de pedra. Non o fai na padieira, que ao ser de formigón armado e traballar mecanicamente a flexión soporta maior van e polo tanto non necesita de pés intermedios. Non obstante, no remate dos penais utiliza unha falsa e innecesaria capia que neste caso puido ser evitada mediante a prolongación do pequeno forxado de apoio da tella. A capia, xa o dixemos, ten como función principal, ademais de axudar á estabilidade das tellas ante o vento, evitar que penetre a auga da chuvia na cámara polo



Canizo da Casa de Avelino. O Souto.



Canizo da Casa das Tanas. A Barga.

encontro entre o tellado e o pincho do muro penal. Ademais, para que o sexa, sempre estará constituída por pezas independentes, cousa que non se dá neste canizo. Total, unha peza, esta falsa copia de formigón, que é consecuencia dunha actuación por mimetismo formal coas solucións construtivas tradicionais en vez de utilizar unha correcta adecuación material-forma.

O das Tanas é un tradicional exemplar de canizo en madeira que poderíamos englobar na tipoloxía Tui. É unha peza de oito pés, catro con tornarratos independentes e outros tantos, os dos penais, con un cada dous pés, e polo que se ve aínda está en uso, como tamén lle sucede ao anterior. Interesa chamar a atención sobre os traballos de caixa e espiga que se observan na carpintería, onde algunhas das ancoraxes están resoltas coa tradicional solución de tornos de madeira en vez de utilizar cravos de ferro. Tamén é de destacar a elevación da padieira e por arrastre a grade completa, mediante calzós, evitando deste xeito que se podreza por contacto directo coa auga de chuvia depositada sobre os tornarratos. A cámara ventila polas fendas que deixan entre si as táboas ou doelas, neste caso, atendendo á solución tradicional da tipoloxía, dispostas en horizontal e cravadas polo interior aos numerosos barrotes verticais. Por último cómpre dicir que esta proposta de tellado sobre os penais tamén sería a correcta para o caso anterior salvando as diferenzas materiais e evitando os esteos ou escoras (listóns inclinados de madeira ancorados nos esquinais), solución arquetípica nos canizos da modalidade Tui. Este tipo de canizos polo xeral non leva remates sobre a cuberta.

O do Cordas entra na tipoloxía Pontevedra pola combinación de materiais constituíntes, se ben, atendendo á presenza do pequeno pincho central, algún autor, xa o di-



Canizo da Casa do Cordas. O Castro, San Cibrán.

xemos, considérao como variedade Mañufe aínda dentro da tipoloxía. Volve ser unha peza de oito pés pero a diferenza do das Tanas cada mo cobre sempre dous. Tamén de xeito contrario ao anterior neste caso existen remates aínda ben a cruz central desaparece; foi subtraída hai algúns anos conservándose unicamente a peaña ou copa. Por último comentar dúas particularidades e unha excepcionalidade. Entre as primeiras, citar a utilización de tella cerámica plana, algo non habitual nos canizos tradicionais da zona, e a substitución da madeira por ladrillo nos claros, solución que por facilidade de mantemento é bastante habitual. Aproveito para dicir que este exemplar ademais da porta principal ten outra secundaria no penal máis protexido dos ventos e que algúns canizos presentan inscricións; sucédelle a este. No lintel da porta principal lese: ANO/Ð/1923/JAM. Precisamente a inscrición é a que parece clarexarnos o porqué das particularidades. A excepcionalidade é a alta calidade da eira empedrada e valada que posúe ao seu carón. Moi poucas existen no municipio de igual calidade. Só unha máis importante: a do pazo Mendoza, en Mañufe.

O de María Claudino é un claro exemplar de tipo Morrazo en canto a material constituínte, o granito, aínda ben construtivamente se permita certas licenzas ao prescindir dunha clara composición de columnas e claros, que existe, no pechamento vertical da cámara e, principalmente, na solución formal da cuberta. É un notable exemplar, tamén de oito pés, onde os tornarratos volven ser individuais pero nesta ocasión dotados de interesantes traballos estereotómicos e xeométricos. Tamén son de destacar as doelas monolíticas que constitúen os claros. Mágoa que a presenza final non conte cun cumio de pedra, en vez do estraño de tella, e portas de madeira; posúe unha en cada penal. É pouco usual que un canizo de pedra no sur de Galicia non teña remates, pero acontece; como testemuña, este.



Canizo da Casa de María Claudino. A Nogueira.

A IGREXA PARROQUIAL

Toda parroquia rural queda representada a través da igrexa matriz, cabeza do resto de templos católicos que nela existan. A parroquia dende o alto medioevo é a base da administración eclesiástica en Galicia, se ben hoxe este concepto inicial está amplamente superado debido ás múltiples funcións que tal entidade inculca en quen a vive, tales como a veciñanza e a territorialidade. En todo caso, e a pesar da forza das actuais relacións sociais, económicas e territoriais que se dan no ámbito, a parroquia ou igrexa matriz (termo que se conserva con forza en Portugal) é unha das edificacións-símbolo de maior carga emocional e identitaria para a maioría dos habitantes-nativos da parroquia aínda hoxe. Os espazos próximos á igrexa, o adro e o campo da festa ou torreiro foron seculares lugares de encontro parroquial, espazos onde se socializaba o campesiñado e no cal se adoptaban acordos; costumes, segundo en que parroquias, case desaparecidos.

Dende o século VI parece existir regulación bastante clara para a fundación de igrexas parroquiais (seguramente non sempre con templo), na que se fixan entre outros parámetros as mínimas dotacións humanas e espazo-territoriais necesarias ao efecto. Esta organización territorial e administrativa do Reino Suevo enténdea Sánchez Pardo (2014: 23) como unha adaptación e superposición á realidade preexistente da antiga Gallaecia, conseguindo desa maneira que no centro de cada distrito, independentemente do carácter urbano, semiurbano ou rural que presente, se estableza unha igrexa parroquial. Unha apropiación territorial esta que connota poder e rendas para unha organización eclesiástica encabezada en cada diocese polo bispo como interposto de interese entre a coroa e as elites locais.

Estudos sobre o coñecido como “Parroquial Suevo” ou “Divisio Theodomiri” conclúen que o eixe Tui, Braga, Porto era o máis densificado de “ecclesiae” a finais do século VI e, polo tanto, o territorio onde a Igrexa sueva tiña maior asentamento. En consecuencia, Tui a esa altura era a diocese da actual Galicia con máis poder e rendas. Esta organización territorial incrementárase e optimizárase ao longo de séculos, se ben a partir do “censo dos bispos” do século XVI mostrará unha forte estabilidade (Saavedra & al., 2013: 96), a cal con certas variacións remata por chegar á actual distribución parroquial e de bispados.

No Val de Miñor as últimas parroquias en aparecer foron Baredo e Chandebrito. Baredo en 1810 (Ávila y La Cueva, 1852: 495), ao deixar de ser un anexo de Baíña; Chandebrito en 1807 (VV. AA., 1997: 112-122), por escisión de Camos. A igrexa da primeira fúndase e constrúese con seguridade paralelamente á escisión, en substitución da antiga ermida da Nosa Señora da Cela, emprazada na “Cela Vella”¹². A de Camos xa estaba rematada en 1785 e iniciara o culto ao ano seguinte, coa moi probable intención de empurrar cara ao obxectivo da entidade propia. Dende moito antes, como veremos a continuación, existía a parroquia e igrexa de Santa Baia das Donas, cuxos “décimos”¹³ daban uns réditos na primeira metade do século XIX de 28.000 reais, que por enteiro levantaba o Cabido da Catedral de Tui (Ávila y la Cueva, 1852: 499).



Torre campanario engadida a finais do XVIII. Santa Baia das Donas.

12 Xa consta a súa existencia no ano 1551, segundo “LIBRO VISITAS” dese ano. Arquivo Histórico Diocesano de Tui.

13 Os décimos, “diezmos” en castelán, era unha contribución ou tributo que pagaban á Igrexa os feís, consistente na décima parte dos froitos recollidos.

Igrexa de Santa Baia das Donas

Achegamento histórico

A primeira noticia que coñecemos da existencia da parroquia achégaa Ávila y La Cueva na súa moi citada obra. Entende este militar e historiador que debe corresponderse coa que co título de Santa Eulalia (“*eclesia Sanctae Eolaliae in toronio*”) tiña en Turonio San Rosendo, e di ademais que con ela dotou no ano 942 o seu Mosteiro de Celanova (Galindo Romeo (1950: 29). Co mesmo autor coincide Espinosa Rodríguez (1951: 48) en afirmar que Afonso VII, o emperador, o 23 de abril de 1149, doa a D^a. Aurea Belide o couto de Santa Eulalia no Val de Miñor para que funde un mosteiro baixo a regra de San Bieito. O mosteiro foi fundado baixo a regra beneditina.

En 1199 aparecen os primeiros conflitos co mosteiro de Oia. O de Santa Baia pí-delle compensación económica polo arrendo dun muíño (Bango Torviso, 1979: 226, citando “Colección diplomática del monasterio de Santa María de Oya”, Archivo Histórico Nacional, carp. 1795, doc. 20). Segundo recolle este autor, citando a Enrique Flórez en “España Sagrada”, no mesmo 1199, sendo abadesa Dona Mayor Peláez, as relixiosas do convento de Santa Baia Elvira Peláez e Ouruana Muniz conceden ao Cabido de Tui a cuarta parte da vila Rial, a dicir de Espinosa Rodríguez (1951: 48) actual barrio alto da parroquia situado preto do Pereiro.

Na relación dos milagres de San Telmo, escrita cara ao ano 1258, a parroquia aparece como Dñarum e tamén como Santa Eulalia de Dominarum. Entre 1314 e 1347 o “Monasterii Dñarum de Miñor” disputa co de Oia entre outras cuestións a vasalaxe dunhas posesións en Panxón (De Sa Bravo: 226). O mosteiro de Santa Baia pasou moitas dificultades económicas ao longo do século XV e en 1482 Diego de Muros, bispo de Tui, recóbrao e restituíeo ao Cabido xunto cos de Budiño, Tomiño e Barrantes (Flórez, 2005: 241).


O mosteiro probablemente aínda tivo actividade ata finais do século XV, cando en 1499 as monxas deberon ser trasladadas ao de San Paio de Antealtares, en Santiago de Compostela, ao ser este o elixido como centro da reforma dos mosteiros beneditinos femininos en Galicia. O inmobile despois seguiría tempo en propiedade do Cabido de Tui e por último venderíanse terras e dependencias.

A igrexa conservada, actual parroquial, correspóndese coa do desaparecido mosteiro. Este foi quen deu nome ao barrio de asentamento e a súa condición feminina terminou por sumarse o inicial da parroquia.


Descrición arquitectónica

A conformación xeométrica da igrexa románica é dunha nave, moi sinxela. A planta está composta por dous rectángulos xustapostos: o de maiores dimensións para a nave e o menor para a ábsida. Oriéntase segundo o eixe tradicional levante-solpor.

A nave en orixe tiña tres accesos: o principal, que aínda se mantén na fachada occidental, e dous secundarios máis sinxelos e pequenos, un maior ca outro, ambos os dous rematados en arco de medio punto, actualmente tapiados, de probable comunicación co resto de dependencias do mosteiro na fachada sur. A comunicación entre a nave e a ábsida está resolta mediante a clásica solución de arco triunfal. Neste caso o orixinal parece que foi substituído ou reformado por outro de reforzo seguramente durante a Idade Moderna.



corte altura fiestras




corte altura portas

IGREXA MONASTERIAL DE SANTA BAIÁ. RESTITUCIÓN IDEAL DA PLANTA ROMÁNICA

planos debuxados por a.s.t.

0 1 2 3 4 5 m.



IGREXA MONASTERIAL DE SANTA BAIÁ. PLANTA DO ESTADO ACTUAL

plano debuxado por a.s.t.

0 1 2 3 4 5 m.



Igrexa de Santa Baia.

Inicialmente a nave posuía, cando menos, seis ventás tipo seteira, confirmadas tres en cada muro lateral, que descansan sobre unha liña de impostas pronunciada ao interior con ornamentación de billetes. Hoxe só se conservan cinco. Todas presentan derramo ao interior e rematan en arco de medio punto en aresta viva que apoia en dúas columnas cilíndricas monolíticas e lisas. Estas posúen bases de perfil ático con poutas e capiteis decorados con vexetación diversa agás tres historiados. Entre os últimos quizais sexa de interese citar o que representa dúas aves de longo pico bebendo no mesmo cáliz. Todos mostran un notable grao de erosión.

Tamén a ábsida está dotada de iluminación natural a través doutras dúas seteiras en orixe similares ás anteriores que non manteñen a proposta inicial. A do muro



Ventá íntegra sobre imposta de billetes no muro meridional da nave.



Ventá retocada no muro meridional da nave.



Capitel con decoración vexetal dunha ventá do muro meridional.



Capitel norte da columna do segundo arco faxón da ábsida.



Capitel sur da columna do segundo arco faxón da ábsida.



Vista xeral da portada occidental.

setentrional, que dá á actual sancristía, está tapiada e ten os capiteis repicados. A do meridional foi brutalmente transformada nunha ventá moderna, con abucinamento exterior, para intentar compensar a luz que se perdeu ao tapiar a anterior. Ambas as dúas están entre senllas columnas entregas que percorren toda a altura da capela maior con bases de perfil ático e capiteis en orixe ornamentados sobre os que descargan dous arcos faixóns. Na actualidade os capiteis correspondentes ao par occidental están barbaramente rasu-



Columnas, capiteis e decoración das arquivoltas no lateral esquerdo.



Pormenor dun capitel e columna dunha arquivolta do lateral dereito.

rados, aínda se intúe a decoración vexetal que os cubriu, en tanto os dous orientais manteñen escultura historiada. No do norte aprécianse catro figuras que de esquerda a dereita poden describirse do xeito seguinte: un personaxe sentado cun libro aberto, outros dous personaxes, quizais tamén sentados, agarrando algo conxuntamente ou agarrándose entre si e, o último, un anxo coas ás abertas ao tempo que fai unha xenflexión. O do sur presenta outras catro figuras: no centro aparece a Virxe co neno no brazo esquerdo en tanto co dereito efectúa acción de bendicir, xesto que repite o neno; a ambos os lados cadansúa figura de longas vestimentas sosteñen a túnica da Virxe. Esta escultura dos capiteis do presbiterio e a portada de acceso ao templo, aínda non comentada, faille pensar ao profesor Bango Torviso nun influxo do executado na catedral de Tui, inclinándose a datalas como do terceiro cuarto do século XII (Bango Torviso, 1979: 227). O mesmo autor relaciona os capiteis das ventás cos da igrexa do parcialmente desaparecido mosteiro de Tomiño.

Segundo Margarita Vázquez (2005: 150-155) os dous capiteis descritos da ábsida fan alusión a tres escenas marianas relacionadas coa chegada do Salvador. Á clara representación do segundo súmalle a seguinte interpretación do primeiro: nel identifica a Anunciación e a Visitación. A primeira, representada pola Virxe meditando co libro aberto en tanto o anxo anunciador fai un xesto oratorio; a segunda, asimilando as figuras coas mans entrecruzadas con María e Isabel abrazándose. Segundo recolle Sánchez Ameijeiras (2013: 86-88) Rocío Sánchez fai unha interpretación distinta. Mentres no capitel meridional ve unha versión sintética dunha Epifanía, “a Virxe co

nenos en brazos en actitude de bendicir, colocada entre Melchor e José”, no setentrional decántase por xustificarse a escena como a representación alegórica de cando dúas monxas agarraron unha terceira tida por santa para que non deixase espido o altar de san Rosendo, en alusión a un milagroso episodio piadoso protagonizado polo citado santo, tratada noutros templos románicos da contorna tamén no presbiterio con suposto cariz haxiográfico.

Para finalizar a descrición da ábsida, cómpre mencionar dúas cuestións: a parede de cabeceira, visiblemente removida polo exterior, está cuberta totalmente por un retable de reducido interese que segundo parece oculta algúns restos de pinturas murais de mediados do século XVI; o teito foi resolto mediante bóveda granítica de canón, algo peraltada, sobre os arcos faixóns ou perpiaños xa comentados. Ademais, a nave presenta cuberta a dúas augas executada a base de pontóns de madeira apoiados en tesoiras do mesmo material, á que volveremos máis adiante.

Exteriormente a fábrica pétreo preséntase lisa, sen ningún contraforte en orixe, sendo o punto de máximo interese a portada occidental. Compóñena tres arquivoltas en arco semicircular sobre dous pares de columnas, as exteriores, e sobre xambas, a interior. De exterior a interior teñen como ornamentación baquetiñas e unha fila de billetes entre aresta con chafrán recto, na parte superior, e aresta con chafrán ornamentado mediante bólas na parte de transición cara ás arquivoltas interiores de aresta baquetonada e baquetiñas na rosca. O tímpano, formado por cinco doelas, presenta chafrán con bólas e carga sobre lintel liso. As columnas, todas cilíndricas lisas e monolíticas, son acaroadas con capiteis e bases entregas, estas de perfil ático e plinto ornamentado e aqueles con escultura vexetal (tres) ou historiada (un). Interiormente a portada mostra dúas arquivoltas: a exterior de aresta en chafrán con ornamentación de bólas e a interior en aresta. Toda a escultura aplicada, entre a que sobresa a figura dunha ave monstruosa ou un home cuns estraños brazos abertos no capitel historiado exterior, está moi erosionada.

Os canzorros e cornixa románica, tanto da nave coma da ábsida, desapareceron con motivo das varias reformas ás que foi sometida a igrexa. A da nave puido ser substituída



Bases e columnas do lateral esquerdo.

pola actual en gola no século XVIII (Fontoira Surís 1996: 251). Parte dos canzorros orixinais, tras unha casual localización, están instalados a xeito de testemuño nun muro lateral da nave, baixo o forxado interior de formigón aínda non substituído do coro.

Como xa se dixo, a igrexa sufriu diversas modificacións ao longo do tempo, algo bastante habitual, sendo as de maior calado as efectuadas a partir do XVIII, despois de des-



Arquivoltas interiores da portada occidental.

vincularse do mosteiro. Entre elas cabe destacar a ampliación que sufriu na fachada norte a finais do XVIII ou inicios do XIX co fin de emprazar a sancristía e, seguramente en paralelo, unha nova capela, a do Cristo. Esta, sobre a porta lateral que lle servía de entrada directa dende un desaparecido pórtico cuberto exterior, ten gravada a seguinte inscrición:

ESTA OBRA SE REEDIFICO SIENDO CVRA D^N
 MANVEL. BARº. Y NONBRADOS. FRAN^{CO}. G
 ONZALEZ. Y GERONIMO REZ. Y FRAN^{CO}. BILAS A
 NODE 1805

A execución destas obras levou consigo a apertura dunha porta no muro lateral do presbiterio, o tapiado xa comentado dunha das ventás da ábsida e a apertura dun gran van baixo arcosemicircular na parede da nave coa conseguinte mutilación da liña de impostas ornamentada con billetes e a desaparición dunha seteira; só se conserva parte do arco superior. Posteriormente, no XX, sufriría nesta mesma fachada unha nova ampliación para almacén en substitución do citado antigo pórtico cuberto, posiblemente contemporáneo ás ampliacións antes comentadas. A sancristía e a capela están teitadas con bóveda de canón en pedra e na primeira consérvase un curioso lavamáns granítico. Tamén se conserva oculta no muro setentrional da nave unha escaleira pétreo que conducía a un púlpito emprazado a media altura, cuxos restos aínda son visibles.

De finais do XVIII tamén deben proceder o muro piñón de remate da fachada occidental e a torre-campanario levantada sobre a aresta noroeste. Debeu ser nesa época cando, ao reformar a cuberta, substituíndo a orixinal de madeira por unha falsa



Vista xeral de canzorros e cornixa románica no emprazamento orixinal. Foto cedida por Juan Carlos Rial.

bóveda de canón que no XX será cambiada por un forxado de formigón, se mudou a parte superior dos muros e se retiraron os canzorros e cornixa románica. Por último, dicir que a ábsida presenta diversos empenamentos e reconstrucións nos muros, destacando a presenza dun contraforte na parede sur. Gran parte da fábrica granítica do templo mantén numerosas marcas de canteiro de orixe medieval.

Para rematar a descrición arquitectónica, cómpre comentar que o teitume a dúas augas, con estrutura de madeira que agora presenta a nave en substitución da citada de formigón de 1976, que daba a entender o que non era, débese ás obras do ano 2010 realizadas ao amparo do proxecto redactado polo arquitecto Rafael Fernández Vale, baixo licenza municipal e visto e prace da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Foi con motivo destas obras que se descubriron dous canzorros orixinais aínda existentes no muro norte, xusto baixo o capeado que coroa o muro frontispicio da nave, un par de metros enriba do encontro dos tellados da sancristía e a capela do Cristo. Tempo máis tarde, a través dunha publicación editada pola Fundación Santa María La Real (Enciclopedia del Románico. Provincia de Pontevedra, 2013), chegaría a coñecemento de Juan Carlos Rial González, párroco dende novembro de 2007 (ata o ano 2018), que a colección non completa de canzorros románicos do templo monacal (24 unidades) se gardaba no Museo Diocesano de Tui. Unhas pezas escultóricas de aproximadamente 1170 (Sánchez Ameijeiras, 2013:1166), de gran tamaño, resoltas con notable altura técnica e incontestable riqueza escultórica. O canteiro que os retirara cando a reforma dos muros da nave no XVIII gardáraos entre este e o faldrón de cuberta e utilizáraos para recheo da bóveda sendo máis dun século despois, con motivo doutra reforma,



Canzorro conservado no emprazamento orixinal.
Foto cedida por Juan Carlos Rial.

cando se descubriron e posteriormente, nos oitenta, trasladaron a Tui. Juan Carlos, polo ano 2013, xestionou o retorno ao templo dalgúns exemplares a xeito de testemuño. Un ano despois, por iniciativa do citado párroco, mellórase e adecuouse o pavimento da igrexa, en granito e madeira maciza, e dótase de novos bancos, en dúas versións, segundo elegante deseño do arquitecto León López de la Osa González.

Entre as xestións efectuadas polo citado párroco merecen ser comentadas as encamiñadas a localizar a antiga pía bautismal. Tras un tempo de pescudas localízase na finca dunha casa situada en Valverde, concello de Allariz, a onde chega despois de ocupar espazo en xardíns de casas emprazadas en Donas e

Vigo, todas da mesma familia, segundo informes emitidos pola Consellería de Cultura. Parece que a pía románica leva máis de noventa anos nas mesmas mans, sendo actualmente dunha Conde Valvis Manzanares que non está coa idea de volvela ao lugar de orixe: unha igrexa que sen dúbida é a máis notable entre as románicas dun municipio no que tamén se conserva a de Santa Mariña de Vincios e algúns restos na de San Miguel de Peitieiros. As pezas do románico municipal complétanse coa historicamente importante ponte de Mañufe, tamén do século XII, a máis antiga entre as conservadas no Val de Miñor, a cal segue á espera dunha moi urxente rehabilitación.

Nada se sabe con certeza do trazado das demais dependencias do desaparecido mosteiro, agás que se emprazaron a sur da igrexa; nunca se realizaron prospeccións arqueolóxicas e polo tanto é aventurada toda hipótese. Só as investigacións de Jesús Gómez Sobrino (1994: 82-83) permiten certo achegamento. É con motivo duns mandatos dos visitantes do bispo aos cóengos e capeláns de Santa Baia que se deduce a existencia dun recinto de clausura no mosteiro. Na do ano 1528 díselle a Gregorio de Moronte e a Juan de Cadaval que “abran a porta travesa que sae para a capela”. Ademais a Cada-



Retallo de canzorro orixinal exposto no interior da igrexa.

val, con ameaza de sanción, dáselle orde de que “saque e desembargue todo o que hai no mosteiro e capela, así arcas como toneis e pipas e todas as outras cousas que dentro do dito mosteiro e capela están”. Na de 1541 solicítase aos responsables naquel intre que “fagan facer unhas portas na porta principal de dito mosteiro, de boa madeira, e tapen de boa pedra a porta travesa que está cara á clausura (...)”. Do citado quizais podería deducirse a existencia dun patio estrutural no mosteiro con acceso directo



Restos da fachada sur da Casa de Acevedo. Arco apuntado e ventá con mainel, tornachuvias e polo interior, parladoiros. Ao fondo a igrexa. Vista parcial do corredor da fachada norte da antiga Casa de Acevedo.



Escaleras do patín de acceso á desaparecida solaina emprazada ao carón do arco.

dende a igrexa, que funcionou como clausura e, posiblemente, como organizador das dependencias do mosteiro. Un mosteiro que a esa altura xa se presentaba abandonado, funcionando practicamente como almacén, e posteriormente terminaría por ser desmantelado, cando menos parcialmente. Non obstante, nese lugar tempo despois asentará unha casa grande.

A Casa de Acevedo, segundo Espinosa Rodríguez (1951: 49), fúndaa sobre o edificio do antigo mosteiro D. Jorge de Acevedo, facéndoa cabeza de morgado en 1692. É coñecido, a través das dúas visitas citadas anteriormente, que o mosteiro seguía en propiedade do Cabido de Tui a mediados do XVI. Non hai noticias de que a casa tivese escudo de armas, se ben é probable (noutros lugares consta a existencia de pedras armeras coas insignias deste apelido) e nada sabemos de como e cando foi adquirida polos Acevedo, ou calquera outra familia laica con anterioridade; pero hai constancia de que este veciño do Porriño anos antes de fundar o morgado efectuaba numerosas transaccións comerciais no Val de Miñor. Entre outras, en 1681 formaliza un contrato de arrendamento de terras con Juan do Cotro e Isabel Alonso, propietarios da casa do Alcouce ou Alcoucer¹⁴ xa existente no antigo camiño a Baiona; onde hoxe.

Da casa que foi cabeza do morgado Acevedo pouco se conserva tras as numerosas reparticións e herdanzas do último século e medio largo. Menos aínda, se é que queda algunha cousa, das antigas dependencias do medieval retiro feminino. O lugar foi transformado e dividido de xeito continuo ao longo do tempo, con intervencións irreversibles no XIX; unha inscrición nun lintel existente nun portal de acceso a parte do antigo eido polo vento de solpor segue a ser hoxe testemuña das transformacións efectuadas nese século, e máis se cabe no XX.



Vista inferior das lousas do pavimento do corredor da Casa de Acevedo, nun tipo de pedra abundante en zonas de Donas e Borreiros.

14 Libro de asentamentos de cobros de foros, censos e rendas do morgado da Casa de Acevedo, en Donas.

UNHA CAPELA

Ermidas e capelas son edificacións de carácter relixioso, moi abundantes no medio rural galego; rara é a parroquia que non posúe unha, polo menos. Pero non deben ser confundidas. Aínda que as xentes do rural, e tamén os “urbanitas”, en ocasións se refíren a elas indistintamente, non é o mesmo unha capela que unha ermida.

A ermida sempre se presenta como unha pequena edificación de traza máis ben humilde, de carácter obviamente relixioso e situada nunha paraxe despoboadada. Xeralmente nun lugar alto e afastado, un monte, onde a puido fundar un ermitán ou, o máis habitual, ser construída pola igrexa católica para cristianizar algún antigo rito ou culto de orixe pagá co que, as máis das veces, remata por convivir: antigas adoracións a vellas árbores, a grandes ou singulares pedras, a afloramentos de auga, etc. Na ermida en principio só se celebra rito católico o día da advocación á que está dedicada, coa conseguinte romaxe e festa pagá que iso implica segundo tradición (comida, bebida, música e baile).

A capela é diferente. Non na forma, se é exenta, nin no carácter, nin no tamaño, aínda que tamén as hai formalmente complexas e materialmente ricas, superando mesmo algunhas a moitas parroquiais ou matrices, pero si na localización e xeito de uso. A capela é unha arquitectura relixiosa de acompañamento. Aparece ligada aos templos principais, aos pazos, a determinados núcleos de poboación e aldeas, a hospitais, a universidades e, de forma máis recente segundo veremos máis adiante, presidindo moitos cemiterios hixienistas. A última colonización son os tanatorios. É xustamente o fin para o que se constrúe o que en orixe determina a súa cadencia de uso, que na práctica totalidade dos casos nunca sería único ao longo do ano, se ben estes usos e costumes por razóns diversas mudaron moito nas últimas décadas. Os principais fundadores de capelas ao longo do tempo foron a nobreza, as asociacións gremiais, as confrarías, a Igrexa a través dalgún dos seus membros e, máis tarde, a burguesía.

Neste traballo imos centrarnos na capela de San Cibrán; parece que existiu outra no Monte do Cereixo, da que só se conservan o inicio dos muros e a noticia da súa existencia por tradición oral, probablemente outra ermida, coñecida como a Capela do Aguzo, que deixaremos para mellor ocasión.

Capela de San Cibrán

Achegamento histórico

Preside o barrio de igual nome, un dos máis afastados da parroquia; sen dúbida, o máis afastado entre os de maior cantidade de habitantes. É esta condición e a de estar próxima ás casas que conforman a aldea a que lle proporciona a actual condición de capela, instalada coa intención de achegar o rito cristián aos habitantes do lugar, circunstancia que tempo máis tarde se repetirá coa construción a non moita distancia do segundo cemiterio da parroquia. En todo caso, e recollendo distintas posibilidades do porqué da súa fundación, quizais conveña non esquecer a proximidade respecto dela do asentamento precristián descuberto no Monte do Castro (Hidalgo Cuñarro, 2001:43-44), aos pés do cal, e dándolle fronte á capela, emprázase un notable cruceiro de traza moi similar ao principal da parroquia que máis adiante trataremos.

O dito. Non se sabe con certeza a súa orixe, podendo proceder dunha fundación ou capelanía¹⁵ instituída por algunha familia economicamente forte da parroquia, quizais dando continuidade a un oratorio anterior. A opción do oratorio ou pequena ermida toma moita forza se atendemos ao referido por Pallares Méndez e Portela Silva (1971: 23) sobre o topónimo. Aseguran estes historiadores que o lugar xa se coñecía como “San Ciprián” no século XII, polo que o pequeno templo pode ter unha orixe medieval (nada do conservado parece selo minimamente). En todo caso, segundo datos custodiados no Arquivo Diocesano de Tui, a capela estaba en uso en 1806, pois constan peticións dos veciños do barrio nese ano para a súa elevación a parroquial independente. De igual xeito que o resto de edificacións tratadas neste artigo, sufriu diversas reformas e modificacións ao longo do tempo. Unha delas executouse en 1940, quizais a actual espadana, tal e como recolle a inscrición en alto relevo que o frontón desta presenta. Máis tarde, como a continuación veremos, é sometida a outra de consideración.



Pormenor de remates e espadana coa data 1940.


Descrición arquitectónica

A diferenza da habitual orientación levante-solpor, simbólico nacer/morrer diario, ten a cabeceira orientada a sur. Presenta planta de tipoloxía rectangular, bastante común para este tipo de edificacións, con dúas particularidades: a aparición de contrafortes nos muros e a existencia de sancristía; ningunha delas é usual debido ás reducidas dimensións destes recintos. A superficie construída total en planta da nave é de 78 m², cun rectángulo interior de espazo útil cuxo lado maior mide 10,70 m e o menor 5,20 m. Este espazo está dividido en tres tramos por dous arcos faixóns ou perpiaños de medio punto, en pedra, que descansan sobre os citados contrafortes. O tramo a pés da nave recolle unha entreplanta para o coro resolta con gujería e chan de

15 A criterio do académico José Segundo Miguel y Sánchez, no artigo “CAPELLANÍAS, FUNDACIONES RELIGIOSAS”, as capelanías son unha fundación perpetua feita coa obriga anexa de certo número de misas e outras cargas espirituais en igrexa determinada, que debe cumprir o beneficiado na forma e lugares prescritos polo instituínte. Logo, baseábanse nun propósito concreto marcadamente relixioso, xa que mediante elas celebrábanse un número de misas para intentar acurtar a estancia da alma do fundador no Purgatorio. Para fundalas segregábase unha masa dos bens dunha determinada familia ou liñaxe ou en poder da Igrexa e destinábanse por vontade do fundador aos fins da capelanía. Tiñan carácter perpetuo, xa se dixo, e podían ser colativas ou eclesiásticas e laicais. A institución de capelanías tivo o máximo esplendor entre os séculos XVI e XVIII. A partir de Carlos III, cunha primeira prohibición condicionada destas fundacións, empeza unha decadencia que se acelerará no XIX con punto álxido nas amortizacións.



madeira nunha reforma de 1994. O da cabeceira funciona a xeito de delimitación de presbiterio dende o cal, a través de porta con lumieira, accédease á sancristía pegada ao muro de levante. Esta ten unha superficie construída de 11,40 m².

A nave está teitada por bóveda branca de medio punto, que arranca dunha liña de impostas marcada por unha moldura granítica lisa colocada cando a reforma citada sobre o remate do pronunciamento interior dos contrafortes. A sancristía, de menor altura, ten o mesmo teito a dúas augas que mostra o tellado. Toda a cuberta da edificación está resolta con tella cerámica curva en substitución da plana que presentaba ata a referida década dos noventa, con seguridade incorporada nalgunha intervención




CAPELA DE SAN CIBRÁN. PLANTA REDEBUXADA. PROXECTO DE RESTAURACIÓN. 1994

Alfonso Soliño Trancoso, Arquitecto Técnico



FACIADA. Espazo reformado



SECCIÓN A-A

CAPELA DE SAN CIBRÁN. ALZADO PRINCIPAL (NORTE) E CORTE. PROXECTO DE RESTAURACIÓN. 1994

Alfonso Soliño Trancoso, Arquitecto Técnico



San Cibrán.

relativamente recente; quizais non máis alá de principios do XX. Na mesma reforma retirouse o casetón existente sobre a cuberta e substituíuse por unha ventá tipo “velux” emprazada na vertical da escaleira de acceso á espadana, intentando desta maneira introducir unha solución non discordante coa envolvente e volumetría simétrica da nave da capela.

A fachada de acceso é lisa e simétrica segundo eixe vertical sobre o que se sitúa a porta de entrada rematada en incorrecto arco a xeito de lintel en tres pezas. Enriba dela un pequeno rosetón circular pétreo con seis orificios en forma de aspa. Remata o lenzo unha dobre moldura cóncava que, iniciándose en ambos os dous beirados sen posición horizontal, sobe para rematar en senllas volutas centradas baixo unha peaña de asiento da espadana de dobre van rematada en frontón semicircular coroado por unha cruz entre dous pináculos. Todo en pedra de granito á vista.

Polo oeste a fachada é un rectángulo pétreo no que destacan os dous contrafortes rematados en moldura graduada baixo o sinxelo e tradicional beiril de tella cerámica curva apoiado en contida cornixa pétreo incorporada na reforma dos anos noventa repetidamente citada; ao mesmo tempo introducíronse os remates dos contrafortes. En todo o paramento só hai unha pequena abertura que pasa luz ao presbiterio. Similar solución presenta a fachada oposta. Só muda de sitio a ventá que, desprazada pola sancristía, volume tamén inexistente na anterior, dá luz ao tramo central interior, e acúrtase a altura total do lenzo como consecuencia da adaptación da obra á topografía. A cabeceira remata en pincho coroado por capia pétreo. Esta solución repítese no testeiro da sancristía coincidindo o beirado sobre cornixa das outras dúas paredes co da nave.


O aspecto que actualmente presenta a capela, anteriormente relatado, é consecuencia das obras acometidas no ano 1994, xa se dixo, segundo proxecto de restauración redactado polo arquitecto técnico municipal Alfonso Soliño Troncoso, con supervisión



Vista dende o suroeste.



Alzado leste coa sancristía en primeiro termo.



Fachada de acceso.



Pormenor de rosetón.

da Comisión Mixta de Patrimonio. A obra construída axustouse en todo ao proxectado e ás directrices pautadas polo director de obra a excepción, total ou parcialmente, de tres apartados que por razóns alleas á dirección non se acadaron: textura de remate nos cortes do granito do rosetón, execución formal da escaleira ao coro e elección do material de pavimento interior. O rosetón estaba previsto que tivese todas as caras abuxardadas; a escaleira proxectárase en chapa de aceiro esmaltado con balaústres a base de finas e lisas barras macizas, tamén de aceiro esmaltado, e pasamáns mediante platina do mesmo material, todo sen a máis mínima moldura; por último, o pavimento interior, ademais de recuperar e integrar todos os restos pétreos que puidesen aparecer, prevíase en lousas de granito abuxardado ou resolto a base de ladrillos macizos de barro cocido colocados a “sardinel”, isto é, de canto, formando despezoamento en espiña de peixe.

As propostas referidas foron substituídas durante o proceso de execución sen buscar consenso coa dirección técnica levada a termo polo redactor do proxecto. O argumento finalmente esgrimido foi económico. O parecer da delegación de Patrimonio encargada da supervisión rematou por ser favorable aos intereses da entidade promotora.

Para finalizar, dicir que, segundo nos contou a veciña do lugar do Castro, Consuelo Bouzada, no ano 2007, nesta capela existiu un antigo e non moi claro rito, hoxe desaparecido. Sen poder precisar cal era o obxectivo, comentaba que en setembro, con motivo da festividade de San Cibrán celebrada o día 15, de véspera varias mulleres se achegaban á capela á noite e xa non saían dela ata o día seguinte: durmían nela. Pero non eran as únicas. Contrastando datos para a realización do presente traballo, o propietario da Casa de Batalla, tamén de San Cibrán, cóntanos que existiu o costume de, cumprindo promesa, quedar unha soa persoa, femia ou varón, toda a noite no interior da capela, neste caso procurando estar o máis esperta posible, co obxectivo de tocar a campá. A única noite do ano que se facía era a que ía do día de todos os santos ao de defuntos.



Vista interior dende o coro.

O CAMPOSANTO

Dende o principio o ser humano ideou algún tipo de ritual funerario. As mámoas ou túmulos megalíticos son os enterramentos máis antigos coñecidos en Galicia, e o dolmen, que polo regular aparece no seu interior, a primeira manifestación arquitectónica descuberta e conservada con certa regularidade no mesmo territorio. Unha arquitectura, sen dúbida, de carácter rito-monumental. Pero xa dixemos ao inicio do capítulo que non iríamos máis atrás do medievo.

Historicamente o principal lugar de enterramento para os cristiáns estivo fóra das cidades, quizais arimado a algún eremitorio, ata que tempo máis tarde se empeza a sepultar nos adros das igrexas situadas en espazos urbanos, muralla dentro, e pouco despois no seu interior; ata mediados do século XIII só o clero e a nobreza conseguía enterrarse no interior das igrexas urbanas (Betrán Abadía, 2015: 45-46). Seguíronse a utilizar outros lugares, como por exemplo os camiños, quizais arrastrado dun non desaparecido costume romano, ou aínda anterior, pero en menor medida e xeralmente para casos afectados dalgunha particularidade.

A xerarquización social sempre tivo o seu peso, mesmo despois da morte, e en consecuencia os máis podentes nos enterramentos efectuados no interior das igrexas facían no presbiterio, ante o altar maior, o lugar de soterramento máis caro do templo dende que a Igrexa se decatara do nicho de negocio que significaba enterrar nestes recintos de “terra sagrada”, baixando en escala social e económica a medida que estes se aproximaban aos pés da nave. A nobreza chegou a construír sarcófagos pegados ou embutidos nos muros das igrexas e ocasionalmente capelas anexas que lle servían de panteón. Como é de supoñer, a medida non era moi hixiénica, ademais de seguramente ben molesta debido aos fedores que desprenderían as tumbas, mal seladas, descoiadas e mesmo boa porción delas abandonadas. Este problema pouco melloraba nos



Volumetrías tras o muro delimitador vistas dende o exterior. Lateral sur do cemiterio de San Cibrán. Donas.

enterramentos dos “camposantos” situados arredor da igrexa, problema que se agravaba ata límites insostibles nas poboacións de maior tamaño, especialmente cando os cadáveres, en distinto estado de descomposición, eran trasladados por falta de espazo nestes lugares de enterramento a podreiros e osarios comúns.

A aparición de enfermidades e epidemias en recintos urbanos insalubres provocou a consideración de pestilencia para todo tipo de enterramentos na cidade, dentro e fóra das igrexas, os cales se consideraron como un dos principais causantes do desarranxo, creándose a necesidade de buscar unha nova solución ao problema dos cemiterios. Foi en tempos da Ilustración cando, tras un brote epidémico con máis de oitenta mortes en Pasajes (Guipúscoa) e contando coa asesoría, ditames e informes de diversas institucións, Carlos III, no ano 1787, expide unha “Real Cédula para restablecer el uso de Cementerios ventilados para sepultar los Cadáveres de los Fieles” co fin de crear uns recintos máis apropiados emprazados fóra dos espazos amurallados das cidades: os que podemos chamar pola súa vocación cemiterios hixienistas.

Pero para a aplicación real aínda habería que esperar á chegada do Estado Liberal. Os cemiterios hixienistas constitúen unha nova tipoloxía arquitectónica que pode ter a súa afastada orixe ou inspiración no Cemiterio dos Inocentes, mandado cercar por Felipe II de Francia en 1190 (Betrán Abadía, 2015: 48), o cal, ao pé da igrexa de igual nome, ocupaba o lugar de emprazamento do moi posterior mercado de Les Halles en París. Tras a emisión da Real Cédula e ante a resistencia social á aplicación da reforma funeraria, o profesor de matemáticas da Academia de Bellas Artes, Benito Bails, no seu libro de arquitectura *Elementos de matemática*, de 1796, oponse ao enterramento intramuros e emite unha serie de criterios a ter en conta respecto a dimensións, emprazamento, ventilación e outros que, entende, haberán de cumprirse na nova formulación tipolóxica de cemiterios. Estes movementos viranse sumar a posteriores circulares e normas complementarias editadas tamén en tempos de Carlos IV sen resultados positivos. Haberá que esperar ao Novo Réxime para que se asuma a reforma. Será mediante a Orde aprobada polas Cortes o 1 de novembro de 1813 instando á Rexencia do Reino a que esixise a todas as poboacións a construción de cemiterios hixienistas provisionais ata que se puidesen levantar os definitivos segundo se previra na “Novísima Recopilación”.¹⁶

A linguaxe arquitectónica utilizada e defendida pola Ilustración foi o Neoclasicismo, intento de recuperación de principios de racionalidade ensaiados no mundo clásico. Pódese dicir que os arquitectos ilustrados, sen deixar de lado os aspectos formais, quixeron ter moi presentes as cuestións funcionais. A nova tipoloxía tivo como primeira proposta, prototipo en España, a do modesto cemiterio de La Granja de San Ildefonso, en Segovia, construído segundo proxecto de José Díaz Gamones en 1785, antes da promulgación da Real Cédula. Consiste esquematicamente nun recinto de planta rectangular, cercado en todo o seu perímetro por muro, e con acceso a través de portón con lumieira colocado ao centro dun dos lados maiores. Interiormente, fronte á porta de acceso pero arrimada ao muro da beira contraria, levántase unha pequena capela no centro dun núcleo construído que engloba sancristía, cuarto para o capelán, algúns nichos para depósitos, cuarto para o sepultureiro e unha corte para cabalos, esta con acceso directo dende o exterior do recinto a través dunha porta na cerca. O

¹⁶ A “NOVÍSIMA RECOPIACIÓN” das Leis de España, publicada en 1805, é unha recompilación do Dereito castelán e español.

demais é espazo a ceo aberto para tumbas directas no chan. Outras propostas case contemporáneas, debido á austeridade económica imposta, substituían a capela por unha cruz, en casos baixo teito.

Esta nova tipoloxía mortuoria quere ser un recinto conmemorativo de vocación cívica. Ás buscadas medidas hixiénicas sumaranse outras de tipo conmemorativo que achega o carácter social, máis laico, do momento histórico. O cemiterio hixienista, por influencia dos que nese intre se estaban a construír noutros lugares de Europa, remarcará por adquirir un carácter monumental que ata esa altura nunca posuía ningún campo de enterramentos.

No Val de Miñor aparecen os primeiros cemiterios hixienistas sobre mediados do XIX, procedendo a maioría dos parroquiais de finais do século ou das primeiras décadas do XX. Construíanse atendendo á relixión dominante, o catolicismo, polo que unha gran porcentaxe dos miñoráns disporían dun pequeno apéndice para os que non practicasen ese rito: o “cemiterio dos protestantes”.

Cemiterio de San Cibrán

É un máis dos últimos cemiterios hixienistas do municipio e o segundo da parroquia tras o do Mosteiro. No lintel do portalón de acceso, coroado por unha cruz exenta de pedra, gravado en baixo relevo di:

“AÑO DE 1931. CONSTRUYDO POR EL PUEBLO”

Do cal ha de deducirse que nesa data quedaría totalmente valado e preparado para o uso. O nome tómao do barrio que ocupa sendo el á súa vez o que remata por nomear o lugar. Trátase dun rectángulo de terra valada por muro de cachotería de granito mo-



Vista xeral en dirección á entrada. Estado en 2007.

reno país, de aproximadamente 2,50 m de altura e 60 cm de grosor que encerra unha superficie de 758 m². Este valado só se interrompe en dous puntos: no ángulo noroeste, onde se levanta unha pequena edificación de 23,50 m² para usos múltiples, tamén en pedra, con cuberta a dúas augas, e no centro do muro que pecha o vento leste, lugar no que se sitúa o acceso anteriormente citado. Ante este muro existe unha área de respec-





Vista en dirección á entrada despois da ampliación e urbanización.



Vista xeral en dirección suroeste despois da reforma de 2016.

to de 120 m², con vexetación diversa presidida por cipreses, acoutada por un murete de granito de pequena altura, apenas un metro.

Interiormente o recinto sempre tivo un marcado eixe de simetría puntuado no centro xeométrico por un cruceiro ao que antecedía unha mesa-pousadoiro. Ambos os dous elementos situábanse no cruzamento de carreiros que daban servizo aos catro sectores rectangulares de tumbas en terra cercados por sebes de mirto. Á súa vez esta distribución central estaba rodeada por unha última senda de borde para servizo das columnas de nichos situadas a pé de muro de peche do camposanto. Destes, os máis antigos e de maior categoría estética, todos en estilo ecléctico, emprázanse



Plantas.

nos ventos oeste, leste e sur. Neles, de igual xeito a como sucede no camposanto do Mosteiro, o mármore dominante empregado nas lápidas é de cor branca. Os nichos existentes no lateral norte, relativamente recentes, quizais da década dos setenta, nunca se deberon construír nas condicións que mostran polo seu pobre valor estético, material e construtivo.

Na primeira década do novo milenio a comunidade parroquial detecta necesidade de novas columnas de nichos e acorda co Concello, entidade actualmente propietaria do recinto, unha ampliación intramuros. Elíxese para a súa localización o único espazo dispoñible a sabendas de que desaparecerían os catro sectores cercados por mirto e as tumbas en terra. Con proxecto de quen isto subscribe constrúese unha primeira fase, do total proxectado, de novas columnas de nichos e urbanízase todo o recinto. As obras, rematadas e recibidas polo Concello en novembro de 2016, tamén obrigaron a recolocar o “cruceiro” e a mesa-pousadoiro. Un cruceiro, realmente unha cruz de longo varal, cuxo forte cromatismo oculta o formigón que o configura, único conservado integramente no citado material en todo o Val de Miñor. Procede da década dos cincuenta do século pasado, segundo nos contou Consuelo Bouzada, do Castro de San Cibrán, en 2007, cando tiña 76 anos. Daquela aínda se mantiña o costume de facer descansar os féretros no pousadoiro, ante o cruceiro, para rezarlle un último responso antes de darlle terra.

O CRUCEIRO. UNHA ARQUITECTURA DE INTERMEDIACIÓN

Existen na parroquia tres cruceiros, un calvario e, total ou parcialmente, seis cruces altas. Pero ¿que é un cruceiro? De forma esquemática quizais poidamos dicir que dende o punto de vista formal é aquel monumento emprazado ao aire libre composto por unha cruz latina autónoma situada no alto dunha columna ou varal; a cruz debe ser independente ou se non a totalidade do monumento non pasará de ser unha simple cruz alta, chamada tamén de longo varal. Logo poderá ter outros compoñentes, sendo o máis completo aquel formado por plataforma, pedestal, varal, capitel e cruz. Cada unha das partes pode presentarse lisa ou con molduras e a cruz espida ou figurada. Nas versións máis complexas artisticamente, esta presenta no anverso unha imaxe de Cristo crucificado e no reverso outra da Virxe, xeralmente baixo tres advocacións: a Piedade ou as Angustias, co fillo morto no colo; a Soidade, sempre en solitario e de pé; e a Dolorosa, cunha espada ou sete puñais cravados no corazón. Isto no referido ao apartado físico.

Pero ademais esta peza para que realmente teña a consideración de cruceiro haberá de funcionar a ollos do campesiñado como interlocutor entre o mundo dos vivos e o dos mortos; haberá de ser obxecto principal de ritos, costumes e crenzas. Para iso foi creado e, en consecuencia, será o campo da antropoloxía o que lle dea sentido, o que estude e xustifique a súa localización nas encrucilladas, adros de igrexas, capelas e ermidas, en cemiterios e noutros lugares simbólicos. Sempre ligado ao tránsito, á idea de camiño. Será tamén a antropoloxía cultural quen estude os moitos xa citados ritos e costumes existentes ao seu arredor.

A orixe do cruceiro en Galicia, aínda non suficientemente aclarada e admitindo declaradas discrepancias, parece estar no século XV, coa aparición dos chamados góti-

cos¹⁷, se ben non se produce unha auténtica expansión polo país ata o inicio do século XVII, coa creación do cruceiro barroco, verdadeira icona deste tipo de monumentos no noroeste peninsular, isto é, Galicia e norte de Portugal. O cruceiro é unha das pezas da arquitectura popular e etnográfica, xunto ao hórreo e a casa vernácula, máis emblemáticas e diferenciadoras do hábitat galego.

A etnografía en xeral recibe consideración por parte da lexislación actual, xa se comentou, tendo esta particular atención cos hórreos, os cruceiros e os petos de ánimas. A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, do 4 de maio de 2016, declara xenericamente como Bens de Interese Cultural (BIC) todos os cruceiros, petos de ánimas e hórreos cuxa construción estea confirmada con anterioridade a 1901.

O Cruceiro¹⁸

Outra vez unha peza construída termina por dar nome a un barrio; é o único caso en toda a parroquia no que a cruceiros se refire. As súas coordenadas xeográficas obtidas mediante GPS etrex-GARMIN (DAT MAPA - EUROPEAN 1979) son: Latitude 42° 06'14" N, Lonxitude 08° 47'36" O. Sitúase na encrucillada que forman o camiño



Pormenor do pedestal.

17 Non debe confundirse cruceiro gótico con cruz gótica. Aínda podendo ser temporalmente coetáneos, a cruz por si soa non pode ser entendida como cruceiro ao carecer como mínimo de varal. Estas constrúanse para seren colocadas exentas en altares e outros lugares.

18 O referido a esta peza é copia da ficha correspondente ao monumento en cuestión extractada do volume que co título "ARQUITECTURA DE INTERMEDIACIÓN NO VAL DE MIÑOR. CRUCEIROS E PETOS DE ÁNIMAS" forma parte dun traballo de etnografía, tratada dende o punto de vista da arquitectura, referido a todo o Val de Miñor. O volume citado, actualmente no prelo, dun total previsto de seis, é da autoría de María Xosé Pérez González en colaboración con quen asina este artigo.



Vista xeral do emprazamento.

que dende O Calvario, no Mosteiro, baixa ao Telleiro co que sae en dirección aos barrios de San Martiño e O Aciquelo, en Borreiros. Está totalmente rodeado de casas antigas cercadas de altos muros de cachotaría de granito do país. No ámbito inmediato, como tantas outras veces, proliferan elementos contaminantes da paisaxe, destacando unha vez máis os cables de subministración de enerxía eléctrica e de telefonía e os correspondentes postes. Neste caso contabilízanse doce unidades. O monumento atende á seguinte descrición:

Plataforma

Está formada por tres chanzos de planta circular. O primeiro delas aséntase sobre unha plataforma granítica, tamén de planta circular, que absorbe a pendente do terreo; todos presentan bocel. Teñen as seguintes medidas de diámetro: 2,55 m, 1,85 m e 1,25 m. A altura en todos os casos é 0,22 m e o bocel mide 0,10 m.

Pedestal

É de planta cadrada de 0,68 m de lado e ten unha altura de 0,36 m. As arestas horizontais superiores están redondeadas e nas verticais aparecen talladas cabezas con rostro antropomorfo, de ruda execución, situadas nos catro vértices. Baixo estas os brazos en forma de V para rematar entrelazando as mans sobre a aresta vertical. Outra opción interpretativa posible sería reducir a descrición anterior unicamente á osamenta. A erosión non permite precisar, se ben a opción máis estendida e probable é a segunda.

Varal

Arranca con base cadrada de 0,25 m de lado para inmediatamente pasar a sección cilíndrica de 0,22 m de diámetro. Ten unha lonxitude de 2,51 m ata o colar.

Capitel

Sobre o colar o diámetro do varal crece lixeiramente mantendo a sección circular e remata nunha dobre peza tórica moi pouco pronunciada que funciona a xeito de capitel. Esta peza mide 0,25 m de altura contados dende o colar ata o remate.



Pormenor do anverso da cruz.

Cruz

A cruz ten sección cadrada que varía entre os 0,20 m de lado na base aos 0,15 no cabeceiro. Os brazos e o cabeceiro rematan de forma lobulada. Na vista lateral apréciase como se inclina cara ao anverso buscando equilibrar o peso da gran masa que presenta a Virxe. Ten unha altura de 1,15 m e o pau horizontal mide 1,00 m.

No anverso aparece un Cristo moi pegado á cruz cos brazos moi longos e as pernas algo flexionadas. O traballo, aínda que expresivo, é moi rudo na execución e a figura moi rixida, sobre todo na metade superior. Enriba da cabeza aparece unha cartela que non mostra inscrición, ou polo menos non se le.

No reverso está representada unha Dolorosa de gran volume e presenza moi arcaica. Aparece coas mans entrelazadas sobre o

peito, baixo as cales, e ao que sería practicamente a altura dos xeonllos, aparecen dous enigmáticos vultos semiesféricos atravesando a roupaxe que non son outra cousa que os seos nus, para o que non atopamos simboloxía, nunha localización totalmente fóra de proporción. A roupaxe, representada de xeito elemental, envolve totalmente a figura que unicamente mostra espaldas xa citadas mans, os mencionados peitos e o rostro. Este, con expresión triste, está envolto pola roupa, rematando por formar un aro arredor del. A Virxe aparece representada sobre un querubín e ten moita maior altura que o Cristo do anverso.

Datación

Como na maioría destes monumentos, tampouco neste caso existen datos acerca do autor e data de creación. É posible que a inscrición que intuimos no pedestal achegase algunha luz sobre a data, pero ao ser practicamente invisible polo altísimo grao de erosión nada aclara. A cara norte do pedestal, a menos castigada, permite ver algún trazo pero segue a ser ilexible a mensaxe.

Atendendo á factura da obra habemos de concluír que posiblemente o autor non andaba sobrado de recursos artísticos. Isto, por si mesmo, ou sexa, o carácter arcaico da obra, neste caso xa pode ser un condicionante que induza a erro á hora de datalo. Aínda así, tendo en conta que as figuras do pedestal nos remiten ás caveiras e tibias que formaban parte da que pode entenderse como simboloxía tradicional do século XVII, ao tratamento plano e pegado á cruz do Cristo e a que non é moi habitual que

os cruzeiros anteriores a 1700 presenten plataformas circulares, pensamos que podería tratarse dunha peza da segunda metade do XVII ou algo posterior.

Conservación

Os chanzos da plataforma están parcialmente soterrados polos sucesivos pavimentados que sufriu o camiño. O bocel que presentan ten graves danos en varios puntos. O pedestal está erosionado moi severamente, de xeito especial nas figuracións que aparecen nos vértices.

Comentarios e lendas

Visitado o 27 de agosto de 2007.

Era parada para os enterros que subían en dirección ao camposanto dende os barrios do Telleiro, As Barreiras, O Sobreiro e o propio Cruceiro. Ante el pasaba unha procesión, desaparecida hai aproximadamente uns sesenta anos, que saía da igrexa parroquial, baixaba ata o barrio da Barga, continuaba polo Camiño Real ata O Telleiro e subía polo Cruceiro cara ao barrio do Mosteiro. Tamén en tempos chegaba ata el unha procesión en rogativa no mes de maio que se correspondía coa terceira xornada, pois a primeira realizábase arredor da igrexa parroquial e a segunda chegaba ata o calvario do Mosteiro.

Dende antigo existiu o costume de achegarse a orar ante el. Este hábito, hoxe totalmente desaparecido co falecemento hai un ano¹⁹ de Camila do Cruceiro, exercíase ao atardecer. Reuníanse mulleres dos barrios do Telleiro, O Cruceiro e outros para celebrar rezos de xeito ritual, describindo círculos arredor do monumento en tanto rezaban. Algunhas levaban flores que, unha vez rematada a cerimonia, depositaban sobre o pedestal onde permanecían ata a mañá seguinte cando a mesma devota pasaba a recollelas. Finalizados os rezos, a plataforma do cruceiro servía de asento ás mulleres, as cales iniciaban un faladoiro que adoitaba estenderse ata ben entrada a noite en época estival.

Este monumento tamén se coñece, con menor intensidade, como Cruceiro do Cura, supoñemos que pola proximidade da casa que en tempos utilizou algún sacerdote.

Principal fonte oral: Luz Martínez Fernández (72 anos), do Cruceiro, e Preciosa Dacosta Araújo (80 anos), da Barcalla.



Pormenor do reverso da cruz.

¹⁹ Todos os datos do cruceiro están referidos ao ano en que o visitamos, isto é, 2007.

BIBLIOGRAFÍA

- ÁVILA Y LA CUEVA, FRANCISCO (1852). *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado, Vol. II. Vilas, parroquias, arciprestados*. Edición facsimilar. Consello da Cultura Galega 1995.
- BANGO TORVISO, ISIDRO GONZALO (1979). *Arquitectura románica en Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña 1979.
- BAS LÓPEZ, BEGOÑA (1983). *As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia*. Ediciós do Castro. Sada.
- BETRÁN ABADÍA, RAMÓN (2015). *La ciudad y los muertos. La formación del cementerio de Torrero*. Ed. Ayuntamiento de Zaragoza.
- BONET CORREA, YAGO (1994). *La arquitectura del humo*. Ediciós do Castro. Sada.
- BURGUEÑO, JESÚS (1995). La génesis de la división territorial contemporánea en la España atlántica (Galicia, Asturias, Cantabria y el Bierzo). *Ería, Revista Cuatrimestral de Geografía* 36: 6.
- CAAMAÑO SUÁREZ, MANUEL (2003). *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*. Ed. Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.
- DE LLANO CABADO, P. (1981). *Arquitectura popular en Galicia*. Vol.1. Ed. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Santiago de Compostela.
- DE LLANO CABADO, P. (1983). *Arquitectura popular en Galicia*. Vol. 2. Ed. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Santiago de Compostela.
- DE SA BRAVO, HIPÓLITO (1972). *El monacato en Galicia*, Vol. II. A Coruña.
- ESPINOSA RODRÍGUEZ, JOSÉ (1951). *Casas y cosas del Valle Miñor*. (2ª Ed.) Vigo.
- BOUZA BREY, FERMÍN (1953). Noticias históricas sobre la introducción del maíz en Galicia. No Boletín da Real Academia de Historia. Tamén en *Etnografía y Folklore de Galicia* (2). Edicións Xerais. Vigo 1982.
- FLÓREZ, ENRIQUE (1747--). *España sagrada.*, vol. 22(*La Iglesia de Tuy desde los orígenes hasta el siglo XVI*). Ed. Orbigo, 2005.
- FONTOIRA SURÍS, RAFAEL (1996). *Descubrir el románico por tierras de Pontevedra y el Camino de Santiago*. Deputación Provincial de Pontevedra. 2ª ed.
- GALINDO ROMEO, PASCUAL (1950). *Tui en la Baja Edad Media. Siglos XII-XV*. Instituto "Enrique Florez". Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- GÓMEZ SOBRINO, JESÚS (1994). Noticias inéditas sobre monasterios desaparecidos de la diócesis de Tuy. *Actas do Coloquio Galaico-Minhoto, I*. Viana do Castelo. 1994.
- HIDALGO CUÑARRO, J.M. & COSTAS GOBERNA, FJ (2001). *Prospecciones arqueológicas en los valles del Tea, Alvedosa y Miñor*. Ed. Museo Municipal Quiñones de León. Vigo.
- IGLESIAS ALMEIDA, ERNESTO (2006). Tráfico marítimo e fluvial nos portos do sur da provincia de Pontevedra (séculos XIII-XVII). Toxosoutos. Noia.
- PALLARES MÉNDEZ, M^a DEL CARMEN & PORTELA SILVA, ERMELINDO (1971). *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*. Universidad de Santiago de Compostela.
- SAAVEDRA, P, SOBRADO, H. & PRESEDO, A. (2013). *La red parroquial y el clero rural en la Galicia de los siglos XVI-XIX: resultados de una investigación en curso*. Obradoiro de Historia Moderna. Universidade de Santiago de Compostela.

- SÁNCHEZ AMEIJERAS, R. (2013). *La escultura románica en la provincia de Pontevedra*. En *La Enciclopedia del Románico*. Provincia de Pontevedra. Ed. Fundación Santa María la Real del Patrimonio Histórico. Aguilar de Campoo.
- SÁNCHEZ PARDO, J.C. (2014). Organización eclesiástica y social en la Galicia tardoantigua. Una perspectiva geográfico-arqueológica del parroquial suevo. *Hispania Sacra* 46: 23.
- SOLIÑO TRONCOSO, M., MOSQUERA VELEIRO, J.L., SOLIÑO TRONCOSO, ALF. & SOLIÑO TRONCOSO, ANT. (1995). *Gondomar. Historia, arte e territorio*. Ir Indo. Vigo.
- VÁZQUEZ CORBAL, M. (2005). *La iglesia de Santa Eulalia de Donas (Gondomar): un ejemplo de las relaciones entre el románico del Baixo Miño español y portugués*. Fundación Cultural Rutas del Románico. Pontevedra.
- VV. AA. (1997). *Historia de Chandebrito*. Coordinación de Clube Espeleolóxico Máúxo. Ed. Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Chandebrito e Concello de Nigrán 1997, pp. 112-122 Pódese citar mellor?

Memoria técnica dos traballos de extracción, restauración e conservación dos fragmentos dos debuxos feitos polos presos no Mosteiro de Sta. María de Oia durante a Guerra Civil (1936-1938)

CELIA CASAS PÉREZ¹

RESUMO

A conservación e restauración de bens artísticos é unha disciplina que mestura o estudio histórico coa investigación científica dos compoñentes das obras que se están estudiando para poder desenvolver unha metodoloxía e uns tratamentos de restauración adecuados, respectando ao máximo a integridade estrutural, o uso para o que foi concibida e a súa esencia histórico-artística.

Neste caso, describiranse os antecedentes históricos, os axentes de deterioro, as patoloxías atopadas, os tratamentos producidos para a súa conservación e o resultado de ditos traballos.

Gustáriame agradecer ós propietarios do Mosteiro de Oia por facer posible este proxecto e facer fincapé na necesidade de por en valor este tipo de bens culturais, histórico e artísticos que son os sinais máis representativos do paso do tempo, dos acontecementos sufridos, vividos ou desfrutados.

Cada sociedade fráguase a través da suma das experiencias vividas, sexan boas ou malas, o noso presente é froito dun pasado e temos a obriga de conservalo para o futuro, para que as novas xeracións teñan constancia da identidade e dos sucesos que fixeron que sexamos dun xeito ou doutro.

ABSTRACT

The conservation and restoration of artistic assets is a discipline that mixes historical study with scientific research of the components of the works being studied in order to develop a methodology and appropriate restoration treatments, respecting as much as possible the structural integrity, the use for which it was conceived and its historical-artistic essence.

In this case, the historical background, the agents of deterioration, the pathologies found, the treatments produced for their conservation and the result of these works will be described.

I would like to thank the owners of the Monastery of Oia for making this project possible and to emphasize the need to value this type of cultural, historical and artistic assets which are the most representative signs of the passage of time, events suffered, lived or enjoyed.

Each society is forged through the sum of lived experiences, whether good or bad, our present is the fruit of a past and we have an obligation to preserve it for the future, so that new generations are aware of the identity and events that made us one way or another.

¹ ararestauracioncelia@gmail.com

DATOS XERAIS DAS INSCRICIÓNS/GRAFITIS

Durante os anos da Guerra Civil empregáronse algúns edificios desamortizados, de “*las manos muertas*” (*Igrexa católica e ordes relixiosas*) dende 1798 coa desamortización de Godoy ata ben entrado o século XX (16 de decembro de 1924), como cárceres provisionais como foi o caso do Mosteiro de Oia, considerado campo de concentración de presos.





Porta que da acceso ás estancias que teñen os debuxos.



As paredes nas que se atoparon os debuxos están situadas nas estancias interiores da á oriental da primeira planta do claustro regular, que á súa vez é a occidental do patio coñecido como “*patio de los naranjos*” marcada coa liña de puntos.

Para subir aos habitáculos onde están os grafitos, accedeuse dende a escalinata central que comunica a parte alta do claustro regular situado ao oeste do patio dos laranxos, coa parte alta das dependencias construídas no século XVIII, e a enfermería.



Franxa na que aparecen os debuxos



Tamaño deste debuxo 21 cm longo x 15 cm de alto



Este é o grafiti de maior tamaño que se atopou e ten unhas medidas de 1 m de longo x 35 cm de alto.

Durante os anos 1936 ao 1939 as estancias monacais transformáronse en improvisadas celas dun campo de concentración nas que os presos deixaron debuxadas e escritas nas paredes as súas inqedanzas, vivencias, esperanzas e demais expresións, que co paso dos anos convertéronse en expresións histórico-artísticas e en parte do patrimonio inmaterial que debemos conservar.

Os grafitis/debuxos fixéronos a 1,20 m do chan e nunha franxa de 1 m de alto ao longo das paredes onde o que corresponde coa altura cómoda para pintar e escribir nas paredes. Os motivos repetíanse dun xeito recorrente o que podería xustificarse coa copia duns a outros polo amoramento ó que estaban sometidos no cárcere.

Durante o tempo de internamento dos distintos presos que por estas instalacións pasaron no transcurso dos anos, fixéronse sobre as paredes múltiples inscricións/grafitis que incluso aparecen superpostas unhas sobre outras.

Denominámolas dos dous xeitos atendendo a se son:

INSCRICIÓNs: debuxos ou textos que se fan marcando directamente o muro cun obxecto punzante (neste caso lapis).

GRAFITIS: que procede do italiano *graffito* e adaptouse ao español e galego como grafito co sentido de “*inscrición na parede*” aínda que nunca se emprega ese termo mais si o de grafiti que é una técnica na que non se emprega a incisión no muro.

Entre tanto, empregamos grafiti para referirnos a que se trata dunha técnica libre, que normalmente é ilegal e que posúe como norma xeral un carácter satírico ou crítico.


EXAME ORGANOLÉPTICO DA OBRA:

Tipo de soporte

A estrutura sobre a que se realizaron estas inscricións é un muro de ladrillo dun chan oco colocados en panderete sobre os cantos. A argamasa empregada na unión é unha mestura de cal + area + restos de carga de baixa calidade.



Este tipo de muro é o que se emprega para a maioría das divisións das distintas estancias nas que estaban os presos, por iso puidemos atopar grafitis por ambos os dous lados do muro de ladrillo.



Plano de localización dos distintos grafitis nas paredes do Mosteiro de Oia.



As inscricións dispóñense en 22 grupos polos muros descritos no plano (realizado por Javier Costas Goberna). A súa disposición está a 1,20 m do chan e nunha franxa de 1 m de alto polo ancho de cada unha das paredes. Os tamaños dos grafitis van dende os 10 x 15 cm e 22 x 25 (a maioría) ao máis grande que é o Q1 que mide 1 m de ancho por 35 cm de alto.

Estes muros divisorios non se van conservar polo tanto non se tivo en conta ningún tipo de intervención de conservación. Cortouse para poder extraer o mellor posible todos os fragmentos de inscricións/grafitis.

A calidade dos ladrillos era totalmente deficiente ao igual que a súa colocación xa que deixaron grandes cavidades entre eles e non mantiveron o nivel nos mesmos xerando ocos polos que se colocaba unha grande cantidade de morteiro e distintos grosos para recuperar o seu nivel coa aplicación do morteiro.

Ademais do muro de ladrillo, existe outro muro distinto empregado na chamada “Capilla de los Jesuitas” (Capela dos Xesuítas) e que posiblemente foi realizado nos primeiros 30 anos do século XX, que foron os anos de permanencia no Mosteiro dos Xesuítas portugueses. Este muro está realizado con táboas de piñeiro/pinaster colocadas en sentido horizontal e vertical para crear un novo muro divisorio que puidese ser cuberto por morteiro. Este tipo de muro chámase ENTRAMADO.

O estado de conservación dos grafitos realizados sobre estes muros foron un dos máis difíciles de conservar polo pésimo estado de conservación do enlucido e pola dificultade de corte do soporte.

Este soporte só aparece nos muros divisorios das estancias X1, Y1, H3, H2 e H1


Mortero de enlucido grosso

Para alisar as paredes de ladrillo aplicouse unha grosa capa moi variable que abarca dende os 2 mm aos 15 mm de espesor cun morteiro de area + cal que na actualidade presenta problemas de cohesión interna. A degradación pola acción da humidade e filtración de auga fan que en moitas zonas estea disgregado e que se destrúa co roce.

A presenza de sales tamén afecta á súa degradación.

Durante o estudo organoléptico víronse a través do microscopio a presenza de eflorescencias salinas, restos de compostos de recheo como: palla, anacos de madeira, restos metálicos, cunchas...

A proximidade do mar fainos valorar a utilización da area da praia como parte da carga dese morteiro, de aí os restos atopados.



Resto de palla no interior do morteiro.

Morteiro de enlucido fino

Sobre a capa anterior de morteiro grosso aplícase unha fina capa de enlucido a base de cal branca apagada mentres o enlucido aínda estea lixeiramente mordente, para poder facilitar a carbonatación do carbonato cálcico e darlle maior consistencia ao morteiro.

Esta capa de enlucido aplicouse en todos os muros sen pigmentar, unicamente coa cor branca orixinal da cal.

No caso do enlucido tamén aparecen dous distintos, o anteriormente descrito que é o máis empregado e a aplicación de xeso branco sobre este enlucido para reparación nas paredes: X, A1, X1, Y1

Todas as representacións atopadas realizáronse cun único utensilio:



Aquí pódese apreciar como o xeso se aplicou sobre o enlucido orixinal de cal.

Lapiseiro ou grafito

Utensilio para escribir, debuxar ou pintar que consiste nunha barra delgada e longa xeralmente de madeira, cunha mina cilíndrica e fina de grafito ou outra substancia mineral no interior que sobresaie por un dos extremos desta barra cando está afiado. No século XVIII o lapis de madeira foi inventado polos italianos.

As únicas diferenzas que se atoparon entre as inscricións/grafitis foi o grosor do trazo posiblemente debido a existencia de distintos tipos de lapis e a presenza dun ton azulado que corresponde coa oxidación do pigmento azul dun bolígrafo ou rotulador desa cor.



INTERVENCIÓN REALIZADA

Os traballos que a continuación se describen son os que se desenvolveron durante os meses de xulio a decembro de 2019, e estiveron encamiñados á retirada, restauración e conservación dos fragmentos de muro con inscricións/grafitis.

Para dar comezo aos traballos de restauración e conservación de ditos fragmentos procedeuse do seguinte modo:

REALIZACIÓN DO PROYECTO E APROBACIÓN DO MESMO POR PARTE DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO. Confirmación do permiso o 28 de maio de 2019.

Realización de planos, marcas de corte e enumeracións dos muros




Para dar comezo aos traballos marcáronse os distintos fragmentos posibles de corte nunha planimetría xeral, (empregando os mesmos códigos que no plano facilitado polos arquitectos) segundo o paramento no que se atopen, colócanse unhas cintas de corte polas dúas caras do muro para poder salvar a maior parte posible dos grafitos.

Durante estes traballos fotografáronse dun modo exhaustivo todos os debuxos que se intentaron conservar.

Debido á problemática da disposición de grafitos sobre as dúas caras do muro, a superposición de imaxes, a pésima calidade do soporte empregado e a pulverulancia do enlucido, algúns dos grafitos que fotografamos antes do corte do muro non se puideron conservar.

Exemplo dun dos grafitos que foi imposible conservar.





Aplicación de empapelados e engasados para protexer os grafitos durante o corte das inscripciones

Durante o estudo destas obras valorouse a existencia de dous tipos de soporte ben diferenciados para a extracción das inscricións, entre os realizados nos tabiques interiores de ladrillo que se van a eliminar e os realizados no muro de carga que non se pode tocar. Os restos que atopamos nos muros de carga non son o suficientemente representativos (pequenos fragmentos incompletos e en moi mal estado) como para ser conservados.

Por iso se determina que a extracción realizárase mediante a técnica de *STACCO A MASSELLO*. Esta técnica é a menos daniña para a pintura mural, nela retírase a policromía (neste caso grafito) + a capa de intonaco (enlucido) + a capa de morteiro + o soporte (neste caso ladrillo ou madeira).

Os grafitos que se van a conservar sitúanse o 100% sobre un muro de ladrillo ou de armazado/pombalino.

O adhesivo empregado determinouse mediante as *probas de solubilidade e estabilidade* dos materiais empregados na realización dos grafitos.



Como se pode apreciar ao aplicar a resina márcanse todas as grafitas que xa existen no muro e que tras o desengasado vanse a separar.



Determinábase realizar os engasados con *Resina Paraloid B-72 ao 10% en acetona* polo elevado grado de evaporación da acetona o que nos permite controlar a migración da resina ao interior do enlucido.

Este proceso vai encamiñado á protección das inscricións/grafitis durante o proceso de extracción e corte do muro.

Extracción das inscricións

Tras o estudo dos fragmentos que se van conservar, da solubilidade das inscricións/grafitis e da aplicación do método de protección (engasado) que se realizou no proceso anterior, procédese á súa retirada seguindo o seguinte criterio:



1. Faise un primeiro corte sobre a marca realizada



2. Colócanse unhas cinchas para asegurar o fragmento de muro.



3. Perfórase co taladro toda a parede para comprobar o corte das dúas partes do muro.



4. Acábase de cortar todo o muro para soltar a peza.



5. Con axuda dun sinfín e as cinchas báixase a peza.



6. Colocación da peza retirada entre dúas pranchas de poliestireno estruído para o transporte.



7. Colocación das pezas sobre palets para poder transportar.



8. Cada un dos fragmentos depositase e trasládase do mesmo xeito que na imaxe.

Retirada co tabique de ladrillo: neste caso a retirada faise con parte do muro de ladrillo, córtanse os fragmentos marcados cunha cortadora eléctrica de material cerámico e colócanse sobre os soportes preparados (prancha de poliestireno estruído para o seu traslado a taller e poder restauralos alí. Nos muros de dobre cara con inscricións márcanse para cortar o muro con las dos caras.

A técnica empregada é stacco a massello, con este sistema extráese en bloque a pintura xunto cun anaco do muro polo que é fundamental dispoñer dun sistema de protección para garantir a estabilidade da pintura mentres se realiza o proceso de arranque, do contrario a pintura corre o risco de danarse.

Tras o marcado e engasado das paredes que se van a retirar dáse comezo ao proceso de extracción dos fragmentos de muro seguindo o seguinte proceso:

Proceso de restauración de cada un dos fragmentos

Tras a extracción de todos os fragmentos procédese á súa restauración e á realización de todos os traballos necesarios para poder expoñer nun novo soporte (os seleccionados para a exposición) e o resto para poder almacenar da mellor maneira posible:

Revisar o estado da capa de protección aplicada antes de intervir no anverso. Tras a retirada de todos os grafitis/inscricións darase comezo á revisión dos distintos fragmentos para comprobar que a capa de protección continúe en bo estado para comezar coa restauración.

Eliminación de todos os excesos de parede, conservando unicamente a capa de morteiro e a policromía. Para eliminar o excedente de soporte realízanse pequenos cortes cruzados no morteiro do muro que están marcados cun límite de incisión que se determinou ao coñecero grosor do morteiro máis o enlucido. É dicir, como o grosor do morteiro + enlucido do muro é de 5/15 mm, marcouse na folla de corte un límite de 4,5 cm para eliminar o máis próximo ao morteiro policromado dun modo máis puntual e controlado.



A. revisión do engasado e realización de marcas para cortar a zona de debuxo.



B. Realización do corte do morteiro sobrante.



C. Retirada do enlucido do ladrillo por medios manuais.



D. Traslado do fragmento de morteiro con grafito para o taller.

Consolidación da capa de morteiro que presenta descohesión interna pola perda de acción do aglutinante

Tras o análise do tipo de aglutinante existente no morteiro e a súa calidade (carbonato cálcico, area de mar, restos de material vexetal “palla, herba...” realízase a consolidación mediante impregnación con brochas con augas de cal e nanopartículas de cal para empregar materiais o máis parecidos aos orixinais. Tras a aplicación de tres mans, compróbase que non é moi efectivo neste caso e procédese a consolidar coa aplicación de resinas Paraloid B-72 ao 10 % en acetona en varias aplicacións. Dependendo do fragmento aplicáronse entre 3 e 6 capas.




O proceso de consolidación do soporte foi moi complicado xa que o grao de degradación fixo moi complicada a súa conservación.

Tras a aplicación de consolidantes procedeuse á inxección de morteiro hidráulico (PLM) ao 15 % en auga + un 5 % de Primal AC33) para poder selar as fisuras e a enorme cantidade de gretas que aparecían por todos os fragmentos.



Pegado dos distintos fragmentos dos grafitos

Durante o proceso de eliminación do soporte de ladrillo do enlucido e a súa consolidación apareceron infinidade de gretas que provocaron que moitos dos grafitos se dividisen en moitos anacos que se tiveron que pegar un a un. Empregouse primal Ac.33 en auga e Acetato de polivinilo disolto en auga ao 50 %.



Eliminación de los empapelados y engasados

Tras os traballos de fixación dos distintos fragmentos podemos proceder aos tratamentos da capa pictórica, para dar comezo a devanditos traballos o primeiro que facemos é retirar as capas de protección que se aplicaran para poder retirar os fragmentos do muro. Como o material empregado foi Paraloid en Acetona, aplicárase acetona




con brochas ou esponxas a modo de tampóns para abrandar pouco a pouco o adhesivo e retirar as gasas e papel xaponés sen danar os debuxos.

Limpeza das policromías e enlucidos orixinais

Durante o proceso de retirada dos empapelados xa se limparan un pouco a superficie, xa que a sucidade superficial adheriuse á gasa e ao paraloid.

A limpeza foi moi suave xa que prima a conservación de todos os grafitos e inscricións así como as marcas do muro xa que a pegada do paso do tempo e os sucesos que alí ocorreron tamén están reflectidos nos muros.

Límpanse os grafitos mediante dos sistemas:



1º *en seco* con gomax, brochas suaves, esponxas naturais, e mecanicamente coa axuda de espátulas e bisturís.

2º *en húmido* con disolventes que permiten a súa conservación e que determinamos antes de limpar con pequenas probas con auga +alcohol e acetona.



Preparación de soportes de paneis de niño de abella serie PGA para a colocación das inscricións. Aplicación dunha capa de morteiro para adherir os fragmentos.

FICHA TÉCNICA DO PANEL NIÑO DE ABELLA SERIE PGA

Os paneis de niño de abella serie PGA están constituídos por:

- Revestimentos externos chamados “peles”, realizados cun tecido de fibra de vidro bidireccional de 500 g/m²; cada tecido ten un espesor de 0,5 mm e está impregnado cun adhesivo epoxídico autoextinguible
- Estructura alveolar de niño de abella en aluminio interior con celas de 6,35 mm.

PROPIEDADES PRINCIPAIS


- Elevada resistencia a esforzos de corte e de flexión (Certificados “Istituto Giordano” - informes de ensaio n° 83026 - 83027 - 83028 do 05/10/1994)
- Excelente resistencia á compresión: 22 kg/cm² min. - cela 6,35mm; (Certificado “Istituto Giordano” - informe de ensaio n° 85086 del 15/12/1994) - planura e lixeireza.
- Excelente estabilidade e resistencia aos axentes atmosféricos.

PRUEBAS: todos os paneis foron probados por institutos especializados e por laboratorios propios.

RESISTENCIA Á TEMPERATURA: o panel resiste á diferenza de temperatura de - 40 a + 90°C. Reacción ao lume segundo o método CSE RF 3/77 e CSE RF 2/75 A. Resultado: “PANEL PGA” = Clase 1 (Certificado “Istituto Giordano” - informe de ensaio n° 85846 del 27/01/1995 - Homologación Ministerial del 18/01/2005).

ADHESIÓN E ENVELLECIMENTO: os paneis PGA sometidos a varios métodos de envellecemento non evidencia sinais de diminución especial das características de adhesión e de resistencia. (Certificado “Istituto Giordano” - informe de ensaio n° 85086 do 15/12/1994).

RESISTENCIA AO PEELING: a utilización de film termoplástico implica valores de peeling ata 5 veces superiores con respecto ás normais colas termoendurecibles (resistencia ao peeling segundo a norma EN 2243/3). Dita proba levouse a cabo despois dunha serie de ciclos de envellecementos acelerados que non implicaron ningún deterioro das características do panel. Valor de peeling: 100 NEWTON mínimo (Certificado “Istituto Giordano” - informe de ensaio n° 83071 do 06/10/1994).



Tras a consolidación do soporte, o pegado de fragmentos, a retirada de engasados e a limpeza das policromías procédese a cortar anacos de soporte PGA do mesmo tamaño que os grafitos.

Os traballos desenvólvense do seguinte modo:

- 1.- Unha vez que se marcaron no taboleiro xeral os tamaños dos grafitos para poder aproveitar ao máximo o soporte existente.
- 2.- Cortar o taboleiro a medida.



Colocación dos distintos fragmentos en cada un dos paneis

Sobre o panel de abella aplicarase unha fina capa de morteiro realizado a base de cal apagada en pasta e area de sílice de gran similar ao orixinal que nos funcionará de cama niveladora para os distintos fragmentos ata crear unha especie de muro continuo cos distintos fragmentos. A súa disposición realizarase seguindo o criterio establecido pola propiedade.

Colocación de cada un dos fragmentos aplicando primeiro unha fina capa de primal Ac-33 ao 20% en auga e despois un pouco de morteiro de cal hidratada en pasta con area de sílice de granulometría fina 0.2-0.3. Tras colocalos reénchense con morteiros os laterais e alísanse.





Estucado de lagunas

Recheo dos espazos entre os distintos fragmentos cun morteiro adecuado ata dar unidade á prancha expositiva. Os espazos de unión entre os distintos fragmentos reintegráranse co enlucido fino a base de cal apagada e como última cama a modo de enlucido fino aplícase un estuco a base de xeso de Bolonia e cola de coello. Tras o secado (xa que se aplica ao baño maría para que penetre nas xuntas), líxase e prepárase para poder reintegrar.



Reintegración cromática dos novos morteiros para dar unidade estrutural e estética a cada un dos paneis

Unicamente se reintegran as zonas de enlucido novo para crear a unidade necesaria no conxunto. Esta reintegración realízase pigmentando directamente o enlucido se fose posible ou entoándoo cun auga de cal pigmentada tras a súa aplicación e mediante acuarela coa técnica do regatino.

Estas pezas están expostas nas instalacións do Mosteiro de Oia para o disfrute e a visualización dos interesados.




EQUIPO TÉCNICO QUE FIXO POSIBLE ESTE PROXECTO

Dirección técnica:
Celia Casás Pérez.

Equipo técnico:
Eva Costas Gallego
Anxo Estevez Barcala
Alejandra Casás Iglesias

Equipo de desmontaxe e apoio:
Manuel Fontán
Lucas Fontán
Venancio Fontán Javier
Miguel Fernández Guiadanes



BIBLIOGRAFÍA

- COSTAS GOBERNA, F.J., L. ÁLVAREZ CAEIRO & L. GONZALEZ VICENTE (2018). Testimonios del horror de la Guerra Civil española en los muros del monasterio de Oia. *Glaucoptis: Boletín del Instituto de Estudios Vigüeses* 23: 421-478.
- BURNETT BOLLOTEN (1989), *La Guerra Civil Española: Revolución y Contrarrevolución*. Alianza Editorial.
- COSTAS GOBERNA, F.J. Con otra mirada horror de la guerra civil española en el Monasterio de Oia 1963-1939.

Os traballos de restauración están encamiñados á conservación das obras realizadas no muro mantendo un principio básico de respecto ao orixinal, mínima intervención (non se debe modificar o ben que se vai conservar para que manteña a súa integridade histórica e estética no transcurso do tempo) e todos os criterios de restauración e conservación de respecto escrupuloso ao orixinal.

“Comer, beber, arder”. Aproximación á economía e sociedade do Val Miñor ó comezo do século XX

JOSÉ LUÍS MOSQUERA VELEIRO

RESUMO

Cunha industria moi limitada e un sector terciario case inexistente, a actividade económica do Val Miñor era fundamentalmente agraria coa pesca en alza nos municipios costeiros. A poboación tivo un crecemento limitado por mor da emigración e os servizos públicos foron moi escasos debido ó exíguo orzamento municipal. A alza dos prezos e os precarios salarios situou moitas familias da comarca no limiar da pobreza.

ABSTRACT

With a very narrow industry and a tertiary sector almost non-existent, the economic activity of the Val Miñor was mainly agricultural with a soaring fishing in coastal municipalities. Population growth was limited due to emigration and public services were very slight on the strength of the low local budget. Price increase and precarious salaries placed many families in the area on the poverty line.

O cambio de século foi, en termos xerais, determinante para a transformación da sociedade e da economía galega. Crece a poboación, desaparece a práctica secular do autoconsumo, consolídase a pequena explotación no rural, desenvólvese a industria derivada do mar e avanza os servizos públicos (Alonso Álvarez, 2010).

Respecto á demografía, a comarca, ata 1920, ten un crecemento semellante ó de Galicia e un pouco menos que ó da provincia. (Souto González, 1991: 15) A principios do século XX o partido xudicial de Vigo (Vigo, Lavadores, Bouzas, Baiona, Gondomar e Nigrán) tiña unha poboación de 64.328 habitantes, dos cales 18.463 (28,70%) correspondían aos municipios do Val Miñor.

A causa fundamental de que non se producise un incremento demográfico maior débese ó proceso migratorio, que tivo importantes repercusións sociais, económicas e políticas, xa que procurou, entre os retornados, una clase de rentistas e propietarios que van copar a dirección das institucións asociativas culturais, agrarias e recreativas e, ó mesmo tempo, formarán parte da elite política local.

Tal foi o impacto da emigración sobre as parroquias, que algunhas delas tiveron unhas taxas de crecemento negativo ó perder poboación neta. Os traballos dos irmáns Souto González así o certifican: saldos intercensais na comarca de -549 para o primeiro decenio e de -465 para o segundo. A regresión demográfica vaise incrementar nos anos vinte, o que supuxo un estancamento na poboación do Val Miñor.

Os mesmos autores poñen de relevo que as parroquias que sufriron un éxodo máis-acusado foron Morgadáns, Baíña, Sta. Cristina, Donas, Vilaza e Camos. E todo iso a pesar de que, como a prensa advertía, “la emigración a América ofrece pocas ventajas”¹

As razóns do abandono dos seus fogares tiña que ver coa presión demográfica sobre a terra, maioritariamente minifundista, que superaba a capacidade produtiva desta, sendo incapaz de xerar os recursos suficientes para soste a poboación, o que explica a emigración ós países en proceso de crecemento económico, en particular ós países latinoamericanos, que tamén ofrecían a vantaxe dun idioma común (Núñez Seixas, 1992: 19-21).

Esa diáspora non soamente influíu na cuestión agraria, senón que tamén afectou a tódalas actividades da vida cotiá. As asociacións viron diminuír os seus afiliados, as bandas de música os seus intérpretes, os equipos de fútbol os seus xogadores, incluso o orfeón *La Lira* de Gondomar chegou a disolverse por falta de efectivos ó encontrarse a maioría dos seus setenta compoñentes en América.

En termos xerais os miñoráns vanse a desprazar principalmente a Arxentina, Uruguai, Brasil e Cuba, países que precisaban de abundante man de obra debido economías baseadas nas exportacións de materias primas sobre todo do sector agrario. Así, os veciños de Santa Cristina emigraban a Bos Aires e Matanzas (Cuba); Donas, Borreiros e Morgadáns a Montevideo e Bos Aires; Couso a Río de Xaneiro; Chaín a Montevideo, Bos Aires e Lisboa; Peitieiros a Montevideo e Cienfuegos (Cuba). A escasa mobilidade interior tiña Sevilla como a praza máis solicitada.

O sector agrario galego experimentou nesta etapa significativos avances: o paso do campesiño arrendatario a propietario, *dono de seu*, que se culminou coa lei de Redención Foral de 1926, e as melloras técnicas no campo incrementadas polas actuacións das sociedades e sindicatos agrarios) (Fernández Prieto, 2005).

1 *La Voz del Miñor*, 16 de decembro de 1915.

No Val Miñor a agricultura e a gandería monopolizaban a actividade laboral a pesar do déficit de man de obra a consecuencia da emigración. Case tódalas familias do Val Miñor eran propietarias de terra, en maior ou menor superficie.

PARROQUIAS	1900	1910	1920
Baiona	1.464	1.608	1.977
Baña	718	794	842
Baredo	673	677	667
Belesar	723	720	722
S. Cristina	845	1029	1.110
BAIONA	4.423	4.828	5.318
Borreiros	566	693	627
Couso	449	474	497
Chaín	442	475	470
Donas	918	956	929
Gondomar	1.037	1.036	1.145
Mañufe	1.050	1.030	1.007
Morgadães	1.456	1.370	1.224
Peitieiros	613	647	692
Vilaza	513	560	556
Vincios	800	1.070	1.124
GONDOMAR	7.844	8.311	8.271
Camos	714	662	764
Chandebrito	267	303	310
Nigrán	1.043	1.019	1.139
Panxón	1.319	1.339	1.483
Parada	631	676	627
Priegue	609	693	813
S. Pedro	1.613	1.714	1.809
NIGRÁN	6.196	6.406	6.945

Evolución da poboación. Parroquias dos municipios do Val Miñor

FONTE: Souto, Marta y Xosé M. (1991:177)

Trigo	3.976 Qm.	Centeo	2.800 Qm.
Millo	40.188 Qm.	Feixón	39 Qm.
Patacas	37.500 Qm.	Viño	1.519 Hl.

Producción agrícola en Baiona (1907)².

FONTE: Arquivo municipal de Baiona.

Trigo	100 Qm.	Centeo	2.000 Qm.
Millo	40.000 Qm.	Feixón	4.000 Qm.
Patacas	20.000 Qm.	Vino	1.500 Hl.consumo

Producción agrícola Nigrán (1907)³.

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán.

Trigo	3.000 Qm.	Centeo	3000 Qm.
Millo	32.000 Qm.	Feixón	820 Qm.
Patacas	850 Qm.	Vino	2.970 Hl.

Producción agrícola Gondomar (1905)⁴.

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar.

En canto ó consumo de carne, as reses sacrificadas en Baiona entre o matadoiro municipal e as casas particulares elevouse a 2.400 unidades entre ganado vacún, ovellas, cabras e porcino.

A actividade industrial era moi limitada. En Baiona, na primeira década do século, había 19 muíños fariñeiros dos cales un era de vapor e os dezaoito restantes eran hidráulicos, sete fornos de cocer o pan, unha fábrica de conservas propiedade do ex alcalde Fernando Barreiro, que vai pechar na década seguinte, unha fábrica de serrar dos irmáns López, que daba emprego a oito obreiros, e moi axiña unha fábrica de gasosas dos señores Leal e Santalla nas que traballarán catro mulleres e un home.

En Nigrán, un escrito que o alcalde lle enviou á autoridade provincial aclaráballe que “en este distrito no existen industrias ni establecimientos fabriles de importancia”⁵. A pequena industria reducíase ás panificadoras, seis muíños fariñeiros e algún que outro serradoiro de madeira. A comezos dos anos vinte figuraban tamén no censo de actividades industriais catro canteiras localizadas na Tarela (Nigrán), Priegue, San Pedro e Chandebrito, que empregaban un total de 14 obreiros.

Moi semellante era o panorama de Gondomar: algunhas panaderías e muíños de auga, dos cales a maioría eran de uso familiar, algún serradoiro a pequena escala e pouco máis constituían o seu censo industrial. Non existían nin industrias

2 Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 828, Carpeta 828/6. Documento de 29 de enero de 1907. Informe para o Ministerio de Guerra

3 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 33. Correspondente a 1907

4 Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 1447, Carpeta 1447/6. Correspondente a 1905. Servizo Agronómico de Pontevedra.

5 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 2104, Libro de Oficios. Documento de 14 de setembro de 1907.

fabrís nin agrícolas, agás as sinaladas. A poboación, ademais de atender os labores do campo, empregábase no sector da construción ocupando os oficios de canteiro, carpinteiro ou albanel.

Todos os empresarios que se dedicaban á explotación de actividades industriais ou comerciais figuraban baixo o epígrafe de industrias, e tiñan que satisfacer o imposto de contribución industrial anual. A listaxe nominal dos contribuíntes, que se facía efectiva todos os anos, indicábanos o número de persoas que deran de alta un establecemento con actividade económica no concello, cun par de aclaracións: por un lado, sempre houbo unha pequena desviación na cantidade total polas altas e baixas que se producían en cada exercicio, e por outro, podería haber varios contribuíntes, e de feito habíaos, que cotizaban por máis dunha actividade económica e, polo tanto, o número de contribucións era sempre maior có número de contribuíntes.⁶

	Nº recibos contribución	Recadación ptas.
1907	104	7.084
1910	111	8.345,48
1920	116	8.078,74

Contribucións industriais e recadación. Baiona (1907-1920)

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

Gondomar, a pesar de contar cunha maior superficie e poboación, dispuña de menos asentos contables nos rexistros de contribución industrial e cunha recadación sensiblemente inferior en todos os anos que tomamos como referencia⁷

	Nº recibos contribución	recadación ptas.
1907	67	3.269,40
1910	67	3.033,91
1920	71	3.169,34

Contribucións industriais e recadación. Gondomar 1907-1920

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

⁶ Arquivo Municipal de Baiona, Caixas 1277, 1278 e 1279 e Carpetas correspondentes a eses anos.

⁷ Arquivo Municipal de Gondomar, Caixas 1262, 1263, con listados de contribuíntes e contribucións desde 1907 a 1923.

En canto a Nigrán:⁸

	Nº recibos contribución	recadación ptas.
1907	35	3.189,07
1910	38	2.433,65
1920	53	3.467,36

Contribucións industriais e recadación. Nigrán 1907-1920.

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

Outra actividade económica característica das localidades da franxa costeira foi a pesca. A comezos do século XX, Baiona tiña unha matrícula pesqueira de dez barcos que capturaban aproximadamente 15.000 quintais de sardiña, 4.000 de pescada e 100 de melva que desembarcaban no porto da vila (Leboreiro Amaro 2011: 70).

Como a faena principal era a pesca da sardiña, a flota puxo rumbo ós caladoiros de Aveiro (Portugal), xa que no litoral de Baiona contaban coa competencia desigual dos vapores estranxeiros que tendían os seus aparellos tan preto da costa “que se distinguía desde la carretera que va a A Guarda, y a simple vista, la tripulación de los buques”⁹ Se iso non fose prexudicial de seu para a economía local, esas compañías vendían o peixe inservible para a súa industria no mercado de Baiona a prezos moi baixos, una ducia de pescadas por trinta céntimos, imposible de igualar polos comerciantes nativos. A pesar de que o axudante da Mariña puxo estes feitos en coñecemento da Armada, os pescadores non albiscaban unha solución ante a falta de vontade das autoridades para enviar unha patrulla á costa que rematase coa impunidade da que gozaban eses buques.

Que este labor era o motor da economía de Baiona era algo evidente: “se dice que la vida y riqueza de Baiona está en la pesca”¹⁰ Por iso en 1907 xa existía a Xunta de Pesca que estaba composta polo axudante de Mariña como presidente, secretario José B. Varela e como vogais unha representación dos distintos estamentos da profesión: Vicente González Cadilla, como patrón de traíneiras; José Ventura Lago, como patrón de xeito; José Leyenda Rodríguez, como patrón de artes fixas e José Leal López e Jesús Vázquez Nartallo como propietarios de embarcacións.

A meteoroloxía invernal marcaba a grandeza ou a miseria do traballo dos mariñeiros. En tempos de bonanza as capturas eran abundantes e os beneficios tamén. Proveitoso foi aquel decembro de 1915 cando, en menos dun mes, entraron na vila máis de 25.000 ptas, produto das excelentes caladas de sardiñas.¹¹ Ou cando a motora de Claudio Chamorro de Panxón desembarcou corenta cestas de sardiña e vendeunas ó excelente prezo de corenta pesetas cada unha. En cambio, cando os temporais aumentaban e se prolongaban no tempo, a ausencia de traballo colocaba os pescadores nunha situación difícil que se paliaba coa axuda das corporacións, coa colaboración do comercio local e subscricións populares por medio de vales permutables por alimentos ou en racións de comida servida no Hospital de Baiona.

8 Arquivo Municipal de Nigrán, Caja 4029. Matrícula industrial 1900-1930.

9 *La Integridad*, 4 de Octubre de 1907.

10 *El Miñor*, 21 de abril de 1907.

11 *Ibid.*, 10 de diciembre de 1915.

As dificultades climáticas engadíaselles a complexidade da política internacional. A decisión por parte do goberno portugués (1917) de ampliar ata seis millas da costa as súas augas territoriais e, polo tanto, declarar zona prohibida para a pesca de barcos estranxeiros, afectou de cheo a pequena frota de Baiona e Panxón. O patrón e armador González Cadilla formou parte da delegación española nas negociacións levadas a cabo entre representantes das autoridades de ámbolos países.

A actividade pesqueira na costa do Val Miñor, tamén experimentou transformacións sociais e económicas co paso dos anos, que tivo que ver con novos conceptos empresariais: a propiedade das embarcacións e a constitución dos cadros de traballadores. Así, anos atrás, en Baiona(...) cuando la casi totalidad de los marineros se dedicaban a los oficios, cuando existían los jeitos y la merluza y el ollomol eran una fuente de saneados ingresos para nuestra villa, los patrones eran generalmente también los armadores.¹²

En cambio, co paso do tempo todos eran patróns e propietarios das embarcacións coas que faenaban; xa no existían asalariados, todos eran pescadores “que en sus gamelitas todo lo más tripuladas por dos hombres atienden el sustento de sus familias”.¹³

Non sempre os investimentos nos barcos e aparellos de faenar corrían a cargo do sector propiamente pesqueiro. Algunhas veces os ricos da comarca e algúns americanos retornados exercían de armadores, ás veces de forma individual e outras formando sociedades. Exemplo diso son o farmacéutico da vila José Barreiro Álvarez e o rentista de Sabarís Vicente Mosquera. Da mesma parroquia, tanto Francisco Pereira Jorge como Juan Carvedo, Rotilio Niel e o militar José del Río entre outros, tamén investiron neste negocio. Con todo a modernización da frota era lenta: en 1915 o número de barcos a vapor non chegaba a catro.

En Panxón, Manuel D. Macaya foi o armador máis importante. Tamén Vicente Sanromán, Ramón e Manuel González, Claudio Chamorro, José Costas e Emilio Freiría. Dos seis barcos atracados nese peirao, a motora *Bienvenida*, propiedade dunha sociedade, incorporou como socio o comerciante Bernardo Vázquez. Aínda que nove meses despois ese mesmo grupo traspasou o devandito barco a unha sociedade de Bouzas. A prensa local lamentábase de que agora soamente quedaban cinco embarcacións en Panxón.¹⁴

A importancia deste sector en Baiona foi recoñecida polos rexionalistas galegos que, nas súas primeiras asembleas, nomearon o veciño desta vila, Rodríguez de Vicente, como un dos relatores do seu programa pesqueiro.¹⁵

No ramo do comercio, á parte da iniciativa levada a cabo polos establecementos privados, a actividade estivo centrada nas feiras tanto, en Gondomar, con cinco citas por mes, días 3, 11, 15, 20 e 29, como, a partir de 1911, en S. Pedro da Ramallosa. En canto á oferta e demanda dos produtos alimenticios e outros, o pulso comercial marcárono os mercados dos luns, que se celebraban ó aire libre en Gondomar, e, sobre todo, pola súa antigüidade e dimensión, na parroquia de Santa Cristina de Sabarís.

En xeral existía un control moi laxo sobre a hixiene e a calidade dos produtos que se ofertaban neses recintos. Nin sequera se exercía unha vixilancia rigorosa sobre os

12 *La Voz del Miñor*, 9 de outubro de 1912.

13 *Ibíd.*

14 *Ibíd.*, 2 de setembro de 1916.

15 *A Nosa Terra*, 30 de abril de 1921.

prezos e soamente en contadas ocasións o alcalde de Baiona ordenaba unha inspección ante a carestía dos alimentos de primeira necesidade ou, tamén, con motivo da crise dos acaparadores de millo do verán de 1917. En cambio, o comercio oficial si estaba sometido ós controis periódicos das autoridades. Panadeiros, carniceiros e incluso leiteiras serán sancionados polas deficiencias no peso ou na calidade das súas mercancías.

As tendas, ademais, tiñan que resignarse ante a competencia que exercían os sindicatos e sociedades agrarias, xa que ofertaban para os seus afiliados partidas de aceite, a zuzre, sal, millo e outros produtos a prezos máis competitivos.¹⁶ Isto influía negativamente nos balances económicos deses negocios, tendo en conta que nos municipios rurais a maior parte da dieta alimenticia era da súa propia colleita. Só o bacallau, arroz, azucre, aceite e algún que outro produto adquiríanse nos despachos de ultramarinos e en pequenas cantidades.¹⁷

Tamén xurdían discrepancias en canto ó horario e calendario de apertura. As autoridades tiñan que lidar cós comerciantes que pretendían unha ampliación das horas de despacho ó público. Os expendedores de produtos máis necesarios foron os favorecidos e, nese senso, autorizábase a que permanecesen abertos os domingos “las tabernas que vendan artículos de comer, beber y arder”.¹⁸

Por outro lado, en canto ó control sobre os prezos, rexíase por unha política intervencionista. A Xunta Provincial de Subsistencias e incluso a Alcaldía, arrogábanse as competencias para autorizar ou non os incrementos solicitados polos comerciantes e industriais. Nas actas das sesións plenarias era frecuente verificar os debates sobre esas demandas empresariais que case sempre foron rexeitadas.

A incidencia da carestía da vida durante a I Guerra Mundial notouse en tódolos mercados do país, incluso nos máis pequenos. Así, en 1915, a subida dos prezos fíxose notar, inda que de forma moderada, sobre todo nos cereais, por un desfase entre a demanda real e a oferta dos produtos expostos no mercado. Rematada a guerra, os valores mantivéronse un tempo en niveis moi altos se os comparamos cos baremos que presentaban antes do conflito, nese caso imputable ós incrementos salariais que os empresarios trasladaran ós importes. É dicir, ó agricultor a explotación da súa parcela resultáballe máis custosa, polo que no lle quedaba máis remedio que incrementar o valor dos seus produtos (García Delgado, 1981). Iso explica que desde 1915 a 1920 houberse aumentos moi significativos nos cereais, como un 40% no trigo e un 20% no centeo, chegando ata un 75% de engadido no ferrado de millo.

En Nigrán un informe municipal permítenos valorar as desviacións das tarifas e os seus incrementos.¹⁹

16 *La Voz del Miñor*, 22 de xullo de 1922. Así se dirixía un veciño ao dependente dun ultramarinos do casco urbano de Gondomar: “Mira chico, necesito una arroba de aceite pero el Sindicato me lo da a tal precio, si tú me lo das (a ese precio), primero eres tú”.

17 Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 2032, Libro de Actas 2032/14. Sesión plenaria 30 de maio de 1909.

18 Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 121, Libro de Rexistro de Saída 121/3. Documento de 6 de novembro de 1921.

19 A equivalencia do ferrado non é fácil de calcular xa que dependía da zona e incluso do cereal. No Val Miñor, en xeral, un ferrado de trigo ou centeo equivalía a 13 kg., mentres que algo menos de 16 kg para o millo. Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 1447, Carpeta 1447/6. Ano 1905.

Clase/ cantidad	1907	1910	1915	1920	1922
Trigo/ Ferrado	4,50	4,50	5,00	7,00	5,50
Centeo/ “	3,00	3,00	4,00	5,00	4,00
Miúdo/ “	3,00	3,00	3,50	6,00	4,00
Millo/“	3,50	3,00	4,00	7,00	5,00
Galiña/unidade	3,00	4,00	4,00	4,00	3,50
Polo/“	1,50	1,50	1,75	3,00	2,00
Cabrito/“	3,50	4,00	3,75	5,00	5,00
Manteiga/conca	1,25	1,50	1,50	2,50	2,00
Ovos/doce	0,75	1,00	1,00	2,00	2,50

Prezos medios en Nigrán (1907-1922)

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

En Gondomar, a corporación tamén aprobou os prezos medios dos artigos de consumo cotizados no mercado desa vila durante o último quinquenio.

Produtos	Por hectolitro (ptas.)	Por ferrado (ptas.)
Trigo	36	6
Centeo	25,50	4,25
Cebada	28,80	4,80
Millo	25,20	5,25
Feixón	31,68	6,00
Viño	33,25	
Galiñas-unidade	4,40	
Polos-unidade	3,40	

Prezos medios en Gondomar (1915-1920)

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar.²⁰ Elaboración propia.

Outros tipos de prezos eran os que se ofertaban nos mercados abertos de Sabarís, Gondomar, Nigrán e Baiona. A listaxe das taxacións das materias primas publicábanse nos semanarios locais. Atendendo a esas fontes confeccionamos unha táboa de custos que ofrece unha idea aproximada da evolución dos prezos dos produtos máis deman-

²⁰ Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 21, Carpeta 21/2. Sesión plenaria de 25 de xaneiro de 1920.

dados. Particularmente interesantes son as series do mercado dos luns de Sabarís, moi indicativas do esforzo que tiñan que facer as clases populares para poder subsistir.

Así, no primeiro trimestre de 1905 o millo encarecerase moito, tanto que os veciños de Sabarís queixábanse de ter que pagar uns prezos “que no estábamos acostumbrados”²¹ Aboaban por un ferrado a esaxerada cantidade de 3,10 ptas, pero un mes máis tarde ese cereal taxábase en 3,75 ptas., o mesmo que en Nigrán, mentres que en Gondomar adquiríase por algo menos, 3,50 ptas.

A flutuación dos prezos do millo fixo que os veciños non tivesen máis remedio que adaptar o seu presuposto diario a importes aínda máis elevados. O pico máis alto alcanzou as 5 ptas o ferrado, un desembolso desproporcionado para unha economía familiar, en Sabarís algo menos, 4,5 ptas. Pero, a medida que avanzaba o mes de outubro, os prezos volvéronse moderar, dentro da súa carestía, caendo a 3 e 3,5 ptas. en Gondomar, aínda que non en Sabarís, onde os compradores seguían pagando máis de 4 ptas por ferrado. A pesar de que ó comezo de 1906 se seguiron marcando cotizacións moi altas, axiña se foron estabilizando entre as 3,25 e 3,75 ptas., unhas cotas desmedidas que se mantiveron polo menos ata a primeira metade de 1907.

	1919	1920	1921	1922	1923
Ovos	2,16	2,5	2,33	2,42	2,15
Millo	0,51	0,51	0,43	0,33	0,3
Patacas	0,47	0,55	0,35	0,33	0,3
Feixóns	0,71	1,06	0,63	0,46	0,38
Pan	0,78	1	0,81	0,73	0,68
Carne tenreira	3	3,5	2,97	2,8	2,8
Arroz	0,9	0,9	0,75	0,7	0,7
Bacallau	3,2	3	1,86	1,9	1,9
Garavanzos	1,4	1,4	1,25	1,2	1,2
Xabón	1,8	2,4	2,25	2,2	2,2
Graxa	4,12	4	4	4	4
Aceite	1,85	2,5	1,92	1,92	1,8

Evolución dos prezos no mercado de Sabarís - Baiona

FONTE: Distintos números do semanario a *Voz del Miñor*. Elaboración propia.

O viño era esencial na dieta alimenticia, sobre todo para os campesiños. É difícil valorar a súa taxación, xa que ós condicionantes propios do mercado en relación coa dimensión da colleita, uníase a calidade do mesmo tendo en conta o viño novo, sempre máis valorado e mellor pagado có chamado viño vello e, por último, encontrámonos con outras dificultades engadidas debido á medida empregada: a pipa, de discutida

21 *El Miñor*, 28 de xaneiro de 1905.

capacidade e localización, xa que, segundo as zonas, empregábanse recipientes de 250 o 500 litros, ou ambos. Con eses antecedentes e que sexa como dato de referencia, o prezo da pipa de viño a comezos de abril de 1905 situábase en Nigrán entre 80 e 120 ptas., segundo fose vello ou novo. Toda cantidade por encima dese prezo considerárase como excesiva. O ano seguinte, os veciños de Baiona terán que pagar entre 125 e 150 pesetas por pipa. En cambio, cando a colleita saturaba a capacidade do mercado, como a de 1909, os prezos caían de tal xeito que, a pesar de ofrecerse a 70 ptas. a pipa, “no fue posible encontrar compradores”.²² As queixas dos consumidores, tiñan que ver coa adulteración do viño local ó mesturalo co viño que se importaba de Valencia, coñecido como *martillo*.

O tabaco tamén formaba parte da rutina cotiá de moitos veciños da comarca. En 1906, o estanco de Pazos Graña, alcalde de Gondomar, despachaba o paquete de tabaco *popular* a 45 cts.²³

Polo tanto, entre 1910 e 1915, cando unha familia ía á compra tiña que dispor de 1 pta. si quería adquirir un kg. de touciño, o kg. de carne de vaca saía entre 1,25 e 1,50, as patacas eran moi baratas, os cen kg. por 3 pesetas, uns zapatos custaban unha cantidade máis que respectable, de 10 a 12 ptas. o par, e a vara de tea custaba 0,50 ptas. O obreiro gañaba por termo medio de medio duro (2,50) a 3 ptas. semanais; ata 1920 no se dobrou ese salario ata 5 ou 6 ptas.²⁴ Non é de estrañar que a principios de 1915, no centro de Baiona, onde apenas vivían 300 familias, 190 “fuesen pobres de solemnidad”.²⁵

O peixe por excelencia era a sardiña. O seu valor fluuaba, xa que o mal tempo orixinaba pouca oferta e, polo tanto, unha subida de prezos e, polo contrario, as grandes caladas fundían a súa cotización, o que non facía rendible tan dura actividade, aínda que, para manter os prezos nos portos de Baiona e Panxón, moitas veces os barcos descargaban en Vigo a parte máis importante da pesca obtida. Á parte diso, atopamos tamén algúns obstáculos derivados das medidas que se adoptaban á hora de efectuar as vendas. Algunhas veces as transaccións efectuábanse por centos, outras por miles e as máis por cestas, e estas últimas con capacidade para 400 o 800 unidades. Como referencia podemos citar que nos primeiros meses de 1905, en Panxón, vendíase o milleiro de sardiñas entre 12,5 y 15 ptas., mentres que en Baiona facíano entre 10 e 12.²⁶

Despois de fixarnos nos prezos dos produtos básicos, trataremos agora de valorar o nivel de vida dos obreiros e empregados públicos, atendendo ós seus salarios.

22 *O Miñor*, 19 de setembro de 1909.

23 *Ibid.*, 2 de xuño de 1906.

24 *La Voz del Miñor*, 1 de abril de 1920. A vara era unha medida de lonxitude que variaba segundo os distintos territorios de España, a máis empregada era a vara castelana que medía 0,835 m.

25 *El Pueblo*, 14 de xaneiro de 1915.

26 *El Miñor*, 7 de xaneiro e 18 de febreiro de 1905.

	1905	1910	1920
Secretario	1.600	2.000	2.000
Adm. 1º	999	999	1.500
Adm. 2º	900	900	600
Depositario	958		999
Cabo	638,75	730	1.065,8
Policía	547,5	638,75	992,25
Médico	1.625	1.625	1.825
Practicante		150	100
Veterinario		250	
Farmacéutico			816

Salarios empregados municipais Baiona

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia

	1905	1910	1920
Secretario	2.000	2.500	2.500
Oficial	1.500	2.000	1.500
Auxiliar	1.000	1.000	
Escribente	500	500	
Alguacil	400	500	800
Médico	750	1.000	1.500
Carteiro	200	200	200
Veterinario		25	35
Practicante		25	

Salarios empregados municipais Nigrán

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia

	1905	1910	1920
Secretario	2.000	3.000	4.000
Oficial 1º	995	995	1.751
Oficial 2º	900	900	1.751
Depositario	500	500	500
Médico 1	1.250	1.250	2.000
Médico 2	1.250	1.250	2.000
Practicante	500	500	500
Alguacil	600	(2) 800	(2) 800
Carteiro	150	150	150
Veterinario	150	150	250
Insp Sanidade			365
Of. Catastro			1.751
Farmacéutico			1.358

Salarios empregados municipais Gondomar

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia

En canto á iniciativa privada, tomamos como referencia as retribucións en Nigrán, que serían similares ás pagadas noutros municipios da comarca.

	Máximo	Mínimo
Albanel	4	3,5
Carpinteiro	4	3,5
Canteiro	4	3,5
Xornaleiro	2,5	2
Xornaleira	2	1,5
Neno	1,5	1

Salario Traballadores Nigrán (1913)

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán

A pesar deses salarios e aqueles prezos das materias primas, as autoridades locais de Baiona consideraban que a alimentación da veciñanza era, en xeral, boa, aínda que rebaixan a regular a manutención da clase obreira e deficiente para os xornaleiros “dieta de carne para las clases pudientes y media, y vegetal en las clases pobres”.

En Gondomar a documentación consultada cualifica o réxime alimenticio como escaso, a base da dieta era vexetal acompañada de carne salgada. Iso si, a clase social tamén marcará unhas sutís diferenzas nos menús: os dos pobres con pan de millo como actor principal, mentres que a clase traballadora engadálle, ademais do millo, pequenas proporcións de centeo e trigo; tamén facían uso, algunhas veces, das carnes de porco e de vaca, e nas máis de peixes correntes e bacallau. Tódolos produtos que se servían na mesa, salvo os relativos ó mar, eran materias primas da localidade.

O turismo de praia como actividade económica iniciou os seus primeiros pasos nesta comarca a finais do século XIX, primeiro en Baiona e posteriormente alcanzará o municipio de Nigrán na zona de praia América e as dunas de Panxón.

Baiona contara, desde antigo, con apoloxistas das excelencias do concello e das súas xentes, que fixeron as veces de vangarda publicitaria para os futuros veraneantes. Un dos máis destacados foi José M^a Posada Pereira, periodista vigués que publicou en 1866 “Un paseo de Vigo a Bayona”:²⁷

“Sus calles aunque estrechas como las de toda población antigua, estaban muy aseadas y sin aquel aspecto de miseria y abandono que se advierte en algunas de nuestras grandes ciudades, lo que prueba que en el reducido pueblo de Baiona hay buena policía (...) se encendieron los faroles (...) y a pesar de los escasos recursos de este municipio tiene un alumbrado público regular y guardias municipales muy decentes que (...) desempeñan al mismo tiempo el destino de serenos.”

Na última década do século pasado, tras unha tímida incursión de veraneantes madrileños, o médico, Ignacio Cordero, en sociedade có recadador de impostos Agapito Ordóñez, intuiron as posibilidades que supoñía a explotación da hidroterapia a base de baños e masaxes con algas, así como a auga iodada da praia da Concheira, sita na mesma vila, e construíron un balneario na devandita praia despois de vencer non poucos atrancos administrativos e veciñais que tiñan que ver coas suspicacias de parte das elites locais pola ocupación dunha parte da costa por unha empresa privada.

Esa actividade supuxo un atractivo turístico máis e incrementou a presenza de visitantes e *bañistas* durante a tempada estival co conseguente negocio para a industria hoteleira, como o Hotel La Palma, Hotel Suízo, Hotel Roma, Hotel Madrid, e tamén para pensións e hostais de menor categoría abertos para facer fronte á demanda, cada vez máis crecente, de familias madrileñas, galegas e do resto da Península.

O turismo converteuse no dinamizador socio-económico de Baiona aínda que os seus persoeiros preferiron os balnearios de Caldas de Tui, Cuntis, Verín, Mondariz ou incluso Monção (Portugal). Pronto se viu como unha oportunidade de progreso para a vila, por iso xurdirán partidarios de incrementar os recursos públicos e privados para atraer e facerlles a estancia máis atractiva ós veraneantes. Para logralo créanse comisións de veciños²⁸ que, cos comerciantes e as sociedades recreativas, elaborarán

27 *El Pueblo* publicou fragmentos dese libro. As notas que recolleemos aquí saíron publicadas no número de 2 de xuño de 1917.

28 Fernando Barreiro como presidente, Vicente M^a Fernández (párroco), vicepte. 1^o, Manuel Caballero, vicepte 2^o; Ulpiano Nogueira, tesoureiro; José Pérez, contador; Cándido del Río, secretario e Florentino

programas de actividades lúdicas para ocupar o tempo libre dos visitantes e mellorar os servizos públicos, como o aumento do alumeadado, o melloramento do mobiliario urbano nos paseos principais, concertos de música para amenizar as xornadas vespertinas e nocturnas, etc. E todo iso, a pesar do pouco apoio do goberno local, “era lamentable la conducta del Ayuntamiento y la indiferencia con que veía los intereses de este pueblo”. Tanto foi así, que, nese mesmo verán, as únicas festas que se programaron foron as da asociación de mariñeiros.

Os impulsores desta nova industria encontraron o apoio do periodista José M^a Rodríguez Barreiro, que pon o seu novo semanario, *El Miñor*, ó servizo do turismo e trata de convencer os indecisos de que a presenza da colonia foránea na vila era benéfica para todos.²⁹ Na súa opinión era a principal fonte de riqueza local “no cabe discutir (...) [pues] en el plazo de dos meses deja en el pueblo más de 30.000 duros, respetable suma que se reparte en orden relativo entre todas las clases sociales”. Incluso tratou de persuadir os críticos realizando as súas propias previsións. Realizaba o seu cálculo sobre un número de 150 familias veraneantes e, cunha media de tres persoas por familia, resultaba unha poboación engadida de 450 individuos. *El Miñor* prevía un gasto por persoa de 5 ptas diarias, incluído o aloxamento, o que daría como resultado un consumo de 2.250 ptas por día. Tendo en conta que a media da tempada estival era de 45 días como mínimo, “tendríamos unhos ingresos de 101.250 ptas”. En consecuencia, o semanario preguntábase

¿Es justo que hallándonos en fines de julio y por lo tanto en mitad de la temporada veraniega, no haya organizado nuestro municipio festejo alguno ni demostrado celo e interés por hacer grata la estancia a nuestros huéspedes?³⁰

Sobre as carencias de Baiona para converterse nunha capital turística reflexionaba Manuel Pazo no *Noticiero de Vigo* e demandaba un tranvía que a comunicase con Vigo alumeadado eléctrico do que por agora carecía, un balneario de maior categoría do que actualmente existía e que a señora marquesa do Pazo da Mercé concedese o acceso polo castelo á tranquila praia da Barbeira.³¹

A pesar de que non se concretou ningunha desas peticións, a veciñanza admitiu pouco a pouco os beneficios que reportaba o turismo, polo que era aconsellable dar unha imaxe de vila coidada e aseada. Por iso, ano tras ano, a comezos de maio, rara era a casa onde non se visen albaneis, carpinteiros, pintores etc. que se ocupaban das obras de mantemento e restauración dos edificios, conseguindo así unha presenza máis estética da localidade. Claro que había melloras e investimentos que se debían acometer con rapidez, xa que a ausencia de atractivos acabaría afectando ó número de entradas de foráneos, tal como sucedeu no verán de 1913 onde a chegada de bañistas diminuíu tanto que se vía con pesimismo o futuro da colonia de verán: “(...) el verano de 1913 trajo muy poca gente a nuestra playa, el del 14 trajo menos y el actual de 1915, no aportará ni un alma”.³²

Isla, Miguel Vidal, Ramón Fernández, José Senra, vogais. Mauricio, Antonio (2001): Historia de Bayona, desde tiempo inmemorial hasta nuestros días, Pontearreas (Pontevedra), Alen Miño, pp. 274-275.

29 No seu primeiro número, Rodríguez Barreiro fai unha declaración de intencións respecto á liña editorial a seguir. Nela ocupa un lugar importante a promoción do turismo a xuzgar por afirmacións como: “dedicaremos preferente atención al mantenimiento de la colonia veraniega en nuestra envidiada playa, por ser la principal fuente de riqueza local”. *El Miñor*, 26 de novembro de 1904.

30 *Ibid.*, 23 de xullo de 1906.

31 *El Noticiero de Vigo*, 16 de outubro de 1905.

32 *El Pueblo*, 28 de xaneiro de 1915.

Pero non todo consistía en convencer as autoridades dunha maior implicación para facer de Baiona un concello atractivo, senón tamén en evitar que o visitante levase unha impresión negativa. Como sinalaba Ulpiano Nogueira, non se debía consentir que nas festas e romarías se repetise o espectáculo repulsivo á vista dos espectadores do desfile de un enjambre de tullidos, llagados y demás formas de la humana desdicha, que en asalto a la piedad transeúnte, profieren sin cesar esa letanía gemibunda, invocaciones a la misericordia ajena.³³

Outra materia pendente que se debería abordar co fin de dar unha boa imaxe ós turistas e viaxeiros era retirar ou modificar algún dos rótulos públicos e privados que contiñan erros ortográficos ou estaban mal redactados, porque “decía muy poco de la cultura de un pueblo”,³⁴ cambiar os uniformes dos gardas municipais, xa que “son vergonzosos los que actualmente visten”³⁵, e, sobre todo, mellorar a limpeza e hixiene dos espazos públicos. Porque o certo era que as rúas e prazas de Baiona eran unha auténtica esterqueira por onde se paseaban galiñas e porcos. Sen contar coa exhibición constante de roupas tendidas ó sol, así como utensilios domésticos e a instalación de pequenos talleres de arranxos diversos. É máis, había veciños que arroxaban á vía pública os desperdicios e augas sucias. Este fedor incrementábase no peirao onde se amorean os restos de sardiña, xa que algúns veciños vendían alí o peixe a pesar da prohibición que sinalaban as ordenanzas de facer ese tipo de transaccións fóra da praza da peixería.

Co paso dos anos ó potencial turístico de Baiona engadiuse o de Praia América, sobre todo despois da construción da estrada que bordeaba ditos areais, levada a cabo por Manuel L. Lemos. Case ó final da década dos vinte a prensa facíase eco de que moitos forasteiros preguntaban por casas en Panxón para pasar a tempada estival. A iniciativa privada iniciou nas dunas de Panxón e en Praia América a edificación de vivendas unifamiliares co visto e prace das institucións políticas, sindicais e agrarias, ata constituír a súa propia colonia.

En Gondomar a presenza de visitantes eran moi escasa, polo que as prazas hoteleiras, ofertadas a través das hospederías e casas de durmir, eran moi limitadas.

En canto ós servizos públicos esenciais, Baiona contaba cun Hospital Municipal, institución que procuraba unha importante atención médica e benéfica para os pobres do municipio. Nos informes sanitarios de 1912 cítase a ausencia de tuberculosos e alcohólicos, pero si da presenza de dez veciños afectados de sífilis “que había sido importada de otras localidades”. Respecto ás epidemias, sinalábase a existencia no pasado de varias delas: en 1899 a varicela e en 1910 a do sarampelo. O servizo da beneficencia atendía unha ducia de veciños que vivían da mendicidade. Tamén estaban censados dous xordomudos varóns e seis cegos: dous homes e catro mulleres.

O concello contaba con lavadoiros, baños públicos e escolas de nenos e nenas en boas condicións hixiénicas. Funcionaba un matadoiro, un mercado e unha praza do peixe próxima ó mar. Tódolos camposantos estaban situados a unha distancia oportuna da poboación, dos ríos e dos mananciais. Non existía rede de sumidoiros, nin sequera na vila. O máis utilizado eran os pozos negros e o uso de carros de bois para a condución dos excrementos de madrugada para evitar os previsibles trastornos.

33 *La Voz del Miñor*, 5 de xullo de 1924.

34 Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 52, Carpeta 52/1. Sesión plenaria de 28 de xuño de 1917.

35 *Ibid.*, Carpeta 52/4. Sesión plenaria de 7 de outubro de 1919.

No rural utilizábanse os vertedoiros e esterqueiras a unha prudencial distancia das vivendas. Este servizo foi o máis solicitado, por necesario, pola Xunta Municipal de Sanidade. Outra das reivindicacións foron os camiños rurais, a pesar de que as vías de comunicación na vila tiñan un ancho máis que aceptable, entre catro e seis metros, non así no rural, de un a tres metros. A maioría estaba pavimentada en pedra e en bo estado de conservación e limpeza.

Os servizos médico-asistenciais de Gondomar non contaban cun hospital, nin asilo, polo que non recibían ningún tipo de asistencia pública os sete xordomudos, vinte cegos, dous tolos e 250 persoas que vivían da mendicidade neste municipio. Si, en cambio, dispoñía dun matadoiro público e un mercado ó aire libre, tendo instalados os lavadoiros e baños públicos nas marxes dos ríos.³⁶ As vías de comunicación con Vigo e demais localidades veciñas eran deficientes, a maioría pavimentadas de pedra, que contaban cun ancho que oscilaba entre dous e tres metros. O servizo de sumidoiros era inexistente, inda que a poboación concienciouse respecto ó uso das augas sucias e non se destinarán para usos domésticos. Os cemiterios, o mesmo que en Baiona, situábanse afastados das poboacións e dos mananciais de auga.³⁷

O mantemento das estradas era insuficiente, xa fora pola extensa superficie dese municipio, xa polos seus numerosos asentamentos, xa polo déficit presupostario para abordar a súa conservación. Nese senso vaise criticar o mal estado dos camiños de Borreiros que comunicaban co cemiterio, especialmente nos días de chuvia, que obrigaron máis dun enterro a trasladar o defunto por propiedades particulares, ante a imposibilidade de transitar polo camiño público. Os asistentes abandonaban a parroquia levando unha moi mala impresión pola desidia das autoridades locais a ese respecto: “este abandono señores retrata a un pueblo y hasta tal vez al municipio”.³⁸

Non se conserva a documentación sobre os servizos públicos en Nigrán, aínda que as queixas veciñais contra o imposto de consumos en 1911 sinalaban a inxustiza que supoñía pagar moito para recibir tan pouco, pois “Nigrán no es una población urbanizada, no tiene alumbrado ni guardia municipal, sus caminos están intransitables”.³⁹

A crise máis grave deste período aconteceu coa irrupción da chamada gripe española no outono de 1918. Supuxo un cambio radical na vida cotiá e nos costumes das xentes desta comarca ata principios de 1919.

Ante esa ameaza, o gobernador tomou unha serie de drásticas medidas de obrigado cumprimento: prohibición do cortexo civil nos enterros, anulación das festas, bailes nocturnos, romarías, reunións ou aglomeracións públicas en lugares cerrados así como feiras e mercados, suspensión, polo tanto, do mercado dos luns en Sabarís⁴⁰ e incluso afectou as misas dominicais. O presidente do Consello de Admón das Escolas U.H.A.-Pro Val, o médico Moisés Domínguez, clausurou as clases nese centro ata que

36 As repostas ó cuestionario da Inspección Xeral de Sanidade, dependente do Ministerio da Gobernación, foron elaboradas por unha comisión nomeada en outubro de 1912 polo goberno local constituída polo secretario municipal Manuel Alonso, o comerciante Paulino Sarasquete e o médico Andrés Gestal.

37 Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 219, Carpeta 219/1. Corresponsdente a 1915.

38 *La Voz del Miñor*, 11 de abril de 1925.

39 *Faro de Vigo*, 12 de xaneiro de 1911.

40 O peche do mercado de Sabarís polo Goberno Civil foi recibido con desagrado polos concelleiros desa localidade. Algún, como Modesto Estévez, propuxo a vixilancia e a denuncia dos mercados dos municipios limítrofes por se se celebraban, con especial atención ó mercado de Ramallosa. Arquivo Municipal de Nigrán, Caixa 2036, Carpeta 2036/2. Sesión plenaria de 13 de outubro de 1918.

o estado sanitario dos tres municipios fose satisfactorio. As autoridades ordenáronlles ós empresarios que se abstivesen de contratar traballadores portugueses, e tamén extremar a vixilancia sobre os estranxeiros que entraban e dos mariñeiros que faenaban nas costas veciñas.

Non encontramos os apuntamentos sobre a propagación da enfermidade en Baiona, ignoramos polo tanto a intensidade da epidemia. A proporción puido ser semellante ós outros concellos do Val Miñor. O goberno local adquiriu unha estufa de desinfección e fumigou as casas da localidade. O servizo gravaría con 2 pesetas a vivenda dos veciños pobres; en cambio as casas das familias podentes aboarían 5 pesetas.⁴¹

O comezo da epidemia coincide co mandato da nova corporación presidida por José Barreiro Álvarez. Curiosamente, nos seus arquivos, a diferenza de Gondomar e Nigrán, non se conserva documentación ningunha que faga referencia á gripe, nin sequera nas actas das sesións plenarias, pero é difícil supoñer que Baiona estivese libre do virus, tal como manifestou o alcalde, de profesión farmacéutico: “en la villa de Bayona no existe, afortunadamente, ni un solo caso de gripe”, rectificando unha información contraria, publicada no *Faro de Vigo* e que citaba fontes do propio Goberno Civil.⁴²

En cambio, en Nigrán, a pesar desas medidas e precaucións, a finais de outubro xa morreran algúns veciños, encontrándose 84 afectados, estando dous deles en estado grave. A principios de novembro a cifra de enfermos elévase a 90 casos que afectan tódalas parroquias e tódalas idades sen excepción, incluíndo nenos; en Priegue morren varios de doce, seis e dous anos. A mediados dese mes xa son 110 os enfermos, unha semana despois 114 e a finais alcanzouse o pico desta epidemia, ata os 118 infectados, dos cales o maior porcentaxe correspondía a menores de trinta anos. Os primeiros dez días de decembro a epidemia mantíñase preto desas cifras, 116 na primeira semana, para xa ir descendendo progresivamente ata que a finais do mes de xaneiro a gripe deixaba de ser unha preocupación para as autoridades desa localidade.

En Gondomar o estado sanitario firmado polos médicos Constantino Cobas, Andrés Gestal, Latino Salgueiro e Manuel Alonso (non figuraba a rúbrica de José Peralba, inda que si firmaba os partes individuais) que se remitía ás autoridades sobre a epidemia, abarcando as datas do 21 de outubro ó 22 de novembro, ambos inclusive, certificaba que foron 552 o número de enfermos de gripe contaxiados, dos cales 70 xa se encontraban enfermos con anterioridade ó 21 de outubro. Nese período os sanitarios certificaron a morte de 18 veciños. O cuadrante por días eleva a 665 os enfermos atendidos nos meses de outubro e novembro.⁴³

Outubro (ata o día 21)	Outubro (desde o día 21)	Novembro (ata o día 22)
70	227	368

En plena epidemia esgotáronse as existencias de medicamentos e desinfectantes nas boticas, tivo que intervir o deputado Urzáiz para que o concello non quedase

41 Arquivo Municipal de Baiona, Caixa 52, Carpeta 52/3. Sesión plenaria de 3 de novembro de 1918.

42 *Faro de Vigo*, 7 de outubro de 1918.

43 Arquivo Municipal de Gondomar, Caixa 486, Carpeta 486/17. No mesmo documento danse dúas cifras distintas respecto ós contaxiados pola enfermidade. Na introdución faise referencia a 552, mentres a suma dos afectados no reconto final dá outra cantidade. Unha posible explicación sería que sobre algúns pacientes se firmase máis dun parte individual por necesitar máis dunha consulta.

colapsado. En cambio, o goberno municipal resolveu con rapidez a adquisición dun autopulverizador co fin de desinfectar as dependencias municipais, as vivendas das familias pobres e o correo antes de repartilo. A finais de xaneiro, en Gondomar, xa non constaba nova algunha sobre ese contaxio gripal.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO ÁLVAREZ, LUIS (2010). La economía de Galicia, una panorámica, 1750-2010. *Historia Contemporanea* 42: 15-65
- FERNÁNDEZ PRIETO, L. (2005). Las transformaciones económicas *In* DE JUANA, J. & PRADA, J. (coords.) *Historia Contemporánea de Galicia*: 141-167. Ariel, Barcelona.
- GARCÍA DELGADO, J. L. (1981). La economía española entre 1900 y 1923. *In* M. TUÑÓN DE LARA (dir.). *Historia de España, Tomo VIII*: 407-458. Ed. Labor, Barcelona.
- LEBOREIRO AMARO, MARÍA A. (2011). *Baiona y su tiempo*. Concello de Baiona.
- NÚÑEZ SEIXAS, XOSÉ M. (1992). *O Galleguismo en América, 1879-1936*, Edicións do Castro. Sada-A Coruña.
- SOUTO GONZÁLEZ, M. & XOSÉ M. (1991). *O Val Miñor, entre as transformacións rurais e as innovacións urbanas*. Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.

***Doazón no día lues, dous días do mes de nouembro de 1422.
Baiona de Miñor***

Xulián MAURE RIVAS¹

RESUMO

Editase unha transcrición paleográfica dun documento galego do século XV da igrexa da Santa María de Baiona. A parte da edición faise un comentario explicando como en tempos de cristiandade a escritura dunha doazón entre esposos remata nun arquivo eclesiástico de foros e propiedades. Así mesmo constátase nesa época na sociedade galega a presenza do nome pagán lues (luns) para designar un día da semana fronte á forma segunda feira de orixe eclesiástica.

ABSTRACT

A paleographic transcription of a 15th century Galician document from the church of Santa María de Baiona is published. Part of the edition is a commentary explaining how in Christian times the writing of a donation between spouses ends up in an ecclesiastical archive of forums and properties. The presence of the pagan name lues (Monday) to designate a day of the week in front of segunda feira of ecclesiastical origin is also stated at that time in Galician society.

¹ maure@edu.xunta.gal

*A Pedro de Llano,
a quen debemos a arte da nosa
morada no Val de Miñor.*

Moitas cousas pasaron este luns de defuntos¹ de 1422 en Baiona de Miñor. De todas elas soamente unha quedou rexistrada para a historia. O notario público xurado desta real vila do Val de Miñor, Fernand Esteves, escribiu ese día esta carta documento de doazón.

A edición deste documento poderá ser aproveitada polos historiadores do dereito matrimonial, do feminismo ou da economía das institucións eclesiásticas medievais. Tamén será útil a súa lectura para a historia dos sentimentos e da familia galega. Aquí daremos dúas breves pinceladas: unha sobre a relación e contraste, nunha sociedade en estado de cristiandade, entre o poder eclesiástico e as propiedades domésticas; e outra, a persistente presenza da forma pagá «lues» (luns) fronte a cristiá «segunda feira».

DOAZÓN MARITAL E APROPIACIÓN ECLESIÁSTICA

Cando esta carta de doazón se escribe en Baiona de Miñor en 1422, en Flandes os irmáns Van Eyck estaban traballando nas doce táboas do políptico que hoxe aínda se pode ver na catedral de Gante. No mesmo ano en Firenze, Filippo Brunelleschi



estaba levantando a cúpula da catedral de Santa María del Fiori. En Compostela “don

¹ No século XV o día de defuntos xa se celebraba en Galicia, aínda que é no concilio de Trento cando se fixeron universais na igrexa católica os sufraxios. A expresión “día de defuntos” aparece rexistrada no *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* nos anos 1400 e 1430.

Lope de Mendoza, por la gracia de Dios et de la sancta yglesia de Roma arzobispo de Santiago, capellán mayor de nuestro señor el Rey et su notario mayor del Reyno de León...” manda restaurar sete casas e tendas de prateiros que están preto da catedral, como consta nun documento escrito en castelán o 20 de outubro deste mesmo ano de 1422. (López Ferreiro, T.VII apéndice X, p.37). En Tui o bispo D. Juan Fernández de Soutomaíor (1395-1423), segundo con este nome, edifica o seu palacio episcopal sobre o claustro da catedral, coñecido como o pazo das torres “por estar arrimado a las torres de la frontera de la catedral” (Avila y La Cueva, I, 175).

Destes tempos de cristiandade europea, fronte á pintura, á arquitectura e mesmo á xoiería dos poderes eclesiásticos, rescatamos este monumento escrito no Val de Miñor, tenra testemuña de afectos domésticos, que poden conmoer tanto ou máis que as belas artes dos poderes medievais. Gonzalvo Eanes e María Esteves forman un matrimonio. Neste documento tres veces Gonzalvo chama “miña moller” a María e ela trátao tamén como “meu marido”. Consta que a morada do matrimonio está nas casas que Gonzalvo ten na rúa do Dayán de Baiona, “casas en *que* nós agora moramos”, e que estreman coas casas veciñas do forneiro Juan Gonzalves por unha parte e pola outra coa cámara do ferreiro Domingo Nunes. Estaríamos diante dunha simple doazón entre cónxuxes se non fose que o doante quere manifestar a causa da doazón: “por *quanto* uós, María Esteves, miña moller *que* presente estades, me *destes* os *marauedís* que vós ouestes do uoso pardineiro *que* uós ve[nde]stes a *Domingo Lourenço*”.

Parecería máis un pago, unha satisfacción polo favor recibido se non fose pola desproporción entre as ruínas dun pardiñeiro e unhas casas en perfecto estado de uso. É sen dúbida unha doazón especial se temos en conta que estamos ante un documento público con todo o rigor formulario para expresar unha vontade libre e ben decidida, excluindo a posibilidade de intromisión dos propios herdeiros de Gonzalvo e ao mesmo tempo outorgándolle á muller que as casas as “posades teer et husar et posoyr uós et uosas vozes et soçesores; et leuar os froytos et rrendas das ditas casas et *non* eu *nen* outro ou outros algüu ou algüus por mī, saluo vós, a dita María Esteves, miña moller et uosas vozes ou *aquel* ou *aquelles* *que* vós *quiserdes* et por ben teuerdes”.

O estilo formulario do texto pode xustificar a xenerosidade tan hiperbólica do doante que mesmo nos fai pensar que os herdeiros de Gonzalvo non coinciden cos sucesores de María e que a doazón é tan desinteresada que a nova propietaria podería traspasar as casas da súa morada a un terceiro “que por ben teuerdes”. Atribuído á xenerosidade do marido ou ben aos excesos do formulario notarial, aquí temos un documento, monumento que mostra un amor vivido no século XV no Val de Miñor.

Pero non foi a forza do amor quen conservou este pergameo durante seis centos anos. Este documento civil, redactado por un notario público xurado na vila de Baiona², forma parte da colección de documentos da igrexa de Santa María de Baiona, que se garda no Arquivo Histórico Diocesano de Tui. Esta colección está formada por máis de cincuenta pergameos que conteñen parte do patrimonio documental deste centro relixioso desde 1274 ata 1562. Foros, sentencias, mandas testamentarias, doazóns e vendas en que actúan os cregos, abades e razoeiros, constitúen

² *El Fuero Juzgo* (libro V, tit. II, VII) establece: “Si el marido diere alguna cosa à la muier, faga escripto por su mano daquello quel diere ante dos testimonios ó ante tres”. Non se necesitaba a actuación notarial.

o máis importante deste fondo da colexiata de Baiona. Tamén forman parte deste patrimonio sete documentos que amparan as transferencias de propiedades inmobiliarias entre membros da poboación civil e que posteriormente pasaron ao fondo patrimonial da igrexa de Santa María de Baiona, sen que quede constancia doutro documento posterior con referencia a estas propiedades transmitidas primeiramente entre veciños de Baiona.

Parece que a posesión material da escritura por parte dos eclesiásticos supoñía que chegara a ser súa a propiedade dos bens escriturados. Nun documento (Maure 2018, 80) desta mesma colección, anterior a 1406, un veciño de Baiona ten aforada unha casa, propiedade dos clérigos da igrexa de Santa María, “o qual foro da dita casa, el non podía pagar nen manter, que el por esta rrasón... demetía et demeteu a dita casa”. O documento recolle que o veciño deixa a casa que non pode pagar “entregándolle logo dela o stormento (documento) de foro *que* dela tiña feito. Et se o dito estormento ou toli³ del, ou nota del parecer, *que non* valla d'aquí en deante”. Cobra peso e valor o arquivo e posesión ou tenencia física do documento, xa que hai ou pode haber en toda escritura unha dobre función: a xustificativa e a informativa ante calquera tipo de demanda. (Vázquez Bertomeu, 427). Este documento de doazón conservouse arquivado na igrexa de Baiona, aínda que os cregos non eran os seus titulares, pero con toda probabilidade chegaron a ser os beneficiados das súas rendas.

DÍA LUES FRONTE Á SEGUNDA FEIRA

“Día lues, dous días do mes de nouembro”. Así comeza este documento galego de 1422.

O *Diccionario da Real Academia Galega*, na súa primeira edición de 1997 ofrece esta nota na entrada «feira»: “O sistema de denominación dos días da semana por feiras, de orixe cristiá, convive na fala en situación de desvantaxe fronte ó sistema máis común, de orixe pagá: a 2ª e 3ª feiras están case en desuso”. Francisco Fernández Rei, na súa colaboración na obra colectiva *Dialectoloxía e léxico* presenta o mapa do Atlas Lingüístico Galego correspondente ó luns, marcando a variantes lluis, luis, lus, luns, lun(x)es, lunes. Estuda tamén a evolución das designacións pagás e cristiás desde o século II. (Fernández Rei, 162-168).

Moitos son os idiomas que derivan o nome deste día da semana do astro ou deusa Lúa. Entre as linguas máis próximas do galego, agás a portuguesa, case todas conservan a referencia lunar. O latín eclesiástico usaba o sintagma *feria secunda*, por ser o día seguinte ó inicio da semana. O portugués continuou a tradición eclesiástica e conserva o sintagma *segunda-feira* para designar o segundo día da semana. Hai outros idiomas que tamén fan referencia ao segundo día da semana, como o árabe, o hebreo, o grego moderno e o persa; en éuscara, chinés ou húngaro désígnase este día como o inicio da semana.

Grazas ao traballo do equipo de filólogos, paleógrafos e informáticos, dirixidos polo profesor da universidade de Santiago de Compostela Xavier Varela Barreiro, dispoñemos en Galicia uns 16.000 textos da idade media da nosa lingua, recollidos no *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG), singular punto de referencia para calquera traballo de planificación lingüística. En consulta feita nos

3 Tollido, tirado, copia.

últimos días do outubro de 2020 as ocorrencias do léxico dos días da semana entre 1240 e 1504 son as seguintes:

<i>nomes cristiáns</i>		<i>nomes pagáns</i>	
segunda feira	0	lues /luns/ luus/lunes	58/8/ 5/22
terza feira	0	martes	77
carta/corta f.	47/2	mércores	2
quinta feira	49	joves	4
sexta feira	29	venres	0
sábado (<hebr. xabbat)	146	-----	
domingo	25	-----	

Nos textos galegos rexistrados neste *Tesouro Medieval*, os dous días que seguen ao domingo non teñen o nome eclesiástico latino, segunda e terza feira; senón que conservan a orixe dos nomes celestes ou da mitoloxía pagá. As distintas variantes do luns recollidas débense a razóns diatópicas e diacrónicas; así podemos ver como na forma <lunes> das vinte e dúas ocorrencias, nove pertencen aos foros de Castelo Rodrigo (Cintra,1959), texto do espazo luso-leonés. Os nomes dos días mércores, xoves e venres non teñen apenas presenza nos textos dos escritos medievais galegos. Nesta parte da semana usábase a terminoloxía eclesiástica.

Hoxe, en que se pode soñar coa construción dunha Europa das nacións, é máis común nas linguas europeas a hemeroloxía pagá que a eclesiástica, proposta marxinal de lusismo para o futuro do galego, reducindo tódolos días a feiras e enumeralas despois do sábado e domingo. Proposta en contra do folclore galego, do luns e martes de entroido e do noso refraneiro, ben rico nos días da semana. “O luns mollo, o martes lavo, o mércores seco, o xoves saco, o venres peneiro, o sábado amaso, e o domingo, que eu fiaría, todos me din que xa non é día”. Certo que os mércores, xoves e venres son de uso recente e o investigador lingüístico Elixio Rivas aínda recolle en *Frampas II* (citado en Santamarina s.v. feria) o sistema mixto presente Costa de Frades (Pontevedra): “Lunes, Martes, corta feira, quinta feira, sexta feira, sábado e domingo”.

NORMAS DE TRANSCRICIÓN E LECTURA DO DOCUMENTO

Para unha cómoda lectura do texto é conveniente ter presente os seguintes criterios de transcripción.

- As maiúsculas e minúsculas obedecen ás normas do sistema gráfico actual. O mesmo vale para o uso de acentos e puntuación.
- Hai palabras que levan supraescrito un t como en «ano^t» ou en «mill^t». Indica que no orixinal manuscrito leva un til, signo xeral de abreviación, que non ten correspondencia fonética.

- O dígrafo <ll> pode corresponder tanto ó fonema palatal /ʎ/, que aparece nas palabras «moller» ou «fillo», como ó fonema /l/ das palabras «mill» ou «polla», que se deben ler “mil” e “pola”.

- As palabras abreviadas transcribíense na súa forma plena, indicando en cursiva as letras abreviadas. Así a palabra «Ts» transcribíese como *Testemuñas*.

- Cando o til de nasalidade <~> vai sobre unha vocal con valor de nasal implorativa, transcribíese cun n/m en letra cursiva; por exemplo, «cõ» transcribíese con.

- Respécpanse os dobres usos dos grafemas <u> e <i>, cos seus valores de vocais e consoantes. Así atopamos «auer ou leuar » que hoxe escribiríamos con <b/v> «haber ou levar», e tamén «igleia » que na ortografía actual leva o grafema <x> «igrexia».

En xeral seguimos as normas de transcripción de uso máis frecuente nos documentos galegos, publicadas polo profesor Ramón Lorenzo (1988).

TRANSCRICIÓN

Doazón das casas de Golzalvo Eanes Franco á súa muller María Esteves.

Baiona, 1422, 2 de novembro

ACT: Doc. Baiona 2

Ano¹ do nacemento de noso señor Jesu Cristo del mill¹ et quatro çentos et vinte et dous anos¹, día lues, dous días do mes de nouembro. Saban quantos esta carta viren como¹ eu, Gonçaluo Eanes Franço, fillo de ^[01] Juan Eanes Franço, a que deus perdon, morador que agora soo na villa de Bayona¹ de Miñor, que a esto que se adeante sege presente sōo, que faço por mī et por todas miñas vozes et soçesores^[02], non costrengido per força nen enduzido por engaño, mays estando en meu liure et conplido poder et de miña propia et liure voontade, por quanto uós, María Esteues, miña moller que presente^[03] estades, me destes os marauedís que vós ouuestes do uoso pardineiro que uós ve[nde]stes a Domingo Lourenço, veçiño desta dita villa de Bayona¹, que está junto con as casas de Fernand Esteues, notario, que están^[04] a çerca da ribeira desta dita villa, et porque os ouue mester a tenpos et sazōos que me fazian moyto mester et eran moyto conplideiros, et uos sōo moyto¹ tiúdo et obrigado, por^[05] ende, da miña propia et liure voontade, sen outra premya¹ et costrengemento algūu, et porque entendo et sōo ben çerto et çertificado que a mī et a meu estado conpre asy, por esta carta dou et outorgo^[06] en pura et justa et perfeyta doaçón para senpre jamais, por la mellor¹ vya et maneyra que poso et deuo et doaçón deue seer¹ feyta et valler hontre viuos, a uós a dita María Esteues, miña moller,^[07] et a todas uosas vozes et soçesores, convén a saber: as miñas casas en que nós agora moramos¹, que están en esta dita villa, ena¹ rrúa do dayán, as quaes ditas casas parten da^[08] hũa parte con casas en que agora mora Juan Gonçalues, forneyro, et da outra parte con cámara de Domingo Nunes, ferreiro et entestan por outón con casa de Aluaro Eanes da Seira, en que agora o dito Aluar^[09] Eanes ten as bestas¹, et saen con súas portas ena¹ dita rrúa pública do dayán. As quaes ditas casas vos dou segundo que agora están con seu terreo et paredes et madeira et^[10] tella, segundo dito he, con todas súas entradas et seydas et perteenças et dereyturas¹ que a as ditas casas perteesçen et perteesçer deuen de dereyto. A qual dita doaçón uos faço por lo^[11] que de suso dito he et por quanto me praz

et he asý miña voontade. Et outorgo de auer esta carta de doaçon *que* vos así faço das ditas casas por firme et estauel¹ et vale-^[12] deira a todo tenpo, et a non contradizer nen rreuocar por mī nen por outro ou outros en meu nome a a boa fe de deus et sen mao¹ engañō et sob pena do dobro de quanto valleren^[13] as ditas casas. Et *que* vós, dita María Esteues, *per* vós meesma ou *per* quen uós quiserdes posades entrar et tomar a teença et posysón das ditas casas *sen* embargo de mī, dito^[14] Gonçaluo Eanes Franqo et de todas miñas vozes et herdeiros, et *sen* autoridade de juis nen de allcade, et *sen* pena algūa posades así rreçeber o jur et posysón et propiedade et señorío^[15] et voz et auçón et *dereito* *que* eu ey et auer poso enas¹ ditas casas et cousas a ellas *per*teescēntes¹ et as posades teer¹ et husar et posoyr uós et uosas vozes et soçesores; et leuar os^[16] froytos¹ et rrendas das ditas casas et non eu nen outro ou outros algūo ou algūus por mī, saluo vós, a dita María Esteues, miña moller et uosas vozes¹ ou *aquel* ou *aquelles* *que* vós^[17] quiserdes et por ben teuerdes. Et todo jur et señorío et uoz et auçón et *propiedade* et *dereito* *que* eu en ellas ey et posso auer en *qual* *quer* maneira et por *qual* *quer* rrazón de mī et de todas miñas^[18] vozes¹ et soçesores o tiro et tollo et en vós, dita María Esteues, et uosas vozes et soçesores o dou et dono et traspasso por esta *presente* carta de doaçon *que* uos así das ditas casas^[19] faço. Et por ende eu, dito Gonçaluo Eanes Franqo, *contra* esto *que* dito he, parto et rrenuçio de mī et de todas miñas vozes¹ o fauor et ajuda et todas leys et foros et *dereitos* et vssos et^[20] *costumes* *escriptos* et non *escriptos*, canonycos et çiuylles, enperialles et rrayalles¹, *que* eu ou outro algūo ou algūus en meu nome podemos¹ dizer ou allegar *para* hir ou^[21] viir *contra* esta dita doaçon *que* uos asý faço en algūa maneira, et en espeçial rrenuçio a ley do *dereito* en *que* dis *que* geeral¹ rrenuçiaçon *que* non valla, por quanto foy et sōo^[22] della çerto et sabedor. Et se alguas cousas ou clausolas do *dereito* en esta carta de doaçon falleçen por poer para ella, seia máis firme et valledeira et seia máis çerta et firme, et sen o^[23] poder *contradizer* nen pasar *contra* ella eu nen meus herdeiros et conpridores *que* depois de miña morte ficaren, nen outro ou outros algūo ou algūus en meu nome ou en^[24] outra *qual* *quer* maneira, eu as dou aquí des agora por postas¹ et ditas et *escriptas* et rrepetidas¹ et declaradas et espaçificadas ben asý et *tan* *conplidamente* como¹ se todas aquí se conte^[25] uesen et fosen *escriptas*. Et a dita María Esteues asý rreçebo de uós, dito Gonçaluo Eanes Franqo, meu marido, as ditas casas et outorgo todo *segundo* *que* se en esta carta de doaçon se contén^[26] Et a pena pagada ou non pagada, todauía quero¹ et outorgo eu, o dito Gonçaluo Eanes Franqo, *que* esta carta de doaçon et cousas en ella contiúdas fiquen firmes et vallan *para* todo *senpre*^[27] Et por *que* esto seia çerto et non vena en dubda, outorgey esta carta de doaçon et cousas en ella contiúdas ante o notario et *testemuñas* juso *escriptas*, *que* foy feita et outorgada^[28] na dita villa de Bayona¹, enos¹ ditos \dous días/ do mes de nouembro do ano¹ sobre dito. *Testemuñas* *que* foron presentes chamadas: Aluar Eanes de Veyña et Rrodrigo Aluares, seu fillo, et Vaasco^[29] Rrodrigés¹, visiños et moradores da dita villa de Bayona¹ et outros. Vay *escripto* hontre rreglōos onde dis dous días; non lle enpeesca, *que* eu notario^[30] juso *escripto* o corregi et vay çerto.^[31]

Et eu, Fernand Esteues, notario público jurado por nosso señor el rey na dita villa de Bayona¹ de Miñor et en seu alfoz, a esto todo *que*^[32] sobre dito he en hūo *con* as sobre ditas *testemuñas*, *presente* foy et *escripuí* et aquí meu nome et signal¹ fize en *testemuño* de verdade *que* tal he^[33]

BIBIOGRAFÍA

- AVILA Y LA CUEVA (1852) *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*: Edición facsímile (1995) Santiago, Consello da Cultura Galega.
- CINTRA, LUÍS FELIPE LINDLEY (ed.) (1959): *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo*. Lisboa
- FERNANDEZ REI, FRANCISCO (2002) “Notas sobre léxico moderno da Gallaetia e do seu litoral” en Rosario Álvarez (e outros, eds.) *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela. ILGA/ Consello da Cultura Galega.
- LÓPEZ FERREIRO, ANTONIO (1902) *Historia de la Santa a. m. iglesia de Santiago de Compostela*. Santiago.
- LORENZO, RAMÓN (1988) “Normas para a edición de textos medievais galegos” en Dieter Kremer (ed.) *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, T. VI*. Tubingen: Max Niemeyer Verlag, 76-85.
- MAURE RIVAS, XULIÁN (2018) “Dous desaforamentos na Baiona medieval” en *REM Revista de Estudos Miñoráns* Nº 16/17.- 2016. Gondomar, IEM.
- RIVAS QUINTAS, ELIGIO (1988): *Frapas II. Contribución al diccionario gallego*. Alvalrellos, Lugo
- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, XOSÉ M. (2019) “Las formas del poder en la feudalidad tardía. Las tomas de posesión en el señorío de la iglesia de Santiago de Compostela durante el siglo xv: dominio, gesto y significación” en *Studia Histórica. Historia Medieval*, vol. 37 (2) 2019 Salamanca. https://revistas.usal.es/index.php/Studia_H_Historia_Medieval/article/view/shhme2019372133153/0
- SANTAMARINA, ANTON. *Diccionario de diccionarios*. Santiago, ILGA. http://sli.uvigo.es/ddd/ddd_pescuda.php?pescuda=feira&tipo_busca=lema
- Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*.- <https://ilg.usc.es/tmilg/>
- VÁZQUEZ BERTOMEU, MERCEDES (2001) «La escritura y su uso: la mesa arzobispal compostelana a finales del siglo xv». *Anuario de Estudios Medievales*, 2001, vol. 31, n.º 1, pp. 401-428. <https://doi.org/10.3989/aem.2001.v31.i1.286>

Aproximación á Única Contribución do Marqués de la Ensenada: Baiona, Baíña e Baredo (1)

ANXO RODRÍGUEZ LEMOS^{1,2}

RESUMO

Ábrese con esta aproximación á vila de Baiona e as súas parroquias limítrofes de Baíña e Baredo unha serie de artigos sobre o Catastro do Marqués de la Ensenada nas terras do Miñor a partir do Interrogatorio ou Respuestas Generales, libro Personal de Legos, libro de Eclesiásticos e de Mayor Hazendado como fontes documentais de primeira orde para o coñecemento do século XVIII e da complexa operación, única en Europa, que supuxo a confección dunha Única Contribución para a Coroa de Castela.

PALABRAS CLAVE: Catastro, Marqués de la Ensenada, Baiona, Baíña, Baredo.

ABSTRACT

A series of essays about Marqués de la Ensenada's lands in the Miñor area, which have as major source the documents Interrogatorio ou Respuestas Generales, libro Personal de Legos, libro de Eclesiásticos e de Mayor Hazendado, enrichen our general knowledge on the 18th century and the complex operative, unique in Europe, which lead to the formation of an Unique Contribution to the Kingdom of Castile.


KEY WORDS: Unique contribution, Marqués de la Ensenada, Baiona, Baíña, Baredo.

1 Investigación enmarcada no proxecto CULTURAS URBANAS Y RESISTENCIAS EN LA MONARQUÍA HISPÁNICA EN LA EDAD MODERNA, Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades de España, PGC2018-093841-B-C31

2 a.rodriquez.lemos@usc.es

1. INTRODUCCIÓN

A Única Contribución, máis recoñecida como o *catastro de Ensenada*, foi a denominación outorgada a unha operación estatística e fiscal que o Reino de Castela levou adiante nas súas vinte e dúas provincias dende o ano 1750 ao 1756 (Agrelo: 2007). Os máis de 15.000 pobos catastrados en tempos de Fernando VI terían en Zenón de Somodevilla Bengoechea, secretario de Guerra, Facenda, Indias e Mariña, Marqués de la Ensenada, o principal ideólogo do traballo de aí a súa denominación. A idea de recoñecer e catalogar os bens, cargas e rendas a rexistrar xunto ao seu titular, parentes ou servizo doméstico, non tiña outra finalidade que obter unha información de cara a modificación do sistema impositivo en vigor. Sen distinción ningunha fose cal fose a clase social, a carga impositiva de todos había mellorar ás arcas reais poñendo fin á variedade de impostos en prol dunha Única Contribución (Camarero Bullón, 1998).



Detalle da portada do *Interrogatorio General* de Baiona, Baiña e Baredo. Archivo Histórico Nacional de Simancas (A.H.G.S.), Catastro de Ensenada, Respuestas Generales, L. 26.

BAIONA E A SÚA XURISDICIÓN REAL.

Emprazada na antiga provincia de Tui, vila costeira cun porto considerado polo Licenciado Molina como “*el que más nauios tiene a la contina*”, guarnición militar e vila de reguengo, Baiona de Miñor ou de Galicia, como se coñeceu en diversas fontes e cartografías, chegaría ao século XVIII decadente e exhausta logo de ter comezado entre os anos finais do século XVI e os primeiros do XVII unha decadencia sen freo pese á existencia de fases máis ou menos positivas (García Oro & Portela Silva, 1995). Dentro da diocese de Tui había trinta e oito xurisdicións, once coutos, vinte e unha vilas e unha cidade, arcebispal, como era Tui. Con certa unidade territorial, as catorce freguesías da Xurisdición Real de Baiona ocupaban unha superficie de 118,30 km², un 6,1% da antiga provincia de Tui que, por tanto, era terra de reguengo (Río Barja, 1990: 225).



<i>Jurisdicción</i>	<i>Freguesia</i>	<i>Señorío</i>	<i>Km²</i>
Baiona (4)	Baiña (Sta. Mariña)	Real e Gobernador pola Súa Maxestade	118.30
	Baiona (Sta. María)	Id.	
	Belesar (S. Lourenzo)	Id.	
	Borreiros (S. Martiño)	Id.	
	Camos (Santa Baia)	Id.	
	Chaiñ (Santa María)	Id.	
	Donas (Santa Baia das)	Id.	
	Mañufe (S. Vicente)	Id.	
	Morgadáns (Santiago)	Id.	
	Nigrán (S. Fiz)	Id.	
	Parada (Santiago)	Id.	
	Peitieiros (S. Miguel)	Id.	
	Ramallosa (Sta. Cristina)	Id.	
Filgueiras ou Ramallosa (S. Pedro)	Id.		
Vilaza (Sta. María)	Id.		

Elaboración propia a partir de información corrixida presentada por Río Barja (1990)

2. O PROCESO

Dentro do Reino de Galicia a feitura do *Catastro* supuxo “*unha confusión de Babel*” palabras dun cura de Betanzos, en carta ao Arcebispo compostelán, evidenciaban un traballo plasmado en máis de quince mil libros e o reconto duns 29 millóns de parcelas (Saavedra Fernández: 2007). Tendo como centro reitor unha *Junta da Única Contribución* que Ensenada crea con base no Palacio del Buen Retiro de Madrid, as 22 provincias de Castela contaron cun intendente provincial (con un ou máis subdelegados), un escribán, un oficial administrativo, unha persoa encargada das medidas da terra, varios peritos, un asesor xurídico e un alguacil, brazo executor das ordes do intendente (Agrelo Hermo, 2007:13).

Ata marzo de 1751, o cargo sobre Galicia radicou en Don Joseph Avilés Itúrbide como Intendente do Exército e Provincia, pioneiro na experimentación en Betanzos, que sería substituído en abril ao nomearse dous novos comisarios: Francisco Javier Serón e Juan Felipe Castaños. Logo dalgunha proba, separaríanse quedando o primeiro ao cargo das provincias de Santiago e Ourense mentres Castaños se ocupa das cinco restantes: A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo e Tui. Baixo a súa supervisión nomearíanse unha serie de subdelegados que a súa vez, tiñan conta por cada poboación dun escribán, dous peritos –un polo común e outro pola Real Facenda–, o abade eximido de xuramento e un xuíz ordinario.

2.1. A comisión encargada.

Sendo Baiona a cabeza da súa Xurisdición Real, a Audiencia instalaríase na vila seguindo un método de traballo preestablecido no marco dun proceso gradual, rigoroso e cunha disciplina característica e semellante á levada a cabo noutras localidades galegas. En setembro de 1751 Tui ordena o envío dunha relación das “*baras y medida de este Paiz y lo mismo de la cozecha de frutos, trigo y zenteno y mijo maíz y más semillas*” así como un vecindario da poboación¹. O 28 de xullo de 1752 recibiríase novamente da capital da provincia unha notificación que daba aviso das ordes do Marqués de la Ensenada de facer relación de “*todos los despoblados, montes, dehesas, tierras y demás efectos que en esta prouinzia perteneze a Su Magestad con distinzion de las que fuesen y su zituazion*”². Xa a finais de ano, en novembro, chegaría procedente de Vigo outra carta con data de 31 de outubro do “*que dize ser*” subdelegado aprobado pola Real Xunta da Única Contribución pola que informa da súa chegada á vila. Para tal fin o rexemento debía contratar casas para asentarse mentres durase a operación. Organizada polo rexedor don Juan Antonio Losada, escolleuse a coñecida como Casa dos Postes, “en la que se ponga una mesa y taburetes para el fin de dicho despacho e yualmente tres camas”³. Dende Vigo a 10 de marzo de 1753, o xuíz Francisco Martín Pierra, solicitaba ao correxedor que “para continuar las deligenzias de la Real Única Contribuzion, [y] pasar a esa villa con el escriuano y

1 AHMB, LEG. 33, EXP. 5. Libro de Actas do ano 1751, Acordo do 17 de setembro, f. 16v.

2 AHMB, LEG. 33, EXP. 6 Libro de Actas de 1752. Acordo do 28 de xullo. f. 10 r.

3 AHMB, LEG 33, EXP. 6. Libro de Actas de 1752. Acordo de 2 de novembro. f.º 14 v.

un ofizial (...) el día 12 de el mes corriente, se sirua vuestra merced mandar disponer el alojamiento correspondiente”.⁴

A rapidez das investigacións leva a que con data de 24 de marzo de 1753, tralo aviso a alcaldes e rexedores, cura e outras dúas persoas en calidade de peritos, a comisión encargada finalice as respostas ao *Interrogatorio General*. A citada estaría formada por:

- Don Francisco Martín Pierra, xuíz abogado dos Reais Consellos e Subdelegado aprobado pola Real Xunta da Única Contribución.

- Don Joseph Carballido “*como cara y en nombre del Abad de esta villa (por su yndisposicion) y de Baíña y Baredo*”

- Licenciado Don Phelix de la Plaza y Ysasi, Correxedor de Baiona e a súa Xurisdición

- Don Jazinto Mariño Varela e Don Juan Antonio Losada, rexedores.

- Don Benito Antonio Román, escribán do Concello (1742-1788)

- Alexandro Carrera, perito nomeado polo pobo.

- Pedro Regalado de Godoi, perito nomeado en nome do Rei.

- Antonio de Penedo, mordomo pedáneo da parroquia de Santa Mariña de Baíña.

- Juan Fagúndez, perito elixido por Baíña.

- Antonio da Granxa, xuíz pedáneo de Santa María de Baredo.

- Francisco Miniño, perito elixido por Baredo.

- Nicasio Álvarez de Taes, escribán encargado da redacción.

Nos días que durou a enquisa oficial e escribáns recolleron *memoriais* de veciños (cabezas de casa) e forasteiros con bens en Baiona que declararon xunto aos seus datos persoais os da súa familia, os bens ou as rendas a pagar. Finalizadas as compilacións é posible que se procedese a súa lectura pública antes de envialas á *Xunta*.

3. A ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA:

A provincia de Tui contaba a mediados do século XVIII cunha das densidades de poboación máis altas do panorama galego, en torno aos 100 hab/km², a pesar de que o crecemento de séculos anteriores inicie agora unha inflexión á baixa segundo Rey Castelao (1990). O litoral presenta densidades de poboación máis elevadas, aínda que neste caso a vila de Baiona e o seu rural (representado aquí polas parroquias de Baíña e Baredo) presenten evolucións dispares no demográfico. O estancamento do Setecentos enténdese no marco de períodos máis ou menos críticos como o de 1739, 1769 ou a crise finisecular sendo a década dos sesenta un tempo de recuperación que crebado entre 1769 e 1770 cando os defuntos volven superar a taxa de nacementos. O anterior levaría a que o profesor Eiras Roel determinase para a zona sur occidental atlántica, unha estrutura de crecemento cero, cunha poboación estancada e sen cifras ascendentes nos nacementos para o caso baionés. O rural, pola súa banda, presenta un crecemento sostido da poboación que contrasta co caso da vila (Eiras Roel, 1990: 67).

⁴ AHMB, LEG 28, EXP. 7. Libro de Actas de 1753. Anexo de cartas:1753, marzo, 10. Vigo. *Carta de Francisco Martín Pierra ao correxidor de Baiona Don Phelix de la Plaza solicitando aloxamento para a comisión encargada de catastrar a súa Xurisdición*.

Parroquias	Km ²	Veciños	Habitantes	H./Km2	H./fogar
Baiña	6,2	178	639	103,1	3,6
Baiona	1,8	346	1275	708,3	4,0
Baredo	7,5	152	558	74,4	3,7
Belesar	10,6	186	841	79,3	4,5
Borreiros	5,0	146	578	115,6	3,9
Camos	6,8	295	1180	173,5	
Chain	5,6	126	548	97,8	4,3
Donas	7,5	288	1200	160,0	4,1
Mañufe	11,8	220	914	77,5	4,1
Morgadáns	13,1	226	904	69,0	
Nigrán	5,0	213	922	184,4	4,3
Parada	4,3	125	495	115,1	4,0
Peitieiros	4,3	194	793	184,4	4,1
A Ramallosa (Sta. Cristina)	5,0	150	650	130,0	4,3
Filgueiras (San Pedro)	5,0	292	1201	240,2	4,1
Vilaza	3,1	111	464	149,7	4,2
TOTAL	102,6	3248	13162	128,2	4,0

Densidades de poboación e habitantes por fogar en 1753. Tomado de GARCÍA GARCÍA, M.M. (1994) Caracteres de la evolución demográfica de la villa de Baiona y su entorno rural (siglos XVI-XIX), en Obradoiro de Historia Moderna, nº 3. Universidade de Santiago de Compostela. p.21.

A poboación de Baiona estancárase neste século dun xeito considerable respecto ao período anterior. Os seus 346 veciños en tempos de Ensenada, repartidos en 430 casas (vinte inhabitables e once arruinadas), serían un total de 1274 habitantes, o que supón tan só un 36% da poboación respecto da que tiña en 1594. Baiña pola súa banda, cunhas 250 casas (quinze inhabitables) tería 190 grupos domésticos e Baredo con 198 casas (dezaseis inhabitables) uns 166. Aínda parecendo cifras reducidas, outros *cascos urbanos* como Mondoñedo (2.466 hab.) ou Ribadeo (1277 hab.) contan con cifras semellantes. Na segunda metade do século XVIII estas últimas poboacións padecerán tamén un estancamento debido, sobre todo, á imposibilidade da produción agrícola de facer fronte ao crecemento da poboación. O crecemento, non obstante, será palpable nos últimos anos deste século e ao longo do XIX ao recuperarse algúns valores permitindo ter á altura da redacción do *Diccionario* de

Madoz (1845) uns 415 veciños ou 1792 habitantes, é dicir, un 71% de crecemento respecto a 1752.

No que respecta ao tamaño medio das familias estaría nos 4,02 individuos, estando o 74% dos fogares encabezados por homes fronte ao 25% das mulleres solteiras (23% das mulleres), viúvas (76%) ou casadas “*sin sauer del destino de su marido*”.⁵ Nestes últimos casos varía o tamaño familiar chegando, no caso das solteiras, ao 1,6 individuos/fogar ou no das casadas aos 2,2. O seu sostén pendía na maioría dos cento dez reais que ingresaban grazas á calceta. A media global dos fillos por fogar é de 1,3, o que supón un 32% se temos en conta o 4,02 citado de individuos por casa.

3.1. A poboación eclesiástica:

Xunto ao estado *lego*, 90% da poboación, o mundo conventual achega un 5,5% e o dos seculares un 3,5% (García García, 1994:326). Da copia do *Real de Eclesiásticos* expedida na vila polo escribán Mendoza a 25 de marzo de 1753 extraemos⁶:

- *Don Fernando de Heras, abad cura propio, tiene en su compañía a Don Pablo Ruybal, maior de diez y ocho y tres criados.*
- *Don Eusebio Labandeira, Racionero, una criada.*
- *Don Domingo Antonio de Aballe, racionero, asiste con don Gregorio de Aballe, su padre.*
- *Don Julián de la Torre, Racionero, asiste con Julián Freire.*
- *Don Alonso Delicado, Racionero, tiene una criada.*
- *Don Diego Alonso Martínez, Racionero, una criada.*
- *Don Alonso de Puga, Racionero, tiene una criada.*
- *Don Ygnacio Romero, Racionero, tiene tres criadas.*
- *Don Mathías Gregorio Pérez, Racionero, tiene una criada.*
- *Don Nicolás Bugarín, Racionero, una sobrina y una criada.*
- *Don Joseph Caruallido, Presuitero, tiene una criada.*
- *Don Antonio San Paio, Presuitero, una criada.*
- *Don Francisco de Bargas, presuitero, tiene un sobrino maior de diez y ocho años y una criada.*
- *Don Luís Panteón y Nogueira, Presuitero, tiene una criada.*
- *Don Manuel Estévez, Presuitero, asiste en compañía de Don Lorenzo, su padre.*
- *Don Pedro González Tabarés, Presuitero, tiene tres criadas.*
- *Don Pedro Manuel Flores, Presuitero, asiste con Don Pedro, su padre.*
- *Don Juan Bautista Carrera, Presuitero tiene en su compañía a sus padres maiores de sesenta años y una hermana.*

El Real Combento de Orden mendicante de San Francisco que se compone su comunidad de veinte y un religiosos sacerdotes, un corista y dos legos y se siruen de tres criados comensales menores de diez y ocho que se mantienen a expensas de dicho combento y goza cada uno de situado al año ciento y treinta y dos reales.

5 AHMB, LEG. 24, EXP. 7. 1753, marzo,25. Baiona.

6 A.H.M.B., LEG. 24, EXP. 8. Copia do *Real de Legos* e de *Eclesiásticos*.

El convento de religiosas del Orden de Santo Domingo, cuya comunidad se compone de treinta profesas que se sirven de doce criadas particulares y dos de comunidad que cada una de estas gozan de situado noventa y nueve reales, veinte y quatro ferrados de menudo y doce de centeno.

O corpo secular é liderado polos racioneiros da igrexa de Santa María de Baiona, unha das tres colexiadas da diocese de Tui e unha das doce de Galicia a fins da Idade Moderna (Barreiro Mallón & Rey Castelao, 2003). De control reservado ao bispo de Tui, a colexiada baionesa tiña ao seu cargo dous clérigos baixo título de abade aos que Sixto IV fixou tamén dous coros, cada un con sete racioneiros e un sancristán. En 1492 trala sucesión con D. Pedro Beltrán, o novo bispo solicitaría a Roma o título de colexiada reducindo a retribución do abade e establecendo doce racións, once delas efectivas e unha *supresa* para os nenos de coro. O abade en tempos de Ensenada, Fernando de Heras, levaba o cargo espiritual da Vila Vella, de Monterreal e da parroquia anexa de San Lourenzo de Belesar pola que recibía dúas racións, unha delas coa posibilidade de ser cuberta por un *doblero*. Os oficios litúrxicos alén da igrexa parroquial corrían a cargo destes abades, incluíndose o santuario de Santa Liberata, de padroado municipal; a capela da Misericordia, sede da *Hermandad de Santa Casa de Paz y Misericordia* ou a capela de San Xoán do Castelo na Laxe. A Colexiada era, por tanto, o centro reitor da vida relixiosa. No seu interior houbo fundadas máis de 900 misas cantadas e rezadas, 22 vixilias de defuntos, 16 vésperas cantadas e unha novena a Nosa Señora das Dores. Foi sede de ata once confrarías segundo resposta do correxemento á Xustiza de Tui en febreiro de 1779: *Ánimas, Nuestra Señora del Rosario, San Telmo, San Roque, San Antonio, Santa Cathalina, La Virgen del Carmen, la de la Consolazion, Dulce Nonbre de Jesús, San Sebastián y la de Santiago Apóstol*⁷, esta última cunha renda de 487 reais e vintecatros maravedís de vellón en réditos de censos e oito ferrados de trigo hipotecados sobre distintos bens. As restantes *“no tienen fondos algunos que los cortos anales y algunas limosnas que dan sus cofrades, los que se inuierten en sera, misas y más nezesario por sufraxio de las venditas ánimas y las de sus ermanos”*

O clero regular, pola súa banda, aparece representado por ordes mendicantes. Por unha banda estarían os franciscanos no Alto de Monterreal en convento fundado no 1541 á beira do mar e trasladado ao interior da fortaleza no 1583 para evitar invasións inimigas (Barreiro Álvarez, 1966). A pesares de ser unha comunidade pequena – 21 frades, un corista e dous leigos servidos por tres criados- cumpriron ao longo do século XVIII un importante papel no ámbito da predicación sendo os encargados dos sermóns en tempos de coesma ou en festividades locais como a da patroa da vila, Santa Liberata.

Cunha data de fundación de seis anos de diferenza, no 1547 aséntase na vila tamén a Orde de Santo Domingo, convento de nais dominicas baixo a advocación da Nosa Señora da Anunciación con comunidade gradualmente reducida dende as súas orixes e onde se pasou de cincuenta e unha *madres* no 1690 a trinta en tempos do Catastro, profesas servidas por doce criadas particulares e dúas de comunidade que gozaban de noventa e nove reais, vinte e catros ferrados de millo miúdo e doce de centeo.

A presenza nas dúas parroquias estudadas de relixiosos, aínda sendo menor, réxese por pautas semellantes á vila. No caso de Santa Mariña de Baiña ao cargo do templo

parroquial estaría o licenciado don Pedro Jacinto Vicente, segundo as *Respostas* tenente de cura (para a comisión da Única substituído por don Joseph Caruallido “*por su yndisposicion*”) e don Mateo José Vázquez por entón presbítero e encargado da parroquia dende 1757. Xunto ao templo parroquial o abade levaría o cargo das capelas de Santo Antón, Nosa Señora da Cela (Baredo) ou Santo Estevo e Nosa Señora da Asunción no Burgo. Aínda que unha relación do *Libro de Visitas Pastorales* de 1754 incluía tamén o santuario de San Cosme e San Damián nunha ladeira da Groba (Martínez Tamuxe & Martínez Barbosa, 2008), no gubernativo atopábase baixo o mosteiro de Santa María de Oia quen establecía o seu *colono administrador*⁸. O encargado da súa administración en 1753, dende 1751, era o presbítero don Bartolomé Dámaso de Losada, veciño de Santa Cristina da Ramallosa (Rodríguez Lemos, 2016).

Sen clero regular estaría tamén a parroquia de Baredo, considerada *aneja* de Baíña ata 1810 cando o bispo don Juan García Benito a converte en parroquia independente. O presbítero don Francisco Pazos e don Cosme de Penedo, con ordes menores, encargaríanse probablemente do culto no santuario da Nosa Señora da Cela, imaxe venerada neste templo, segundo Ávila y la Cueva, desde que “*apareció en el tiempo del cisma de Inglaterra a orillas de la mar en el lugar de la Cela*”, nos Outeiros da Arquíña, construíndoselle unha capela cara o 1551.

4. DOS TERRÓNS Á AREA: OFICIOS

Boa parte do rural e alfoz da vila dedicábase á agricultura, actividade complementada con outros oficios e cunha produción variada no marco dun sistema predominantemente binario no que se cultivaba trigo/millo ou millo/millo, nas terras de boa calidade, deixando para as inferiores a combinación centeo/millo (García García, 1994:10)

	<i>Baiona</i>	<i>Baíña</i>	<i>Baredo</i>
<i>Terras de sementeira (en ferrados)</i>	900	5280	7347
<i>Labradío regadío (en ferrados)</i>	---	355	595
<i>Labradío secaño (en ferrados)</i>	404	817	1306
<i>Horta (en ferrados)</i>	87	27	14
<i>Canabais (en ferrados)</i>	----	8	----
<i>Devesas (en ferrados)</i>	-----	----	20
<i>Viñado (parra) (en cavaduras)</i>	74	93	6
<i>Montes cerrados (en ferrados)</i>	85	1100	1096
<i>Monte comúns inútiles (en ferrados)</i>	266	2880	4310

Elaboración propia a partir do modelo empregado por Rey Castelao (1990)

8 A.H.N., *Foral 6º sellado del partido de Panjón y sus anejos*. 1637-1798. ES.28079. AHN/3.1.2.11.41//CLERO-SECULAR_REGULAR.L.10192

As terras cultivadas contrastaban nos seus plantío comúns (trigo, centeo, millo ou viña), con outras especies sementadas a “voluntad de los labradores” ou de “poca consideración” como o liño, a liñaza, o millo miúdo e o trevo (*tregoles*). Os seus valores aparecen regulados do seguinte xeito:

- 1 ferrado de trigo: 7 reais.
- 1 ferrado de centeo: 4 reais e medio.
- 1 ferrado de millo: 5 reais.
- 1 ferrado de millo miúdo: 3 reais
- 1 ferrado de tregoles: 7 reais
- 1 azume de viño: 32 maravedís.
- 1 carro de leña de devesa: 4 reais.
- 1 carro de toxo: 3 reais.
- 1 afusal de liño: 4 reais.
- 1 galiña: 2 reais e medio.
- 1 polo: 16 maravedís.
- 1 carneiro: 12 reais.

O traballo na terra facíase con reducido número de xornaleiros, dous para a vila e seis en Baíña, evidenciándose para Baredo que a escaseza atendía a “aiudarse los labradores en sus trauejos reciprocamente unos a otros sin extipendio alguno” ou porque “cultivan sus tierras por si mismos”. O seu soldo podía chegar aos dous reais. As terras de devesa de Baredo, fronte ás únicas colleitas *annua* das restantes, presentaban un aproveitamento cada catro, cinco ou seis anos segundo a súa calidade.

Algunhas poucas árbores froiteiras aparecen plantadas “los más de aquellos” en terras de hortaliza ou á beira dos viñedos emparrados mentres nas terras de sementeira “por el perxucio que infieren al fondo y sustancia de las tierras” non lles regulan valor algún. A súa presenza era regularmente ás marxes, dispersas e sen orde. O Licenciado Cornide, ao referirse ao Val de Miñor en 1764 considerábo “el más hermoso y fértil de la provincia de Tuy” con “todo tipo de género de semillas y frutos y algunos que son raros en este Reino por razón de su clima como son limones, naranjas y otras frutas” (Cornide, 1991:128-129).

Nas freguesías a actividade agraria complementouse cunha reducida cabana gandeira a base de bois, vacas, carneiros, ovellas, cabras e porcos aos que, en boa parte de Castela non se lle ordenou valor ao outorgarlle maior importancia aos *esquilmos*, unha práctica inexistente na comarca e sen “ganado que concurra a el”. Entre as variedades ás que se lle concedeu importancia figuran:

Vaca (*parindo do cuarto ano ao décimo*)

- tenreira: 30 reais
 aumento ata os 2 anos: 33 reais
 de 2-3 anos: 22 reais
 de 3-4 anos: 18 reais.
- xato: 34 reais
 aumento dos 2-3 anos: 34 reais
 de 3-4 anos: 33 reais
- leite e manteiga: 12 reais.

Ovella (*do terceiro ao noveno ano*)

- año: 4 reais
aumento dos 6 meses ao ano: 2 reais.
de 1-2 anos: 2 reais.
de 2-3 anos: 2 reais.
- lá de carneiro e ovella: media libra (sen lavar en bruto 1real e medio)

Cabra (*do terceiro ao noveno ano*)

- cabrito: 2 reais.
aumento ata o ano: 4 reais
de 1-2 anos: 2 reais.

Porca (*do primeiro ao segundo ano*)

- bacoriños (4 unha vez ao ano): 6 reais cada ano.
aumento ata o ano: 12 reais
de 1-2 anos: 24 reais
de 2-3 anos: 18 reais.

Os animais empregados na labranza, por considerar os seus beneficios fixados á carga sobre a terra non tiñan tampouco utilidade e, aos bois, por exemplo, “no les consideran utilidad alguna compatible por ser su aumento tan accidental como su minoración y dirigirse en este país el principal de esta conbencion más para su conservazion y uso que por otro ynteres o validad que les dexa”. Exceptuando as porcas e as súas crías, como todo animal “de vientre”, os animais domésticos como galiñas ou coellos son para “el consumo de la casa” e, por tanto, sen valor. Avaliable, sen embargo, podería ser a apicultura e os seus cortizos espallados polos *enxidos* das casas en número de seis en Baiona, douscentos oitenta en Baíña ou cento oitenta en Baredo co conseguinte aproveitamento de enxame, cera ou mel.

No sctor primario, lonxe dunha gran infraestrutura industrial, atopábanse os muíños erguidos á beiras de correntes de auga en propiedade dos veciños que se repartían neles os días e as noites coas súas correspondentes horas de moenda. Neles participaron como arrendadores algúns fidalgos, o convento de Nais Dominicás ou o hospital de Sancti Spiritus. Entre os “molinos harineros” recontáronse dezaoito ao longo do río de Baíña, entre A Tomada de Pedregoso e o Río da Maré. Moendo con pouca forza da auga valorouse o seu traballo “por pedra” en cento sesenta reais ao ano:

De unha roda:

- Muíño *da Areira de Antonio Penedo*
- Muíño *da Nogueira de Domingo Yglesia de Baiona*
- Muíño *da Señá de Pelambres de Joseph Regueiro*
- Muíño *de Martín Ledo de Francisca de Palma*
- Muíño *da Faldra de Manuel Blanco*
- Muíño *dos Eidos de Pedro de Alvares*
- Muíño *da Laxe de Pedro Fernández Caeiro*
- Muíño *da Fonte de Touro de Pedro Luís de Baiona*
- Muíño *de Martín de Don Pedro Pérez de dicha vecindad*
- Muíño *de Gandín del Conbento de Religiosas de Bayona*
- Muíño *da Fonte de Touro de Benita Cassada y el otro de Don Joseph López de Baiona.*

Moendo só catro meses, dos doce do ano, cunha utilidade de 80 reais:

- *Moiño Vello de Francisco González*
- *Muíño da Aveleira de María Perez*

De tres rodas:

- *Muíño das Laxes de Antonio Penedo*
- *Muíño da Ponte do Burgo de Ysabel Freire de Vaiona*
- *Muíño das Laxes de Don Pedro Florez*
- *Muíño das Laxes de Ysabel Freire de Baiona*, consideran útiles 520 reais de vellón.

En menor número, os oito muíños do lugar de Baredo eran todos de unha roda, moendo sete deles con auga corrente catro meses do ano cun beneficio de cento vinte reais:

- *Muíño de Torre de Agustín de Varros* (arruinado)
- *Muíños da Laxe de Alonso Giráldez*
- *Muíños de Pinicho de Alonso Giráldez*
- *Muíño do Acogulado de Alonso Trigo*
- *Muíño da Ponte de Antonio Granxa*
- *Muíño de Abaixo de Agustín de Barros y consortes*
- *Muíño do Barreiro de Agustín de Barros y consortes*
- *Muíño do Carballo de Agustín de Barros y consortes*

	Baiona	Baíña	Baredo
<i>I Sector de "alimentación" e suministros domésticos (panadeiros, chocolateiros, etc.)</i>	9	2	2
<i>II Construcción e mobiliario (canteiros, ferreiros, cerralleiros, etc.)</i>	4	3	1
<i>III Sector suntuario (plateiros, escultores, pintores, etc.)</i>	5	----	----
<i>IV Textil e indumentaria (tecedores, xastres, costureiras, etc.)</i>	312	88	4
<i>V Calzado e curtido</i>	2	2	----

Elaboración propia a partir do modelo empregado por Rey Castelao (1990).

Entre os oficios o artesanado ocupaba na vila ao 18% dos fogares e ao 12% da poboación. A aportación de tres reais por día traballado obrigou a unha parte importante dos agremiados a ter un segundo oficio e, entre as actividades menos rentables aparecen as vinculadas coa alimentación e o subministro doméstico exceptuando o caso do único chocolateiro existente na vila cunha utilidade de 1200 reais. O pan e o seu trato, fundamentalmente feminino, foi amasado por Dominga Antonia Valverde, Jacinta Román, Justa de Costal, María Pérez e Lucía de Barros lucrando entre 150 e, esta última, 250 reais. Os catro fornos rexistrados, sen embargo, quedan en mans dos homes Diego Milleiro, o inválido Domingo Arias, Joseph González ou Juan Abella. As tabernas como a da Praza Nova ou a de Monterreal estiveron rexidas por Justeria Barbosa, Francisca de la Gracia ou María de la Concepción, tocando o seu abasto a Caietano Pasani, Joseph de Zúñiga ou Juan Vidal, veciños os dous últimos

de San Pedro da Ramallosa e Andrés Fernández de Borreiros. As parroquias, cun servizo máis mediocre, limitaron os servizos a tabernas e estancos. Baíña tería a súa no lugar do Burgo, administrada por Rosa de Lemos “*que goza de honze reales vellón al mes*” e Baredo con outra no barrio da Ponte rexentada por María Triga cun soldo de 1 ducado ao mes. A presenza dos estancos serve para evidenciar a expansión gradual do tabaco, incluso nos medios rurais onde a *estanquillera* de Baíña Gaspara de Balderrama vendía ata catro libras de tabaco ao mes polas que gañaba tres reais/libra. En Baredo, o estanco rexido por Juan Fernández vendía apenas dez libras ao ano dos que lle resultaban libres trinta reais.

Aínda que non contabilizados no cadro anterior quizais debémosos incluír no grupo do subministro o mesón de María Antonia de Lira que lle lucra 200 reais ou as oito tendas “por menor con alguna especería y otras menudencias” que administran Juan Fernández Cima, Guillermo Valdés, Domingo de la Iglesia, Julián Freire, Francisco Valverde, Benito de Figueroa, Francisco de Pazos ou Roque de Figueroa que lucran de 50 a 400 reais. Dentro da alimentación o común da vila contaba tamén cunha carnicería da que era abastecedor e *tablajero* Francisco Freireiro por seiscentos reais/ano.

Lugar importante no ramo industrial ocuparía o sector relacionado coa construción e o mobiliario a base de cerralleiros, carpinteiros, ferreiros ou canteiros que roldaban no seu soldo entre os dous e os catro reais. De incluír neste grupo ao único latorero existente na vila deberíamos entón tamén sumar o oficio de reloxeiro desempeñado por Andrés de la Iglesia como encargado de “cuidar del reloj” existente no alto da Torre do Reloxo da fortaleza de Monterreal por douscentos reais. Fronte a ese coidado artesán, de maior luxo poderían ser os productos saídos dos talleres dun escultor, dous prateiros ou dous pintores asentados en Baiona. Se o escultor chegaba a gozar dun soldo de 550 reais, os prateiros apenas vivían de catro reais, sen dúbida, debidos á menor clientela ou a unha baixa cualificación e apreciación respecto doutros lugares de Galicia como podía ser Compostela ou Tui. Entre ambos quedaban os pintores Benito García e Joseph Gandón con 330 reais.

Entre os sectores a destacar polo seu peso económico na vila estaría o téxtil, complemento importante da economía familiar que ocupa ás mulleres en oficios de costureiras, calceteiras ou palilleiras cun útil cada unha de 110 reais de vellón ao ano (Barreiro Troncoso, 1989). “Trescientas calzeteras” sería o número de mulleres contabilizadas na vila mentres en Baíña aparecen oitenta, complementadas cos tres tecedores e unha tecedora, como en Baredo. Os tecedores ascenden a sesenta e cinco entre toda a Xurisdición, destacadamente na parroquia de Morgadáns onde houbo vintedous, seguida por Priegue con once e o couto de Panxón con oito. O seu traballo beneficiou a xastres e costureiras, tanto vilegas como rurais, que chegaron a percibir ata dous reais e medio como o de Baredo. Da importante produción deste sector que ocupa a tantas mulleres na vila e a súa contorna daría mostra o aboiante mercado textil representado por ata tres tendas de “algunos paños, sargas (...) tal qual especería y otras menudencias” que obteñen valores dos máis altos entre os mil e mil cincocentos reais/ano e os seus tendeiros reciben o tratamento de *don*, evidencia así da súa clase acomodada: don Bernardo Pastor Cima, don Pedro Flores ou don Agustín Fernández. Complementando estas tendas fixas uns dez tratantes de calcetas e gorros lucrarían do seu comercio entre os 100 e os 550 reais, homes e mulleres dedicados ao trato como fo-

ron Alonso González, Fernando Panteón, Alberto Carreira, Isabel Freire, Roque de Figueroa, Miguel González, Lorenzo Truxillo, Benita de Castro, Juan de Figueroa Olludo e Benito de Figueroa. Centro destacado nestas compras e vendas, de referencia para toda a Xurisdición, sería o “mercado que se zelebra en la Plaza de el castillo de Monte Real el lunes de cada semana, franco y libre de todos derechos”, conexión entre as parroquias rurais e os servizos que ofrecía a vila. O peso do téxtil acabaría por establecer, ao igual que pola extracción de peixe fresco fóra da vila ou do argazo “deste puerto y ría de la Concheira”, unha *sisilla* sobre a venda de calcetas. O *Almanaque Mercantil* realizado por D. Diego María Gallad para o ano 1797 destacaría a dedicación das mulleres baionesas “*a fabricar medias de hilo y calcetas en tales términos que llega su extracción un año con otro a cien mil docenas de pares*” (Gallard, 1797: 421).

O sector do calzado, aínda destacando dentro da Xurisdición na parroquia de Santa Cristina da Ramallosa con 6 zapateiros, conta na vila con dous representantes, Pedro Luís González e Antonio Nuñez, ambos cun xornal diario de 3 reais e maior que o percibido polos tres zapateiros de Baíña Antonio Martínez, Jacinto de Penedo e Juan Fernández da Levada.

Pese ao dito, no laboral Baiona apenas xeraría postos de traballo o que obrigou a boa parte dos veciños da súa Xurisdición a emigrar, especialmente cara Andalucía aínda que tamén cara Portugal a medida que avanza a centuria e a Indias cun peso destacado no século XIX. Andalucía serviría como lugar de transvase, de terra de acomodo para moitos baioneses que dende o Porto de Santa María ou Cádiz embarcaron alén mar. A vulgar polas ordes establecidas nos diferentes *Libros de Actas* consultados existían tamén importantes cuadrillas de “emigrados” cara a sega en Castela ou a vendima en Portugal.

4.1. O mar de Baiona na Única Contribución

Fronte ao “país de labregos e rentistas” as Rías Baixas poderían considerarse dentro da pesca española do século XVIII un lugar privilexiado pese a non ter o seu produto unha destacada presenza na dieta galega exceptuando as vilas litorais e poboacións urbanas. O peixe como alimento era moi perecedoiro o que explica que este non chegase moito máis alá dun consumo local compensado pola presenza de traficantes e *carrexóns* como o era en Baiona Luís Álvarez ou Manuel Vázquez ou Francisco Fernández, alias *Quer Quer*, en Baíña. O complexo mundo marítimo galego en época moderna queda en Baiona entre os aparellos de dez individuos que “tienen embarcaciones para pescar” segundo o Interrogatorio. Oitenta e un “marineros matriculados y pescadores”, dous deles sen exercer pola elevada idade (80 anos) e por carecer de medios económicos informan de que o de *mareante* é oficio dun 23% dos fogares e o sostén dun 25% da poboación, é dicir, de 79 unidades familiares – 320 persoas – que tiñan como “*veiga de gañar*” o mar (Caldas Fernández, 2003: 90). En 1664 cando se ordena o derrube das casas da Vila Vella para “*dejar francos los aproches de la fortaleza en la parte de la Palma hasta el monasterio de Monjas Dominicas*” dase a orde de que os mariñeiros trasladados ao interior da fortaleza fosen tratados con “*el maior alivio*” coa finalidade de que “*estos pudiesen salir a sus pescas a tiempo y oras competentes*”. O mar batía nas portas de Baiona mentres baixo os seus arcos se gardaban das galernas diferentes embarcacións

una de tres bancos y quarenta y seis quintales de porte que perteneze a Francisco Varrera, otra a Domingo de Cameselle, otra a Domingo Díaz, otra a Francisco González de Lira, otra Benito do Campo, otra a Christoval González, otra a Miguel González de Lira, otra a Sebastián de Cameselle, todas del propio porte y bancos; otra de los mismos y quarenta quintales de porte que perteneze a Domingo Gómez Mayres en las que dichos dueños como tales, hazen una parte por el barco como qualquiera otro marinero que se industria y exercita en ellos a la pesca, cuia parte consideran podrá dexar la utilidad de ciento ochenta reales vellón al año y una dorna de dos bancos y diez y seis quintales de porte que corresponde a Roque Costas y sus partes computan podrá ascender cada una a setenta y cinco reales de útil al año

A consideración económica anual para este ramo sería de cento oitenta reais de vellón, unha das máis baixas entre as restantes profesións debido, para algúns, ao pequeno tamaño das embarcacións. Entre as rexistradas unha delas pertencía a dous propietarios e, na súa maioría, eran de tres bancadas e corenta e seis quintais de porte (máis de 2000 quilos) exceptuando unha lancha de tres bancos e de corenta quintais ou unha dorna de dous e dezaseis quintais.

Fronte a importancia do mar na vila, Baíña e Baredo aínda sendo parroquias lindantes co mar parecen non ter mareantes, feito se cadra explicable por non estar matriculados segundo se requiriu dende 1748 ao implantar a *Matrícula de Mar* para os do gremio. Algúns dos propietarios de dornas de Panxón ou Priegue que pescaban sardiña entre o primeiro de agosto e finais de novembro dixeron ás preguntas dedicarse “lo más restante del año en ejercitarse como labradores”. Se cadra esta declaración que dun certo xeito os fixo inmunes á matriculación dá conta dos beneficios da súa actividade. Acaso os veciños de Baíña e Baredo, seguindo aos *panxoneiros*, non puideron actuar como o fixeran tamén en Galicia outras moitas vilas mariñeiras como Bueu ou A Illa? De ter sido así, explicaríamos a falta de datos nestes lugares para o sector pesqueiro (Dubert, 2012: 229).

5. DO GOBERNO: CORREXEDOR, REXEDORES E OUTROS CARGOS.

Fronte ás *illas* inmunes ao poder real dos señoríos galegos (Saavedra Fernández, 1990:168), Baiona como vila reguenga tiña a súa cabeza un representante da coroa, un funcionario real, o correxidior. Asentados na vila durante o seu mandato, rematado o seu goberno marchaban da poboación sen apenas crear lazos coa mesma. Debaixo desta figura creada na Idade Media e consolidada en tempos dos Reis Católicos co desexo de intervir nos gobernos municipais atopamos nas *Respuestas Generales* aos rexedores. En número de cinco menciónanse a don Jacinto Mariño, don Juan Antonio Losada, fiel executor, don Francisco Veloso de Orduña, don Francisco Miguel Correa e don Ventura Troncoso, alférez maior. Algúns deles por ser cargos vitalicios, chegada a súa vellez, víronse na incapacidade de dar conta do cargo. En diferentes momentos os libros de actas municipais recollen o aprazamento de sesións de concello por este motivo causante, sobre a institución, dunha certa dexeneración “política”. A pesar de non percibir salario

polo seu oficio, si o correxedor, tiñan criados e vivían en casas de *un alto* nas que se superaba a media do número de compoñentes por fogar da vila, 4,02. Evidencian pois unha vida desafogada aliñada con diversos bens en propiedade espallados pola comarca (García García, 1993). Dende 1766 coa entrada en escena dos deputados do común e do procurador síndico persoeiro, os rexedores perderían certas competencias.

A impartición da xustiza e o nomeamento de escribáns, receptores ou procuradores radicaba nese correxemento da Vila. Oito escribáns *de número* percibían ata 1300 reais ao ano ao igual que o escribán do concello Benito Román. O salario de calquera deles era inferior, sen embargo, ao que percibían os asentados en Tui con ingresos superiores polo xeral aos 1500 reais e algúns mesmo dos cinco mil (Rey Castelao, 1990:30). Coa facultade de outorgar fe pública a contratos, testamentos e outros documentos aparece tamén o notario Juan da Silva. Xunto ao cargo de escribán hai ata tres procuradores de causas e procuradores de número, estes últimos cargos arrendados polos seus titulares a outros. No asesoramento xurídico ou de defensa en procesos xudiciais relaciónanse tamén ata dous avogados, don Urbano de Mendoza e don Juan Antonio Benavides quen compaxina o oficio co de subdelegado de Mariña. Tres ministros ordinarios de xustiza como Domingo de Cea, Juan Antonio Mariño e Pedro Leal velarían polo cumprimento das leis e ordenanzas.

A administración real que ocupa a un 8% dos fogares aparecía vinculada en Baiona coa fiscalidade e co control aduaneiro pola importancia do seu porto, estando ao pé da súa ribeira entre os funcionarios un *sobrellaves* como don Manuel Salinas, un administrador de aduanas como don Diego Cortiñas ou encargados da *Real Renta de Tabaco* ao xeito de administrador don Manuel Ramos, o estanquillero e garda don Juan de Rambla ou o cabo Manuel Cabral. A comercialización e tributación do sal, estancado dende tempos de Felipe II, requiría ao igual que o tabaco dun administrador -don Gaspar Vázquez- ou dun medidor de alfólí como foi Manuel Antonio de la Iglesia. Fiscalmente tamén a venda do viño requiriu dun fiel administrador da *Blanquilla*, o imposto que gravaba a transacción do viño vendido ao por menor ou *atabernado*. O interese da vila como cabeza de xurisdicción sobre o seu territorio, tamén con intereses fiscais, extendíase grazas aos “*cinco ministros hordinarios de la jurisdiccion real de Baiona*” que tiña Baíña nas persoas de Luís de Bargas, Alonso de Bargas, Antonio Fernández, Juan de Penedo ou Francisco de Oliveira alén dun procurador de causas:

	Baiona	Baíña	Baredo
Servizo ordinario (en reais e maravedís)	292 ¹⁸	75	125
Servizo de carnes (en reais e maravedís)	438 ²⁷	93 ³⁰	156 ⁴

Cargas públicas. Elaboración propia a partir da Resposta 27.

6. DA EDUCACIÓN E ASISTENCIA SANITARIA

Sendo o catastro unha fonte pouco expresiva ao respecto, non deixa de ser ilustrativa. A parroquia de Baíña conta cun “*maestro de niños*”, Pedro Martínez, que gaña 280 reais ao ano. A limitación das tarefas docentes a un só preceptor indica o pouco nivel

de alfabetización existente tanto nas parroquias como na cabeza de xurisdicción onde outro mestre, Manuel Rodríguez, instrúe aos vilegos por 240 reais e goza dun *situado* de 50 reais. O seu soldo incluso inferior ao de Baiña non parece extensible ás restantes parroquias da Xurisdicción Real onde, na maioría, nin existía docente. Quizais fose este o motivo polo que concienciados os ausentes da súa terra pola emigración deciden remitir cartos para subsanar a carencia. Habería que esperar a xaneiro de 1784 para coñecer na vila a carta de don Lorenzo de la Carrera, emigrado a Quibdó (Colombia) que “*dejó quatro mil patacones para que perpetuamente se ymponga una escuela para el cultivo y enseñanza de niños en sus primeros rudimentos*”⁹. Aos seus pesos fortes que se invertirían en accións no Banco Nacional de San Carlos uniríanselle dende 1785 outros catro mil ducados donados por don Manuel Valverde sen destino concreto. A escola acollería a “*todos los niños y niñas, hijos de vecinos y moradores de esta villa y sus arrauales*” aínda que non mesturados (Álvarez Fernández, 1996). Cun fondo catequizador á sombra da mártir Santa Liberata, a fundación correría cos gastos da escola ou alugueiro do local mentres non se construíse un edificio *ex profeso*, o material e matrícula daqueles con pobreza xustificada, a elección por oposición ou o salario do mestre (Rodríguez Lemos, 2018).

Dende o punto de vista da asistencia durante o século XVIII e ata o pasado século vinte, Baiona dispuxo dun hospital de orixe “*cubierto por la nebulosidad de los tiempos*” (Ramos González, 1925). Intitulado de *Sancti Spiritus* “*para la curación de enfermos*” contaba cunha renda anual que superaba os trescentos reais en diñeiro, mentres en cereal obtiña ata vinteseis ferrados de trigo, douscentos sesenta de centeo, cento quince de miúdo ou dezaseis e medio de cebada xunto a douscentos dez azumes de viño e seis galiñas. A distribución do seu produto destinariase, xunto coa ración diaria dos oito enfermos pobres que serían “*admitidos para la curación de sus dolencias*”, para o pago do administrador. Elixido polo Ordinario tudense percibía ata trinta ducados para a súa manutención e asistencia dos enfermos. Auxiliábase nas súas tarefas dunha hospitaleira ou enfermeira e un criado.

En conxunto a atención sanitaria da poboación civil estaba en mans dun médico, don Gregorio Aballe, situado por El Rei con oitocentos reais de soldo, pagos polo común da vila seiscentos. Xunto a el ata catro cirurxiáns percibían entre cen e cincocentos corenta reais ao ano: Francisco Pereira (540), Pedro Cadaval (200), Gerónimo Cadaval (260) e Juan Fernández de Oliveira (100). Cun soldo semellante, o *Catastro* recolle outro cirurxián na parroquia de Baredo, Juan Álvarez. Os dous boticarios da vila que empregan ao igual que o médico o tratamento de *don* eran don Ramón Mandado e don Lorenzo de Otero. En escalafón máis baixo e de escasa cualificación (como os cirurxiáns) aparecían os barbeiros, neste caso “*hixo oficial de barbería*” que gañaba sesenta reais.

7. DA PRAZA MILITAR ÁS DEVESAS DO REI

Entre os bens que El Rei tiña na Xurisdicción distinguimos os de carácter militar das terras dedicadas a devesa e viveiros que a toponimia tradicional conserva como A Devesa do Rei, O Pinar do Rei ou A Tomada do Rei. No tocante á praza defensiva

9 AHMB, LEG.36, EXP 4. *Libro de Actas do 1784*.

de Monterreal recóntanse ata “veinte y tres casas que sirven de almacén, cuarteles y cuerpo de guardia” recoñecidas sobre unha descrición das prazas e postos fortificados do Reino feita en Ferrol a 5 de outubro de 1756:

Primeramente se ocupan tres casas, las dos fayadas y la otra terreña en la plaza principal del castillo de 21 baras de largo cada una y 9 de ancho y parece pertenecen a S.M (...) Otra en el barrio de Sn. Antón de 17 baras de largo y 8 de ancho que la ocupan los artilleros y pertenece a S.M. (...) Otras dos en la Calle de Abajo, la una de 16 baras de largo y 7 de ancho y la otra de 18 sobre 7 de ancho, las cuales las ocupan los ymbalidos y pertenesen como las antecedentes a S.M.; otra arrimada a las azesorias de el Ayuntamiento y desde cuió tejado recibía las aguas la cisterna, que tiene de largo 24 baras y 9 de ancho de la qual no se ha justificado pertenencia pero se solicitó que la Villa la redificase por la suma falta que haze la recolección de las aguas para el surtimento de la tropa. Otra en la calle del Combento, de 23 baras de largo sobre 9 de ancho y perteneze a los herederos de Don Lorenzo Pardo y la ha ocupado la tropa en otras ocasiones(...) También inmediato a la casa del Governador propia de S.M. se ocupan con varios pertrechos de artillería otras dos que tienen de largo cada una 14 baras sobre 7 ½ de ancho, la una perteneze a la Colegiata de la Villa por un censo de 12 rs. anuales que no se satisfazen y la otra a los herederos de Dn. Diego de Lago y Troncoso. Otra que llaman de Pedro Madruga, perteneciente a S.M. que tiene 24 baras de largo sobre 18 de ancho con su bodega y sobrado y se ocupa igualmente con pertrechos y municiones. Otra en la calle de la Herrería que tiene de 24 baras de largo sobre 10 ½ de ancho que perteneze a los herederos de Don F. Lombardo y se ocupa también con pertrechos de artillería (...) Otra en el barrio de Sn. Antón que tiene de largo 28 ½ baras sobre 9 de ancho que sirve de repuesto para alguna pólvora y perteneze a una hermita que llaman de los Ángeles (...) Otra a las espaldas del Bibaque que perteneze a la Villa aunque se crehe ser del Rey y en ella se custodian algunos efectos de fortificación (Rodríguez Villasante, 1984:190-192).

A situación do castelo de Monte Real como punto de concentración de tropas para a defensa da costa leva á existencia dun continxente militar, efectivos chegados á vila entre os aportes exteriores tamén no demográfico. Así, un 7% dos fogares aparece rexido por militares cun tamaño medio de 3,2 membros. Boa parte dos soldados eran *inválidos*, entre os trinta e oitenta anos, aveciñados en Monterreal e sen apenas ingresos alén dos aportados polas súas fillas e mulleres. Como milicianos o *Real de Leigos* recolle tan só a un casado, Francisco de Barjas, de vintecinco anos cun fillo e dúas fillas e ao solteiro Pedro Antonio de la Quadra. Xunto a eles figuran tamén artilleiros e ata cinco sarxentos que perciben ademais da súa pequena paga os ingresos de fillas e mulleres empregadas como calceteiras ou palilleiras cando non cun forno de cocer pan en propiedade no alto de Monte do Boi.

Pola súa banda, as terras reguengas ou devesas reais existen nesta zona sur dende mediados do século XVI cando se documentan as primeiras en Valadares, Oia ou Vigo a xeito de plantíos, sementeirias, labores de poda ou limpeza (Morgade Martínez, 2003: 46-47). En Baiona é posible engadir tamén a este contexto o nomeamento de gardas

forestais como o encargado de vixiar “el monte y fraga de la Grova, en los términos de la feligresía de Velesar, que son a su arvitrio los vezinos de ella sin que por uno o otro resulte utilidad alguna al común”. Unha Real Provisión de 1566 establecera a obriga para os concellos de facer plantacións de carballos e manter estas devesas e viveiros controlados entre 1656 e 1748 co fin de seguir a súa evolución. Aínda que a vila carecía delas nos seus arrabais foi importante o número de devesas ao longo da súa Xurisdición.

A importancia destas devesas radicou na súa localización nas terras mellor emprazadas, máis produtivas, abrigadas e nalgúns casos incluso con regadío en contraste cos restantes montes “ynútiles y pedregosos en la maior parte”. O seu emprazamento próximo a vías de comunicación ou coa posibilidade de transporte cara lugares nos que poder embarcar a madeira foi premeditado, non só pola proximidade do porto de Baiona senón tamén porque o río Miñor permitía a condución das toradas ata a súa desembocadura na Ramallosa.

Xunto aos bens de El Rei a comisión recolleu tamén por obrigación os chamados *bens de propios*, é dicir, os dependentes do concello e comparables aos *bens do común* de cada parroquia. Entre os edificios públicos baioneses aparecen unha *casa alta* nomeada dos Postes, emprazada no interior de Monterreal, e outra terreña no mesmo

XURISDICIÓN	FREGUESÍA	DEVESA	PINAR	VIVEIRO
Baiona (4)	Baiña (Sta. Mariña) e Baredo	1	1	1
	Baiona (Sta. María)	1	-	-
	Belesar (S. Lourenzo)	3	1	1
	Borreiros (S. Martiño)	2	2	1
	Camos (Santa Baia)	1	-	2
	Chaín (Santa María)	2	1	1
	Donas (Santa Baia das)	2	-	1
	Mañufe (S. Vicente)	2	1	1
	Morgadáns (Santiago)	1	1	2
	Nigrán (S. Fiz)	1	2	-
	Parada (Santiago)	1	2	-
	Peitieiros (S. Miguel)	2		1
	Ramallosa (Sta. Cristina)	2	1	1
	Filgueiras ou Ramallosa (S. Pedro)	2	2	
	Vilaza (Sta. María)	2		1

Cadro de elaboración propia a partir do *Testimonio del Auto de Visita echa de las Reales Deesas, montes, valdíos, concegiles, de comunidades y particulares de esta Jurisdicción de Bayona (1754)* A.H.M.B. LEG.33, EXP. 21.

sitio empregada como matadoiro. En terras parece ser “municipal” o monte e fraga da Groba, nos termos da parroquia de Belesar, sen utilidade algunha pero fonte continua de problemas sobre o seu aproveitamento. Entre outros foros e censos un de catrocentos ducados de principal aparece hipotecando o lugar de Olivares na parroquia de San Martiño de Borreiros como a *sisilla* cargaba a venda de calcetas, a extracción do peixe fresco que saía da vila ou incluso o argazo que se sacaba do “puerto y ría de la Concheira” cun aporte ás arcas que ascendía aos setecentos setenta e seis reais. Boa parte destes ingresos consideraríanse de orixe dubidosa ao descoñecerse o motivo do cobro ante a falta de privilexios ou documentación acreditativa.

8. CONCLUSIONES

Fontes como o catastro do Marqués de la Ensenada permiten un análise de datos contrastables noutra documentación. O grao de fiabilidade buscado, variable duns lugares a outros, non evitou a esperada ocultación entre unhas declaracións protectoras sobre todo dos *emolumentos del común* e non tanto ao catastrar parcelas onde é posible non chegase ao 50% dos casos (Saavedra Fernández, 2007). Como toda fonte fiscal, as limitacións neste senso deben ser consideradas como resposta cotiá a facer o máis leve posible a presión dos impostos (Camarero Bullón, 1999). A Única Contribución a nivel local permite albiscar o estado no que a estas alturas do século XVIII se atopaban boa parte das poboacións de Castela. O contexto baionés, a raíz dun reparto de cargas extraordinarias entre os veciños, foi dado a coñecer ao rei Fernando VI polo correxemento en 1756 pois

la referida villa se componía de poco número de vezinos terrestres, que escasamente llegauan a quarenta y de estos la maior parte eran sumamente pobres, que se mantenían con mucho trauajo y de la labor de sus manos, reducida al ejerzísio de azer calzeta y lo otro porque al pueblo era mui abundante de marineros matriculados y mucho número de eclesiásticos y ni unos ni otros concurrían con los del estado de la tierra a repartimiento y demás cargos consegiles¹⁰.

Aínda sendo críticos con esta información que pretendía a consideración do monarca dende un punto de vista fiscal, o certo é que agocha tamén certa veracidade. Pese ao dito a vila era aínda centro reitor de toda unha Xurisdición especialmente no tocante á administración, pequeno comercio, abasto que proporciona o porto, sanidade ou servizos en porcentaxes maiores que no resto da Xurisdición Real. A obtención dunha información o máis homoxénea posible, propósito principal da Coroa, levou á confección dun Interrogatorio *General* que recolle ata corenta preguntas ás que se debían axustar as respostas de cada unha das localidades. O proceso de gran lentitude precisou da disposición de medios persoais e técnicos para poder recoñecer cada parcela por minúscula e retirada que estivese, medila, trazar un plano (que nunca se fixo salvo excepcións) e valorar a súa produción media anual (Saavedra Fernández, 2007: 774). Entendemos así a recorrencia dos modernistas a esta fonte sobre a que centran análises da composición dos fogares, do campesiñado, a industria, a superficie cultivada, o tamaño e ou os rendementos das terras.

10 AHMB, LEG 28, EXP. 7. Libro de Actas del Ayuntamiento de 1753. Copia de Real Facultade fº 8v-9r

ANEXO DOCUMENTAL

O texto do *Interrogatorio* é presentado, a continuación, seguindo o modelo propio das transcricións non paleográficas ou diplomáticas no tocante aos signos de puntuación e acentuación que se actualizaron de cara a mellorar a súa lectura. Respectáronse as maiúsculas e só se reduciron a minúsculas as caligráficas. Conservamos a vacilación na escrita do uso do b/v,x/j, g/j mentres eliminamos, adaptando á norma actual, a duplicidade de letras como o r ou o t. Mantivemos, sen embargo, o /ph/ en nomes como *Joseph* ou o /th/ ou /ch/ en palabras como *parrocho* por párroco. En negriña distínguense o número das respostas transcritas a partir do *Ynterrogatorio de la villa de Bayona y feligresía de Baña y Baredo* conservado no Arquivo Histórico de Simancas¹¹ baixo a signatura: AGS_CE_RG_L26

INTERROGATORIO

QUE HAN DE SATISFACER BAIXO

de xuramento, as Xustizas e demais persoas que farán comparecer os Intendentes en cada pobo.

1. Como se chama a poboación.
2. Se é de reguengo ou de señorío e a quen pertence; que dereitos percibe e canto producen.
3. Que territorio ocupa o termo, canto de Levante a Poñente e de Norte a Sur, e canto de circunferencia por horas e leguas; que lindeiros ou confrontacións, e que figura ten, poñéndoa á marxe.
4. Que especies de terra se atopan no termo, se de regadío ou de secaño, distinguindo se son de hortaliza, sementeira, viñas, pastos, bosques, matos, montes e demais que puidese haber, explicando se hai algunhas que produzan máis dunha colleita ao ano, as que frutifiquen só unha, e as que necesitan un ano de intermedio de descanso.
5. De cantas calidades de terra hai en cada unha das especies que teñan declarado, se de boa, mediana ou inferior.
6. Se hai algún plantío de árbores nas terras que declarar, como froiteiras, moreiras, oliveiras, figueiras, amendoeirás, parras...
7. En que terras están plantadas as árbores que declaran.
8. En que conformidade están feitos os plantíos, se estendidos en toda a terra ou ás marxes; nunha, dúas ou tres fileiras, ou na forma en que estivesen.
9. Que medidas de terra se usan naquel pobo; de cantos pasos ou varas castelás en cadro se compoñen. Que cantidade de cada especie de grans, dos que se collen no termo, se sementa en cada unha.
10. Que número de medidas de terra haberá no termo, distinguindo as de cada especie e calidade, por exemplo, tantas fanegas, ou do nome, que tivese a medida de terra de sementeira da mellor calidade, tantas de mediana bondade e tantas de inferior; e o propio nas demais especies que tivesen declarado.
11. Que especies de froitos se collen no termo.

11 Accesible a través da web: <http://pares.mcu.es/Catastro/>

12. Que cantidade de froitos de cada xénero, uns anos con outros, produce, cunha ordinaria cultura, unha medida de terra de cada especie e calidade das que houbese no termo, sen comprender o produto das árbores que houbese.

13. Que produto se regula darán por medida de terra as árbores que houbese, segundo a forma en que estivese feito o plantío, cada un na súa especie.

14. Que valor teñen ordinariamente un ano con outro os froitos que producen as terras do termo, cada calidade deles.

15. Que dereitos se atopan impostos sobre as terras do termo, como décimo, primicia, terzo -décimo ou outros; e a quen pertencen.

16. A que cantidade de froitos adoitan montar os referidos dereitos de cada especie ou a que prezo adoitan arrendarse un ano con outro.

17. Se hai algunhas minas, saíñas, muíños fariñeiros ou de papel, batáns ou outros artefactos no termo, distinguindo de que metais e de que uso, explicando os seus donos e o que se regula produce cada un de utilidade ao ano.

18. Se hai algunha rapa no termo, a quen pertence, que número de gando ven á rapa e que utilidade se regula lle produce ao seu dono cada ano.

19. Se hai cortizos no termo, cantos e a quen pertencen.

20. De que especies de gando hai no pobo e termo, excluindo as mulas de coche e cabalos de regalo; e se algún veciño ten cabana ou eguada que pasta fora do termo, onde e de que número de cabezas, explicando o nome do dono.

21. De que número de veciños se compón a poboación e cantos hai nas casas de campo ou alquerías.

22. Cantas casas hai no pobo, que número de inhabitables, cantas arruinadas; e se é de señorío, explicar se ten cada unha algunha carga que pague ao dono polo establecemento do solo, e canto.

23. Que propios ten o común e a que ascende o seu produto ao ano, de que se deberá pedir xustificación.

24. Se o común goza dalgún arbitrio, sisa ou outra cosa, de que se deberá pedir a concesión, quedándose con copia que acompañe estas dilixencias; que cantidade produce cada un ao ano, a que fin se concedeu, sobre que especies para coñecer se é temporal ou perpetuo e se o seu produto cubre ou excede da súa aplicación.

25. Que gastos debe satisfacer o común, como salario de Xustiza e rexedores, festas de Corpus ou outras; empedrado, fontes, etc., de que se deberá pedir relación auténtica.

26. Que cargos de Xustiza ten o común, como censos, que responda ou outros, o seu importe, por que motivo e a quen, de que se deberá pedir puntual noticia.

27. Se está cargado de servizo ordinario e extraordinario ou outros, de que igualmente se debe pedir individual razón.

28. Se hai algún emprego, alcabala ou outras rendas enaxenadas, a quen, se foi por servizo pecuniario ou outro motivo, de canto foi e o que produce cada un ao ano, de que se deberán pedir os títulos e quedarse con copia.

29. Cantas tabernas, mesóns, tendas, panaderías, carnicerías, pontes, barcas sobre ríos, mercados, feiras, etc. hai na poboación.

30. Se hai hospitais, de que calidade, que renda teñen e de que se manteñen.

31. Se hai algún cambiador, mercador ao por maior ou quen beneficie o seu caudal por man de corredor ou outra persoa, con lucro e interese; e que utilidade se considera lle pode resultar a cada un ao ano.

32. Se no pobo hai algún tendeiro de panos, roupas de ouro, prata e seda, lenzos, especiería ou outras mercadorías, médicos, cirurxiáns, boticarios, escribíns, arrieiros, etc. e que ganancia se regula pode ter cada un ao ano.

33. Que ocupacións de artes mecánicas hai no pobo, con distinción, como albañeis, canteiros, albeites, ferreiros, cordoeiros, zapateiros, xastres, cardadores, tecedores, sombreireiros, manguiteiros, guanteiros, etc.; explicando en cada oficio dos que houbese, o número que hai de mestres oficiais e aprendices, e que utilidade lle pode resultar, traballando meramente do seu oficio, ao día cada un.

34. Se hai entre os artistas algún, que tendo causal, faga prevención de materiais correspondentes ao seu propio oficio ou a outros, para vender aos demais, ou fíxese algún outro comercio, ou entrase en arrendamentos; explicar quen e a utilidade que consideren lle pode quedar ao ano a cada un dos que houbese.

35. Que número de xornaleiros hai no pobo e a cómo se paga o xornal diario a cada un.

36. Cantos pobres de solemnidade hai na poboación.

37. Se hai algúns individuos que teñan embarcacións, que naveguen no mar ou ríos, a súa porta, ou para pescar; cantas, a quen pertencen e que utilidade se considera a cada unha seu dono ao ano.

38. Cantos clérigos hai no pobo.

39. Se hai algúns conventos, de que relixións e sexo, e que número de cada un.

40. Se o Rei ten no termo ou pobo algunha finca ou renda, que non corresponda ás Xerais nin ás Provinciais, que deben extinguirse; cales son, como se administran e canto producen.

1^o Ynterrogatorio de la Villa de Bayona y Feligresía de Baña y Baredo

En la villa de Baiona a veinte y quatro días del mes de marzo de mil setecientos cinquenta y tres, haviendo en fuerza de las diligencias practicadas que constan en los autos comparecido ante su merced el señor Don Francisco Martin Rexrei Dix huiz abogado delos Reales Consejos de *Su Magestad* Dios Guarde y subdelegado aprobado por la Real Junta de la Única Contribución, en señor Don Joseph Caruallido como cara y en nombre del Abad de esta villa (por su yndisposición) y de Baña y Baredo y en virtud: el *Lizenciado* Don Phelix de la Plaza y así como correjidor Don Jazinto Mariño y Don Juan Antonio Losada Rexedores, Benito Antonio Román, escrivano de Aiuntamiento, Alexandro Carrera, perito nombrado por el pueblo de dicha villa, Pedro Rega lado de Godoi, perito nombrado por su merced en nombre del Rey, Antonio de Penedo, maiordomo pedáneo de la *feligresía* de Santa María de Baña, Juan Fagúndez perito elijido por su pueblo, Antonio da Granxa juez pedáneo de Baredo y Francisco Miniño perito nombrado por este pueblo, todos los quales después de aver jurado (a excepcion de dicho cura), conforme a derecho según consta en autos, ofrecieron responder y resolver las preguntas del Ynterrogatorio de la Real Ynstrucción sin colución, pasión ni engaño y en su consecuencia conforme se han informado para la maior especificacion, zerteza según su saver y entender cada uno por lo que le toca del que doi fe. Prometieron dezir la realidad de la verdad y fueron declarando lo siguiente.

A la **primera pregunta** de dicho ynterrogatorio dixeron que esta población se llama la villa de Vaiona y las otras las *feligresías* de Santa Mariña de Baña y Baredo y responden.

A la **segunda** dixeron que son de realengo y responden.

A la **terzera** dixeron que el territorio que ocupa la referida villa es de *Levante a Poniente* un cuarto de legua, de *Norte a Sur* otro cuarto, y de circunferencia una legua, a *Levante* con la mar, *Poniente* con la *feligresía*. de Baredo, *Norte* con la mar y *S.* con la *feligresía*. de Baíña y principiando su demarcación por la parte del *Levante* en el marco intitulado de las Azeñas de el Cadiz, para al del camino y ba en derechura al de la Laxe, de este al de la Cruz de la pena da Padreira prosiguiendo a la casa que se dize das Cavadas, dividiendo siempre esta villa de la expresada *feligresía*. de Baíña, desde donde ba a dar al Outeiro de Faxardo y en derechura a la Cruz do Obispo, de allí al marco de Bouza triga separando la referida villa de la *feligresía* de Baredo y prosiguiendo por las orillas de la mar ba a cerrar con el enunciado marco de las Azeñas del Cadiz cuiro terreno asi limitado forma la figura del margen.

A la referida *feligresía* de Santa Mariña de Baíña de *Levante a Poniente* un cuarto de legua y de *Norte a S.* tres cuartos, y de circunferencia una legua y tres cuartos linda al *Levante* con la *feligresía* de Santa Cristina de la Ramallosa y con San Lorenzo de Belesar, *Poniente* con Baredo, *Norte* con la mar y *S.* con la *feligresía* de Santa María de Mougás y principiando su demarcación en la Laguna que se dize del Pombal, para a la mar, y sigue a marco que se denomina Cruz de las Lajes, de allí al do Eido Vello, de este a la fuente Alveta y a otro intitulado do Castro, al de Outeiros de Abeas, al de Viseo, al de la Fuente de Altameja prosiguiendo al Alto de Monte Redondo, y al Marco de Piedra Cuitelo donde se allan dos cruces diuidiendo dicha *feligresía* de las de Santa Christina de la Ramallosa y San Lorenzo de Belesar de allí ba a dar marco que se dize del Reguengo o Regueiro do Foxo, al de Outeiro do Home, a la pena de Casa Dominga a la Piedra Naueira, y de allí a los Marcos que se dizen del Camino Real de Vaiona a Mougás, dividiendo por estas demarcaciones que son por el sur la *feligresía* referida de Mougaz y siguiendo en derechura al marco que se nombra de San Antón, pasa al de las Pedreiras a la casa de Manuel Vasquez que sirve de tal, de allí al de Cadiz diuidiendo esta *feligresía* de la de Baredo y villa de Baiona de donde confinando con el mar ba a dar a dicha Laguna del Pombal; el cual término así circunscripto forma la figura del margen.

El de la de Baredo de *Levante a Poniente* cinco octavos de legua, de *Norte a Sur* otros cinco octavos y de circunferencia dos leguas y media linda al *Levante* con la *feligresía* de Baíña y villa de Baiona, *Poniente y Norte* con la mar de Salgueiras y Fontela y sur con la dicha *feligresía* de Mougaz: y principiando su demarcación a la parte del *Levante* en la cruz que se nombra de Baíña que sirve de marco, ba a dar a la Lagoa de San Cosme confinando con dicha de Baíña y de allí al Outeiro do Galo y de este al de Trubelas, a la Portela de Baíña donde sirve de marco la peana de dicha Cruz, y así siguiendo con el propio confin hasta el Monte Alto, Outeiro das Centinelas y a la casa que sirve de tal de Matheo de Comesaña y de allí a la Laxe da Rexa, confinando con el término de Baiona, de donde ba siguiendo por la orilla de la mar a dar al cruzero de Torzelo donde se alla un marco fuera del muro de la heredad que se nombra de Bartholome Granja y demarcando con la dicha de Mougaz, pasa a otro marco que está sito en la heredad de Juan Varreiro da Cela se cita al Outeiro do Moucho y do Home: cuiro marco es una piedra augerada a la Fuente de Loureiro. De allí, a los mojonos do Monte do Pernal confinando siempre con dicha de Mougaz, y de allí separando la expresada de Baíña ba a zerrar con dicha Cruz o marco de Baíña cuiro término circunscripto forma la figura del margen y responden.

A la **cuarta** dixeron que las especies de tierra que se allan en el término de esta villa son de hortalizas, sembradura secano, parras y montes: en el de la *feligresía* de Baíña, de hortaliza, sembradura regadío y secano, cañaverales y montes; y en el de Baredo de hortaliza, sembradura regadío y secano, parras, dehesas y montes, los que frutifican una sola cosecha al año excepto las dehesas y montes que aquellas producen y se cortan siendo de primera calidad de quatro a quatro años, las de segunda de cinco a cinco y las de tercera de seis a seis, y estos siendo cerrados de particulares se cortan los de primera calidad de quatro a quatro años, los de segunda de seis a seis y los de tercera de ocho a ocho, y responden.

A la **quinta** dixeron que en las especies que han declarado hai de primera, segunda y tercera calidad excepto en los montes, de esta villa solo se verifican dos: en las dehesas y huertas de Baredo otras dos; y en las parras y en los cañaverales de Baíña dos y responden.

A la **sexta** dixeron que en las tierras declaradas ai plantados barrios árboles frutales e ynfructíferos y responden.

A la **séptima** dixeron que los referidos árboles se allan plantados en las de hortaliza y sembradura y responden.

A la **octava** dixeron que los plantíos de los mencionados árboles están regularmente echos a las márgenes y algunos en la extensión de la tierra dispersos y sin horden, y responden.

A la **nona** dixeron que la medida de tierra que se usa en las expresadas villa y *feligresías* es el ferrado de centeno en sembradura que consta de seiscientos veinte y cinco baras castellanas quadradas al respecto de veinte y cinco por paso, el que sembrado de centeno admite el ferrado de esta especie. de trigo tres cuartas y de maíz un sexto, y que la cavadura de parra consta de la propia dimensión y responden.

A la **dezima** dixeron que en el término de dicha villa abrá nueve cientos ferrados en sembradura, los ochenta y siete de hortaliza, cinquenta y nueve de primera calidad, veinte y tres de segunda calidad y cinco de tercera; quatro cientos y quatro de sembradura secano, setenta de primera, ciento y ochenta de segunda y ciento cinquenta y quatro de tercera calidad, sesenta y quatro cavaduras de parra, diez y siete de primera; veinte y dos de segunda y veinte y cinco de tercera: ochenta y cinco ferrados de montes cerrados de particulares: quatro de primera, ochenta y dos de segunda, y ducientos sesenta y seis de montes comunes ynútiles: en la *feligresía* de Santa Mariña de Baíña cinco mil ducientos y ochenta ferrados en sembradura, veinte y siete de hortaliza, cinco de primera, honze de segunda, y honze de tercera calidad: trescientos cinquenta y cinco de sembradura regadio, ciento y veinte de primera, ciento setenta y cinco de segunda y sesenta de tercera: ochocientos diez y siete de sembradura secano; treinta y dos de primera, ciento y noventa y seis de segunda y quinientos ochenta y nueve de tercera: noventa y tres cavaduras de parra, veinte y siete de primera, treinta y seis de segunda y veinte y ocho de tercera: ocho ferrados de cañaveral, siete de primera y dos de segunda: mil y ciento de montes cerrados de particulares los tres zientos quarenta y seis de primera, ciento noventa y dos de segunda y quinientos sesenta y dos de tercera: y dos mil ochocientos, y ochenta delos comunes ynútiles. En el término de Baredo siete mil trescientos quarenta y siete ferrados en sembradura, los catorce de hortaliza, ocho de primera, y seis de segunda calidad: quinientos noventa y cinco ferrados de sembradura regadio, ducientos y veinte y dos de primera calidad, ducientos y diez y

seis de segunda y ciento cinquenta y seis de terceira: mil trescientos y seis de sembradura secano, noventa y dos de primeira, tres cientos y seis de segunda y nueve cientos y ocho de terceira: seis cavaduras de parrales de primeira calidad: veinte ferrados de dehesas los diez de primeira y diez de segunda, mil noventa y seis ferrados de montes cerrados de particulares, ciento cinquenta y seis de primeira, trescientos noventa y nueve de segunda y quinientos quarenta y uno de terceira, y quatro mil trescientos y diez delos ynutils y responden.

A la **onze** dixeron que las especies de fruitos que se cojen en el término de dicha villa y *feligresías* se reduzen a trigo, centeno, maíz y vino y que sin embargo de que a voluntad de los labradores se siembran las tierras de otras especies y producen, lino, liñaza, menudo y tregoles; las dejan refundadas en las declaradas por no ser de especial consideración, ni aumentar el producto de aquellas y responden.

A la **doze** dixeron un ferrado de sembradura regadío primeira calidad un año con otro con una hordinaria cultura en los términos de dichas *feligresías* de Baiña y Baredo produzira cinco ferrados de trigo, y a los dos siguientes años cinco de maíz: el de segunda quatro de trigo, y quatro de maíz de mismo tiempo: y el de terceira dos y medio de trigo y dos y medio de maíz: la misma medida de sembradura secano de primeira calidad en los términos de esta villa y *feligresías* expresadas fructificara cinco ferrados de trigo, y en los dos años siguientes a quatro de maíz en cada uno: la de segunda calidad quatro de centeno, y los dos siguientes tres de maíz, y la terceira dos de zenteno de que solo produce: a una cavadura de parra de primeira calidad en los términos de dicha villa y *feligresías* y produzira al año quarenta y cinco azumbres de vino, la de segunda treinta y quatro, y la de terceira veinte y cinco: un ferrado en sembradura de hortaliza primeira calidad en los referidos términos regulan su producto anuo en quarenta reales vellón: al de segunda treinta, y al de terceira veinte: a un ferrado de cañaveral primeira calidad del término de la *feligresía* de Baiña computan cinquenta y cinco reales, y al de segunda quarenta: a un ferrado de monte delos cerrados de particulares primeira calidad le consideran produce de quatro a quatro años tres carros de toxo, el de segunda de seis en seis, dos: y el de terceira en los términos de dichas *feligresías* de ocho a ocho años uno y responden.

A la **treze** dixeron que un ferrado en sembradura de dehesa primeira calidad en los términos de dicha *feligresía* de Baredo consideran que puede cortarse de quatro a quatro años y le regulan tres carros de leña, y el de segunda de cinco a cinco dos y que aunque en los términos de la referida villa y expresadas *feligresías* ai plantados barrios árboles frutales e ynfructíferos los más de aquellos en las de hortaliza y algunos de estos en las parras, y en las de sembradura por el perjuicio que infieren al fondo y sustancia de las tierras no les regulan producto separado por dejarle refundido, y homologado en ellas mismas y responden.

A la **catorze** dixeron que el valor que de hordinario computado un año con otro tienen los frutos que producen las tierras de el término es de siete reales el ferrado de trigo, quatro y medio el de centeno, y cinco el de maíz: treinta y dos *maravedís* el azumbre de vino: quatro reales el carro de leña de dehesa y tres el de toxo: y por lo que respecta al valor a que comúnmente suelen cobrarse varios géneros de pensiones se regularon las siguientes: un ferrado de mijo menudo en tres reales, el de tregoles siete, el afusal de lino quatro, una gallina dos y medio: un pollo diez y seis *maravedís* y un carnero doze reales y responden.

A la **quinze** dixeron que sobre las tierras del término de esta villa se alla ympuesto el diezmo que la mitad perteneze al Cavildo de la Colegiata de ella, y la otra mitad al referido Obispo de la Catedral de Tui: en las de las *feligresías* de Baíña y Baredo se alla ympuesto el diezmo en sus tierras el que corresponde a Don Fernando de Heras abad de dicha villa y *feligresías* y el voto en que están encavezados los vezinos y toca a la Yglesia Catedral de la Ciudad de Santiago y responden.

A la **diez y seis** dixeron que la cantidad de frutos a que regularmente un año con otro suelen montar los referidos derechos es el diezmo que perteneze a la Colegiata de esta villa a sesenta ferrados de maíz, treinta de centeno, dos de trigo, uno de tregoles, cien azumbres de vino, cinquenta reales de cebollas, un real de calavazos, y quatro cientos reales vellón por el diezmo del pescado; y que por la otra mitad del diezmo que corresponde al Obispo de Tuy hazen la misma regulación: El de la *feligresía* de Baíña ascenderá un año por otro a cinquenta ferrados de trigo, sesenta de centeno, tres cientos de maíz, ocho de tregoles, ducientos y nobenta azumbres de vino: veinte y cinco afusales de lino: doze reales por los diezmos de ganados: El de la de Baredo a cien ferrados de trigo, ciento y quarenta de centeno, seiscientos de maíz, doze de tregoles, treinta azumbres de vino, cinquenta afusales de lino, veinte reales de diezmos minutos y diez por las crías de ganados y el voto en que están encavezados los vezinos de Baíña consiste en pagar anualmente diez y ocho reales, y los de Baredo treinta y ocho que unos y otros los reparten entre sí para hazer el pago y responden.

A la **diez y siete** dixeron que en los términos de dicha villa y expresadas *feligresías* no hai minas, salinas ni otros algunos artefactos más que en la de Baíña diez y ocho molinos harineros que muelen con agua corriente, los doze de una rueda que pertenezzen uno en el sitio da Areira a Antonio Penedo, otro al de Nogueira a Domingo Yglesia de Baiona, otro al de Señá de Pelambres a Joseph Regueiro, otro en Martin Ledo a Francisca de Palma, otro al sitio da Faldra a Manuel Blanco, otro nos Eidos a Pedro de Alborés, otro na Laxe a Pedro Fernandez Caeiro, otro en Fuente de Touro a Pedro Luís de Baiona, otro en Martín a Don Pedro Perez de dicha vecindad, otro en Gandín al Conbento de Religiosas de Bayona, otro en Fuente de Touro a Benita Casada y el otro a Don Joseph López de Baiona, los quales muelen ocho meses del año y computan la utilidad de cada uno en ciento y sesenta reales: dos quatro meses del año uno al sitio do Moíño Vello perteneze a Francisco González y el otro al de Aveleira a María Perez regulan a cada ano de utilidad ochenta *reales* Tres de dos ruedas ocho meses del año el *mismo* al sitio das Laxes corresponde a Antonio Penedo, otro al de Puente del Burgo a Ysabel Freire de Vaiona y el otro al das Lajes a Don Pedro Flores, vezino de ella y computan a cada año la utilidad de trescientos y sesenta reales, y el otro restante de tres ruedas ocho meses del año al sitio das Laxes a Ysabel Freire de Baiona y le consideran de útil quinientos y veinte reales de vellón: En la *feligresía* de Baredo ocho molinos el uno arruinado al sitio de Torre que perteneze a Agustín de Varros, los siete de una rueda muelen con agua corriente quatro meses del año, y a cada uno computan la utilidad de ciento y veinte reales que corresponden dos en los sitios de Laxe y Pinicho a Alonso Giraldez, otro en O Acogulado a Alonso trigo, otro no da Ponte a Antonio Granxa, y los tres restantes en los sitios de Molino de Auajo, Varreiro y Carvalho a Agustín de Varros y consortes y responden.

A la **diez y ocho** dixeron que en los términos de la expresada villa y referidas *feligresías* no hai esquileo alguno ni ganado que concurra ael y que los esquilmos

que producen los que ai en ellos consideran por sus especies en la manera siguiente: a una baca que puede procrear desde el quarto asta el dezimo año de su hedad en cada uno en que lo aga regulan su cría qual ternero, o ternera en treinta reales y por la leche y manteca doze: a una ovexa que se considera puede parir de el terzero hasta el noveno año regulan su cría por cadaño en quela pariere en quatro reales y a cada carnero, y ovexa la computan media libra de lana la que entera en bruto y por labar balen un real y medio: a una cabra que puede producir desde tres a nueve años regulan su cría en dos reales: a una lechona que puede procrear desde el año hasta los dos o tres en que regularmente suelen matarse consideran pare únicamente una vez al año quatro lechonsitos los que separados de la madre a los quatro meses thasan en seis reales cada año, y tocante a las demás utilidades que proceden y se observan, teniendo presente lo que cita el expresado capítulo diez y ocho, y lo últimamente prevenido por la Real Junta con el respecto a las aparcerías de ganados dixeron que aunque hai algunos bueis de labor dados no les consideran utilidad alguna compatible por ser su aumento tan accidental como su minoración y dirigirse en este país el principal de esta conbencion, más para su conservazion y uso que por otro ynteres o validad que les dexen que a un novillo o ternera separado al año de la madre hasta los dos de hedad se le contempla de aumento treinta y tres *reales* de los dos a tres siendo buei treinta y quatro, y de tres a quatro treinta y tres y siendo baca desde los dos a tres veinte y dos, y de los tres a los quatro diez y ocho: a un cordero segregado de la madre a los seis meses asta el hasta el año le contemplan de aumento dos reales, de uno a dos otros dos, y de dos a tres los mismos dos: aun cabrito por el propio concepto de separación y aumento estiman su utilidad hasta el año en quatro reales y del año a los dos *reales*, y a un lechonsito le regulan hasta el año doze reales de aumento, de uno a dos, y veinte y quatro de dos a tres, diez y ocho, cuias utilidades distribuien proporcionalmente por la mitad de las que quedan referidas por ser el parto en que generalmente acostumbran darse en aparcería las especies graduadas en los términos de las referidas poblaciones y responden.

A la **diez y nueve** dixeron que en el término de dicha villa hai seis colmenas en el de Baíña ducienta y ochenta y en el de Baredo ciento y ochenta y quatro las que se allan dispersas por las casas de barrios vezinos a quienes pertenezzen constara de sus relaciones y a cada una regulan por enxambre, cera y miel tres reales de vellón y responden.

A la **veinte** dixeron que las especies de ganado que hay en los términos de las referidas poblaciones se reducen a bueis, bacas, carneros, ovexas, cabras y cerdos y que no saven que vezino alguno tenga cavaña o yeguada que parte fuera del término y responden.

A la **veinte y una** dixeron que los vezinos en que se compone la población de esta villa serán de unos trescientos y setenta y dos: los que se compone la de Baíña ciento y noventa y los de Baredo ciento y sesenta y seis: que en aquella no hai ninguno que tenga o avite en casa de campo o alqueria, como ni en la *feligresía* de Baredo. Y en la de Baíña los tienen Antonio Hordóñez, Francisco Collazo, Don Joseph López, Don Juan de Figueroa, Don Fernando de las Heras presvitero, Doña Aurora Bugarín, Manuel Vasquez y Don Pedro Flores vezinos de Baiona, Francisco Rial de Baredo, Don Francisco Caietano de Nigrán, Francisco Alvarez y Fernando Pereira de Sta. Christina de la Ramallosa, Juan de Lema de Borreiros, y el Monasterio de Santa María La Real de Hoia y responden.

A la **veinte y dos** dixeron que las casas de que regularmente usa un vezino para la comodidad de sus familias serán en la referida villa de Baiona quatrocientas y treinta, la veinte y un avitables y honze arruinadas: en la *feligresía* de Baíña ducientas y cinquenta, las quinze de ellas ynavigables, y en la de Baredo, ciento noventa y ocho entre las que hai diez y seis ynhabitables, y que no saven si pagan o no por el establecimiento de el suelo alguna pensión, constara de sus respectivos asientos a que se remiten y responden.

A la **veinte y tres** dixeron que los propios que tiene el común se reducen a la casa alta que se nombra de los Postes, sita en Monte Real; otra terreña en el propio sitio que sirve de matadero, el monte y fraga de la Grova en los términos de la *feligresía* de Velesar que son a su arvitrio los vezinos de ella sin que por uno o otro resulte utilidad alguna al común: un juro de principal de veinte y siete *maravedís* y quinientos *maravedís* a veinte mil el millar situado en la Alcauala de Pescado y diezmo de la mar de dicha villa, cuio conocimiento de estos dos juros revajados desquentos y gastos asciende a noventa y seis reales y veinte y cinco *maravedís*: otro de tresquentos de *maravedís* situado en las Alcavala,s diezmos, alfolies de la expresada villa que produze líquidos quinientos cinco *reales* y veinte y un *maravedís*: un censo de quatrocientos ducados de principal que a tres por ciento reducía ciento treinta y dos reales vellón al año hypotecado en el Lugar de Olivares término de la *feligresía* de Borreiros y cinquenta y un reales y ocho *maravedís* por algunas partidas de censo y foro que perzive de algunos vezinos y forasteros de esta villa y responden.

A la **veinte y quatro** dixeron que el común de esta villa disfruta de arvitrio de la Blanquilla ympuesta sobre la medida menor del vino cuio derecho percive la cantidad de seis mil seiscientos quarenta y siete *reales* al año: que asimismo goza de el derecho de la Sisilla que se percive de la venta de calzetas, por la extracción del pescado fresco que sale fuera de esta villa y su real jurisdicción, y en el argazo que se saca de este puerto y ría de la Concheira cuio producto asciende a siete cientos setenta y seis reales vellón sin que puedan declarar el fin porque se concedieron estos arvitrios a causa de no allarse los Privilegios Originales ni tener dicho común otro título para ellos que la ynmemorial posesión en que se halla de perzivirlos segun constará de los testimonios en este asunto dados por el escrivano de Aiuntamiento. y de la distribución que de ello se haga: que el común de las dos *feligresías* de Baíña y Baredo tambien gozan del derecho de la Blanquilla en el vino que se vende por menor atavernado el que acostumbraron dar en arrendamiento por la cantidad cada una de ellas de ciento treinta y siete reales vellón, cuio derecho y efectos resultantes los tienen actualmente cedidos a la Administración de Rentas provinciales para en parte de pago y menos valor de la satisfacción de los encavezados, y que en quanto a su concepción, y fines de ella nada pueden exponer, más que usan del referido Arvitrio de la Blanquilla en virtud de las mismas facultades que tiene dicha villa de Baiona y responden.

A la **veinte y cinco** dixeron que el común de la citada villa de sus propios y arvitrios deve satisfacer al cavallero correxedor que es o fuese dos mil nueve cientos quarenta y un reales y seis *maravedís* vellón por dotación de salario: el quatro por ciento del ymporte principal del derecho de la Blanquilla por el valimiento a *Su Magestad* que dios guarde a Don Gregorio de Avalor, medico asalariado por la villa, seiscientos reales de situado: ducientos reales a Andrés de la Yglesia por el cuidado y composición del reloj: al maestro de la escuela de niños Manuel Rodríguez cinquenta reales vellón

ochenta y ocho *maravedís* al escrivano de Aiuntamiento por asistir a dar fee delos autos de acuerdo: veinte y quatro reales al mismo por la ocupación de tomar las cuentas de propios: quinientos y cinquenta reales a Julián Freire por el trabajo y administración en fieldad del derecho de la Blanquilla: al mismo sesenta reales por el travaxo de ir a hacer los pagos a la Ciudad de Tui de el ymporte de los repartos provinciales; ochenta y ocho reales y ocho *maravedís* vellón que asimismo selo pagan como maiordomo de propios, sesenta reales vellón al año a Miguel González guarda de la Blanquilla por celar esta renta: a Manuel Teixeira, vezino de Santiago de Parada, tres cientos sesenta y cinco reales como alcaide de la carzel: a Pedro Leal portero del aiuntamiento quarenta y quatro reales vellón: al escrivano de aiuntamiento de la ciudad de Tuy seis reales vellón al año por la ocupación de el despacho de las Ordenes Circulares: trescientos reales vellón al Conbento de San Francisco de dicha villa, por la limosna de los sermones que predicán los religiosos en el discurso de la quaresma: ciento ochenta y un reales y veinte y seis *maravedís*, en que se reputan los gastos de la Festividad de Nuestra Señora de la Purificación: ducientos reales vellón en que regulan los gastos de la Festividad procesión, cera y limosna de sermón de la Mártir Santa Liuerata: ducientos reales vellón que un año por otro gastaron en la composición de las fuentes de esta villa: ciento y cinquenta en las calles, cinquenta en la composición de plazas: ciento y cinquenta en la del Relox; cinquenta en la de la carzel publica: ducientos y cinquenta en la de las Casas Consistoriales: trescientos en la de las Yglesias; trescientos doze en gastos hordinarios de pleitos: ciento y ocho por el vestuario de milicianos y limpieza de sus armas: cinquenta reales de papel sellado y común que se gasta en el Aiuntamiento: ciento y seis reales que computan para la redificación de los quarteles de esta plaza y Castillo de Monte Real y responden.

A la **veinte y seis** dixeron que el común de esta villa no tiene más cargos de justicia que el de treynta y nueve reales y diez y siete *maravedís* que paga en cada un año y por espacio de veinte que empezaron a correr en el de siete cientos cinquenta y uno por crédito reclamado al Duque de El Parque y Venerable Horden Terzera de Madrid y honze reales y quatro *maravedís* por lo mismo, a Don Manuel de Adalid como administrador de las buenas memorias de el capitán Don Juan de Navas: el común de el pueblo de Baredo veinte y quatro reales y veinte y dos *maravedís*: por el primer crédito el de Baíña catorze, y veinte y ocho, y por el segundo aquel siete reales y doze *maravedís* y medio, y este tres reales y veinte y cinco *maravedís* y medio y responden.

A la **veinte y siete** dixeron que asimismo está cargado el común de esta villa del servicio hordinario porque satisfazen al año ducientos noventa y dos reales y diez y ocho *maravedís*, y con el de carnes por que pagan quatro cientos treinta y ocho reales y veinte y siete *maravedís* de vellón: la *feligresía* de Baredo ciento veinte y cinco reales, y la de Baíña setenta y cinco por el servicio hordinario, y por el de carnes aquella ciento cinquenta y seis reales y quatro *maravedís* y esta nobenta y tres reales y treinta *maravedís* y responden.

A la **veinte y ocho** dixeron que en la citada villa de Vaiona y *feligresías* de Baíña y Baredo no ay alcabalas, ni otras rentas enagenadas de la Real Corona, ni otro empleo, más que cinco reximientos, un fiel executor, y el de Alférez Maior que este se alla en litigio en el Real Consejo y aquel sin exercicio ni útil, cuios reximientos pertenezen el uno a Don Jazinto Mariño: otro a Don Francisco Miguel Correa, otro a Don Francisco Veloso de Horduña, otro a Don Juan Antonio Losada a que está agregado el referido

empleo de fiel executor de posturas; y el otro a Don Ventura Troncoso con el zitado empleo de Alférez maior: el empleo de alguazil maior con el derecho de peso y medida que esta sin uso ni aprovechamiento y perteneze a Doña Aurora de Bugarín: quatro procuradores de número que la una perteneze a Don Antonio Chillada, vezino de la referida villa y la tiene arrendada en ducientos veinte y dos reales al año; otra a Don Hurbano de Mendoza, de la propia vezindad, arrendada al año en ducientos y nueve reales: otra a Ángel Custodio de Varros, vezino de San Pedro Félix de Nigrán, arrendada a ducientos y nueve reales y otra a Don Francisco de Castro de Santa María de Vilaza arrendada en ducientos reales al año, ocho *escrivanos* más de número que usan y exercen como tales *escrivanos*, la una Benito Roman y de Aiuntamiento: otra Lorenzo Estévez, otra Pedro Antonio Correa: otro Aluerto Velo y Collazo: otra Gregorio Antonio de Zúñiga: otra Juan Alverto de Aguiar, otra Domingo Antonio de Oliveira; y la otra Diego Antonio Gonzales, vezinos de la referida villa, en virtud de *merced* de Su Magestad y sus Reales Títulos, a los iguales se remiten como a las utilidades que resulten de sus respectivos asientos y correspondientes preguntas, más diligencias practicadas en este asumpto sin que pueda dar razón y responden.

A la **veinte y nueve** dixeron que en el término de esta villa hai dos tavernas caudales sitas en la Plaza Nueva y una en Monte Real, la una de ellas la abasteze Caietano Pasani a quien regulan la utilidad de ocho cientos reales, la otra Joseph de Zúñiga y Juan Vidal vezinos de San Pedro de la Ramallosa a quienes computan la de siete cientos, esta a Andrés Fernández, vezino de San Andrés de Borreiros, a quien regulan la de ducientos: un mesón que perteneze a María Antonia de Lira que le dejara la utilidad de ducientos reales vellón, ocho tiendas por menor con alguna especería y otras menudencias que la una perteneze a Juan Fernández Cima utilidad regulan en quatro cientos *reales*, otra a Guillermo Baldés que le dexara la de ciento: otra a Domingo de la Yglesia la de trescientos: otra a Julián Freire la de ciento y cinquenta: otra a Francisco Balverde la de quatrocientos, otra a Benito de Figueroa, la de ciento, otra a Francisco de Pazos la de cinquenta; y otra a Roque de Figueroa que tendrá el útil de otros cinquenta reales, quatro hornos de *cozer* pan el uno que corresponde a Domingo Arias, ynvalido, que computan le dejara de utilidad ciento cinquenta reales: otro a Diego Milleiro que librara otros ciento y cinquenta: otro a Joseph Gonzalez en que utilizara el de ciento, y el otro a Juan Avella a quien computan la de ducientos; una carnicería que perteneze al común de esta villa, su abastecedor y tablajero Francisco Ferreiro al que regulan le dará de ganancia al año seiscientos reales vellón, y un mercado que se celebra en la Plaza de el Castillo de Monte Real el lunes de cada semana franco y libre de todos derechos: que en la *feligresía* de Bayña hai una taverna sita en el Burgo y otra en Baredo en el sitio da Ponte que ambas están de quenta de la administración de rentas provinciales y que no saven que en dichas poblaciones y sus términos haia otras cosas más de las que expresa y pertenecen al capítulo y responden.

A la **treinta** dixeron que en el término de esta villa ai solo un Hospital yntitulado Santi Spiritus que sirve para la curación de enfermos y tiene la renta anual de trescientos cinquenta y tres reales y veinte y seis *maravedís* veinte y seis ferrados de trigo, ducientos *sesenta* y cinco de centeno: ciento y quinze de menudo: diez y seis y medio de cevada: ducientas y diez azumbres de vino y seis gallinas; cuio producto distribue y aplica su administrador reservador *treinta* ducados por su trabajo en la manutención y asistencia de los respectivos pobres enfermos que se admiten para la curación de

sus dolencias hasta el determinado número de ocho y que en las *feligresías* de Baíña y Baredo no hai hospital alguno y responden.

A la **treinta y una** dixeron que en las referidas poblaciones no hai cambista alguno mercader de por maior o quien veneficie su caudal por mano de corredor, u otra persona con lucro de interés y responden.

A la **treinta y dos** dixeron que en el pueblo de la referida villa hai tres tenderos de algunos paños, sargas, vaietas, yerro, tal qual especería, y otras menudencias, el uno Don Bernardo Pastor Cima ganancia regulan en mil y quinientos reales vellón al año, otro Don Pedro Flores a quien computan la utilidad de mil reales, y el otro Don Agustín Fernández a quien consideran otros mil reales: Don Phelix de la Plata correxedor de esta villa que goza el situado de dos mil nuebecientos quarenta y un *reales* y seis *maravedís* y le regulan más de utilidad tres mil y cien reales al año: ocho escriuanos de número, Benito Román y de Aiuntamiento al que consideran de utilidad mil tres y tres cientos; gozando de situado como tal de Aiuntamiento, ciento doze reales y ocho *maravedís* Aluerto Velo Collazo, Gregorio de Zúñiga y Lorenzo Estévez que regulan a cada uno mil y tres cientos reales al año, Domingo Oliveira y Pedro Antonio Correa la de mil: Juan Aluerto de Aguiar y Diego González la de ocho cientos *reales* a cada uno: tres procuradores de causas, Antonio Oliveira que lucrará quatrocientos y cinquenta reales y Juan Alberto Gonzalez trescientos y cinquenta: y Francisco Joseph Oliveira, vezino de Santa Christina de Ramallosa, trescientos y cinquenta: un notario Juan da Silva que ganará al año ducientos reales: dos abogados Don Hurbano de Mendoza, y Don Juan Antonio Benavides y este subdelegado de Marina: un médico Don Gregorio Avalor que goza de situado por el Rey ochocientos reales, por la villa seiscientos, y lucrará por su oficio seiscientos reales: dos boticarios Don Ramón Mandado que lucrará al año seiscientos reales y Don Lorenzo de Otero trescientos; y quatro zirujanos: Francisco Pereira que goza como tal de esta plaza el situado por el Rei de quinientos y quarenta reales y le computan de ganancia quatro cientos, Pedro Cadaval que lucrará ducientos, Gerónimo Cadaval ducientos y sesenta, Juan Fernandez de Oliveira ciento y uno, hixo oficial de Barueria, que le deja la utilidad de sesenta reales; tres ministros hordinarios de Justicia: Domingo de Zea, Juan Antonio Mariño y Pedro Leal a quienes regulan el útil de tres cientos reales al año a cada uno: un maestro de niños Manuel Rodríguez que goza de situado por la villa cinquenta reales y utilizara en su exercicio ducientos y quarenta reales; y dos pintores: Benito García y Joseph Gandon que utilizara cada uno en su arte trescientos y treinta reales: un administrador de Aduanas Don Diego Cortiñas con el goze de dos mil ciento y noventa reales un caxexo de la Real Renta de Tavaco Don Manuel Ramos con el sueldo de mil quatro cientos sesenta reales: un estanquillero y guardia Don Juan de Rambla con el de dos mil ciento y noventa, y un cavo de dicha renta Don Manuel Cabral con el de mil ochocientos y veinte y cinco: un administrador de la Renta de Salinas Don Gaspar Vasquez con el seis por ciento que un año por otro regulan ascenderá a mil seiscientos y cinquenta reales: un sobre llave Don Manuel Salinas con el sueldo de mil noventa y cinco reales; y un medidor Manuel Antonio de la Yglesia con el de quinientos y cinquenta: un administrador de Rentas Provinciales Don Marcos Alfonsín con el salario de dos mil sietecientos y cinquenta reales: un fiel de entradas Francisco de Pazos con el de mil noventa y cinco, y un guardia Carlos Pimenta con el de sietecientos y treinta: un subministrador de los venedios Don Ber-

nardo Pastor que goza mil noventa y cinco reales de sueldo: un estafetero Agustín Fernández a quien consideran la utilidad de ducientos reales: dos fiel administrador de la Blanquilla propio de la villa Julián Freire con el situado de quinientos y cincuenta reales y como maiordomo de propios goza el de ochenta y ocho reales: que en la *feligresía* de Baíña hai cinco ministros hordinarios de la jurisdiccion Real de Baiona que son Luis de Bargas, Alonso de Bargas, Antonio Fernandes, Juan de Penedo y Francisco de Oliveira cuias utilidades regulan a tres cientos *reales* a cada uno al año; un procurador de causas Antonio Martínez que lucrará ducientos y cincuenta reales y un maestro de niños Pedro Martínez, que ganará ducientos y ochenta reales al año y que en la *feligresía* de Baredo ai un ciruxano llamado Juan Álvarez, que utilizara por su oficio ducientos y veinte reales sin que en *dichas* poblaciones haiga otro algún empleo ni oficio delos que contiene el citado capitulo y responden.

A la **treinta y tres** dixeron que las ocupaciones de artes mecánicas que hai en el pueblo de la referida villa se reducen a dos plateros a quienes regulan la utilidad quatro reales en los días que meramente travaxan de su oficio, un zerrajero, dos zapateros, y ocho sastres y un latonero a quienes computan el jornal diario de tres reales; y dos carpinteros que les consideran el propio jornal: un escultor que utilizaría al año quinientos y cincuenta reales, y un chocolatero mil ducientos, y que amas de las referidas artes hay una costurera, y más trescientas calzeteras que utilizara cada una ciento y diez reales de vellón al año: en la *feligresía* de Baíña tres zapateros, quatro sastres, cuio jornal computan por los dias laborales en dos reales y medio, y un carpintero a quien consideran el de tres que asimismo hai tres texedores y una texedora que utilizara cada uno al año ciento y diez reales: un herrero que por los días de ocupación lucrara quatro reales y un aprendiz el de uno y medio, dejando otro real de utilidad al maestro, y un cantero cuio jornal computan en dos reales, y unas ochenta mugeres que exercitan en la calzeta en cuio veneficio computan la utilidad de ciento y diez reales al año a cada una: en la de Baredo hai un sastre que gana dos reales y medio de jornal: un carpintero el de tres: y tres tejedores que utilizara cada uno ciento y diez reales vellón al año, cuios nombres y apellidos constarán de sus respectivos asientos a quales se remite y responden.

A la **treinta y quatro** dixeron que entre los artistas referidos no hai alguno con caudal que aga prevencion de materiales correspondientes a su oficio, o a otros para vender a los demás, y que solo se verifican en el término de la expresada villa unos diez tratantes de calzetas, y gorros que son Alonso González y Fernando Panteón que consideran sacara cada uno la utilidad de quatro cientos reales vellón al año, Aluerto Carreira que tendrá la de quinientos y cincuenta, Ysabel Freire la de trescientos y cincuenta, Roque de Figueroa y Miguel González la de ducientos, Lorenzo Truxillo la de ciento y cincuenta, Benita de Castro, Juan de Figueroa olludo y Benito de Figueroa la de ciento: dos traficantes de algún pescado que consideran utilizara cada uno ducientos reales vellón al año y son Luís Álvarez y Manuel Vasquez un arrendatario de los diezmos de el término correspondientes al Cauildo de Tui, Benito García que ganara ciento y cincuenta reales: tres del estanco de azeite y velas, Juan Fernández, Domingo de la Yglesia y Francisco Valverde a cada uno de los quales computan el útil de ciento y diez reales al año: tres taverneiras, Justeria Barbosa, y Francisca de la Gracia que lucrarán cada una ducientos reales vellón al año y Maria de la Conzepcion sesenta; cinco panaderas: Dominga Antonia Baluerde, Jazinta Román, Justa de Costal y María Pérez

que lucrara cada una al año ciento y cinquenta reales y Lucia de Barros ducientos y cinquenta: que en la *feligresía* de Baíña hai dos tratantes de calzetas y gorros, el uno Juan Pérez cuia ganancia consideran en quinientos *reales* y a Joseph Sánchez la de ducientos: un traficante de pescado Francisco Fernandez, Quer Quer, que utilizará ducientos *reales* al año: una tavernera Rosa de Lemos por que goza honze reales vellón al mes, y a una estanquillera Gaspara de Balderrama que vendera quatro libras de tavaco en cada mes, y lucrando en cada una tres reales, le resulta la utilidad de ciento quarenta y quatro reales de vellón al año: un arrendatario de las rentas provinciales a quien consideran la ganancia de quatrocientos *reales*: y dos de los diezmos Don Matheo Vasquez, presvitero, y José Sánchez la de ducientos reales a cada uno y en la de Baredo un estanquillero Juan Fernández que venderá diez libras de tauaco cada año de que le resulta la utilidad de treinta reales y una tabernera, María Triga, con el sueldo de un ducado al mes por su travajo y responden.

A la **treinta y cinco** dixeron que en la referida villa abra dos jornaleros, y en la *feligresía* de Baíña seis cuio jornal consideran en dos reales, y que en la *feligresía* de Baredo no hai alguno por ajudarse los labradores en sus travajos reziprocamente unos a otros sin extipendio alguno o cultivan sus tierras por si mismos, a quienes regulan el propio jornal de los dos reales referidos y responden.

A la **treinta y seis** dixeron que en el término de esta mencionada villa aura unos catorce pobres de solemnidad: en la *feligresía* de Santa María de Baíña doze y que en la de Baredo abra unos veinte y dos pobres también de solemnidad pidiendo limosna de puerta en puerta, y responden.

A la **treinta y siete** dixeron que en el término de la expresada villa hai diez individuos que tienen embarcaciones para pescar: una de tres bancos y quarenta y seis quintales de porte que perteneze a Francisco Varrera: otra a Domingo de Cameselle: otra a Domingo Díaz: otra a Francisco González de Lira: otra Benito do Campo: otra a Christoval González: otra a Miguel González de Lira: otra a Sebastián de Cameselle todas del propio porte y bancos: otra de los mismos y quarenta quintales de porte que perteneze a Domingo Gómez Mayres en las que dichos dueños como tales, hazen una parte por el barco como qualquiera otro marinero que se industria y exercita en ellos a la pesca, cuia parte consideran podrá dexar la utilidad de ciento ochenta reales vellón al año, y una dorna de dos bancos y diez y seis quintales de porte que corresponde a Roque Costas y sus partes computan podrá ascender cada una a setenta y cinco reales de útil al año y que en dichas dos poblaciones de Baíña y Baredo no hai individuo que tenga embarcación alguna y responden.

A la **treinta y ocho** dixeron que los clérigos que hai en la referida villa son: Don Fernando de Heras Abad y cura propio de ella, Don Alonso de Puga, Don Diego Alonso Martínez, Don Alonso Delicado, Don Balthasar de la Thorre, Don Domingo Antonio de Avalue, Don Eusevio Labandeira, Don Ygnacio Romero, Don Mathias Gregorio Pérez y Don Nicolás de Bugarín, Racioneros de la Colegiata de dicha villa, Don Antonio Sampaio y Don Manuel Estevez, Don Pedro Gonzalez Tavares, Don Pedro Manuel Flores y Don Juan Bautista Carrera presvitero: Don Joseph Carvallido theniente cura, y Don Francisco de Bargas de menores órdenes. En la *feligresía* de Baíña: Don Pedro Vizente, theniente cura y Don Matheo Vasquez presvitero: y en la de Baredo, Don Francisco Pazos presvitero y Don Cosme de Penedo de menores hordenes y responden.

A la **treinta y nueve** dixeron que en el término de la referida villa hai dos conventos; el uno de religiosos de *Nuestro Padre San Francisco* cuia comunidad se compone de veinte y un religiosos sacerdotes, un corista: y dos legos y tres criados comensales que se mantienen a expensas del propio convento gozando cada uno de doze ducados al año para vestuario: y el otro de religiosas del horden de Santo Domingo que se compone de treinta profesas que se sirven de doze criados particulares que asisten con sus respectivas amas, y dos de comunidad que avitan en la misma clausura con el goze cada una de estas de noventa y nueve reales vellón, veinte y quatro ferrados de menudo, y doze de centeno y que en los términos de las referidas *feligresías* no hai convento alguno y responden.

A la **cuarenta** dixeron que el Rey nuestro señor (que Dios guarde) no tiene en el término de la expresada villa y *feligresías* alguna renta que no corresponda a las generales, y provinciales ni otra finca más que en dicha villa veinte y tres casas que sirven de almanen, quarteles y cuerpo de guardia en la situación del castillo de Monte Real según constara del respectivo asiento. Y en la *feligresía* de Baredo una Real dehesa en el sitio de las Teixueiras de dos ferrados en sembradura primera calidad y conjunto un bivero de seis ferrados que está murado y forma la figura del margen y responden.

Y exsaminados antherior del auto dado en catorce de marzo del presente año en cumplimiento de las ultimas ordenes expedidas por la Real Junta para que vajo el mismo juramento declaren el uso y costumbre en que por lo regular suelen dar sus tierras en arrendamiento y aparzeria segun sus especies y calidades dixeron que el más usado en los términos de las dichas poblaciones es el darlas a los aparceros vaxo el pacto de que les haian de satisfacer la mitad del fruto que produzeren las huertas y tierras de sembradura y las dos terzias partes por el producto de las parras sin distinción de calidades pero con la particular obligación de costear los colonos las semillas y el cultivo de unas y otras, y aunque usen darlas en arrendamiento vajo una prestacion anua de tantos ferrados de grano, y tantos *reales* de vellón reduzen esta convenzion al propio partos de las medias y el tercio que queda referido; así lo dixeron y declaran vajo el juramento que llevan echo en que se afirmaron y ratificaron firmaron los que supieron, a excepción de dicho cura y por los que no un testigo a su ruego hizo dicho señor Subdelegado y *escrivano* que de todo ella doi fee; Francisco Martin = Lizenciado Don Fhelix de la Plaza y Ysasi = Don Jazinto Mariño y Varela = Don Juan Antonio Losada = Benito Antonio Roman = Pedro Regalado y Godoy = Francisco Miniño = Antonio de Penedo = Alexandro Carrera = a ruego del Juan de Baredo = Benito Antonio Román = a ruego del perito de Baña, Alverto Velo y Collozo = Ante mí, Nicasio Alvarez de Taes.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGRELO HERMO, X. (2007). *Catastro de Ensenada: Boiro e as súas freguesías (1753)*. Colección Anais. Ed. Toxosoutos. A Coruña.
- ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, D. (1996). Fundación da Escola de primeiras letras en Baiona. *Pontenova Revista de Investigación Xove*. 2: 117-126.
- BARREIRO ÁLVAREZ, M. (1966). *2000 años de historia del Castillo de Monte Real en Bayona-La Real Galicia*. Vigo: Tip. Faro de Vigo.

- BARREIRO MALLÓN, B. & REY CASTELAO, O. (2003). Catedrales de segundo orden: las colegiatas de Galicia en la Edad Moderna. *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades* 15: 281-315. Universidade de Santiago de Compostela.
- BARREIRO TRONCOSO, H. (1989). Bayona de Galicia en el siglo XVIII: las calceteras de medias y gorros. *Revista de Estudos Provinciais* 5: 69-76. Pontevedra.
- CALDAS FERNÁNDEZ, M.L. (2003). Mariñeiros matriculados e pescadores de Santa María de Baiona na metade do século XVIII. *Revista de Estudos Miñoráns* 3: 89-95.
- CAMARERO BULLÓN, C. (1998). La cartografía del Catastro de Ensenada. *Estudios Geográficos*. 231: 245-284.
- CAMARERO BULLÓN, C. (1999). La lucha contra la falsedad de las declaraciones en el Catastro de Ensenada (1750-1756). *CT Catastro* 37: 7-34.
- CORNIDE, J. (1991) *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato Reino de Portugal. Hecha en el año de 1764*. Edicións do Castro. Sada.
- EIRAS ROEL, A. (1990). Mecanismos autorreguladores, evolución demográfica y diversificación intrarregional. El ejemplo de la población de Galicia a finales del siglo XVIII. *Boletín de la Asociación de Demografía Histórica*. 8(2):67
- GALLARD, D.M. (1797) *Almanak mercantil o Guía de Comerciantes para el año de 1797*. Madrid.
- GARCÍA GARCÍA, M.M. (1987). Aproximación al estudio del grupo doméstico en una villa gallega: Bayona a mediados del siglo XVIII. *Castrelos* 3-4: 325-331.
- GARCÍA GARCÍA, M.M. (1993). Apuntes para el estudio de un concejo: los regidores de Baiona en la segunda mitad del siglo XVIII. *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais*: 10: 121-128. Deputación Provincial de Pontevedra.
- GARCÍA GARCÍA, M.M. (1994). Caracteres de la evolución demográfica de la villa de Baiona y su entorno rural (siglos XVI-XIX). *Obradoiro de Historia Moderna*: 3: 9-27. Universidade de Santiago de Compostela.
- GARCÍA ORO, J. & PORTELA SILVA, M.J. (1995). *Bayona y el espacio urbano tudense en el siglo XVI: estudio histórico y colección diplomática*. Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ TAMUXE, X. & MARTÍNEZ BARBOSA, J.R. (2008). *Santa Mariña de Baiña e o Eremitorio de San Cosme: aproximación histórica*. Comunidade de Montes de Baiña. Gráficas Lomba, O Rosal.
- MORGAGE MARTÍNEZ, X.C (2003). *As Devesas Reais da parroquia de Mourente: aproximación á política forestal do Reino de España en Galicia (séculos XV ao XIX)*. Concello de Pontevedra. Comercial Gráfica Nós.
- RAMOS GONZÁLEZ, H. (1925) *Crónicas Históricas de la Villa de Bayona. Recuerdos de Antaño*. Madrid.
- REY CASTELAO, O. (1990). *Tuy 1753. Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada*. Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria. Ayuntamiento de Tuy. Tabapress. Grupo Tabacalera, Madrid.
- RÍO BARJA, F.J. (1990). *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ LEMOS, A. (2016). Noticias inéditas da aldea de San Cosme. *Revista de Estudos Miñoráns* 14/15: 77-84.
- RODRÍGUEZ LEMOS, A. (2018). “Por no thener con que suplir papel, tinta y plumas”: fundaciones escolares en el sudoeste gallego”. In: ESTEVES, A. (coord.) *Sociedade*

- e pobreza: mecanismos e prácticas asistenciais (séculos XVII-XX): 103-130. Edições Húmus. Famação.*
- RODRÍGUEZ VILLASANTE PRIETO, J.A. (1984). *Historia y tipología arquitectónica de Las Defensas de Galicia: funcionalidad, forma y ejecución del diseño clasicista*. Edición do Castro, A Coruña.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. (1990). Contribución al estudio del régimen señorial gallego. *Anuario de Historia del Derecho Español*: 60: 103-184
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. (2007). Reforma fiscal y control del territorio: el Catastro de Ensenada o la “confusión de Babel” en Galicia. *Anuario de Historia del Derecho Español*: 77: 771-844.

FONDOS

- ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (AHP)
 ARQUIVO HISTÓRICO MUNICIPAL DE BAIONA (AHMB)
 ARCHIVO GENERAL DE SIMANCAS (AGS)
 ARCHIVO HISTÓRICO NACIONAL (AHN)

PARA SABER MÁIS

- CAMARERO BULLÓN, C. (1993). *El debate de la Única Contribución. Catastrar las Castillas*. Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria. Tabapress. Madrid.
- CASTRO REDONDO, R. (2016), *Entre colmos, reboas e dobres varas de medir: conflitos por medidas na Galicia moderna (séculos XVI-XIX)*. XVII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo. Valga. Concello de Valga.
- DUBERT, I. (COORD.) (2012) *Historia de la Galicia Moderna*. Servizo de Publicacións, Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, B. (2014), *El reflejo del tiempo. El conjunto histórico de Baiona*. Andavira Editora, S.L.Santiago de Compostela.
- GARCÍA ORO, J. & PORTELA SILVA, M.J. (2003) *Baiona de Miñor en sus documentos. Actas municipales correspondientes al siglo XVI*. Deputación Provincial de Pontevedra.
- PÉREZ GARCÍA, J.M. (1999). Un chequeo al Catastro del Marqués de la Ensenada en la comarca del Bajo Miño. *Cuadernos Feijonianos de Historia Moderna* 1: 153-192.
- RODRÍGUEZ ENNES, L. (2000). A multiplicidade de Xurisdicións na Galicia do Antigo Réxime. *Dereito* 9: 129-142.

O 30 aniversario da CEMMA

Alfredo López¹
José A. MARTÍNEZ CEDEIRA

RESUME

CEMMA (Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños) cumpriu 30 anos de traballos de estudo, conservación e divulgación do medio mariño e unha gran parte da súa traxectoria desenvolveuna dende o Val de Miñor para toda o litoral de Galicia, como coordinación, instalacións e lugar de asentamento dos principais actores.

ABSTRACT

CEMMA (Sea Mammals studies coordinator) has turned 30 this year. Years of research, preservation and scientific dissemination about the maritime environment, from Val Miñor to other locations in the coast of Galicia, Cemmma acting both as coordinator and reference headquarters.

¹ s.cemmmaorganizacion@gmail.com

INTRODUCCIÓN

Este ano 2020, a CEMMA cumpriu 30 anos de actividade dende a posta en marcha das recompilacións de traballos cetolóxicos, a pesar de que a legalización oficial da entidade foi no 1992. Daquelalevabamos xa dous anos de traballo centrados no establecemento dos obxectivos e na difusión do proxecto de coordinación. Houbo que tomar unha decisión respecto ao modelo organizativo a seguir, así que se decidiu integrar na CEMMA persoas individuais e persoas colectivas.

ORIXES

A orixe da CEMMA hai que buscala no traballo levado a cabo polo movemento ecoloxista galego na década dos 80, caldo de cultivo de moita rapazada, que aínda sen estar activa, pola súa curta idade e escaseza de medios, recibía os impactos mediáticos da loita social contra as verteduras radioactivas ou a caza de baleas. No ano 1990, no ámbito do Museo Luís Iglesias, da Universidade de Santiago de Compostela, foi onde se percibiu a necesidade de establecer un traballo de coordinación para tratar de tirar rendibilidade científica ao inxente labor levado a cabo mediante diversas accións que se estaban a realizar na costa: censos ornitolóxicos, detección de aves abeiradas, seguimento do lixo mariño, etc., co obxectivo de aumentar o coñecemento sobre as tartarugas e mamíferos mariños en Galicia.

A experiencia e coñecementos sobre estas especies, acumuladas por Penas Patiño & Piñeiro Seage (1989), viña de ser recompilada nun volume, aínda hoxe non



Exemplar de tartaruga común, *Caretta caretta*, en recuperación.

superado pola calidade do traballo e da edición. Tamén nesa época edita outro traballo de recompilación Fernández de la Cigoña (1990). Xa nos primeiros momentos destacaba a necesidade de dispoñer unha información biolóxica complementaria sobre a ecoloxía destas especies, máis alá dunha listaxe de varamentos.

Deste xeito, no ano 1991, tivo lugar a primeira xuntanza do que se deu en chamar Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños-CEMMA, na que participaron os grupos ERVA, SGHN, CES, ANABAM e varias persoas non asociadas, mais interesadas a título individual (López, 2008). Os contactos foran realizados dende o Museo Luís Iglesias da USC, e nesta xuntanza considerouse necesaria unha coordinación cun fin común, abrindo un espazo no que se daba cabida a naturalistas, técnicos e tamén aos diferentes colectivos, atomizados na súa estrutura e funcionamento, e mesmo con diferenzas irreconciliables, así deu lugar á primeira recompilación de varamentos do ano 1990. Paralelamente estíbese procurando aumentar os fondos osteolóxicos para o propio Museo, e tratando de que callara unha exposición sobre a caza da balea, proposta ao Museo do Pobo Galego, coa idea de afianzar definitivamente o peche desta actividade.

Mais, unha mudanza na dirección do Museo, coa conseguinte falla de interese nos incipientes proxectos, obrigou a reconsiderar a estratexia organizativa, acordándose a necesidade de continuar co obxectivo inicial: estudo, divulgación e conservación das tartarugas e mamíferos mariños en Galicia. Deste xeito, constitúese un grupo de traballo integrado por persoas e entidades, á fronte do cal propúxose a Alfredo López, que ao non formar parte de ningún colectivo, a aquela altura, garantía esa imparcialidade que permitía a máxima interrelación entre todos eles.

Os primeiros traballos comezaron coa posta en marcha da Rede de Varamentos, mediante a recompilación dos datos procedentes doutros labores costeiros, e tamén coa recollida de datos e mostras dos exemplares varados. Ao mesmo tempo comezaron os contactos con grupos de investigación para poder chegar a analizar as mostras recollidas. Buscáronse relacións co Instituto Español de Oceanografía (Lens e López, 1992) e co Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC, para tratar de abordar diferentes estudos relacionados coa distribución, contaminantes, xenética e dieta. Foi no equipo de cefalópodos do IIM-CSIC (González et al., 1994) onde se atopou mellor acollida, servindo de contacto coa Universidade escocesa de Aberdeen-UABD, que contaba cunha importante traxectoria de investigación eco-cetolóxica.

Dos primeiros traballos, realizados cos contidos estomacais duns poucos exemplares (González et al., 1994), pasouse a desenvolver importantes estudos tróficos de cetáceos, a nivel europeo ou mundial, en poucos anos (Santos et al., 2004). Isto foi debido ao elevado número de varamentos que se rexistran na nosa costa, e, polo tanto, á gran cantidade de mostras recollidas. Antes de 1990, os rexistros indicaban unha media de 30 varamentos ao ano, pasando en menos de cinco anos a superar os 150 exemplares anuais (López, et al., 2002) e as cifras destes últimos anos acadan máis de 400 exemplares. O traballo específico e sistemático estaba dando os seus froitos.

No 1997 impulsouse unha base de datos Ibérica e Macaronésica de varamentos atlántica ATLANCETUS (Sequeira et al., 1999) sen continuidade por falta de financiamento, mais serviu de modelo á base de varamentos do Mediterráneo MEDACES (<http://medaces.uv.es/>).

IMPULSO Á REDE DE VARAMENTOS

Deste xeito, no ano 1998, deu comezo un proxecto internacional con financiamento europeo levado adiante polo IIM-CSIC e a UABD, mediante o que se puxo en marcha a primeira Unidade Móbil, asentada dende o principio en Gondomar. Pouco despois, coa recollida dun cachorro de arroaz boto varado vivo na Foz do Miñor, deu comezo o labor de rehabilitación, coa incorporación ao equipo do veterinario catalán Josep María Alonso Farré (Alonso et al., 1999). Este impulso permitiu un importante aumento de asociados e voluntariado, podendo abordar os primeiros pasos a nivel da monitorización das poboacións no mar, mediante a realización de observación costeira, embarques nas rías e na plataforma e iniciando a metodoloxía da foto identificación.

Os proxectos no IIM-CSIC permitiron abordar por primeira vez en Galicia, e dun xeito extenso en toda a flota, o impacto das capturas accidentais, comprobando como poden superar máis de 1000 exemplares de cetáceos anualmente (López e Valeiras, 1997; López et al., 2002).

Coa finalización dos proxectos, en 2001, remataron tamén as relacións directas co IIM-CSIC, poñendo en marcha o primeiro centro de operacións, situado en Nigrán, dende onde poder realizar a coordinación da asistencia aos varamentos, e alí continúa, ampliado coa Unidade de Coidados Intensivos-UCI, para a rehabilitación de pequenas tartarugas e lobos mariños. Tamén se afianzou e ampliou a colaboración co Acuario do Grove, para levar a cabo os traballos de recuperación de fauna, integrando esta actividade no labor educativo da instalación, evitando a incorporación de mamíferos mariños para exhibición por parte da empresa.

A chegada do Nauja, un barco veleiro clásico danés que levaba o nome de “gavota” en idioma inuktituk, ao Grove permitiu a posta en marcha de campañas específicas para a monitorización das poboacións de cetáceos nas Rías Baixas e na plataforma do



Os arroaces, *Tursiops truncatus*, son os cetáceos que viven máis cerca das comunidades humanas.

sur de Galicia. O financiamento destas actividades, mantíñase a través dos convenios de colaboración establecidos coa Xunta de Galicia e mediante convocatorias públicas de axudas das administracións, fundacións ou empresas.

A marea negra do Prestige marcou un fito nos labores de asistencia á fauna mariña ameazada varada. Entre os anos 2002-2003 asistíronse máis de 100 tartarugas mariñas e case 500 mamíferos mariños, algúns deles relacionados directamente ca vertedura (López et al., 2003). O financiamento chegado despois deste feito, ademais de manter as campañas de monitorización que estaban en marcha, abriu novas liñas de actuación, como os estudos de acústica e a posta en marcha da Rede de Observación Costeira.

Dende o ano 2003 ao 2011 as campañas de monitorización foron intensas. Mantívose a Rede de Varamentos, a monitorización costeira, coa realización de mostraxes mensuais, e leváronse a cabo entre 10 e 20 campañas marítimas anuais (López et al., 2003b), intensificándose o labor de fotoidentificación, abríndose as portas a mostraxes impensables ata o momento: as campañas oceánicas no Banco de Galicia (Llavona et al, 2011; López et al., 2011) e a monitorización aérea. Dende o punto de vista da divulgación e educación ambiental, editáronse vídeos, colaborouse co programa AUGAMAR da Xunta de Galicia, púxose en marcha a exposición itinerante *Golfiños na proa* e tamén unha exposición monográfica sobre a caza da balea.

CRISE E LATENCIA

As dificultades económicas que se estableceron nun ámbito de crise social, a partir de 2010, coa consecuente falla de financiamento, mingouo moito a realización das actividades ambientais en xeral, e as da CEMMA en particular, chegando a manter operativa a Rede de Varamentos durante varios anos sen contar con financiamento ningún. Supuxo un tremendo paso atrás na conservación mariña. O tirapuxa



Golfiños comúns, *Delphinus delphis*, a especie de cetáceo máis abundante do mar de Galicia.

de competencias entre o Goberno galego e do Estado, na liña da recentralización, tamén abriu espazos de incerteza nalgúns aspectos relativos á conservación das especies mariñas ameazadas.

Esta situación levou ao abandono de determinadas liñas de traballo, como as campañas oceánicas e a acústica, que precisan dun sólido soporte económico, tamén á fractura da continuidade na monitorización de cetáceos, e a dificultades para abordar os traballos específicos de asistencia aos animais en recuperación, coa desestimación do proxecto de centro de recuperación oficial que a Xunta tiña previsto para Baiona.

Actualmente a Rede de Varamentos e a asistencia aos animais vivos estase mantendo en base aos convenios coa Xunta de Galicia, mais cunha achega económica moi precaria, e coa procura de financiamento externo, estimado nun 60% das necesidades anuais.

O labor de monitorización foi recuperado, en 2018, coas Campañas Marítimas Participativas a través da participación do público nos embarques, non son campañas específicas de grande alcance pero cobren a posibilidade de estar todos os anos no mar.

DINAMIZACIÓN E LABOR REIVINDICATIVO

A CEMMA caracterizouse por constituír un potente grupo de traballo, imprimindo dinamización non só no voluntariado de traballo de campo, senón tamén nos equipos de investigación. Algúns equipos das Universidades galegas conseguiron levar a cabo traballos centrados en diferentes campos de estudo da ecobioloxía dos cetáceos, algo imposible sen a existencia da Rede de Varamentos e o Banco de Mostrás.

A pesar de que o labor reivindicativo nunca foi un obxectivo directo da CEMMA, leváronse a cabo campañas puntuais, como a do ano 1994, en contra das redes de deriva no Golfo de Biscaia, un problema que afectaba moi negativamente á fauna mariña e a campaña en contra da caza de baleas por parte de Xapón e os países nórdicos, ou campañas puntuais en contra dos portos exteriores, da enerxía eólica mariña, etc. achegando a información dispoñible das poboacións de cetáceos na revisión dos informes de impacto ambiental. A CEMMA tamén se integrou na *Plataforma Nunca Máis* ou en *Queremos Galego*, acompañando e apoiando diversas reivindicacións máis alá dos seus obxectivos estatutarios, conscientes do espazo que se ocupa no país que vivimos.

IMPLANTACIÓN SOCIAL

A pesar do seu intenso labor, e a repercusión mediática, a CEMMA segue a ser unha cativa entidade ambiental. Conta con 180 asociados, dos cales cinco son os colectivos: ERVA, CES, ANABAM, HABITAT e ADEGA. Ademais, cun importante equipo de voluntariado composto por unhas 200 persoas que colaboran en diferentes actividades, aínda que nos últimos anos a súa participación está condicionada pola falla de proxectos, e actualmente coas limitacións da COVID. Puntualmente cóntase coa colaboración de alumnado universitario en prácticas ou de persoas que están a realizar servizo social e que participan nos labores de voluntariado.

A CAZA DA BALEA

Insistiuse sempre na reclamación, orixe do noso nacemento no ano 1990, da necesidade da posta en marcha dun Museo da Balea en Galicia, que recollese a actividade histórica e moderna da caza, co ánimo de que se destacase a entrega do último arpón baleeiro como acto de conciliación social e de paz entre as persoas humanas e as persoas cetáceas.

O peche das factorías baleeiras a mediados da década dos 80 deixou unha fenda social en Galicia que aínda non foi fechada. Coas exposicións, audiovisuais e actos tratábase de visibilizar a actividade histórica, e, sobre todo, o esforzo social para o peche da caza. Poñendo no punto central os esquecidos protagonistas: traballadores/as das factorías e o movemento ecoloxista, na reclamación dese tan necesitado museo (López, 2014). Deste xeito desenvolveu o proxecto “Galicia no lombo da balea”, gravando un vídeo dos últimos protagonistas da caza da balea (<https://www.youtube.com/watch?v=Re20fiPRFbM>), realizando un estudo xenético dos restos da caza antiga (Rey-Iglesias et al., 2018) e localizando, reflatando e recollendo un maxilar de balea vasca que permanecía soterrado e afundido nas augas do porto de Bares, e que serviu de elemento central dunha exposición sobre a caza da balea, realizada no Museo Massó.

CENTRO DE RECUPERACIÓN

Dende o ano 1997 fomos conscientes da necesidade de contar cun centro de recuperación para a fauna mariña ameazada en Galicia. Daquela, os lobos mariños recollidos vivos eran enviados ao centro de recuperación de Pieterburen, en Holanda, as tartarugas mariñas eran devoltas ao mar en canto se recollían, e cos cetáceos vivos



Lobo mariño cincento, *Halichoerus grypus*, en recuperación na Unidade de coidados Intensivos de Nigrán.

practicamente nada se facía. O proxecto deu moitas voltas, ata que no ano 2009 a Xunta contaba con plans, financiamento e ubicación en Baiona, só había que acometer a construción, mais a crise eliminou toda posibilidade, polo que houbo que buscar alternativas. Esta buscouse na instalación de unidades de coidados intensivos-UCIs, como Establecemento Veterinario. Actualmente dispónse do situado nas instalacións de Nigrán e, adicionalmente, cóntase coa colaboración doutras institucións, como o Acuario do Grove ou o Instituto Galego de Formación en Acuicultura-IGAGA, para a segunda fase da recuperación. Estas actividades enmárcanse dentro do funcionamento da Rede de Varamentos baixo a responsabilidade da Xunta de Galicia que proporciona as autorizacións e parte do financiamento.

CAMPAÑAS OCEÁNICAS

Durante moitos anos consideramos case imposible poder chegar a abordar a monitorización das poboacións de cetáceos máis alá do beiril da plataforma, mais, entre os anos 2006-2007 e 2009-2011, conseguimos levar a cabo cinco campañas no Banco de Galicia. Entre os anos 2007-2010 levamos a cabo as Campañas Thunnus, estudando os cetáceos asociados á costeira do bonito, que pesca entre as Açores, Golfo de Biscaia e Gran Solé. Deste xeito conseguimos abordar as campañas oceánicas de seguimento de grandes cetáceos e achegar información relativa á súa situación (Martínez-Cedeira et al., 2009).

A VOLTA Á COSTA DE GALICIA

Tamén nos parecía imposible realizar unha campaña específica de monitorización de cetáceos nas augas da plataforma ao longo de toda a costa galega e por fin conseguímolos a través das campañas PHOCOEVAL, en 2015, nas que se percorreu toda a costa na procura das toniñas, tanto en barco como en avión (Martínez Cedeira e López, 2016).

RECOMPILACIÓN DE RESULTADOS

Entre 1990 e 2019 foron recompilados 7078 varamentos de tartarugas e mamíferos mariños, sendo a maioría cetáceos (85%), seguidos de tartarugas mariñas (8%) e lobos mariños (3%), unha pequena proporción son quenllas, sobre todo momos e mesmo lontras (3%). Foron detectados 510 exemplares varados con vida, 301 liberados, a maioría cetáceos, (o 58,7%), e 187 ingresados (36,6%), na maior parte tartarugas e lobos mariños, destes exemplares ingresados foron rehabilitados e librados un total de 109 (o 58,2%), polo que se ve que no caso das tartarugas e lobos mariños a taxa de éxito é alta.

A campaña de monitorización costeira, entre 2003-2011, indica que foron realizadas 3696 repeticións nos 53 puntos da rede, aínda que centrados en 30, durante 2275 horas, e realizados 794 avistamentos de 7 especies de cetáceos.

As campañas marítimas ofrecen un resultado de 61721 km percorridos no mar, en 6183 horas, e foron rexistrados 2143 avistamentos de 15 especies cunha taxa de encontro dun avistamento cada 28,8 km percorridos.

Na campaña PHOCOEVAL a campaña marítima foi de 18 días de duración con máis de 144 horas de observación en navegación e case 1386 km navegados, realizáronse 144 avistamentos, pertencentes a oito especies de cetáceos, entre os que destacan as baleas e as candorcas, as toniñas foron o 6%. Na campaña aérea realizáronse 1280 km en 6,1 horas de voo, con 114 avistamentos, dos que a toniña supuxo o 4,1%.

A pesar de que a maior parte dos cetáceos observados son golfinhos comúns, tamén foron observados toniñas, arroaces, arroaces botos e caldeiróns, balea común, balea alibranca e candorcas.

Nas campañas de fotoidentificación de arroaces foron percorridos 19.000 km en 1444 horas, nos que se fixeron 577 avistamentos, cunha media de 2,6 h de observación e 32,9 km percorridos por avistamento. Obtivéronse miles de fotografías das que se identificaron máis de 500 aletas diferentes, algúns dos exemplares seguidos máis de 20 anos (López et al., 2019). Neste período foron rexistrados máis de 6000 avistamentos no mar, moitos deles oportunistas, sendo a maior parte arroaces preto da costa.

O esforzo mereceu a pena, agora podemos dicir que empezamos a saber algo da fauna mariña ameazada en Galicia, mais canto máis sabemos máis interrogantes xorden.

A XEITO DE CONCLUSIÓN

Durante estes anos chegaron a facerse cousas extraordinarias, e mesmo consideradas inverosímiles alá polo ano 1992, sobre todo, achegar un coñecemento indispensable para a conservación en base a todos os traballos realizados.



Rescate dun arroaz, *Tursiops truncatus*, enmallado nunha rede na ría de Pontevedra.

Os retos de cara ao futuro son o mantemento das series temporais de datos a longo prazo, en base á Rede de Varamentos e ás campañas de monitorización. Potenciar a capacidade de actuación das Unidades Móviles de asistencia a varamentos e mellorar os servizos do Establecemento Veterinario para a rehabilitación dos animais vivos, se non se consegue un Centro de Recuperación específico. Afianzar o Banco Biolóxico de Mostras. Ampliar os estudos ecobiolóxicos e, sobre todo, abordar os labores de conservación da toniña e do arroaz.

A experiencia indícanos que Galicia merecía un Instituto de Investigación Ceto-lóxica multidisciplinar e, se houbera o financiamento necesario, contaría cunha ducia de profesionais altamente cualificados, material biolóxico e sobrada capacidade para traballar a pleno rendemento todo o ano.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO JM., LÓPEZ A., BENAVENTE P. & RODRIGUEZ LOURENZO J. 1999. *One week maintenance of a juvenile Risso's dolphin (Grampus griseus) during a rehabilitation attempt in north-western Iberian Peninsula*. XIII Annual Conference of the European Cetacean Society, Valencia, Spain, 5-8 april 1999.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, E. 1990. *Os cabaleiros do mar: baleas e golfinhos das nosas augas. Guía dos cetáceos de Galicia e Iberia*. Ser. Natureza Galega - Tomo III. Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE), Vigo. 162 pp.
- GONZÁLEZ, A., LÓPEZ, A. GUERRA & BARREIRO, A. 1994. Cephalopods in the diet of marine mammals stranded off the coast of Galicia (NW Spain). *Fisheries Research* 21 (1-2): 179-191 (December)
- LENS, S. & LÓPEZ, A., 1992. Marine Mammals stranded on the Galician coast (NW Spain) in 1991. *International Council for the Exploration of the Seas (CM Papers and Reports)* C.M. 1992/N:16, 9 pp. <https://core.ac.uk/download/pdf/71778337.pdf>
- LLAVONA, A.; MARTINEZ-CEDEIRA, J.; COVELO, P.; MORALES, X.; DIOS, J.J.; BRACALI, V.; PÉREZ, P.; GARCIA, J.A.; SANTOS, L. AND LOPEZ, A. 2011. INDEMARES project: identification of special areas of conservation for cetaceans at "Galician Bank" and "Avilés Canyon" (Atlantic and Cantabrian sea) for Natura 2000. *25th Annual Conference of the European Cetacean Society*. 21-23 Mayo 2011, Cádiz, España.
- LÓPEZ A., MARTÍNEZ CEDEIRA J., MARISCAL P. (2019). Catálogo TurGaSur de fotoidentificación dos arroaces (*Tursiops truncatus*) de Galicia Sur e manual de boas prácticas de navegación. CEMMA. Fundación Biodiversidad-Ministerio para la Transición Ecológica. https://www.dropbox.com/s/b0souvk79uuoqz/Catalogo%20TurGaSur_CEMMA_2019_Alta.pdf?dl=0
- LÓPEZ, A. & VALEIRAS, X., 1997. Causes of mortality and suspected by-catches by gross post-mortem examination of cetacean strandings on the Galician coast (NW Spain). *European Research on Cetaceans*, 11: 42-44.
- LÓPEZ, A. 2008. *15 anos da CEMMA: 1992-2007. Ferramentas para a conservación mariña*. CEMMA. 54 pp. [internethttps://www.dropbox.com/s/bg4plhx8erizlx2/CEMMA_Ferramentas_Conservacion_Marina_revisadofebreiro%20DEF2.pdf?dl=0](https://www.dropbox.com/s/bg4plhx8erizlx2/CEMMA_Ferramentas_Conservacion_Marina_revisadofebreiro%20DEF2.pdf?dl=0)

- LÓPEZ, A. 2014. Historia ambiental antiga das baleas do Atlántico Norte, Galicia no lombo da balea. *Eubalaena*: 3-27 pp.
- LÓPEZ, A., COVELO, P., VÁZQUEZ, J.A., MARTÍNEZ, J.A., CALDAS, M., LAGO, R., LLAVONA, A. E ALONSO, J.M. 2011. Bases para a conservación e xestión das especies de cetáceos ameazadas nas augas Atlánticas e Cantábricas. *Eubalaena* :12. 62 pp. (https://www.dropbox.com/s/6iitg60hmdoto9e/Eubalaena_12.pdf?dl=0)
- LÓPEZ, A., SANTOS, M. B., PIERCE, G. J., GONZÁLEZ, A. F., GUERRA, A., VALEIRAS, X. & WANG J., 2002. Trends in strandings and by-catch of marine mammals in north-west Spain during the 1990s. *J. Mar. Biol. Ass. UK*, 82: 916/1-9. doi.org/10.1017/S0025315402005805
- LÓPEZ, A.; ALONSO, J.M.; SIERRA, P. CEDEIRA, J.A., SANTOS, J.J. 2003. Short-term effects of the Prestige oil spill in marine mammals, sea turtles and sea birds of the Galician (NW Spain) coast. 17th annual conference ECS, Las Palmas de Gran Canaria, Spain, 9-13 of march, 2003.
- LÓPEZ, A.; JOSE M. CEDEIRA, MARA CALDAS, ROSA CARRIL, PORFIRIO SOLLA Y ANGELA LLAVONA. 2003b. Monitorización de las poblaciones de cetáceos en la plataforma de Galicia (NW. SPAIN). 4^o SIMPOSIO sobre el MARGEN IBÉRICO ATLÁNTICO / 4^o SIMPOSIO sobre a MARGEM IBÉRICA ATLÁNTICA/4th SYMPOSIUM on the IBERIAN ATLANTIC MARGIN. 7-10 de xullo 2003.
- LÓPEZ, A.; SANTOS, M.B.; PIERCE, G.J.; GONZÁLEZ, A.F.; VALEIRAS, X. E GUERRA, A. 2002. Trends in strandings and by-catch of marine mammals in northwest Spain during the 1990s. *J. Mar. Biol. Ass. UK*, 82:3916/1-9. doi.org/10.1017/S0025315402005805.
- MARTÍNEZ CEDEIRA, J.A. & LÓPEZ, A. 2016. Proxecto PHOCOEVAL: monitorización marítima e aérea da toniña en Galicia. *Cerna* 76: 44-47.
- MARTÍNEZ-CEDEIRA, J.; CALDAS, M.; FERNÁNDEZ, E. AND LÓPEZ, A. 2009. Thunnus survey: cetaceans of the albacore tuna fishery along the bay of Biscay and Grand Sole. *23th Annual Conference of the European Cetacean Society and associated workshops*, 2009. Turkey.
- PENAS-PATIÑO, X. M. & PIÑEIRO-SEAGE, A., 1989. *Cetáceos, focas e tartarugas das costas ibéricas*. Consellería de Pesca. (Xunta de Galicia). Santiago de Compostela. 379 pp.
- REY-IGLESIAS, JOSE A. MARTÍNEZ-CEDEIRA, ALFREDO LÓPEZ, RUTH FERNÁNDEZ, PAULA F.CAMPOS. 2018. The genetic history of whaling in the Cantabrian Sea during the 13th–18th centuries: Were North Atlantic right whales (*Eubalaena glacialis*) the main target species?. *Journal of Archaeological Science*. 18: 393-398.
- SANTOS, G.J. PIERCE, A. LÓPEZ, J.A. MARTÍNEZ, M.T. FERNÁNDEZ, E. IENO, E. MENTE, C. PORTEIRO, P. CARRERA & M. MEIXIDE. 2004. Variability in the diet of common dolphins (*Delphinus delphis*) in Galician waters 1991- 2003 and relationship with prey abundance M.B. ICES CM 2004/THEME SESSION Q:09.
- SEQUEIRA, M., SILVA, M., LÓPEZ, A., GAYOSO, A., PÉREZ, C., HERRERA, R., LENS, S., BARREIROS J. P. & FREITAS L., 1999. Cetaceans strandings in the Northeastern Atlantic: The ATLANCETUS project. *European Research on Cetaceans*, 13, 260-181.

Un novo coro ao vello modo. Cantares do Brión

XOÁN COLAZO PAZÓ¹

RESUMO

O coro Cantares do Brión xorde no presente século en Vincios ao estilo dos vellos coros galegos. Tan serodio acontecemento dá pé a pescudar na orientación, contexto e evolución que tivo o movemento coral das primeiras décadas do século XX, impulsado polas Irmandades da Fala. Estas entendían a tradición como un pilar básico na toma de conciencia da nación e por seren os coros galegos un instrumento de dignificación da música tradicional, da lingua e da personalidade de Galiza. O repaso da traxectoria do Coro Galego Cantares do Brión leva a contrastar as semellanzas e diferenzas cos seus antecedentes de cen anos antes, e a reflexionar sobre a vixencia da tradición e as varias maneiras de entendela, que Cantares do Brión resolve no sentido de algo non fosilizado e estático senón de xeito ben enraizado pero aberto e acorde cos tempos actuais. O compromiso inequívoco coa lingua galega, coa instrumentación tradicional, con aspectos de avance social referidos aos roles de xénero ou a protección do ambiente e a incorporación ao repertorio de poesía non estritamente popular son características deste coro.

PALABRAS CLAVE: Cantares do Brión. Tradición. Música. Galego. Irmandades da Fala. Identidade. Evolución.

ABSTRACT

The Choir Cantares do Brión appears in Vincios, in this century, in the style of earlier Galician choirs. Such a late event leads us to research the focus, the context, and the evolution of the choir movement in the early decades of the XX Century, which had been promoted by Irmandades da Fala. This organisation deemed tradition as a cornerstone in the national awareness, and Galician choirs as an instrument for the promotion and dignification of the traditional music, the language and the national character of Galiza. The review of the story of Coro Galego Cantares do Brión leads us to compare and contrast its differences and similarities with their predecessors one hundred years ago. This also leads us to reflect on the validity of tradition, and the several different ways to understand it. The Choir Cantares de Brión solves this issue by not being fossilized and static, but deeply rooted, open-minded, and in compliance with these day and age instead. Some definite characteristics of this choir are the unequivocal commitment to the Galician language, the traditional instrumentation, some aspects of social progress related to gender roles, the protection of the environment, and the addition of non-strictly popular poetry to their repertoire, as well.

KEY WORDS: Cantares do Brión. Tradition. Music. Galician language. Irmandades da Fala. Identity. Evolution.

¹ xandosmudos@sapo.pt

INTRODUCCIÓN

Vincios pódese gabar de ter unha frutífera relación coa música. Nesta parroquia do Val de Miñor desenvolve dende hai máis de catro décadas a súa actividade a Agrupación Musical de Vincios, cuxa banda percorreu -e percorre- unha sólida traxectoria coa implicación ao longo dos anos de centos de veciños e veciñas e persoas da contorna. Alén deste fito principal, e quizais en parte relacionado con el, resulta evidente que a música está moi presente na vida social destas terras. O anterior contexto acolle agora un novo referente musical: a creación do Coro Tradicional Cantares do Brión, que partindo deste ámbito xeográfico está a rebordar os estritos lindeiros parroquiais e tamén no referido ao tipo de coro que agora é común atoparnos.

A idea de crear un coro xéstase a finais de 2008 no seo do Centro Cultural entre varias persoas que asistían como alumnado ou profesorado a aulas de música tradicional. Na súa intención non estaba crear máis un coro, senón que a súa característica principal fose seguir o modelo dos históricos coros galegos, cuxo ciclo dera comezo Aires d'a Terra a finais do século XIX. Achábase a faltar a existencia dun coro tradicional na área suroeste de Galiza, dado que do vizoso e poboado panorama dos coros galegos de hai cen anos chegaran até nós apenas catro deles, con base en Ferrol, A Coruña, Compostela e Ourense. Na terra de Turonio e por extensión nas Rías Baixas existía un oco para agrupacións deste xorne e ese foi un dos detonantes que impulsaron o grupo promotor a dar o paso e definir os vieiros que habían transitar. Case sen se decataren, aquel pequeno xerme medrou moi axiña, acadando unha dimensión inesperada en moi pouco tempo, pois sen sistematizar as incorporacións a idea prendeu en xentes de Vincios e de toda a redonda.

A medra e consolidación deste coro, ben entrado o século XXI, dá para facer unha reflexión verbo do seu significado. Nas páxinas a seguir repasaremos o xurdimento dos coros galegos na década de 1910, a traxectoria do Coro Cantares do Brión que se basea naqueles -coas súas similitudes e desemeallanzas- e veremos o momento actual e as perspectivas de futuro deste tipo de manifestacións musicais e a súa relación coa sociedade do noso tempo. Agardamos que este traballo valla para contextualizar e ter elementos para cadaquén sacar as súas conclusións sobre o fenómeno, a vixencia e a proxección que este(s) coro(s) debe(n) ter no noso país.

OS ANTECEDENTES

En manifestación expresa e declarada das persoas que promoveron a creación de Cantares do Brión, a referencia inequívoca ten cinco nomes concretos: Aires d'a Terra, Toxos e Froles, Cántigas da Terra, Cantigas e Agarimos e a Coral De Ruada. O primeiro deles foi o pioneiro coro impulsado por Perfecto Feixoo en Pontevedra en 1883. Os outros catro son os sobreviventes da miríade deles que nas primeiras décadas do século XX xorden na esteira do proxecto pontevedrés e que se relacionan intimamente co programa político-cultural que as Irmandades da Fala procuraban para o noso país.

De retrocedermos un pouco máis no tempo, podemos referirnos ás reivindicacións culturais e políticas con que algúns sectores da sociedade galega reaccionaron á creación do estado español oitocentista. As propostas do Provincialismo e a obra,

fundamentalmente poética, dos autores do Rexurdimento supoñen unha primeira resposta dialéctica -aínda non totalmente conformada pero si cunha análise moi clara da realidade- ao afondamento da asimilación castelá de Galiza e a súa perda de personalidade. Os chamados a reverter a prostración da nosa terra e a marxinación do noso idioma son básicos na literatura da época, que, ignorante do afastado esplendor medieval, procura dignificar o galego, as súas xentes e o propio país partindo das súas raíces populares. Na liña doutros movementos semellantes en toda Europa, Rosalía de Castro érguese neste sentido como unha figura clave na dignificación de Galiza e súa obra converterase en referencial para calquera proxecto de construción nacional.

A inmensa maioría da poboación galega, que conforma as capas populares, exprésase en galego e é portadora dunha cultura que, en calquera das súas expresións, estaba totalmente menosprezada e subordinada ao que as elites alleantes entendían por tal cultura. Neste aspecto, se o pobo cantaba, bailaba, se divertía ou traballaba no idioma propio, o canto coral burgués de fins do XIX interpretaba composicións alleas ao país na tipoloxía e no idiomático. Estes orfeóns só de xeito tardío e anecdótico incorporan algunhas pezas folclóricas galegas nas súas actuacións. Será Perfecto Feixoo o que en 1883 racha con este modelo e, de xeito inaudito, impulsa Aires d'a Terra, un coro anovador que recrea nos escenarios un folclore purista na indumentaria, os instrumentos, o repertorio e o idioma¹. A intencionalidade clara é a de superar esa disociación entre a música popular, do pobo, e aquela que se entendía como culta e digna de amosarse. Este proxecto de dignificar lingua, música e outras expresións culturais galegas entronca cos propósitos xa mencionados do Rexurdimento e o Rexionalismo².



Homenaxe ao gaiteiro. 21 de novembro do 2010.

1 “Reunidos en Pontevedra, un grupo de intelectuais deciden vestir o traxe do país, rachando co estigma de ser mofa no antroido, e reivindicando as muíneiras, alalás e foliadas das ribeiras do Lérez nos salóns da nobreza e mesmo diante da coroa española.” (Do Orzán, 2)

2 “Nesta liña, tamén é importante o legado escrito de quen recompila músicas populares por toda Galiza, nomeadamente a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra con Casto Sampedro á cabeza e musicólogos chegados doutras latitudes como Pedrell, Tafall ou Inzenga.” (Do Orzán, 2)

Á par desta vía de dignificar e elevar as manifestacións populares cara a ambientes e escenarios urbanos e de capas medias e altas da sociedade, é de salientar o proceso contrario e complementario que tamén se dá neses anos de popularizar, de facer chegar ao pobo poetas galegos (Rosalía, Pondal, Curros) a través de composicións musicais elaboradas por Pascual Veiga, Montes ou o mestre Chané, cousa que se logrou con relativo bo suceso, ou das composicións pianísticas de Marcial del Adalid baseadas na tradición. Ambas as vías poden aplicarse a Cantares do Brión, como veremos.

Logo da desaparición do coro de Perfecto Feixoo, o estándar creado por Aires d'a Terra será asumido polos denominados coros galegos que xorden a partir de mediados da década de 1910 (López Silva 2019: 14). Efectivamente, son moitas as agrupacións corais que se crean en practicamente todas as cidades e vilas, e que se diferencian dos orfeóns para adxectivarse con toda a razón como “galegos”, ao selo por nacemento e por práctica.

As Irmandades da Fala van ser o motor que promova, dinamice e oriente os novos coros, diferenciais respecto aos orfeóns que veñen do século anterior, tamén no seu ámbito superador do localismo e pola súa composición menos uniformemente burguesa e máis interclasista. Pídeselle aos coros galegos que no seu labor de recuperar e dignificar a música popular contribúan a afirmar a identidade galega, a regaleguizar dalgún xeito o país. Dentro do proceso de creación dunha cultura de seu por parte das Irmandades, enténdense estes coros como pezas clave para estender a conciencia de galegitude a grandes sectores da poboación. Tanto a súa proposta estética, que atraía numeroso público, como a presenza de dúcias de coros en todas as vilas e comarcas de Galiza, fixo deles instrumentos de gran potencial, tal e como os vía o nacente nacionalismo político da época³.

Os coros vanse caracterizar polo seu monolingüismo en galego⁴, por harmonizar e metrificar as pezas da tradición oral, por incorporar seccións de baile, de teatro, de declamación -mesmo coa incorporación nalgún caso das artes plásticas para os decorados-, pola utilización do traxe con significado identitario⁵, pola incorporación temperá de mulleres entre o conxunto de coristas e por pechar as súas actuacións coa interpretación do Himno de galego⁶.

3 Dentro do ámbito do presente artigo, os coros galegos máis achegados xeograficamente ao Val de Miñor dos que temos novas son a *Agrupación Artística de Vigo*, unha das pioneiras ao ter actividade xa en 1918, e *Queixumes dos pinos*, con sede no local que tiña no Seixo a Sociedade de Agricultores de Lavadores, en cuxo seo naceu, e que chegou a estar presidida polo escultor Camilo Nogueira Martínez.

4 “Mediante o uso do galego nos carteis, nos programas de man, nas presentacións, nas letras das cantigas e nos números teatrais que salferían os seus espectáculos, os coros convertían aos ollos do seu público habitual, esencialmente urbano e vilego, unha lingua considerada por moitos aínda ‘dialecto’ e asociada prexuzosamente á rudeza analfabeta aldeá e mariñeira, nun medio de expresión digno e prestixiado, capaz de albergar e difundir un feixe de fermosura e emoción sobre os escenarios.” (Ínsua, 69)

5 “(...) precisan recuperar, confeccionar, vestir e recrear a indumentaria da clase labrega, a indumentaria entendida como tradicional e elevada a símbolo nacional. Porque esa acción de vestirse de galega era valorada, non coma un disface, termo que consideraban pexorativo, senón coma un acto patriótico no que a roupa, descontextualizada do ámbito rural ao que pertencía, adquire unha nova dimensión, un novo significado: o da tradición e a identidade.” (Sáenz-Chas, 107)

6 “Non cabe dúbida, nesta orde de cousas, sobre o relevante papel dos coros na difusión popular da música e da letra dese himno de noso, co que adoitaban pechar sempre os seus espectáculos, e aínda cumpriría dicir outro tanto a respecto da bandeira coa franxa celeste, convertida en pendón identificador da maioría deles, cos nomes ou escudos de cada coro sobreimpresionados nela ad hoc.” (Ínsua, 65)

Este modelo de coros galegos funcionou ao longo de dúas décadas, con altibaixos e intensos debates verbo da súa evolución e orientación artística. O golpe de estado de 1936 coutou de raíz o seu desenvolvemento normal, e poucos resistiron e menos aínda coa dignidade con que o fixo Cántigas da Terra, que rexeitou unirse á *Sección femenina* falanxista. Pero xa antes a ditadura de Primo de Rivera supuxera un freo ao seu labor, sobre todo no que tiña que ver con aqueles aspectos máis identitarios e comprometidos, procurando neutralizar a mensaxe galeguista dos coros e tentando asimíalos. Tamén se produciu naquela altura un certo esgotamento da súa orientación purista, que pretendía seguir con absoluta fidelidade a tradición recollida. Intensifícanse daquela os debates entre manter ese folclorismo convicto ou abrirse a un repertorio semiculto, ao tempo que se discute sobre o grao de compromiso galeguista ou a apertura a influencias musicais europeas da época, entre outras. Deste xeito, algunhas destas propostas dan lugar á creación das sociedades polifónicas ou de propostas na liña do teatro da arte europeo por parte da agrupación Saudade, de Leandro Carré. Partidario dos postulados de renovación estética, superador do ruralismo tradicionalista está un Bal y Gay que propón equiparar a música e a danza galegas coas correntes vangardistas que noutras partes de Europa visan entroncar a música culta e a popular, ennobrecendo a tradición⁷. Tamén sobre a renovación do teatro intervén Ramón Vilar Ponte pero, ao igual có que ocorreu coas propostas de Bal y Gay, as súas ideas non puideron facerse realidade por culpa da ruptura que supuxo a chegada da ditadura franquista, entre outros factores.

O CORO GALEGO CANTARES DO BRIÓN

Con epicentro en Vincios e cunha área de influencia que abrangue o resto do Miño, a Terra do Frago, o Condado e máis alá, Cantares do Brión leva máis de dez anos congregando coristas de todas as idades, condición e coñecementos musicais para dar vida á música tradicional galega, sexa esta popular ou de autor.

Logo de que un grupo de persoas decidise crear unha agrupación coral ao estilo dos coros galegos xurdidos cen anos antes, a idea comeza a coller forma a comezos de 2009, cos primeiros ensaios e o arranxo das primeiras pezas, baixo a dirección musical do vinciés Pablo Rial Salgueiro⁸. A primeira actuación produciuse nas festas parroquiais de santa Mariña, en xullo dese ano. Será en 2010 cando a asemblea constituínte elixe a primeira Comisión, presidida por Xosé M. García Crego, dótase de estatutos e colle a denominación de Coro Tradicional Cantares do Brión, mudado en 2016

7 “(...) Bal y Gay, quen, desde moi axiña, nas súas colaboracións nas revistas *Alfar* e *Ronsel*, proporía unha renovación do repertorio musical galego que fuxise da tradicional (e simplista) recuperación do folclore e penetrase nos espazos experimentais propostos pola vangarda dos anos vinte (Debussy, Stravinski, Bartok, Ravel), onde el vía posibilidades de relectura do folclore e de investigación no mesmo, como punto de partida para a xeración dunha música culta moderna e xenuinamente galega. De aí a súa pescuda no cancionero galego, co fin de recollelo e inventarialo para proceder ao seu estudo formal profundo.

Bal y Gay, ademais, céntrase especialmente na importancia dos coros neste proceso de conformación do imaxinario identitario das artes escénicas galegas, ao publicar en 1924 o seu opúsculo *Hacia el ballet gallego* e, en 1926, un esclarecedor artigo en *Nós* titulado «O momento actual da música galega.» (López Silva, 18)

8 Dende 2011 e até 2013 o subdirector artístico do coro foi Félix Rodríguez, exercendo os labores de dirección do mesmo por un breve período en 2012 debido a unha baixa do director Pablo Rial.

para Coro Galego Cantares do Brión⁹. E en xaneiro de 2011 prodúcese formalmente a presentación pública do coro, no Centro Cultural de Vincios, que contou co apadriñamento do histórico coro coruñés Cántigas da Terra, hoxe xa centenario¹⁰. Dende aquela as súas actividades foron ininterrompidas, coa ampliación do repertorio e medrando en propostas de variado tipo, sempre tendo o canto tradicional como centro.

Neste tempo, Cantares do Brión foi forxando unha personalidade que xa se enunciaba nos fins estatutarios e que se foi concretando na práctica. Podemos afirmar que dende o primeiro momento o coro ten un ámbito galego, e faino a partir do territorio moi concreto onde naceu e se desenvolve: a parroquia de Vincios. O propio nome do coro refírese á Touba do Brión, cova situada na parte baixa da serra do Galiñeiro, escenario da lenda da garza e o brión (como alí se coñece a rapina nocturna *Bubo bubo*, o bufo real de profundo canto) que son, ao seu tempo, os emblemas que locen na monteira e no mandil os traxes dos e das coristas¹¹. Amais, os dous discos do coro levan por títulos outros tantos topónimos do Galiñeiro: Arruídos e A Raís¹². Tamén neste aspecto o coro organiza cada ano o concerto de nadal no Centro Cultural de Vincios e habitualmente no mes de marzo o Encontro Cantares no Miñor, que trae a calquera das parroquias miñorás actuacións conxuntas con outros coros ou grupos tradicionais. Aínda neste sentido, reforza a idea de enraizamento no territorio o labor de recuperación do que resta de cantos tradicionais na memoria de xentes idosas da parroquia, como foi o caso da panxoliña da que informou a señora Albina¹³, ou das innumerábeis coplas recollidas a Rosalía Hermida Pérez das que se garda transcripción no arquivo do coro e que deu pé á letra da composición Na Touba do Brión¹⁴.

Outra característica que merece citarse é a fidelidade á instrumentación tradicional e ao idioma galego como, por outra parte, é a única opción para un coro deste tipo, herdeiro de Aires d'a Terra e os coros históricos dos que vimos falando reiteradamente. En canto ao galego é obvio que as pezas provenientes da tradición que se interpretan están nese idioma, pero hai ademais unha clara vontade de ir alén da transcripción

9 Dende o ano 2019 preside o coro Fernando Seixo Fernández.

Por outra banda, o coro desvinculouse orgánicamente do Centro Cultural de Vincios, en cuxo seo nacera, para constituírse como un entidade independente en 2017, a Asociación Cultural Coro Galego Cantares do Brión. A sé da asociación e o seu lugar de ensaio mantense invariabelmente no Centro Cultural.

10 A aparición de Cantares do Brión foi calorosamente acollida polos coros históricos que son a súa referencia. Salienta a relación con Cántigas da Terra, que convidaron aqueles a cantar na Gala do Centenario Amigos da Terra, o 9 de xullo de 2017 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, xunto aos Melidaos.

11 Dende 2010 e anualmente no mes de maio o coro celebra a Romaría da Touba do Brión no lugar da Panasqueira, monte ao pé do Galiñeiro, en que se visita a cova e se realizan diversas actividades de coñecemento xeolóxico do lugar, das súas lendas,... alén do xantar de confraternidade e a foliada correspondente coa participación de coristas, familiares e amig@s de Cantares do Brión.

12 O monte dos Arruídos abrangue parte da ladeira occidental da serra do Galiñeiro, dende o alto até unha chan a media altura baixo a que se sitúa a Touba do Brión. Trátase dun monte veciñal en man común, propiedade do conxunto da veciñanza da parroquia de Vincios, que o posúe e aproveita sen asignación de cotas. Pola súa banda, a Raís é unha cova natural utilizada como abrigo e como canteira, situada por riba e ao nordeste da Touba do Brión, e pola que circula o pequeno regato da Raís. No seu interior existe un petróglifo.

13 No concerto de fin de ano de 2019 o coro cantou un nadal recollido á señora Albina e á súa filla Marecha, veciñas de Vincios, coa participación desta última.

14 Unha recolleita en 2010 a Rosalía Hermida, de 89 anos, achegou aos fondos do coro case 250 coplas, cantos de reis, de berce, cornetadas e romances. Catro desas coplas compoñen a letra de A Touba do Brión. Natural do lugar de Xián, recibiu homenaxe do coro o 30 de decembro de 2011 no concerto de fin de ano.

“Viva Vincios, viva Vincios,/ viva Vincios por enteiro,/ viva Vincios, viva Vincios,/ viva Xián que é primeiro. Viva Vincios, viva Vincios,/ viva Vincios por enteiro,/ viva Vincios, viva Vincios,/ viva o lugar do Salgueiro.”

organicista das recolleitas dos cancioneiros, pois o que se pretende é depurar e eliminar posibles hibridacións froito da presión do castellano. Deste xeito as coplas que se cantan son realmente fieis á forma orixinaria tradicional¹⁵. Pero o coro vai máis alá, consciente de que o galego, en canto que lingua propia do país pero sometida a minorización, debe ser obxecto de uso normal en todos os ámbitos da vida asociativa, alén do momento en que se está nun escenario actuando. Facéndoo así, Cantares do Brión transmite autenticidade e non impostura¹⁶. Ademais, un grupo humano tan amplo, cunha convivencia intensa e prolongada amósase como un ámbito para a socialización na nosa lingua impagábel, sendo instrumento de integración mesmo para aquelas e aqueles coristas que non teñen o galego como idioma principal, nalgúns casos por procederem de fóra das nosas fronteiras.

Como xa se apuntou, no que respecta aos instrumentos empregados todos eles forman parte da tradición galega, na liña dos coros históricos. Gaitas, pandeiretas, pandeiros, zanfonas, bombo e tambor son tocados por un número importante de coristas, o que dá á parte instrumental unha presenza e protagonismo situados á par desoutro instrumento que son as voces. Por tanto, utilízanse instrumentos tradicionais para tocar pezas tradicionais ou aquelas outras que, non o sendo, se conciben ou adaptan para tocalas ao xeito tradicional. Digamos de paso que na parte vocal os e as coristas divídense nas catro cordas canónicas: contraltos e tiplees nas mulleres, e baixos e tenores nos homes, podendo cada unha destas cordas desdobrarse en dúas nalgunhas das pezas interpretadas.

O repertorio con que conta Cantares do Brión á altura de finais de 2020, logo de once anos de existencia, constitúeno cincuenta e tres pezas, ás que hai que engadir oito instrumentais e algunhas outras que se teñen interpretado de xeito ocasional, como son as panxoliñas de nadal ou aquelas doutros grupos cos que se comparte escenario. Alalás, foliadas, muiñeiras, xotas, pandeiradas e maneos conforman o groso das pezas interpretadas, a maioría estritamente recollidas da tradición; pero tamén hai un número importante delas que son de nova composición, realizadas principalmente por integrantes do coro, entre quen destaca Luís Correa. Existe a maiores a que se cadra sexa a liña máis anovadora do coro, consistente en musicar textos de poetas galegos, sexan de séculos pasados ou contemporáneos. Dado que a instrumentación tamén neste caso é completamente tradicional, as letras casan ben co resto do repertorio, achegándolle variedade e abrindo o coro a novas sonoridades xa non estritamente cinguidas aos formatos populares. Por outra parte cantar os poemas acompañados de música contribúe a popularizalos, tal e como se fixo hai un século cos poetas do Rexurdimento por parte dos compositores clásicos citados con anterioridade. O caso que podería resultar máis

15 Os Estatutos do coro indican: “Cantares do Brión terá como finalidade primordial o cultivo, a divulgación e a restitución do canto e da música tradicionais de Galicia”. E máis adiante “Nomeadamente será obxecto de atención especial e de uso habitual o idioma galego. Toda a vida asociativa do coro como tal producirase en idioma galego”.

16 Na entrevista que Moncho do Orzán realizou a César Concheiro, director de Cántigas da Terra (Concheiro, 5), este indica o seguinte: “Para min autenticidade é facer propio o que algún día foi dos nosos devanceiros, facer propias as receitas que nos transmitiron e poñelas de plena actualidade cada vez que as levamos a cabo, como fenómeno musical plenamente contemporáneo e con mensaxe non só estética senón identitaria e mesmo me atrevería a dicir ideolóxico-cultural. O folclorismo tivo sentido nun tempo e a sociedade europea enteira pasou polo seu filtro. Houbo cousas negativas e outras positivas pero creo que agora en Galiza en nome do purismo faise folclorismo do folclorismo. (...) Fuxamos de purismos e busquemos autenticidade.”



impactante, a adaptación de *Unha mañá de setembro* de María Xosé Silvar Sés, non o é tanto de termos en conta a propia consideración que ten a autora sobre que “o blues é folclore tamén”¹⁷. Así mesmo, de maneira natural Cantares do Brión ten integrado no seu repertorio tres pezas en portugués (unha tradicional, outra da lírica medieval??? e outra dun poeta do século XX), o cal non ocasiona tampouco discordancia ningunha ao pertencermos a un mesmo sistema lingüístico e ser a variante falada en Vincios e no sul de Galiza máis achegada ao portugués có galego estándar. En canto a aquelas pezas do repertorio para as que se fixeron arranxos para a súa interpretación polo coro, estes foron maioritariamente realizados polo director Pablo Rial.

Ao final deste artigo achégase unha táboa coa relación completa de pezas de Cantares do Brión.

Dese conxunto de cántigas que conforman o repertorio, aproximadamente a metade están presentes nalgún dos traballos da discografía do coro. *Arruídos* foi o primeiro disco, de 2014, e *A Raís* o segundo, saído en 2018. Ademais o coro editou un dobre DVD coa súa actuación, xunto coa Coral De Ruada, no II Encontro Cantares no Miñor celebrado en Baiona en 2013. Dezaseis pezas constituíron o disco *Arruídos*, gravado en decembro de 2013 no Centro Cultural de Vincios co equipo técnico de Planta Sónica. Fixouse alí repertorio que proviña dos coros galegos históricos, xunto con pezas propias de nova composición e outras populares e de autor, que na altura formaban o cerne das pezas dos comezos de Cantares do Brión. Para o segundo disco, *A Raís*, escolléronse outros dezaseis temas, de semellantes características, aínda que tal vez cun maior equilibrio entre as composicións máis tradicionais e

¹⁷ “Os espirituais negros, o gospel, son cantares sefarditas, o *country* é son e guaracha e rancheiras, a muiñeira é blues. Porque todas son músicas tradicionais, todas son manifestacións musicais que naceron dunha comunidade humana e que no seu seo e ao abeiro da súa cultura se xestaron. Sexa cal sexa a latitude, a idiosincrasia ou a lingua de cada comunidade. A música popular é a música do pobo, nin máis nin menos, é a que o pobo xera, a que o diverte, o emociona ou o entretén en cada momento” (Sés, 10)

as pezas de autor. A súa gravación realizouse en Ancestral Estudos Musicais, en Xustáns, entre o outono de 2017 e a primavera de 2018 e no Auditorio do Centro Cultural e Recreativo de Torroso no mes de xullo.

Outro dos trazos que definen Cantares do Brión é o feito de produciren cos medios propios todo o conxunto de elementos que se precisan nas súas actuacións. Dentro do amplo grupo humano do coro o labor de cada un dos e das coristas non se limita ao estrito canto na correspondente corda, ou a compoñer, arranxar e musicar os temas, ou a tocar os instrumentos con ampla solvencia. Na realidade, aspectos tan importantes como o traxe, o baile ou a sección teatral desenvólvense dentro do ámbito do coro con poucas achegas externas e en todo caso moi vencelladas ás e aos seus membros. Daquela, a concepción e o deseño dos traxes foi responsabilidade de Isaac Teniente e de Patri González, coristas, e confeccionáronse no obradoiro de costura que esta última ten en Saiáns. Partiuse do modelo que a finais do século XIX se fixou como estereotipo estético¹⁸, que procuraba unha indumentaria diferencial cun significado identitario¹⁹. O traxe das mulleres está formado polo refaixo ou saia de cores, dengue e mandil negros, pano da cabeza, medias caladas, pololos, enagua e camisa ou chambrá brancas. Tamén se poden levar outros elementos accesorios, adobíos e xoias como colares e pendentes. O traxe masculino componse de monteira alta negra con pompóns de cores, pano na cabeza, chaleco, camisa e calzón brancos, faixa, pantalón, polainas e zapatos de cor negra. Tal vez o máis rechamante do traxe sexa a variedade de cores que presenta, sete en total -un para cada corista-, que se combinan no colete e monteira dos homes e na saia das mulleres, o que racha coa uniformidade doutras agrupacións e dá un carácter máis ledo, dinámico e actual ao coro. O traxe é un dos sinais de identidade da formación, polo que se pon un especial interese en coidar un correcto uso e transmitir unha imaxe digna ante a sociedade.

Ademais dos trazos definidores que vimos de referir, o coro é moito máis xa que posúe seccións de baile e teatro -como os coros galegos históricos-, que se amosan dentro das actuacións, formando un todo. A sección de baile intervéñen en case todas as actuacións que ten o coro, integrando o espectáculo ao son dos instrumentos e por veces do canto. Até tres parellas bailan principalmente xotas e muiñeiras baixo a guía de Isaac Teniente, que está á fronte da sección.

Pola súa parte, a sección de teatro está baixo a dirección de Lucía Cid, e representou até o de agora varias pezas breves nalgunhas das actuacións do coro. Son as e os propios coristas a dar vida no escenario aos personaxes. Na peza titulada “Lenda da Touba do Brión” utilizáronse máscaras representando ao Brión e á Gharsa, obra de Bernardo Carpenente, tamén corista. Finalmente cada membro do coro dispón da súa carauta de Brión, elaborada por un conxunto amplo de coristas e persoas achegadas, que se utilizan en diferentes actuacións, non estritamente relacionadas con pezas teatrais.

O coro conta dende 2013 cun estandarte confeccionado por Patri González a partir do deseño de Pepe Barro, no que aparece un brión na parte dianteira xunto co nome

18 Así consta nas Normas de utilización do traxe do coro.

19 “Os primeiros coros galegos, necesitados dun vestiario típico, recoñecible e uniformado para as súas escenografías, desempeñaron un papel fundamental na consolidación da imaxe icónica dunha indumentaria galega propia e identitaria, un modelo de tipismo que aínda perdura hoxe en día. E para crear ese vestiario, os coros inspiráronse na imaxe idealizada da indumentaria galega que establecera o folclorismo do século XIX.” (Sáenz-Chas, 105)

do coro, e os versos de Rosalía de Castro do poema Has de cantar “Que así mo pediron,/que así mo mandaron,/que cante e que cante/na lingua que eu falo”.

Aínda habería algúns outros aspectos do coro que deixamos simplemente apuntados, como pode ser o elemento anovador e inclusivo de utilizar, de xeito bastante recorrente, a linguaxe de signos na interpretación de varias pezas durante as actuacións -a cargo de Patricia Gómez e outras coristas- ou a tendencia a realizar intervencións e actuacións na rúa, non tan só nos escenarios, e sendo sensíbeis ás problemáticas sociais e ambientais. Existe consenso dentro do coro para deixar fóra do repertorio aquelas letras e coplas atentatorias contra a dignidade humana, en especial no que ten que ver coa condición de xénero, evitando temáticas ou expresións machistas, habituais nas nosas sociedades de onte e de hoxe, sexa no cancionero tradicional sexa na música contemporánea, en Galiza e fóra dela.

Todos estes que vimos de referir son os elementos máis salientábeis de Cantares do Brión, un coro que foi medrando aos poucos na súa proposta estética musical e afinando na súa orientación como coro galego. É evidente que a estas alturas do século XXI non se trata só de revivir a experiencia dos coros de hai cen anos, senón que a intención é ir máis alá, innovando e procurando camiños novos sempre a partir da nosa tradición musical de base popular. Un coro que estea cos tempos, que sirva á sociedade galega de hoxe e proxecte a tradición cara ao futuro.

CONCLUSIÓN

Xa andado o século XXI nace no Val de Miñor un coro cunhas características e principios moi semellantes aos coros galegos do movemento coral xurdido cen anos antes. A sociedade galega viviu fondos trocos neste lapso de tempo. Aquí poderían xurdir moitas cuestións: por que constituír un coro galego agora? Para quen se interpreta? A quen pode servir?²⁰ Abondaría con pensar que a música, como calquera outra arte, explicase por si mesma, a súa razón de ser é a necesidade de se expresar, neste caso dun grupo de persoas que no fundamental queren se divertir cantando vellas cancións tradicionais. Estas cancións xa na actualidade teñen moitas versións por parte de todo tipo de grupos musicais (pandireteiras, gaiteros, cuartetos, grupos folk, músicas do mundo...), arranxadas ao modo tradicional ou non, pero dende o grupo promotor pensan que o canto coral galego é unha das materias pendentes na actualidade, malia a existencia dos coros históricos que chegaron até hoxe. Poderíamos por este camiño ir entrevedo algunha resposta ás preguntas anteriores.

Pero tamén poderíamos pensar que existen ademais outras forzas que impeleron a poñer en marcha e soste e consolidar Cantares do Brión, máis fondas, menos explícitas. O coro xurdiu da base, de xentes que traballan a música popular dende diferentes facetas. Moitas outras persoas xuntáronse despois²¹. Non existiu Irmandade da Fala ningunha que pulara por dar azos a este coro, tampouco ningunha institución ou administración acompañou o seu crecemento, non houbo instancias

20 “Descubrir os usos e as funcións da música na sociedade coa fin de comprender por que e para quen se crea, por que e para quen se interpreta, e a quen pode servir” citando a Ivo Supicic (Costa, 1998, 51).

21 Para unha análise exhaustiva das características sociolóxicas dos e das coristas, véxase o apartado correspondente á enquisa realizada por Marcos Martínez en 2016 (Martínez, 189 e seguintes).

de poder que o amparase ou promocionase. Case ao contrario, moitas veces as manifestacións da cultura galega son invisibilizadas, padecen estigmas seculares que non se dan rachado. O propio idioma galego, matriz inesgotábel de obras de arte, soporte da cultura galega, padece unha discriminación que a fai ser estranxeira na propia patria²². E porén, un coro galego baseado na tradición abriuse paso nesta altura da historia. Mesmo outros coros semellantes están a aparecer noutras partes de Galiza, xurdindo do pobo. Talvez sexa que os obxectivos das Irmandades da Fala aínda seguen pendentes de se acadaren, tal vez sexa porque existe na sociedade galega actual o interese pola afirmación propia, por reverter a consideración social que se ten da lingua, porque seguimos necesitados de rachar estigmas²³. Tamén dende esta óptica podemos tentar dar respostas aos por que e para que, á función social da música tradicional hoxe.

Cantares do Brión é un coro novo, sen a traxectoria e o peso da tradición dos coros históricos. Pero está ben asentado, ten uns principios claros, sabe de onde provén. Tamén sabe que pode e ten que innovar, que é un coro xurdido na sociedade de hoxe, e que ten moito que dicir aos galegos e galegas actuais e do futuro. Facer que sintan a terra con orgullo. Que se siga a cantar, sexa o repertorio tradicional sexa a voz dos e das poetas galegas (atenuando a pantanosa fronteira entre o culto e o popular) é unha pequena contribución á permanencia, a amosar ao mundo aquilo que somos, a anunciar que temos futuro...

Por que? Será que a tradición está viva e a xente de hoxe quere que no futuro siga a estar viva, incorporando novas tradicións ao que somos.

A Maleitiña, novembro de 2020

22 Paráfrase de Castelao no Sempre en Galiza: “Unha língoa é mais ca unha obra de arte; é matriz inesgotábel de obras de arte.” e título dun poema de Rosalía de Castro no seu libro Follas Novas.

23 “Somos fíos deste pano,/ desta Terra que nos tece,/ somos fillos dunha lingua/ que no corazón nos prende. / Pasa o tempo, corre a vida,/ todas nós imos marchando,/ mais ela non esmorece/ porque a seguimos falando.”

Letra de Rosa Hervella para a canción do coro “O eido vello”.

ANEXO

Repertorio de Cantares do Brión 2008-2020

(Por orde cronolóxica)

PEZA	LETRA	MÚSICA	REPERTORIO
Himno Galego (Os pinos)	Eduardo Pondal	Pascual Veiga	
Pandeirada de Sárdoma			
Maneo de Trabazo			Cántigas da Terra
Muiñeira de Sabaxáns			
Foliada de Cerdedo			Cántigas da Terra
Foliada de Carril			Cantigas e Agarimos
Camíño de Ourense	Manolo Pipas	Luís Correa	
Foliada de Vincios	Popular/Luís Correa	Luís Correa	
Canto popular			Cancioneiro de Torner e Bal y Gay
Pandeirada de Ourense		Manolo de Dios	
Alalá número tres			Aires d'a Terra
Na Touba do Brión		Luís Correa	Coplas recollidas a Rosalía Hermida Pérez, de Xián (Vincios)
O carro	Manuel María	Baldomero F.Iglesias	Arranxos: Paco Barreiro
Pandeiretada de Rendal			Cantigas e Agarimos
Eu non sei o que me deches			Toxos e Froles
Pasodobre de Sísamo			Arranxos: Félix Rodríguez
Rosiña			Charanga do Cuco de Velle
Sementeira do Vento (Triadas do vento no mar)	Valentín Paz-Andrade	Luís Correa	
Casto Sampedro			
Xota da Ponte	Rosa Hervella	Antón Silva Tubío	
Has de Cantar	Rosalía de Castro	Pablo Rial	
Olé, ó senhora mãe			Arquivo Michel Giacometti
Foliada de Viveiro			Coral de Ruada
Hegofé	Carlos Peixoto		
Os teus ollos	M.Curros Enríquez	J.Castro Chané	

Sobreiras	Luís Correa	Luís Correa	
Foliada de Bora			Cántigas da Terra
Unha mañá de setembro	Mª Xosé Silvar Sés	Mª Xosé Silvar Sés	Arranxos: Isabel Mouzo
Pandeiretada do Outeiro			Cántigas e Agarimos
Do redondo pra muralla		Luís Correa	
Xota de Toutón			
Ribeirana de Angelito			
Alalá das leiteiras	Luís Correa	Luís Correa	
Voan os meus pensamentos	Ramón Cabanillas	Antón Silva Tubío	
Poemas ao outono	Manuel María	Luís Correa	
Ribeirana de Vigo			
Pasarrúas O Ventosoño	Henrique Otero/Popular	Henrique Otero	
Non vou	Esther Lage	Esther Lage	
Foliada da Peneda	Henrique Otero/Luís Correa/Pablo Rial	Henrique Otero	
Foliada de Portosín			Cántigas da Terra
Foliada da Cruña			Cántigas da Terra
Pandeirada de Cabana			Cántigas da Terra
Foliada de Avión			Coral de Ruada
Quen foi lume	Marica Campo	Pablo Rial	
Volvín á Terra pro perdín o amor	Bernardino Graña	Suso Vaamonde	
Mulleres valentes	Rosa Hervella	Luís Correa	
Não quero, não	Eugénio de Andrade	Nardo Carpenté	Arranxos: Paco Barreiro
O eido vello	Rosa Hervella	Luís Correa	
Pandeirada de Brión			
Foliada de Pontevedra		Bernardo del Río	Cántigas e Agarimos
Troula das Rías Baixas			Cántigas da Terra
Xa chegou o maio	Antón Tovar	Rosa Couto	
O meu lugar	Paco Barreiro	Paco Barreiro	
Chascarraschás	Laureano Álvarez	R. González Enríquez	
Ai flores, ai flores do verde pino	Dom Dinis	Ángel Barja	

En caso de non se indicar nada, as letras e músicas son populares, e os arranxos de Pablo Rial

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BAL Y GAY, XESÚS (1924): *Hacia el ballet gallego*. Editorial Ronsel. Lugo.
- CONCHEIRO GUERRICO, CÉSAR (2015): Entrevista de Moncho do Orzán. En A fondo, Caderno de análise. *Sermos Galiza* do 24 de setembro de 2015, Santiago de Compostela, pp. 4-5.
- COSTA VÁZQUEZ, LUÍS (1998): Coralismo, etnicidad y nacionalismo en Galicia. *Cuadernos de música iberoamericana*. 6: 49-63.
- COSTA VÁZQUEZ, LUÍS (2019): Os coros galegos históricos. A música dun tempo. En COSTA VÁZQUEZ, LUÍS & LÓPEZ SILVA, INMACULADA (eds.): *Son de Galicia. Os coros galego*: 25-44. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- DO ORZÁN, MONCHO (2015): *Coros galegos, o patrimonio musical de Galiza*. En A fondo, Caderno de análise. *Sermos Galiza* do 24 de setembro de 2015, Santiago de Compostela, p. 2.
- GARCÍA CREGO, XOSÉ M. & RIAL SALGUEIRO, PABLO (2015): *Cantares do Brión, un coro (galego) do século XXI*. En A fondo, Caderno de análise. *Sermos Galiza* do 24 de setembro de 2015, Santiago de Compostela, p. 7.
- ÍNSUA, EMILIO XOSÉ (2019): Os coros galegos e as Irmandades da Fala. En COSTA VÁZQUEZ, LUÍS & LÓPEZ SILVA, INMACULADA (eds.): *Son de Galicia. Os coros galegos*: 63-82. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.
- LÓPEZ SILVA, INMACULADA (2019): A importancia histórica dos coros no seu contexto político-cultural. En COSTA VÁZQUEZ, LUÍS & LÓPEZ SILVA, INMACULADA (eds.): *Son de Galicia. Os coros galegos*. 11-24. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- MARTÍNEZ GÓMEZ, MARCOS (2016): *Coro tradicional Cantares do Brión: Estudo dun coro galego no século XXI*. Traballo de fin de estudos do Conservatorio Superior de Música de Vigo, Departamento de musicoloxía. Inédito.
- SÁENZ-CHAS DÍAZ, BELÉN (2019): O traxe galego dos primeiros coros. En COSTA VÁZQUEZ, LUÍS & LÓPEZ SILVA, INMACULADA (eds.). *Son de Galicia. Os coros galegos*: 105-116. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- SES, MARÍA XOSÉ SILVAR (2012): *A muiñeira é blues*. *Sermos Galiza* especial saída: 10, 17 de maio de 2012, Santiago de Compostela.
- TATO FONTAÍÑA, LAURA (2010): *A renovación dos coros galegos. Unha cuestión identitaria*. En TAVARES MALEVAL, M^a AMPARO E TATO FONTAÍÑA, LAURA (eds.): *Estudos Galego-Brasileiros* 4: 519-539. A Coruña, Universidade da Coruña.
- TATO FONTAÍÑA, LAURA (2019): *Os coros e o teatro*. En COSTA VÁZQUEZ, LUÍS & LÓPEZ SILVA, INMACULADA (eds.): *Son de Galicia. Os coros galegos*: 45-62. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

A Escola Municipal de Cerámica de Nigrán, un sinal de identidade

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ-COLMEIRO MARTÍNEZ¹

RESUMO

Falar de cerámica é referirse a unha actividade identitaria. Nigrán conta cunha Escola Municipal de Cerámica dende 1983, de notable traxectoria docente e con ampla proxección internacional. Polas súas aulas pasaron recoñecidos ceramistas, perto de 3000 alumnos, entre os que destacan numerosos profesionais da cerámica hoxe consolidados. Esta reflexión retrospectiva ten dous obxetivos: o recoñecemento do traballo realizado e servir de impulso para acometer novos retos que consoliden a actividade cerámica no Val Miñor e favoreza esta importante seña de identidade.

ABSTRACT

Talking about ceramics is talking about identity. Nigrán has a Ceramics Municipal School since 1983, with an outstanding teaching history and wide international projection. In the school life, about 3000 students have gained a valuable experience through regular classes, visits of renowned ceramists and participation in the school activities, and some of the school former students are recognized professional ceramists nowadays. This retrospective piece has two aims: to appreciate the work accomplished by the school, and to address new challenges that help consolidate ceramics in Val Miñor, contributing to this important identity signature

¹ tcolmeiro@mail.com

INTRODUCCIÓN

Cerámica: do grego κεραμικός (keramikos = feito de arxila).

O oficio da cerámica provén da práctica de modelar a arxila para crear utensilios que cubran as necesidades cotiás do ser humano. A invención da cerámica produciuse no Paleolítico Superior (24.000 a.C.), do que coñecemos pequenas figuras de arxila cocida. Pero non será ata o Neolítico (12.000 a.C. – 7.000 a.C.) cando aparecerán os primeiros utensilios con forma de vasillas para poñer ó lume e cocinar, e cando se precisaron recipientes para almacenar o excedente das colleitas da recen estreada agricultura.

Dende a primitiva cerámica cardial do período neolítico, chamada así polas sinxelas decoracións a base de incisións feitas con cunchas de berberechos, coñecidos como cardium, con punzóns, peites de madeira e outros útiles, a cerámica vai evolucionando ó longo de máis de 25.000 anos. Neste tempo se desenvolve con producións cada vez máis sofisticadas, usando materiais diversos coma a arxila de baixa temperatura, o gres, a porcelana así como a técnica do rakú e outras técnicas innovadoras. A invención da roda de oleiro (3.000 a.C.) supón a creación masiva de pezas uniformes, o que cubre as necesidades de envases para o transporte de alimentos, cada vez a maior escala.

En tempos posteriores desenvólvense técnicas de cocción máis perfeccionadas, pasando da sinxela cocción da arxila con fogo ao vidrado. Este avance tecnolóxico permite almacenar e transportar líquidos como o aceite e o viño nas vasillas, xa que co vidrado deixan de ser porosas. A actividade cerámica espállase por todos os territorios e vólvese unha actividade vencellada á comunidade. Cun bo aproveitamento dos materiais existentes en cada lugar, barros, xamotas, óxidos ou pigmentos, cada centro de produción cerámica adáptase ás súas circunstancias e evoluciona orixinando



A aula de torno é tamén muro testemuña das actividades da Escola de Cerámica.



Miguel Vázquez colocando as pezas para rakú.

resultados moi diferenciados. Na China, por exemplo, contaban cunha arxila branca moi especial, o caolín, base da fabricación da porcelana. Os ceramistas chineses conseguiron atopar a fórmula da porcelana, un segredo moi ben gardado que non foi descuberto en Europa ate o século XVIII.

Böttger, alquimista prusiano, recibiu o encargo por parte de Augusto II, rei de Polonia, de conseguir a fórmula da porcelana. Confinado durante anos nunha fábrica, baixo vixilancia e cun gran secreto, logrou o método para a fabricación da porcelana que desenvolveu na fábrica que fundou en Meissen, Sajonia en 1710. A porcelana, chamada tamén ouro branco, foi moeda de cambio, forma de acumulación de riqueza e sinal de distinción entre a nobreza europea da

época. A demanda de pezas tan valiosas por parte das familias reais de Europa, pero tamén polas clases mais adifneiradas, favoreceu a creación de importantes centros de fabricación de cerámica en Europa coa fundación de fábricas como Capodimonti, en Nápoles, Sèvres, próxima a París, a Real Fábrica del Buen Retiro, en Madrid, así como a Fábrica de Cerámica de Sargadelos, fundada en 1804 en Cervo, Lugo, por iniciativa de Raimundo Ibáñez, Marqués de Sargadelos. No século XVIII, durante a Revolución Industrial Británica, a cerámica desenvolveuse como moitas outras industrias e adoptou a produción en masa dando resposta á demanda masiva de pezas de cerámica en Gran Bretaña e en todo o seu imperio.

Este pasado común evoluciona en distintas civilizacións converténdose nunha actividade identitaria, ferramenta fundamental do ser humano para deixar reflexo de si mesmo. Os achados arqueolóxicos dannos información valiosa sobre a sociedade na que foron feitos. Funcionan como un indicador cultural, unha pegada da tradición local, e déixannos facer un contacto entre culturas a través do tempo e do espazo.

TRADICIÓN CERÁMICA EN ESPAÑA

En España contamos cunha notable tradición na produción cerámica. Practicamente en todas as provincias existían ata fai unas décadas numerosos obradoiros de

cerámica e alfarerías, destacando os de Talavera de la Reina, Manises, Agost, La Bisbal, Úbeda, Alba de Tormes, Pereruela ou Moveros, entre outros. En Galicia contamos até ben entrado o século XX con decenas de núcleos de produción cerámica tradicional con abundantes obradoiros. Entre eles, Buño que chegou a ter entre 90 e 100 oleiros, e Niñodagua máis de 70. A zona sur da provincia de Pontevedra contou con alfarerías en Salvaterra de Miño, Guillarei, Meder, Porriño, Redondela, Tameiga e Sanguñeda. O oficio de oleiro, que pasaba de pais a fillos, queda reducido a uns poucos artesáns que aínda seguen a traballar en Buño, Bonxe e Niñodagua. Como consecuencia, parte do patrimonio cultural e artístico desaparece co abandono dos centros de produción cerámica, tan numerosos noutras épocas.

Na segunda metade do século XX, os movementos de poboación dende o campo á cidade modifican as formas de vida. Abandónanse moitas actividades vencelladas ao



Alcanzada a temperatura, ábrese o formo e inmediatamente cada peza é trasladada a un recipiente con serraduras onde fai a redución.

mundo rural, como a agricultura e gandaría, e xa non se precisan os utensilios feitos en cerámica, que son substituídos por obxectos feitos de forma industrial con novos materiais. Paralelamente, a disciplina da cerámica incorpórase paulatinamente ás diversas manifestacións artísticas. Consagrados artistas como Picasso e Miró traballan a arxila como expresión da súa obra. Posteriormente, Antoni Cumella, Llorens Artigas, Elena Colmeiro, Angel Garraza, Miguel Barceló e Xavier Toubé, entre os máis destacados ceramistas de España, innovan e investigan os materiais e a linguaxe da cerámica, levando a disciplina ao máis elevado das Artes.

En 1970, Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane crean *O Laboratorio de Formas*, na reconstruída Fábrica de Sargadelos, que actúa como instituto teórico de deseño, froito dunha profunda reflexión intelectual que persegue un equilibrio entre vangarda e tradición. A investigación con distintos materiais e a

experimentación de novas posibilidades técnicas para a cerámica supón unha magnífica oportunidade formativa para futuros artesáns e artistas que asisten aos cursos, seminarios e encontros. Neste contexto, propíciase a aparición de novas xeracións de ceramistas entre os que destacan Miguel Vázquez e Emilia Guimeráns, que proxectan as súas inquedanzas na sociedade que os rodea favorecendo tanto a divulgación da creación cerámica como a creación de espazos de formación. Proba disto son os obradoiros de cerámica creados tanto por iniciativa privada como por organismos e entidades públicas. Na bisbarra de Vigo temos na actualidade dúas escolas de formación en cerámica de titularidade pública: A Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAU) en Vigo e A Escola Municipal de Cerámica de Nigrán, ambas cunha grande demanda por parte da cidadanía que supera amplamente a oferta da que se dispón. Este feito debería facernos reflexionar sobre o interese que esperta esta actividade co fin de dar una resposta acorde. Por unha banda, o oficio xa non existe, e perdeuse en parte a tradición, pero a demanda pola cerámica dende a formación e a arte é grande e forma parte da nosa identidade cultural. Deste xeito reinvéntase esta conexión coa arxila que sempre tivemos en toda a nosa historia.

A ESCOLA MUNICIPAL DE CERÁMICA DE NIGRÁN

En Nigrán temos unha Escola de Cerámica que conta con 37 anos de historia, nos que ten albergado cerca de tres mil alumnos, non sendo infrecuente que membros de diferentes xeracións dunha mesma familia teñan pasado polas aulas da escola, o que é un bo indicador da confianza que xera a escola, repetindo a tradición que se



Esperando que as pezas fagan a redución e o afumado dentro dos bidóns con serraduras.



Rakú. Pelo de cabalo aplicado directamente sobre a peza incandescente. Peza do alumnado.



As pezas de rakú rematadas móstranse nos andeis na última semana de maio.

pasa de xeración en xeración, propia dos primeiros oleiros. Co fin de dinamizar a vida cultural e de lecer do seu municipio, en 1983, o Concello de Nigrán pon en marcha un obradoiro de cerámica dirixido por Miguel Vázquez e Manolo Lagoa, que conta dende o principio cunha magnífica resposta por parte da cidadanía. En 1988 Emilia Guimeráns toma o relevo dos seus colegas e dirixe dende aquela a Escola de Cerámica. Ó longo destes 32 anos con Emilia a escola ven funcionando ininterrompidamente.

A escola comeza con recursos limitados, pero a boa xestión da directora, a gran acollida por parte dos veciños de Nigrán e bisbarra e o apoio do Concello de Nigrán logran consolidar una escola de cerámica capaz de desenvolver ambiciosos proxectos e ilusionar ó seu alumnado. En 1989 organízase o I Encontro Cultural Galego-Portugués, no que se practican durante unha semana a técnica do rakú. O rakú é unha técnica tradicional oriental de elaboración de cerámica utilitaria que floreceu principalmente no Xapón coa fabricación de pezas para a cerimonia do té. En Nigrán practícase a versión de rakú segundo Paul Soldner, baseada na redución e o afumado. A peza fabricada en material refractario e xa biscoitado, esmáltase e recibe unha segunda cocción. Cando a temperatura alcanza os 1000 graos, retírase a peza a lume vivo e métese nun contedor con material combustible, completamente cuberto, onde se produce a atmosfera reductora que afecta ás cores dos vidrados. O forte choque térmico produce as fendeduras nas pezas ou craquelado. Un resultado moi valorado.

A I Semana do Rakú, dirixida por Miguel Vázquez, ceramista recoñecido e profesor de cerámica EMAU de Vigo, supón o comezo dunha actividade que, dende esa primeira edición, se ven celebrando en Nigrán 31 anos consecutivos. A colaboración entre a EMAU e a Escola Municipal de Cerámica de Nigrán mantense todo este tempo, permitindo ó alumnado de ambas escolas desfrutar das actividades organizadas.



Sonobe Genya. Cunca de rakú. Exposición Xapón cerca de ti, Nigrán 2004.

O ano 1996 supón un avance cualitativo para a Escola de Cerámica. A adquisición de novo equipamento, xunto cunha nova programación das actividades da escola, permiten crear novas actividades, destacando a realización de cursos monográficos nos que desenvolver outras técnicas non traballadas durante o curso, como a porcelana. Mentres que ao longo do ano na escola se traballa principalmente con arxilas de baixa temperatura, experimentábase coa porcelana a través de cursos monográficos. É un traballo que require especialización e recursos e supón un reto para calquera ceramista. O caolín, o feldespato e o cuarzo aportan a cor, o fundente e a dureza características da porcelana que a fan tan atractiva. Nos cursos monográficos tamén se fai unha promoción da cerámica tradicional cara á cidadanía e, finalmente, facilítase o contacto con persoas relacionadas profesionalmente coa cerámica contemporánea.

Proxección Internacional da Escola Municipal de Cerámica de Nigrán

A cualificación e entusiasmo dos organizadores, xunto co apoio do Concello de Nigrán e a implicación do alumnado da Escola culminaron coa organización dos Encontros Internacionais de Cerámica, que atraeron a mestres ceramistas e participantes de diversa procedencia, profesionais ou afeccionados.



Madhur Sen. Escultura en arxila e papel. Exposición Namasté India, Nigrán 2006.



Palaniappan. Caballo de Aiyandar. Escultura fabricada en Nigrán durante o II Encontro Internacional Namasté India. Donación do autor á Escola de Cerámica. Nigrán 2006.

En 2004 o I Encontro Internacional de Cerámica de Nigrán, JAPÓN CERCA DE TI xurde dunha viaxe artística a Xapón. Ofrecenos a posibilidade de achegarse a unha cultura milenaria e rica da man de seis mestres e compartir formas diferentes de entender o mundo a través dos obradoiros de cerámica para a cerimonia do té ou das técnicas de porcelana, pero tamén do ikebana (arte floral) e do shodo (caligrafía).

En 2006 celébrase o II Encontro Internacional de Cerámica de Nigrán, NAMASTE INDIA, de novo co intercambio cultural e artístico como obxectivo do encontro. A cerámica da India, as súas técnicas de traballo e a súa cultura chegan a Galicia da man de 11 mestres indios. Un deles foi invitado para realizar un cabalo votivo de terracota que fica na escola. O cabalo Aiyandar procede dunha tradición milenaria. Durante séculos, os mestres do sur da India modelaron cabalos co barro para ofrecerllos ó deus Aiyandar. Ate ese momento só cinco cabalos Aiyandar saíran da India. Agora o sexto está en Nigrán.

Dende orixinais modelados e baleirados para xerar arquitecturas, ate a figuración contemporánea na India ou a fabricación de marionetas e máscaras e a

fundición tribal, este II Encontro achega a Nigrán as tradicións máis antigas dun país afastado na cultura, pero vencellado a Nigrán grazas a cerámica.

En 2009 O III Encontro Internacional de Cerámica PERIFERIAS 09 reúne en seis obradoiros contidos e técnicas dispares. Baixo a dirección de ceramistas e artistas procedentes de Portugal, Xapón e España explóranse as técnicas da azulexaría, a construción con moldes de terra, o traballo en porcelana, os procesos de reprodución cerámica e a arte urbana. Centra a súa mirada nos lugares do noso entorno e nas preocupacións e necesidades do noso tempo, creando periferias inmediatas a nós, en espazo e tempo. Tentará combinar a artesanía e a tradición coa realidade contemporánea da cerámica. O delicado traballo da porcelana e o refinamento das cubertas da azulexaría portuguesa, cohabitando co barro en estado bruto e co proceso de produción de moldes. Complementan os obradoiros de procesos estritamente cerámicos outros dedicados á creatividade extrema e ás técnicas de construción e deconstrución.

A través dos encontros internacionais de cerámica, o concello de Nigrán sitúase como punto de referencia de iniciativas dentro da cerámica española. Ademais per-



Cartel das Xornadas Audiovisuais sobre Cerámica, 2008.

mite asomar o noso traballo dende a escola aos círculos internacionais á vez que incrementamos a nosa oferta cultural. Nigrán convértese de novo nun lugar de privilexio no intercambio de experiencias relacionadas co mundo da cerámica.

A Escola Municipal de Cerámica de Nigrán: repercusión fora das aulas

Ademais do que vimos de expoñer no apartado anterior, a actividade da escola non remata coas clases semanais de torno e mesa. Proxéctase como centro de dinamización social dende o mundo da cerámica, como podemos constatar a través das moitas actividades propostas das que podemos salientar os ciclos, conferencias, monográficos, exposicións e demostracións durante os máis de 30 anos de existencia da escola de cerámica. No cadro revisamos os eventos monográficos e actividades destacadas na historia da escola de cerámica de Nigrán.



Despedindo o curso, Maio 2019.



Emilia Guimeráns. Porcelana, ca 2003.



Arxila de baixa temperatura vidrada. Pezas do alumnado infantil.



Arxila preparada para o biscoitado ou primeira cocción. Pezas do alumnado infantil.



Rakú espido. Pezas do alumnado.

Eventos	Monográficos	Visitas colectivas
Semana do Rakú, 30 edicións dende 1989	Coccións Alternativas, por Wali Hawes (2004)	Exposición de Elena Colmeiro, Museo de Pontevedra (2014)
Xornadas audiovisuais de Cine e Cerámica, en colaboración coa EMAU de Vigo (2008-2012)	Iniciación á Serigrafía Cerámica, por Miguel Vázquez	Exposición Murais Cerámicos de Faro de Vigo, 2008
Demostracións das olerías de Pereruela, Niñoda-guia, Bonxe, Meder e Gundivós a cargo de oleiros destas localidades	Curso de Moldes, por Manuel Losada (1997)	Visita guiada á Fábrica de Sargadelos (2013)
Demostración de construción dun forno de papel, por Miguel Vázquez (2000)	Cerámica Bicromatada, por Eli Moretó (2011)	Visita o Museo de Olería de Barcelos (2014)
Conferencias de recoñecidos ceramistas: Elena Colmeiro (1997), Beatrijs Lauwaert (2002), Fernando Casás (2002), Netty Van den Heuvel (2003), Mía Llauder e Joan Serra (2003) e Isao Artigas (2007)	Estudo da Cor aplicada á Cerámica, por Jorge P. Conde (2011)	Visita a varias olarías na bisbarra de Barcelos: salientando os obradoiros de Julia Ramalho e Mistério (2014)
Exposicións no Centro Antena de Nigrán, “44 Revoluciónes por segundo” (2007)		

Por todo isto, a Escola Municipal de Cerámica de Nigrán fai unha valiosa aportación á contorna e recolle o legado da tradición cerámica combinando arte e artesanía. Destacamos as seguintes contribucións da escola:

- Proporciona formación e práctica sobre todo o proceso da elaboración cerámica. Dende o amasado da arxila, ao uso de engobes, óxidos e pigmentos, e das diferentes técnicas como o modelado, o torneado, a elaboración de pranchas ou churros, ou de azulexos, ata a utilización de múltiples técnicas decorativas.
- Axuda a comprender a linguaxe artesanal, que valora o proceso que se require na fabricación dun obxecto feito a man.
- Coloca ao Val de Miñor no mapa internacional da cerámica a través dos Encontros Internacionais, conferencias e seminarios.
- É un espazo de formación e reflexión que da pulo a moitos alumnos e alumnas para dedicarse profesionalmente á cerámica. De entre o alumnado vencellado á escola de Nigrán figuran afeccionados, profesores de obradoiros cerámicos e tamén ceramistas consolidados. Deste último grupo destacamos os seguintes: Puri Alonso, Vero Carrera, Magú Castromil, Alicia Díaz, Suso Dobao (Cerámica Suve), Elena Fernández, Elena Gómez-Dahlgren, Pablo Iglesias, Teresa Irisarri, Ruth Lodeiro, María Meda, Marta Miñambres (Neomys Cerámica). Ademais, Paula Ojea (ojeastudio.com) Premio Nacional de Artesanía na categoría Produto (2019) e Ana Tenorio (witchneeds.com) Premio Artesanía de Galicia (2018).
- Constitúe unha rede social de persoas interesadas na cerámica de carácter interxeracional, transversal, accesible, inclusiva e de alcance internacional.

Un novo impulso para a Escola Municipal de Cerámica de Nigrán

En Nigrán temos o privilexio de contar con Emilia Guimeráns para dirixir a escola de cerámica. Membro da Academia Internacional de Cerámica, profesora na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, é unha ceramista recoñecida que gusta de experimentar co material cerámico e coas tecnoloxías aprendidas durante a súa formación e o seu traballo. Emilia estivo na European Ceramics Work Centre (ECWC), en Holanda, fixo unha estancia no obradoiro de Atsuko en Sugitami (Xapón), pasou por Sargadelos, La Bisbal d'Empordà en Girona, e pola Fundación Lloréns Artigas, entre outras, e ademais foi asistente de Yuhki Tanaka no Museo del Càntir de Barcelona. A obra de Emilia tense exhibido tanto en exposicións individuais como colectivas en diferentes cidades de Galicia e do resto de España e Europa, como o European Ceramics Work Centre en Holanda, ou en Cerco en Zaragoza. Participou ademais en numerosas bienais e trienais internacionais de cerámica nas que conseguiu importantes galardóns.

A labor docente de Emilia Guimeráns na Escola de Cerámica de Nigrán é recoñecible pola forma de dar clase, pola proximidade co alumnado, tan variado en idade, en preparación e en experiencia, pola xenerosidade coa que comparte o coñecemento e a información con todos e cada un de nós. Pero tamén pola ilusión e entusiasmo que transmite ano tras ano ó alumnado. Como veciña de Nigrán e alumna da Escola de Cerámica quero amosar, penso que tamén en nome de tantos outros veciños, alumnos e alumnas, a miña gratitude pola súa dedicación, así como a confianza no futuro da escola, unha escola que recolle a testemuña dunha actividade milenaria dende a tradición e a vangarda.



Petróglifos. Arxila de baixa temperatura e vidrado. Pezas do alumnado.



Prato torneado. Arxila baixa temperatura vidrada. Peza do alumnado.



Mural ducha exterior. Gres vidrado. Peza do alumnado.

O Concello de Nigrán, a través da Concellería de Cultura, coñece de primeira man o traballo que ven desenvolvendo a Escola de Cerámica. O seu apoio é indispensable para unha aprendizaxe de calidade e un pulo na proxección na sociedade. Pero é preciso darlle un novo impulso. Hai moito por facer se queremos continuar na liña de traballo de excelencia que se ten realizado ata agora. Mellorar as instalacións da escola, dotala de recursos suficientes para retomar a liña das actividades desenvolvidas no pasado, e recuperar a actividade docente con clases dous días á semana, serían as principais demandas que farían posible contar cunha escola de cerámica á altura da súa potencialidade. Un conce-

llo como o de Nigrán, cun crecemento importante de poboación e da actividade económica debe de ter entre os seus obxectivos fortalecer as súas sinais de identidade. A Escola Municipal de Cerámica é precisamente, pola súa traxectoria e o seu potencial, un dos seus principais activos. Gustaríame ser testemuña dese futuro.



Radiolarios. Gres. Pezas do alumnado.

ESPECIAL ARTE

- *Agora si: o meu tío pintor*

Agora si: o meu tío pintor

EVA PROL SANJURJO¹

RESUMO

A obra e a biografía de Pepe Sanjurjo Mantilla mestúranse na estampa deste artista que aos 28 anos deixa un futuro xa ben encarreirado para estudar Belas Artes en Madrid. A súa obra aparece hoxe espallada por Madrid e Galicia, en gran parte sen catalogar. Moitos alumnos do Val de Miñor lembran as súas aulas en Gondomar.

ABSTRACT

The work and biography of Pepe Sanjurjo Mantilla are mixed in the print of this artist who at the age of 28 leaves a future well underway to study Fine Arts in Madrid. His work is now scattered throughout Madrid and Galicia, largely uncatalogued. Many students from the Val de Miñor remember their classes in Gondomar.


¹ eva.prol@gmail.com

Pepe Sanjurjo Mantilla nace o 24 de xullo de 1940 en Rosende (Lugo) nunha familia de nai tradicional e pai militar, dos da antiga escola, onde a letra con sangue entra.

De mozo estudou no colexio dos padres escolapios de Monforte, onde os métodos dos curas, do mesmo xeito que os do pai, foron pouco estimulantes para o escaso interese de Pepe polos estudos naquela época. Tal vez foron os cadros do Greco, de Andrea del Sarto e algúns máis de autores descoñecidos, colgados no

nobre colexio de Monforte, os que abriron a curiosidade do futuro pintor.

Cando tiña xa 28 anos, cun futuro sen problemas traballando na Renfe como técnico de organización, en contra da opinión familiar e sobre todo de seu pai, decidiu deixalo todo para estudar Belas Artes. Que loucura converterse en hippy, bohemio e artista, o mal da sociedade!



Banco.



tal vez o maio do 68 que exerceu influencia sobre el, serían os seus desexos de liberdade e poder realizar o que anhelaba. Esta decisión obrigouno a abandonar o domicilio familiar.

Cando aprobou o ingreso na Escuela de Bellas Artes de San Fernando de Madrid, totalmente decidido, dirixiuse ao seu xefe de Renfe para pedir a súa liquidación. Este pediulle que quedase; que o facía xefe de organización. Pero xa era tarde, se fose días antes, quen sabe,

díxolle. Collendo a súa liquidación dunhas cantas pesetas e a pequena mochila, decide irse a vivir cunha parella amiga, Marilín e Ricardo, con quen sempre conta e poderá contar. A súa nai, que era unha boa muller e que sabía ben o que significaba non poder cumprir un soño, ás agachadas do pai, tamén o axudaba. Consegue sacar a carreira e ademais con moi boa nota.

Rematada a carreira quedará en Madrid gozando dos aires bohemios da praza de Santa Ana e rematará, xa cerca dos anos oitenta, organizando o seu futuro familiar con Amalia, unha profesora cántabra, que o levou a unhas oposicións de ensino secundario, cun destino definitivo no instituto Val Miñor de Nigrán, onde se xubilou no ano 2000 como profesor de debuxo técnico.

Quen teña que facer a biografía de Pepe Sanjurjo Mantilla non o terá fácil. Non se pode facer unha biografía completa, por non ser un tema ao que el preste dema-



Grupo de amigos.



Muller tumbada.



Escea circense.



Paco del Riego e Xulián Maure.

siada atención. Non ten anotado nada, nin fotografada a obra, nin os premios, nin as publicacións. É tanto así, que desde arredor dos 90 non quere volver expoñer nin vender. Probablemente, entendo eu, polo desencanto da arte naquela época dos 90, na que a arte empeza a converterse nunha industria. Sempre foi moi persoal e humilde coa súa obra. Como sobriña que son de Pepe Sanjurjo Mantilla, nunca fun a sobriña do pintor. Era natural, como o tío carnicero ou o tío mecánico. Así de natural como a xente representada nos seus cadros. Xente normal, onde todos teñen a mesma importancia, non resaltando ningún por encima dos demais. Ninguén é máis ca ninguén. A súa pintura sempre foi moi honesta e non se someteu a ningunha galería, a ningunha moda, a ningún tipo de interese económico, nin de fama, aínda podendo ben facelo.

A súa xuventude en Madrid e a súa madurez no Val de Miñor son testemuñas da súa obra artística de unidade inconfundible. De mozo gañou concursos, foi artista invitado, como nos cursos de verán de Cerámicas Sargadelos en 1973, ou bolseiro na Fundación Juan March en 1976. Participa na IV Bienal Nacional de Arte de Pontevedra en agosto 1977 e non volve ata a XXI Bienal de Arte Pontevedra'90, cando xa leva



Caro Baroja.

dez anos traballando no instituto de Nigrán.

Sempre compaxinou o pintar, debuxar e dar as clases de debuxo técnico no instituto de Nigrán. A súa máxima é ter tempo para poder pintar e debuxar con liberdade. Un bo exemplo do seu talante desinteresado é o cadro do *Banco*. Resulta que unha entidade bancaria, xa hai uns anos, lle encargou un cadro. Que pintase o que quixese. E Pepe así o fixo. Pintou un cadro onde ao fondo se poden entrever unhas fachadas, unha delas do banco, e de primeiro plano outro banco onde dorme, aniñado un esmoleiro. Cos zapatos vellos, a roupa desaliñada e unha pomba peteirando no chan algunha migalla que puidese haber. As cores arrefriadas



Partida (óleo).



Partida (debuxo).



Praia.

e apagadas de tons tirando a escuros, exprésannos o frío do esmoleiro alí tombado. E a luz suave e difusa crea unha atmosfera como dun recordo na mente. Todo un cadro cheo de expresión. Actualmente o cadro colga nunha habitación que non é a do banco, quen non aceptou, para eles, tal despropósito.

Tamén dedica tempo de cando en vez a preparar algún alumno para examinarse en Belas Artes e cabe destacar cal é a primeira lección: afiar o lapis coa navalla. Importantísimo ter o material ben preparado para comezar. Probablemente isto vénlle dos seus traballos de liñas na Renfe. O lapis é ferramenta que domina á perfección, como pode verse reflectida nos seus primeiros cadros. Trata diferentes estilos e temáticas: alcanzar o realismo absoluto co claro-escuro ou encher de expresión o debuxo con trazos rápidos. Sombreado, claro-escuro, lavado, raiado, garabato...a técnica só é un medio para alcanzar o efecto que no momento el quere mostrar. Nas súas primeiras épocas predomina a temática circense, do folclore e a música. Nunha época onde non se pode dicir nada, nin facer referencia a nada, probablemente fose un tema moi suxestivo e alegre para tratar. Aínda que eses tons escuros apagados grises, negros, vermello fríos... non delataban malgaste de alegría.

Xa consolidado na súa actividade artística, cos óleos de grande, mediano e pequeno formato, conviven as clases e o diario debuxo a lapis ou bolígrafo, co que realiza retratos e miles de preciosos bosquejos. Ten un dominio absoluto do lapis, cuns poucos riscos e uns garabatos rápidos saca un rostro cheo de expresión. En Gondomar, onde



Praia.

residiu desde a súa chegada ao instituto de Nigrán, seguro que os veciños o coñecen de velo sentado nunha cafetería debuxando. Cantos deles estarán retratados nalgún dos numerosos cadernos pequenos. Son debuxos rápidos, do momento, feitos *in situ* e en acción. Ninguén posa. En Gondomar e agora no Rosende natal, que se alternan durante o ano. Todos están tan afeitos a velo alí debuxando que pasaba desapercibido. Podía plasmar así toda a naturalidade do momento. Son situacións normais do día a día, na praia, na feira, nunha cafetería.

Nos debuxos, por exemplo, dalgunha partida no bar vense retratados todos os que nela interveñen: o xogador tranquilo, o que se alporiza, o que acaba de chegar, o que só mira, o camareiro. Plasma cunhas raias todo o realismo da escena. Todos os personaxes teñen a mesma importancia desde o que está de costas ata o que estaba cabreado; creando todos eles un conxunto natural, onde o grupo de persoas xeran unha masa única, en movemento, totalmente enlazados uns con outros. E á vez cada un queda retratado individualmente, marcando a súa expresión e xesticulación. Case poderíamos escoitar o rebumbio da partida a través dos seus debuxos. Ás veces no acougo do obra-



Montaña.



Panxón.



Ponte da Ramallosa (acuarela).



Gondomar.



Amalia bebé.

doiro estes debuxos dan paso a unha nova creación artística nun lenzo que perpetúa as vivencias do pintor.

A súa obra a óleo. De diferentes formatos: pequenas paisaxes silenciosas que cunhas pinceladas rápidas e espontáneas crean unha atmosfera somnolenta que expresa a esencia do lugar. Tamén trata moito o tema do recuncho dalgunha arquitectura, unha construción antiga, unha entrada dunha casa. Son cadros silenciosos e tranquilos case coma se os tivéssemos idealizado na nosa memoria. Estas paisaxes e lugares parecen constituir o seu tempo de relaxación. Realizados tanto en óleo como en acuarela. (Acuarela, igrexa de Gondomar) Os retratos de amigos, familia ou personaxes aos que aprecia, a veces son escuros, irregulares e case caricaturescos, onde as pinceladas, cheas de cores con tendencia a ser fríos e escuros, marcan todos os seus trazos faciais (retrato dos seus fillos). Os óleos grandes, algúns deles case poderían ser murais, case sempre repletos de xente, que representan escenas cotiás do día a día. No mercado, no museo, no bar, etc. De cores frías ou arrefriadas, con tendencia a ser escuros. Paleta que utiliza habitualmente representando a rutina diaria. Cada personaxe retratado con singularidade case caricaturesca. Segundo menciona o propio artista mostra a naturalidade e normalidade da xente, unha voluminosa, outra delgada, con narices finos ou grosos. É así, onde está a beleza. Cada personaxe tan protagonista como o outro, xa sexan trinta ou tres. Non destaca nin predomina ninguén sobre ninguén. Grazas á luz suave da escena que se contrapón coa luz individual de cada un no rostro. Cheos de expresión, concentrados e pensativos, coma se cada un nos quixese contar a súa historia. Non sendo ningún o protagonista, senón a propia actividade do conxunto a que dá sentido



Mercado de Sabaris.



El hombre, la mujer en cualquier sitio (Óleo).

á escena. Son a realidade da vida, un instante de calquera lugar. Unha sociedade individualizada, pero da única forma que pasamos o tempo é en grupo. Como o individuo necesita dos outros para sobrevivir. Reflexión á que facilmente podemos chegar despois de observar detidamente os seus cadros. “O home é un ser social por natureza” frase de Aristóteles que os seus cadros tanto reflicten. (cadro do bar) Nalgún dos seus cadros fai destacar a igualdade social; así por exemplo, nun cadro no que retrata á monarquía, aldeáns e familiares propios nun mesmo lenzo.

Os seus cadros ao miralos abren a túa imaxinación ata querer indagar na vida de cada un dos seus personaxes. Obsérvase como toman protagonismo sobre o lugar onde se sitúan, sendo estes como un pano de fondo sen importancia e case irreal. O individuo e as súas circunstancias e actitude prevalece. (cadros paseando cans, cadro da cidade)



Estudo para “El hombre, la mujer en cualquier sitio”.



Escea de bar.



Sentada no bar.

A obra de Sanjurjo Mantilla está moi distribuída por Madrid e por Galicia, moita sen catalogar, agás as repetidas colaboracións no programa da Xunta de Galicia que promovía a creación artística co 1% das inversións públicas. Moitos centros escolares gardan unha obra súa debido á participación nese programa; así hai un cadro na Escola de Enxeñeiros Industriais de Vigo, na Casa da Balconada en Santiago e en varios institutos e colexios de Galicia. No 1992 un cadro del foi seleccionado para a Exposición Universal de Sevilla.

Algún día a cultura galega poderá acoller os centos de óleos e os milleiros de debuxos que se gardan no obradoiro de Pepe Sanjurjo Mantilla e descubrirá unha imaxe nova da sociedade galega onde as horas pasan e a xente acouga.

Pepe é unha persoa honesta e desinteresada, con verdadeiro amor e dedicación á súa arte. Hai que dicir que a arte de Pepe é moi social, realista e desinteresada, que relata a vida cotiá con toda naturalidade, a luz suave e a cor escura, frío e o ton lúgubre. Destaca a súa mestría na elaboración de calquera dos súas técnicas: lapis, bolígrafo, óleo, acuarela. Continúa na súa terra natal de Rosende debuxando de cote os rostros da clientela da cafetería que visita. Nos centos de folios que garda en carpetas está a convivencia dos seus paisanos día a día observada. Algúns terán a sorte de pasar aos óleos despois de idealizados na soidade do seu estudio. Agora,




Na cidade.

neste outono de 2020, quedamos todos coa incógnita da súa evolución en tempos de COVID. Pechados bares, tascas e cafeterías, non sabemos como, pero a súa actividade seguirá sorprendéndonos.



Museo en París.



Sinatura Pepe S. Mantilla.

O MEU VAL DE MIÑOR

- *Unha Medalla de Ouro de Baiona para o IEM*
- *4 poemas no Val de Miñor*

Unha Medalla de Ouro de Baiona para o IEM

Nos primeiros días de outubro o IEM recibiu notificación do Excmo. Concello de Baiona no que nos comunicaba a concesión da Medalla de Ouro. O acto público da entrega tivo lugar o venres 9 de outubro de 2020 na Praza do Concello. Fixo a presentación a Técnica de Cultura Raquel García:

Bos días a todos e todas, e benvidos ao acto de entrega da distinción honorífica da Medalla de Ouro do Excmo. Concello de Baiona ao Instituto de Estudos Miñoráns (IEM).

Como todos vostedes saben, a Corporación Municipal de Baiona, desde hai uns anos, vén distinguindo publicamente e recoñecendo aquelas persoas ou institucións que destaquen pola súa achega e polos servizos relevantes á sociedade baionesa.

É por este motivo que esta Corporación Municipal cre necesario recoñecer e distinguir publicamente ao Instituto de Estudos Miñoráns (IEM) coa concesión da súa máis alta condecoración honorífica, a Medalla de Ouro; tal e como aparece recollido no art. 20.1 do Regulamento Especial de Protocolo e Cerimonial do Excmo. Concello de Baiona, que di o seguinte:

Esta distinción outórgaselle a aquelas persoas, entidades ou institucións que presen-
tasen relevantes servizos e merecementos extraordinarios a favor do Excmo. Concello de Baiona.

Dito merecemento constitúe o grao máximo de condecoracións que pode outorgar a Corporación Municipal, e, respondendo a esta singularidade, reservárase a súa concesión, nos casos excepcionais nos que a Corporación Municipal, previo ditame da Comisión de Honras e Distincións, considere digno ou digna, ás persoas ou entidades propostas por todos os conceptos para o seu outorgamento.

O IEM é unha desas institucións que, coas súas accións exemplarizantes e os seus méritos máis que sobresaíntes a favor do Municipio de Baiona, é merecedora de tal recoñecemento, polo que procedemos a ler a glosa meritória que serviu de xustificación para a súa concesión:

O Instituto de Estudos Miñoráns constitúese en asociación en Nigrán, o 27 de outubro de 1999, co obxectivo de promover, fomentar e realizar aquelas accións voluntarias orientadas ao estudo, investigación, conservación, mantemento, divulgación e defensa de todos aqueles valores históricos, artísticos, antropolóxicos, etnográficos e naturais que dan contido de seu e singularidade á comarca do Val de Miñor, a Galicia, e concretamente á Real Vila de Baiona, cunha atención especial á defensa e a promoción da lingua galega.

Estrutúrase nas seguintes seccións de traballo:

Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnografía; Filoloxía e Literatura; Arte, Arquitectura e Urbanismo; Ciencias físico-naturais e Estudo do medio; Arquivo fotográfico e fonográfico; Arquivo de documentación; Toponimia; Biblioteca e Teatro.

Leva a cabo un sen fin de actividades entre as que destacamos actos, xornadas, seminarios, cursos, encontros, exposicións, mesas redondas, estudos, publicacións, noticias, traballos de investigacións, etc, etc.

Dispón dunha biblioteca propia que co tempo estase a converter nun referente bibliográfico no Val de Miñor.

Publica unha revista anual (REM) sobre o Val de Miñor recollendo as actividades desenvolvidas anualmente.

Publica obras que estudan os diversos aspectos do Val de Miñor e aquelas de creación literaria de autores nados ou afincados na nosa contorna.

Organiza viaxes, xeirras, visitas, andainas, actividades educativas para dar a coñecer á cidadanía os valores do val de Miñor e outros lugares de interese vinculados con este.

Promociona de forma periódica premios que estimulan a creatividade.

Vela pola defensa do patrimonio material e inmaterial do Val de Miñor e da súa área de influencia, prestándolles asesoramento aos Concellos que o precisen.

Polo ámbito comarcal do IEM cabe salientar ademais a colaboración estreita que mantivo desde os seus inicios co Excmo. Concello de Baiona.

O IEM ten aportado á Vila de Baiona un valor cultural máis aló da investigación histórica, canalizado a través da súa multidisciplinarietàade, da cultura e do patrimonio baionés.

Sinalar que se trata dunha institución que se envorca, abríndose á sociedade baionesa, polo que é digna de eloxio e de recoñecemento por parte do Concello, polos méritos culturais en beneficio dos cidadáns, salientando os fins, entre os que destacan a promoción e o fomento dos nosos costumes e tradicións.

Pois ata aquí a xustificación, méritos máis que sobresaíntes que nos dan unha idea da traxectoria e das valías máis destacadas que fan ao IEM merecedor de tal recoñecemento.

A continuación cedo palabra ao Secretario Xeral do Excmo. Concello de Baiona, D. Nedal Plablo Shehadeh Rey, que dará lectura á certificación plenaria da concesión da distinción.

Tras a lectura da certificación, o alcalde de Baiona, D. Carlos Gómez Prado, fixo entrega da distinción, que foi recollida en nome do IEM polos tres vicedirectores da nosa entidade, Xosé Lois Vilar Pedreira (por Baiona), Antonio Soliño Troncoso (por Gondomar) e Xilberte Manso de la Torre (por Nigrán), así como os que foron anteriores directores, Carlos Méixome Quinteiro e Xulián Maure Rivas. O vicedirector por Baiona tomou a palabra en nome do Instituto:

Non rompera o día e a restinga de carros parou na altura da Palma para ensebar o eixo e pasar a vila sen cantar para non espertaren os señoritos. Amando das Xestas, mozo de 16 anos, capitanea a marcha do toxo arnal, combustible do seu forno, camiño da telleira de Nigrán.

Raquel, técnica de cultura e socia do IEM, graziñas polas túas palabras. Nedal Pablo, secretario xeral do concello, tamen agradecerche a lectura da acta. Graziñas aos membros da corporación que tiveron a idea e os que aceptaron concederlle,



concedernos, ao IEM este nomeamento, esta medalla de ouro da vila de Baiona. Sr. alcalde, Carlos Gómez Prado, membros da corporación, autoridades,... bo día a todos os presentes.

O IEM, que é máis amigo da praxe ca do protocolo, séntese fondamente honrado de que o concello de Baiona se lembrase del, e recibimos este galardón á idade de 21 anos logo de que naquel 1999 a idea do seu primeiro director, Carlos Méixome Quinteiro, que dirixiu a entidade durante máis de 16 anos, e a implicación de persoas que xa nos deixaron prematuramente, como Nano Cambeiro, que dirixía aquel periódico O Miñor. Cedo nos deixou a panxoneira María Xosé González Chamorro e tamén Alfonso Soliño Troncoso, membro da xunta directiva até o último momento. Cun ou outro vínculo con nós, xa non están Armando Guerra nin Antonio Valverde, e cedísimo marchou Uxío Méixome Xuíz que, coma milleiros de mozos galegos, procuraba sustento moi lonxe da terra.

Era preciso lembrarnos persoas que nunha ou noutra medida estiveron na xénese e evolución do Instituto de Estudos Miñoráns.

Hai néboa na Groba, a serra dos homes das burras do monte. Choveu arreo e baixan cheas as regueiras que furan o embigo do Foral na Cara Batallada. Hai néboa e choveu pero non hai vento suficiente para monstros aspados.

O IEM é unha expresión imperfecta da sociedade civil galega e miñorá que se organiza e tenta metamorfosearse tendo O Val de Miñor como territorio central de traballo, pero non exclusivo. Para o mellor goberno do que somos capaces, reunímonos todos os luns e todos os días que se precise para colexiadamente decidir tarefas, angueiras, proxectos, publicacións... Consta dunha xunta reitora e máis de 250 socios, e os traballos que acometemos dependen das persoas que os conciben, pensan, deséñanos e executáanos nas distintas áreas antes citadas. Estes traballos xiran ó redor do patrimonio natural e cultural, material e inmaterial, e o achegamento a estes patrimonios é poliédrico. Pódese facer desde a investigación, a divulgación, a defensa e a denuncia pública se é necesario. Estas múltiples maneiras provocan que as actividades ó longo destes 21 anos fosen moi variadas.

Estase a desenvolver este acto nesta ágora baionesa e miñorá entre un pazo esbarrullado e outro ben mantido que non quero que sexan metáfora de nada. Estamos nunha vila, organizada en praza desde a da Fruita como pórtico de entrada de mariñeiros e apeadeiro de tranvía, a Praza Vella, a da Leña ou mesmo a de Santa Liberata, antigos Campos do Aral do Mosteiro de Oia onde por suscripción popular a remates do século XVII rematouse a capela, propiedade do pobo de Baiona, da santa e dos santiños Cosme e Damián.

Aquí en Baiona o IEM desenvolveu ó longo de varios anos as tertulias que achegaron persoas da vida política, social, cultural, universitaria galega: Ferrín, Xan López Facal, Mariño Ferro, Beiras, Barreiro Fernández, Anxo Carracedo, Quico Cadaval... e presentamos libros e a nosa revista, na biblioteca, na Capitanía, no Pazo de Mendoza.

O Val de Miñor presentámolo ó público a xeito de XEIRAS, visitas guiadas polos patrimonios onde non tratamos de percorrer moitos quilómetros senón de percorrelos ben, amodo, explicados con rigor e os dous últimos anos con intérprete de lingua de signos. Foron xeiras diurnas e nocturnas, estas visitando o mellor panel de arte rupestre esquemática gravada da Península Ibérica, ese monumento de 14 x 5m que na parede vertical do Outeiro dos Lameiros amosa un cento de équidos, gar-

ranos, burras do monte nunha inmensa escena cinexética, quizais o primeiro curro gravado, panel descuberto en 1988 por Alfonso Posada, hoxe bibliotecario do IEM, no centro dun potente “santuario” rupestre de máis de 30 petróglifos que, como primeira iniciativa en Galicia dunha comunidade de montes, a de Sabaris, ademais pequena, foi musealizado con fondos propios e mais diñeiro europeo. Era o 2007 e hoxe sabemos que concello e comunidade de montes están tratando de xestionar aquel referente gráfico da arte prehistórica irmán en categoría e importancia coa estación de Agua da Laxe en Vincios onde o IEM, en traballo encargo do concello de Gondomar, colocou cartelería, como tamén anovou os carteis do impresionante petróglifo da Pedra dos Mouros no Tetón de Tebra, intervención dirixida hai 13 anos pola arqueóloga Rosa Villar Quinteiro.

Estouvos insinuando que a potencia das grafías de hai catro milenios precisan un centro de exposicións potente que catalice a ARTE RUPESTRE DO SUR GALEGO E NORTE DE PORTUGAL.

As xeiras foron tamén marítimas e nocturnas amosando o patrimonio do mar de Baiona e Panxón: saberes mariñeiros, talasonimia, naufraxios... este domingo fai 62 anos que lle partíu o eixo de cola ó Cabo Villano de Luís O Calvo no Carreiro do Lobo e morreron 3 dos 5 tripulantes e Mauricio tocou a morto aquel día. Aquela xeira organizada por Anxo foi soada e sonora polas cinco igrexas da zona vella baionesa, sor Presenta aloumiñou o badal da campá do Convento e Lito combinou, como o facían seu pai e seus irmáns, tía Mari incluída, as campás da Excolexiata.

Na Capitania expuxemos debuxos, fotos e calcos de petróglifos de todo o país con guías e con talleres de arqueoloxía a cargo de Manolo Ledo. 700 escolares do val visitaron a exposición e subiron ó Outeiro dos Lameiros, e especialistas trataron temas de arte rupestre. Foi a mesma sala onde expuxemos os traballos de talasonimia da costa da Guarda e Nigrán con conferencias e coa exposición de maquetas de barcos de Manolo O Canudo.

Quero que vexades a transversalidade dos traballos do IEM: a investigación, a difusión a xeito de visitas guiadas, conferencias, publicacións,... Outra característica das nosas anqueiras é a creación de sinerxias, xa moitos concellos e deputacións e colectivos fan visitas guiadas ó patrimonio, algo impensable hai 20 anos, desde hai 2 anos nós facémolo con intérprete de lingua de signos abríndonos ó colectivo oculto, silencioso, de persoas xordas, non mudas, que teñen dereito de acceso á cultura e que non o están pasando ben, aínda máis illados, coas medidas anti-covid.

Foron os concellos de Nigrán e Gondomar quen colleron o compromiso de recoller a totalidade da toponimia das súas parroquias, ese valiosísimo patrimonio cultural inmaterial en proceso de deterioro e en perigo de extinción. Hoxe en día, debido a que a pandemia nos colleu a contrapé, falta rematar a freguesía de San Fins de Nigrán e as de Vincios e Gondomar capital. Agora temos que acometer o traballo en Baiona comprometendo o concello onde xa Anxo Rodríguez Lemos, sendo un infante, recolleu 1200 nomes na súa parroquia de Baíña e despois Borreiros, Mañufe, Santa Baia, Santo André de Comesaña, Parada, Camos... e comezou Baredo, Belesar... Xa antes Roberto Rodríguez Álvarez recollera case 10000 nomes no concello de Oia.

Todos estes traballos figuran e figurarán aínda mellor na páxina web en reconstrución do IEM.

Pepe, o máis vello dos Ineses, daba clases gratis de esperanto na Porta do Sol, que nolo dixo señor Manolo O Tourón, e foi Tito, o fillo de señora Matilde A Culebrona, o que estaba con seis anos mirando como desembarcaban os presos cataláns do Ari-chachúa e saían cara ao campo de concentración, cara ao Mosteiro de Oia, era febreiro do 39. Hoxe veñen en dirección contraria peregrinos cara a outro centro relixioso. Un daqueles cataláns meteulle na man un feixe de billetes que Titiño levou á súa nai.

Era diñeiro republicano e aínda hoxe pouco valem os.

Un dos grandes traballos que levamos a cabo nestes anos foi o da recuperación da MEMORIA HISTÓRICA nun Val de Miñor onde a cruel represión, que non guerra, deixou cinco ducias de asasinados nas beiras dos camiños, incluso no areal de Lourido. Chámase recuperación, reivindicación, dignificación, nada que ver con outros adxectivos descalificativos. Este foi un traballo transversal que levou á investigación en arquivos municipais, xudiciais, militares e particulares. Levounos á enquisa de persoas que viviron aquela traxedia; as exposicións naquel BARCO DA MEMORIA que nos visitou e a represión en Baiona e Panxón, no Val de Miñor ten un nome propio: A VOLTA DOS NOVE, que é un topónimo con data de nacemento: o 16 de outubro de 1936, 84 anos cumpre a próxima semana. É un lugar dignificado polas achegas económicas da cidadanía e da xunta do bipartito e pola bondade dun gondomarés, Fernando Casás, que empregou a súa creatividade nunha intervención na paisaxe brutal co estoupido da Bombardeira ó pé dun potente lugar de memoria colectiva, como o é tamén o cemiterio civil de Sabaris onde foron soterrados os Ineses e a muller, Dolores Samuelle, que axudou a agachalos. Temos que agradecer a esta corporación e ó seu alcalde que en outubro de 2019 permitise colocar a placa, tamén obra de Fernando Casás, noutro lugar de memoria, no cemiterio de Baiona onde estiveron enterrados os nove homes asasinados enriba da Enseada da Bombardeira. É a mesma Comisión de Honras e Distincións que hai uns anos nos negou a colocación da placa a que hoxe nos concede esta distinción como entidade baionesa e miñorá. Non podemos esquecer que escavamos no cemiterio de San Xián no Rosal e recuperamos os corpos de 5 miñoráns a petición das súas familias.

Os 21 anos que cumprimos este 27 de outubro dan para moito, pero o tempo é finito, os carros de toxo arnal xa están a descargar na Telleira, os daordes da galleira guiche galruán dunha nenza que lasquea cun chión.

Dixen atrás investigación, divulgación, defensa, DENUNCIA PÚBLICA. Pasaron os carros pola Foz, remate do río que dá nome á comarca, a ese cometido que é común para o IEM e debería ser común para os tres concellos. Esa Foz da que o IEM e outros colectivos conseguimos tirar aquel horrendo barco-restaurante, desa Foz que sabemos contaminada ambiental e urbanisticamente, e sabedes ó que me refiro. O IEM apoiou a iniciativa do Clube Espeleolóxico Maúxo para que un campo de golf non ocupase 500.000 metros cadrados de montes de Camos e Chandebrito, os mesmos montes que teñen proxectado un parque forestal que tarda. O IEM denunciou a aberración de 550 chalés na Chan do Cereixo, nos montes de Pinzás urbanización e campo de golf, e en xullo de 2018 na sede gondomaresa fíxose a reunión fundacional da oposición ó campo de golf de Baredo. Tamén o IEM e SOS GROBA denunciámos aquel parque eólico na Groba e fomos quen de facer renunciar á empresa con argumentos varios da instalación de 21 aerogeradores. Hoxe a ameaza é moito maior, son 44 monstros de máis de 160 m de altura na Groba e 13 no Galiñeiro, unha industrialización abusiva das nosas

serras amparada nun modelo enerxético que nace malparido. Enerxías limpas, renovables... si, pero non a calquera prezo, e non sen a participación da cidadanía. Dirixentes políticos e cidadáns do Val de Miñor temos que definir, deseñar, determinar en que Val de Miñor queremos vivir nós e os que veñan despois e hai que facelo xa, e iso pasa polo deseño urbanístico, de servizos, polo trato real, non ficticio nin inmediato, do noso patrimonio cultural e natural. Pasa polo diálogo. Aquí nos tedes.

Outra volta graciñas ós presentes, graciñas á corporación do concello de Baiona pola concesión desta medalla de ouro.

Pechou a continuación a quenda de intervencións o alcalde de Baiona, D. Carlos Gómez Prado, coas seguintes palabras:

Señoras e señores membros da Corporación

Representantes e integrantes do Instituto de Estudos Miñoráns

Queridos veciños e veciñas:

Permítanme empezar esta intervención cunha frase feita, xa que reflicte perfectamente a nosa intencionalidade, “de ben nados é ser agradecidos”. Agradecemento é o motivo que nos reuniu e o que queremos expresar, en nome do goberno e dos veciños e veciñas de Baiona, á institución que hoxe recibe este pequeno recoñecemento.

O Instituto de Estudos Miñoráns leva máis de dúas décadas, o próximo 27 de outubro cúmprense vinte e un anos da súa constitución, dedicado á divulgación da cultura nas súas máis diversas expresións, vinte e un anos de esforzo altruísta posto en común por un bo número de persoas movidas polo único interese de fomentar o coñecemento do patrimonio e a historia da comarca e de nosa Vila.

O traballo constante, voluntario e desinteresado de membros e colaboradores do Instituto de Estudos Miñoráns foi e é a clave de que o proxecto siga na vangarda da divulgación cultural en Baiona e no resto dos municipios do Val Miñor ou Val de Miñor.

O labor altruísta dos membros do IEM ao longo de todos estes anos conseguiu transformar, coa colaboración das institucións, como o Concello de Baiona, o panorama cultural da nosa Vila mediante un amplo abanico de actividades de divulgación relacionadas co patrimonio natural, etnográfico, histórico, artístico, arquitectónico ou, mesmo, lingüístico. Salvagardou e promocionou a nosa identidade, o noso idioma e a nosa cultura, entendendo a realidade miñorá, e polo tanto a baionesa, como integrada no ámbito xeral da sociedade galega. Tamén é importante destacar a achega dunha gran variedade de Publicacións ao Patrimonio Bibliográfico Baionés.

Un labor deste Instituto que, non sendo oficial, ten desenvolvido a expresión independente emanada da sociedade miñorá, en xeral, e a Baionesa en particular, conseguindo con fartura todos estes postulados mencionados.

O esforzo destas persoas, profesionais de diversos ámbitos, permitiu ao IEM manter unha programación cultural estable e un ritmo de traballo constante na procura de novos estímulos culturais para os baioneses e baionesas e para o resto de miñoráns.

O IEM constituíuse formalmente como asociación en 1999 co obxectivo de fomentar o coñecemento, conservación e respecto polo patrimonio miñorán, no cal se inclúe o baionés, en diferentes disciplinas coa finalidade de destacar o seu valor como ben económico e cultural. Cabe salientar, ademais, a colaboración que mantivo dende a súa fundación co Concello de Baiona.

Entre as moitas actividades que veu desenvolvendo a entidade ao longo dos anos na nosa Real Vila atópanse as xa tradicionais Xeiras do IEM que son unha cita marca

en vermello no calendario cultural da Vila. Outro exemplo son as visitas guiadas a distintos lugares de interese histórico, artístico, natural e paisaxístico de Baiona, como as visitas guiadas á aldea medieval de San Cosme, na parroquia de Baíña; as visitas guiadas pola Fortaleza de Monte Real; polos petróglifos do Outeiro dos Lameiros na parroquia de Santa Cristina da Ramallosa; os roteiros marítimos pola nosa baía ...

Mención á parte merecen as diferentes xornadas que dedica á divulgación do patrimonio e á cultura da Real Vila, así como os esforzos dedicados á reivindicación da memoria histórica, como as homenaxes aos nove veciños da comarca fusilados en outubro de 1936 na coñecida como Volta dos Nove en Baredo.

O Instituto de Estudos Miñoráns ten aportado á Vila de Baiona un valor cultural máis aló da investigación histórica, catalizando a través da súa multidiscipliniedade, a cultura e o patrimonio baionés.

A actividade que se desenvolve desde a entidade está ao servizo do conxunto da sociedade sen exclusións. Unha institución que se envorca con Baiona, que se abre á súa sociedade e que achega tanto como o IEM é digna de eloxio e de recoñecemento polo mérito de achega cultural a Baiona e ós seus cidadáns, salientando os fins entre os que destacan, sen dúbida, a promoción e o fomento da cultura.

Con este recoñecemento, queremos premiar, estimular, e poñer en valor o gran labor desempeñado en Baiona ao longo de todos estes anos polo IEM.

Isto lévame a rematar esta intervención coa mesma mensaxe do inicio. GRAZAS. Por todo o dito, e seguramente algunha cousiña máis, a corporación de Baiona acordou de forma unánime conceder ao Instituto de Estudos Miñoráns a máxima distinción que outorga o concello: A Medalla de Ouro.

Felicidades a tódalas persoas que formaron parte no pasado e os que continúan participando no presente neste gran proxecto que é o IEM, un dos motores culturais do Val Miñor!



4 poemas no Val de Miñor

XAVIER ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

CAMIÑOS NEGROS

Negra noite
de camiños negros,
soños escuros,
opacos soños.

Dormen as velas
sobre as tapias
dos cemiterios.

Buracos de morte,
chumbo de argamasa
e de corpo aberto.

Dormen as velas
que velan mortos.

Álzanse as tapias
apontoadas de silencios.

CARA AO CURRO

Séntese un rinchar
salvaxe
na Serra da Groba.

E peta na terra
o tempo
e peta no ar
o vento.

Séntese un rinchar
salvaxe
na Serra da Groba.

E veñen as bestas
subindo
pola Costa de Quelle
desde Outeiro dos Lameiros.

E veñen as bestas
baixando
polo Campo do Lobo
desde o Chan do Medio.

Séntese un rinchar
salvaxe
na Serra da Groba.

E baixan as da Gabiñeira,
pasaron xa as de Chan da Lagoa
e van subindo as de Baredo.

Hai un rebulir que retumba
na Serra da Groba.
Hai un tremor que redobra,
hai un recendo antergo.

OURIOL

TIROLIRO
TIROLIRO
MILLEIRIÑO
TIROLIRO
TIROLIRO
DOMINGO LIRÓN.

TIROLIRO
TIROLIRO
PAPAFIGOS
TIROLIRO
TIROLIRO
REBOLEIRÓN.

TIROLIRO
TIROLIRO
AGACHADIÑO
TIROLIRO
TIROLIRO
MINGULIRÓN.

TIROLIRO,
XA QUE NON QUERES
QUE CHE CHAMEN VICHELOCREGO,
EU TIRAREICHE POR OURIOL.

PRIMAVERA

Toca o vento a arpa do bosque
e agocha o raposo
a súa sombra incerta.

A merla de peteiro amarelo
tece o seu niño,
fío por fío.

A rula de lama e ouro
arrola
o seu arrolo.

Alá no souto, a egua inqueda rincha
pola poldra
que brinca e galopa.

No muíño hai unha moa que canta soa.
No muíño hai unha moa que canta soa.
No muíño hai unha moa que canta soa.
entindo que sinto,
vou pola corredoira,
asubiándolle ao tempo,
soñando o meu soño.

Os novos estatutos do IEM

As páxinas 133 -139 do número 1 da Revista Estudos Miñoráns (REM), e como parte dos documentos fundacionais do IEM, incluían os Estatutos do Instituto de Estudos Miñoráns. Estiveron funcionando como tales ata que a aparición do Real Decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións (que desenvolve a LEI ORGÁNICA 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación do «BOE» 73, do 26-3-2002) nos obrigou a adaptarnos a nova lexislación. O resultado final, tras as oportunas reunións foron os actuais Estatutos, aprobados en Asemblea Xeral con data do venres, 9 de decembro de 2016, segundo consta na acta correspondente. Desde aquela data figuran na nosa páxina web, pero parece oportuno que consten tamén na nosa revista.

ESTATUTOS DO INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORÁNS (IEM)

CAPÍTULO I : DO INSTITUTO EN XERAL

Artigo 1. CONSTITUCIÓN

A Asociación sen fin lucrativo denominada Instituto de Estudos Miñoráns, constituída en Panxón (Nigrán) o día 27 de outubro de 1999, ao abeiro do establecido na lexislación vixente coas particularidades contidas nestes Estatutos, e inscrita inicialmente en data 10 de xaneiro de 2000 no Rexistro Público de Asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais nº 5134 Secc. 1ª con NIF G 36867471, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A Asociación terá duración indefinida e disolverase só por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria ou por calquera das causas previstas nas leis e nos presentes Estatutos.

Acordou en Asemblea Xeral de data **9 de decembro de 2016** a modificación do seu réxime xurídico, de conformidade co establecido no artigo 48 do Real Decreto 949/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

Artigo 2. RÉXIME XURÍDICO

O IEM rexerese polos presentes Estatutos, pola Xunta Directiva e pola Asemblea Xeral, que sempre será decisiva para interpretar os preceptos destes Estatutos, e sempre someténdose á normativa legal que estea vixente en materia de asociacións.

Os presentes Estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante os acordos que validamente adopten, dentro das súas respectivas competencias, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

Artigo 3. DOMICILIO SOCIAL

O domicilio social queda establecido na Aula de Cultura “Ponte de Rosas”, Avenida da Feira, 10, baixo, 36380 Gondomar.

Artigo 4. ÁMBITO TERRITORIAL

O seu ámbito preferente de actividades será a Comarca do Val Miñor e Galicia. Ademais, farao noutros ámbitos territoriais que, por afinidade coa cultura galega, ou outras circunstancias, conveña facelo.

Artigo 5. LINGUA

O idioma propio de IEM é o galego que se rexe pola normativa oficial vixente. Todos os seus documentos serán redactados en galego, salvo aqueles que impliquen unha relación coa Administración Central do Estado ou con organismos non radicados en Galicia, que serán bilingües, galego e castelán.

Artigo 6. OBRIGAS DOCUMENTAIS

A Asociación disporá dos seguintes documentos:

Unha relación actualizada das persoas asociadas.

Documentación contable que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da Asociación, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.

Inventario dos seus bens.

Libro das Actas das Reunións dos seus órganos de goberno e representación.

CAPÍTULO II : FINS, SECCIÓNS E ACTIVIDADES

Artigo 7. FINS

Promover, fomentar e realizar aquelas accións voluntarias orientadas ao estudo, investigación, conservación, mantemento, divulgación e defensa de todos aqueles valores históricos, artísticos, antropolóxicos, etnográficos, naturais, etc., que dan contido de seu e singularidade á Comarca do Val Miñor e a Galicia, prestando unha especial atención á defensa e promoción da lingua galega.

Artigo 8. SECCIÓNS

Para o cumprimento dos seus fins poderán crearse cantas Seccións de Traballo estimen convenientes tanto a Xunta Directiva como a Asemblea Xeral.

O Instituto estruturárase inicialmente nas seguintes Seccións:

- Xeografía e Historia, Arqueoloxía e Etnografía
- Filoloxía e Literatura
- Arte, Arquitectura e Urbanismo
- Ciencias Físico-Naturais e Estudo do Medio
- Arquivo Fotográfico e Fonográfico
- Arquivo de Documentación
- Toponimia
- Biblioteca
- Teatro

Os membros do IEM poderán participar nas Seccións máis acordes aos seus intereses.

Cada Sección elixirá o seu Director, que será responsable do bo funcionamento ante a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Os posibles beneficios obtidos polo IEM, derivados do exercicio de calquera actividade, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins.

Artigo 9. ACTIVIDADES

Para levar a cabo os seus fins, o IEM valerase, a título meramente enunciativo, das seguintes actividades e medios:

Actos, xornadas, seminarios, cursos, encontros, exposicións, mesas redondas, etc., sobre materias relacionadas, directa ou indirectamente, cos fins do IEM.

Unha páxina Web e os correos electrónicos dos asociados como medio de difusión e intercomunicación entre a Asociación, a Xunta Directiva e os asociados.

Unha Biblioteca que reúna toda a documentación e información posible sobre o Val Miñor, para convertela na Biblioteca de referencia sobre el. E ademais procurará tamén ter outras publicacións pertinentes relacionadas coas seccións.

A consecución de publicacións, comunicacións, noticias, estudos, traballos, investigacións, etc, para a súa Biblioteca.

A firma de Convenios de Colaboración con particulares, Asociacións e Institucións Públicas ou Privadas, que permitan o desenvolvemento de proxectos, investigacións e traballos relacionados co seu obxecto social.

Constitución de Comisións de traballo, de estudo, de análise e de reflexión.

Produción e uso de todo tipo de materiais audiovisuais e impresos.

Publicación da Revista anual (REM) sobre o Val Miñor, recollendo as actividades desenvolvidas polo Instituto nese período.

Publicar primordialmente obras que estuden os diversos aspectos do Val Miñor e obras de creación literaria de autores nados ou afincados no noso Val e aquelas que a Xunta Directiva estime oportuno.

Formulación, proposición e reclamación de actuacións públicas e privadas que defendan o patrimonio material e inmaterial do Val Miñor e da súa contorna.

Organizar viaxes, xeirras, visitas, andainas, actividades educativas, etc., para dar a coñecer todos os valores do Val Miñor e outros lugares de interese.

Promoción de premios que estimulen a creatividade.

Asesoramento aos concellos do Val Miñor e contorna.

CAPÍTULO III : DOS MEMBROS

Artigo 10. REQUISITOS

Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física ou xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da Asociación.

As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipados con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito ou consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade

Os menores de máis de 14 anos non emancipados necesitan o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.

As persoas xurídicas de natureza asociativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente, e as de natureza institucional, o acordo do seu órgano reitor.

Poderán ser persoas asociadas aquelas que sexan admitidas pola Xunta Directiva.

As persoas solicitantes rexeitadas poderán recorrer diante da Asemblea Xeral.

Artigo 11. TIPOS

Haberá tres clases de persoas asociadas :

Ordinarias

As persoas xurídicas legalmente constituídas cuxo obxecto social sexa a realización dalgunha actividade relacionada cos fins do IEM ou que concorden con eles. Estas estarán representadas pola persoa designada a tal efecto pola Institución.

As persoas físicas que teñan interese en participar pasiva ou activamente nos seus fins.

Protectoras

Ademais dos requisitos das anteriores, deberán prestar desinteresadamente un especial apoio económico, funcional ou material ao IEM.

De Honra

Son aquelas persoas ou Institucións que, gozando dun destacado prestixio intelectual, cultural e social, sexan propostas pola Xunta Directiva.

Artigo 12. DEREITOS

As persoas asociadas terán dereito a :

Participaren activamente nas actividades que desenvolva e promova o IEM e nos Órganos de Goberno e Representación, así como a asistiren á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos, e aos actos sociais e institucionais que se organicen para todos os socios.

Seren electoras e elixibles para ocuparen cargos na Xunta Directiva

Seren informadas sobre a composición dos Órganos de Goberno e representación do IEM.

Seren convocadas, asistiren e exercitaren o dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais.

Formularen suxestións, propostas e inquiredanzas encadrables dentro dos fins do IEM, así como elevar proxectos, ideas, investigacións e alertas que consideren de interese xeral.

Participaren nas actividades organizadas polo IEM.

Recibiren comunicacións por email e por outros medios que envíe a Xunta Directiva ou outro órgano dela dependente.

Seren informadas dos acordos adoptados polos Órganos Directivos que afecten ás actividades e fins xerais do IEM ou especificamente á persoa solicitante.

Seren ouvidas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e seren informadas dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.

Impugnaren os acordos dos órganos do IEM que estimen contrarios á lei ou aos Estatutos

Dárense de baixa en calquera intre.

Artigo 13. OBRIGAS

Compartiren as finalidades do IEM e colaborar, desinteresadamente e na forma que cada un desexe, para a súa consecución.

Aboaren as cotas que acorde a Asemblea Xeral para o financiamento das actividades que realice o IEM.

Acataren e cumpriren os acordos validamente adoptados polos Órganos de Goberno e Representación do IEM e os presentes Estatutos.

Desempeñaren con fidelidade as obrigas inherentes ao posto para o que fosen elixidos.

Artigo 14. RÉXIME SANCIONADOR

As persoas asociadas do IEM non poderán ser separadas del salvo que conorra algunha das situacións previstas como causa de baixa, e logo do procedemento establecido neste artigo. A baixa dunha persoa asociada no IEM é competencia da Asemblea Xeral, que decidirá segundo o caso, e de acordo co establecido no presente artigo.

Serán causas de baixa como persoa asociada do IEM :

A solicitude de baixa da persoa interesada, que será comunicada por escrito pola persoa ou Institución interesada á Xunta Directiva.

O incumprimento reiterado das súas obrigas económicas co Instituto. As baixas por este motivo serán aprobadas pola Asemblea Xeral logo de proposta motivada da Xunta Directiva, que deberá previamente dar audiencia á parte interesada, e previa inclusión expresa do asunto na orde do día.

As actuacións contrarias aos principios que inspiran e rexen o Instituto contidos nos presentes Estatutos e que o prexudiquen manifestamente poderán considerarse na Asemblea Xeral, logo da instrución do correspondente Expediente Informativo.

A iniciación do Expediente realizarase por acordo da Xunta Directiva, que nomeará instrutor/a e secretario/a entre as persoas do Instituto. Nas actuacións será ouvida a parte interesada, que poderá formular descargos e propor probas.

O expediente será resolto pola Xunta Directiva nun prazo non superior a seis meses e levado á Asemblea Xeral, cuxa resolución será inapelable.

CAPÍTULO IV : ÓRGANOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Artigo 15. ORGANIZACIÓN

Os órganos de goberno e representación da Asociación son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptan os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

Artigo 16. ASEMBLEA XERAL

A Asemblea Xeral é o órgano de expresión da vontade do IEM e o órgano decisorio supremo. Os seus acordos son vinculantes para todos os demais órganos e ten a facultade de elixir todos os cargos directivos e revogalos, inclusive antes do remate do seu mandato normal, mediante o procedemento de Moción de Censura regulado no artigo 18.

Está integrada por todas as persoas socias do IEM que asistan á súa convocatoria. O Director/a e o Secretario/a da Asemblea serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Haberá dúas clases de Asembleas Xerais :

A Asemblea Xeral Ordinaria, que se reunirá con carácter ordinario no primeiro trimestre do ano. Aprobará, se procede, a liquidación do orzamento de ingresos e gastos do exercicio correspondente ao ano anterior, e aprobará, tamén se procede, o plan de actuación e o orzamento de ingresos e gastos do ano seguinte e a Memoria de Xestión que presentará a Xunta Directiva sobre a súa actuación nese ano. Tamén elixirá aqueles cargos que estatutariamente teñan que renovarse. Debaterá as proposicións presentadas polos membros por escrito, dirixidas ao Director/a, polo menos, sete días antes da Asemblea Xeral.

Tratará ademais aqueles temas que a Xunta Directiva introduza na Orde do Día.

A Asemblea Xeral Extraordinaria, que se reunirá cando así o acorde a Xunta Directiva e obrigatoriamente para coñecer sobre a disposición ou alleamento de bens, modificación dos Estatutos, disolución do Instituto, e por razóns de urxencia ou necesidade que, sendo competencia da asemblea Xeral ordinaria, non poidan agardar a súa convocatoria, e cando así o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.

Cando a Asemblea Xeral Extraordinaria se convoque a petición do 10% dos seus membros, a Orde do Día será exclusivamente a que se conteña na solicitude de reunión.

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar, a data e a hora da reunión e a Orde do Día, e comunicaranse ás persoas socias polas canles habituais e no taboleiro do local social.

Achegarase a documentación necesaria para que os debates e decisións teñan lugar co debido coñecemento de causa.

As convocatorias remitiranse, polo menos, quince días naturais antes da data sinalada para a reunión.

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando estean presentes a maioría das persoas asociadas; de non se cumprir este requisito, reuniranse en segunda convocatoria media hora máis tarde e sen necesitar dito requisito para a súa validación.

Os acordos das Asembleas Xerais tomaranse por maioría simple de votos das persoas presentes, a excepción da disolución do Instituto e do alleamento de bens, reguladas nos artigos 23 e 24, respectivamente, así como o establecido no art. 22, de modificación dos Estatutos, asuntos para os que se necesitará o voto favorable das dúas terceiras partes das persoas asociadas presentes.

Non se admitirán votos delegados nin se poderán adoptar acordos sobre cuestións non incluídas expresamente na orde do día.

Actuará como Secretario/a da Asemblea Xeral o/a que o sexa da Xunta Directiva.

Artigo 17. XUNTA DIRECTIVA

O IEM estará rexido por unha Xunta Directiva integrada por un Director/a e, polo menos, un Subdirector/a, un Secretario/a, un Administrador/a, e os/as vogais que estes determinen.

Os cargos da Xunta Directiva estarán desempeñados por persoas asociadas do IEM e elixiranse pola Xunta Directiva, non serán remunerados, terán un período de duración de catro anos e poderán ser reelixidos/as. Así mesmo, formarán parte da Xunta Directiva as persoas titulares dos tres Concellos miñoráns ou persoa na que deleguen.

A súa elección farase segundo o protocolo que figura como Anexo 1 destes Estatutos.

É función da Xunta Directiva :

Representar o IEM a todos os efectos, ante as Administracións Públicas, organismos oficiais, autoridades, institucións e calquera outra entidade ou persoa coa que se relacione o IEM.

Impulsar e levar a iniciativa para o cumprimento do obxecto social, formular as prioridades do IEM e definir como tal a súa posición fronte aos problemas xerais.

Aprobar o programa de actuación do Instituto, dirixir as actividades sociais, organizar e dirixir a xestión administrativa e económica, someter á aprobación da Asem-

blea Xeral o orzamento de ingresos e gastos, o estado de contas do ano anterior, e todas aquelas accións necesarias para o normal funcionamento do Instituto que lle encargue ou delegue expresamente a Asemblea Xeral.

Cumprir e facer cumprir os acordos asemblearios e os da Xunta Directiva.

Admitir ou rexeitar novos socios, aínda que estes poidan acudir en recurso ante a Asemblea Xeral.

Acordar a convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria e das Asembleas Xerais Extraordinarias que estime conveniente aos intereses do IEM.

Propoñer á Asemblea Xeral a creación e modificación de Seccións, a súa organización e regulamento, ou a súa supresión.

Administrar os bens e rendas do IEM.

Seleccionar o persoal necesario, bolseiros, etc. que ha contratar o IEM.

Aprobar os convenios de colaboración a que se chegue con outras institucións, colectivos e particulares.

Caso de se estimar conveniente, redactar un Regulamento de Réxime Interno que organice o funcionamento do IEM, fixe os cometidos da Xunta Directiva, así como calquera outro aspecto da vida do IEM non contemplado suficientemente nestes Estatutos. A Asemblea Xeral deberá aprobar dito Regulamento que poderá ser modificado en calquera momento pola Xunta Directiva. As reformas realizadas deberán ser notificadas na seguinte Asemblea Xeral para que esta proceda á súa ratificación ou modificación.

Manterá, polo menos, unha sesión ordinaria mensual, que será convocada polo Secretario/a por orde do Director/a, cun mínimo de sete días de antelación á data da súa realización, e da que se enviará a Orde do Día.

Poderá manter sesións extraordinarias por iniciativa do Director/a ou pola solicitude da maioría dos seus compoñentes. Neste caso, a reunión terá lugar, como máximo, dentro dos cinco días seguintes á súa petición.

As sesións serán presididas polo Director/a, e en ausencia del, polo Subdirector/a. Perante a falta deste, polo Vogal presente de máis idade.

As vacantes que poidan producirse na Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente polo acordo da propia Xunta, adoptándoo por maioría absoluta dos seus membros entre as persoas asociadas que reúnan os requisitos de idoneidade, dispoñibilidade, formación e experiencia afín ao posto a cubrir. Estas serán ratificadas ou renovadas, no seu caso, na primeira Asemblea que celebre o IEM.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de cinco dos seus membros.

En caso de empate nas votacións, decidirá o voto de calidade de quen faga de Director/a.

De todas as sesións levantará acta a Secretaría ou, no seu defecto, o/a Vogal presente de menos idade.

Para as actas levarase o libro correspondente.

Artigo 18. MOCIÓN DE CENSURA

Constitúe o medio de control dos membros sobre a xestión da Xunta Directiva.

Será admitida a trámite cando se propoña, polo menos, polo vinte e cinco por cento dos membros dos grupos a) e b) do punto 1 do artigo 11. Tramitarase por

escrito no que se farán constar nome, número de carné de persoa asociada ou do D.N.I. das persoas asinantes, data e fundamentos da Moción. Será presentada en exemplar duplicado no domicilio social do IEM ante o Secretario/a que, previo datado e rexistro, faraa chegar á Xunta Directiva, devolvéndoselle a copia, selada, aos seus promotores. A Xunta Directiva, unha vez recibida esta proposta, deberá redactar a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria nun prazo máximo de sete días, figurando dita moción como único punto da Orde do Día. A celebración desta sesión extraordinaria deberá de se facer dentro dos trinta días seguintes á convocatoria.

Para a súa aprobación requirirase o voto favorable de, polo menos, os dous terzos dos membros asistentes.

De prosperar a Moción de Censura, a Xunta Directiva cesará nas súas funcións a partir deste intre e realizará o seu traspaso á Comisión Xestora, quen se fará cargo da dirección do IEM de modo provisional e convocará eleccións nun prazo máximo de trinta días. A ditas eleccións non poderá presentarse como candidato ningún dos membros da Xunta Directiva censurada.

Artigo 19. COMISIÓN XESTORA

A Comisión Xestora é o Órgano de Dirección do IEM que, de modo provisional, exerce dita función para resolver situacións transitorias derivadas da inexistencia dunha Xunta Directiva.

A Comisión Xestora estará formada por cinco persoas elixidas pola Asemblea.

Fará as veces de Director/a da Comisión Xestora a persoa máis antiga. Os acordos da Comisión decidiranse por maioría simple de votos dos asistentes, e caso de empate, decidirá o voto de calidade do Director/a.

A Comisión Xestora farase cargo, durante o seu mandato, do goberno do IEM, limitándose as súas atribucións, de modo exclusivo, ao cumprimento das súas obrigas e ao despacho dos asuntos de trámite.

Estará obrigada, nun prazo máximo de trinta días a contar dende o seu nomeamento, a convocar Asemblea Xeral Extraordinaria para á elección de nova Xunta Directiva.

Artigo 20. ÓRGANOS UNIPERSOAIS

DIRECTOR/A

Correspóndenlle as seguintes funcións

Convocar, dirixir e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, decidindo co voto de calidade no caso de empate.

Propoñer o seu plan de actividades para o Instituto á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.

Ordenar os pagamentos acordados validamente.

Representar o IEM perante calquera organismo público ou privado.

Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos do Instituto xunto co Secretario/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Resolver por si mesmo os casos urxentes e imprevistos, dando conta deles na próxima sesión da Xunta Directiva.

Dar conta á Asemblea Xeral Ordinaria dunha Memoria das actividades desenvolvidas polo IEM durante o exercicio anterior, expoñendo o Programa que a Xunta Directiva elabore para o exercicio seguinte.

Executar e facer que se executen os acordos da Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

SUBDIRECTOR/A

Correspóndenlle as seguintes funcións :

Asistir ao Director nas súas funcións e substituílo nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, sempre que así o estime conveniente o/a Director/a.

SECRETARIO/A

Incumbirá ao Secretario/a, de maneira específica, recibir e tramitar as propostas de ingreso de novas persoas, levar o ficheiro e o libro de rexistro destes e das persoas asociadas do IEM, rexistrar as actividades realizadas, redactar o inventario de bens do Instituto, elaborar e custodiar as actas dos Órganos de Goberno e Representación, custodiar os libros oficiais do IEM e executar aqueles acordos ou traballos que lle encomende o Director/a ou a Xunta Directiva.

Tamén velará polo cumprimento das disposicións legais vixentes, custodiando a documentación oficial da entidade e facendo que se cursen as comunicacións preceptivas ás diferentes instancias administrativas.

A persoa que ostenta a Secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa que ostenta a Dirección.

ADMINISTRADOR/A

O/A Administrador/a dirixirá a contabilidade, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos sociais, intervindo en todas as operacións de orde económica.

Recadará e custodiará os fondos pertencentes ao IEM e dará cumprimento ás ordes de pago que expida a Dirección da Xunta Directiva.

Intervirá coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e prace do Director/a.

Formalizará o orzamento anual de ingresos e gastos, previamente debatido e aprobado nas súas liñas básicas pola Xunta Directiva, así como a liquidación dos orzamentos do ano anterior, que someterá á aprobación da Asemblea Xeral.

VOGAIS

Son as súas obrigas realizar programas e propostas na súa área de actuación e os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

A Xunta Directiva poderá designar entre os vogais un BIBLIOTECARIO, que terá as seguintes funcións :

Que a Biblioteca estea inventariada e catalogadas as súas existencias para poñer o seu fondo a disposición dos interesados.

Controlar a consulta e préstamo de ditos fondos.

Controlar os ingresos e baixas dos documentos depositados na Biblioteca.

CAPÍTULO V : RÉXIME ECONÓMICO PATRIMONIAL

Artigo 21. RÉXIME ECONÓMICO PATRIMONIAL

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos cometidos sociais son os seguintes:

As cotas periódicas que entreguen os seus membros, ou outras persoas individuais, entidades, asociacións, corporacións ou sociedades, tanto sexan públicas como privadas, sen que en ningún caso ditas contribucións impliquen ningunha dependencia que non sexa a de estrito carácter derivado administrativo ou contractual.

Os produtos dos bens e dereitos que correspondan por calquera título ao IEM.

As subvencións, legados e doazóns que poida recibir.

Os ingresos que se obteñan mediante as actividades lícitas que, dentro dos fins estatutarios, acorde realizar o IEM.

As doazóns, legados ou mandas e depósitos que terceiras persoas ou institucións puidesen destinar ao IEM serán aceptadas, coa obriga de destinalas integramente aos fins propios do IEM nas condicións que os doantes poidan facer constar no correspondente documento.

Calquera outro recurso que, como tal, sexa no seu día aprobado ou aceptado pola Asemblea Xeral.

Destinaranse á realización dos fins sociais non menos do 70 por cento das rendas e ingresos percibidos pola explotación económica que desenvolva o IEM, dos derivados da transmisión de bens ou dereitos da súa titularidade, salvo no caso de transmisión onerosa de bens inmoables nos que radique a súa actividade propia, sempre que se reinvestan en bens e dereitos nos que conorra tal circunstancia, e de calquera outro ingreso percibido, unha vez deducidos os gastos necesarios para a súa obtención e sempre que non fosen contribucións ou doazóns recibidas en concepto de dotación patrimonial.

A administración dos fondos do IEM levarase a cabo sometida a publicidade suficiente para que os seus membros poidan ter coñecemento do destino deses fondos, sen prexuízo, ademais, do dereito a este respecto consignado no art. 9.

Anualmente, e con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable do Instituto, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea.

CAPÍTULO VI : MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Artigo 22. MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou dun 25% das persoas asociadas do IEM nunha Asemblea Xeral Extraordinaria. A convocatoria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de quince días para que calquera membro poida dirixir ao Director/a ou ao Secretario/a as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de tres días á súa realización da mesma.

Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros do IEM en primeira convocatoria, e da maioría absoluta dos presentes nunha segunda.

CAPÍTULO VII : DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 23. DISOLUCIÓN

O Instituto disolverase por vontade das persoas asociadas coa mesma maioría no terceiro parágrafo do artigo 18, polas causas previstas no artigo 39 do Código Civil ou por sentenza xudicial firme.

Artigo 24. LIQUIDACIÓN

No caso de se disolver o IEM, a Asemblea Xeral nomeará unha Comisión composta por polo menos tres membros da Xunta Directiva, que se fará cargo dos fondos que existan e procederá a satisfacer as obrigas legais. Os fondos de titularidade do IEM pasarán a ser de propiedade plena de quen decida a Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva ou a Comisión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

ANEXO 1 : REGULAMENTO ELECTORAL

Artigo 1. XUNTA DIRECTIVA

O/A Director/a e demais membros da Xunta Directiva, conformada de acordo ao así regulado no artigo 15 e seguintes, serán elixidos mediante sufraxio universal, persoal, libre, igual, directo e secreto de todos os asociados con dereito a voto.

A elección do/a Director/a e demais membros da Xunta Directiva terá lugar nos seguintes supostos :

Por expiración do mandato.

Por dimisión, renuncia, falecemento ou incapacidade física de mais do 50% dos membros da Xunta Directiva.

Por Moción de Censura contra o/a Director/a e/ou a Xunta Directiva.

De cesar o/a Director/a con anterioridade á expiración do seu mandato, por dimisión, renuncia, falecemento, incapacidade física ou incompatibilidade, substituirao o/a subdirector/a en primeiro lugar; o/a Secretario/a, en segundo lugar; o/a Administrador/a en terceiro lugar; e un/unha vogal elixido/a polos demais membros/as da Xunta Directiva, no último lugar.

Artigo 2. CONVOCATORIA

A Xunta Directiva convocará unha Asemblea Xeral Extraordinaria para a elección de nova Xunta Directiva, deste regulamento electoral, e nun prazo non superior a 1 mes dende o feito que así o demande. A convocatoria farase cunha antelación mínima de 39 días naturais á data de votación.

Na convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá figurar como punto da Orde do Día a elección e nomeamento da nova Xunta Directiva, lugar, data e horario de votación.

Ademais, indicaranse os postos a cubrir, así como o Calendario Electoral, coas datas e prazos seguintes :

Día 1 : Convocatoria de eleccións un día que sexa luns.

Día 2 ao 5: Elección e Constitución da Xunta Electoral.

Día 8 ao 13 : Exposición pública do censo electoral na sede do IEM.

Do 9 ao 11 : Presentación de reclamacións o censo electoral

Día 14 : Resolución das reclamacións ao censo electoral e exposición do censo electoral definitivo

Do 15 ao 17 : Presentación de candidaturas

Do 18 ao 28 : Exposición pública das candidaturas presentadas

Do 29 ao 32 : Impugnacións e reclamacións ás candidaturas presentadas

Día 33 : Resolución das reclamacións e publicación das candidaturas definitivas

Día 40 : Celebración das eleccións: lugar, día e hora para as votacións

Artigo 3. EXPOSICIÓN DO CENSO

A partir do día seguinte á convocatoria de eleccións exporase na sede do IEM a listaxe dos/as asociados/as con dereito a voto, para que os/as interesados/as poidan interpoñer as reclamacións oportunas.

Artigo 4. XUNTA ELECTORAL

Do desenvolvemento e control das eleccións ocuparase a Xunta Electoral, que se constituirá na sede do IEM o quinto día de iniciarse o Proceso Electoral e permanecerá actuante ata a súa finalización. Ante ela presentaranse as reclamacións, dúbidas, etc., relativas ao Proceso Electoral en tempo e forma.

Estará integrada por 3 asociados elixidos ao chou entre os membros do IEM que se presenten voluntarios/as, e non sexan candidatos/as ás eleccións. A tal fin e entre as 00,00 horas do día 2 e as 20,00 horas do día 3 do Proceso Electoral, enviarán á sede do IEM un correo electrónico os asociados interesados, postulándose para a Xunta Electoral. A Xunta Directiva actual fará o sorteo entre os presentados/as, e caso de fallar algún posto a cubrir, será elixido por dita Xunta Directiva. Unha vez formada a Xunta Electoral, os seus compoñentes elixirán un presidente/a, un secretario/a e un vogal de entre eles.

As súas funcións son :

a) Verificar que os candidatos reúnen os requisitos establecidos nos Estatutos e no presente Regulamento Electoral.

b) Admitir e proclamar as Candidaturas, facéndoas públicas na sede do IEM, na páxina web, e remitíndoas aos asociados por correo electrónico, xunto coa posible propaganda electoral de cada unha enviada a esta Xunta Electoral.

c) Resolver as impugnacións presentadas durante todo o proceso electoral, sendo a súa decisión vinculante.

d) Decidir sobre calquera cuestión que afecte ás eleccións, sendo a súa decisión vinculante.

Artigo 5. REQUISITOS DE ELEXIBILIDADE

É necesario reunir os seguintes requisitos :

Ser asociado e con dereito a voto

Figurar no Censo Electoral

Non estar suxeito a sanción ou sentenza xudicial firme, que o inhabilite para ocupar cargos sociais.

Estar ao corrente no pago das cotas sociais

Artigo 6. REQUISITOS PARA SER ELECTOR/A

Son electores todos os asociados/as con dereito a voto e que figuren no Censo Electoral e ao corrente no pago das cotas sociais.

Artigo 7. CANDIDATURAS

A composición de cada candidatura constará dos membros sinalados no artigo 17 destes Estatutos.

Presentaranse mediante documento escrito dirixido á Xunta Electoral. Serán listas pechadas, contendo o nome, apelidos, DNI, posto ao que se presenta para cubrir, e a sinatura de cada aspirante.

A Xunta Electoral facilitará ás candidaturas admitidas un espazo do IEM para realizar a súa propaganda electoral.

Artigo 8. MESA ELECTORAL

O día da votación constituirase a Mesa Electoral, que estará formada polo Secretario/a da Xunta Directiva actual e dous asociados/as presentes na sala de votación, para presidir as eleccións. Ante ela, as Candidaturas presentadas poderán designar un Interventor/a para a defensa dos seus intereses e asinará á Acta de escrutinio, caso de así o aceptar, xunto cos membros da Mesa Electoral.

As súas funcións serán :

Presentar as Candidaturas, as cales poderán durante 15 minutos expoñer o seu Programa.

Comprobar a identidade dos votantes.

Recoller as papeletas de voto e depositalas nas urnas.

Proceder ao recuento de votos.

Levantar e asinar a Acta da sesión, onde constarán as candidaturas presentadas, os votos emitidos, os resultados e as incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada Candidatura.

Anunciar a Candidatura gañadora á Asemblea Xeral, quen a proclamará como nova Xunta Directiva.

Remitir á Xunta Electoral a Acta das votacións.

A tal fin, e pola Xunta Electoral, facilitaránselle o censo de votantes, xunto coas Candidaturas presentadas, ademais de todos os medios necesarios para levar a cabo as súas funcións.

Artigo 9. URNAS DE VOTACIÓN

A Xunta Directiva poñerá a disposición da Mesa Electoral a urna de votación, sendo esta dun material preferentemente transparente.

Artigo 10. VOTACIÓNS

As votacións celebraranse :

Presencialmente, na sede de votación o día e hora anunciados. Serán por sufraxio directo e secreto. Para depositar o voto, os electores/as deberán acreditar o seu dereito a exercelo mediante a presentación do DNI e carné de persoa asociada, se o houber.

As papeletas de voto coas Candidaturas presentadas serán impresas polo IEM e facilitadas aos electores.

Por correo postal ou correo electrónico, cumprimentando o formulario e os requisitos técnicos elaborados ao efecto polo IEM publicados na páxina web do Instituto, e facéndoo chegar, xunto co DNI e a súa sinatura orixinal, á sede do IEM e dirixidos á Xunta Electoral, cunha antelación máxima de 1 día á celebración da xornada electoral.

Para o caso de non se presentar máis dunha Candidatura, esta deberá ser ratificada o día das eleccións como nova Xunta Directiva pola Asemblea

No caso de non presentación de Candidaturas, o día das eleccións a Asemblea Xeral Extraordinaria poderá prolongar o mandato da actual Xunta Directiva por seis meses, caso de esta así o aceptar, ou facultar a Xunta Directiva actual para a convocatoria, nun prazo non superior a un mes, dun novo proceso de eleccións.

Declarada validamente constituída a Asemblea Xeral Extraordinaria, o dereito ao voto será exercitado polos electores/as presentes na sede de votación baixo o control da Mesa Electoral, que comprobará a identidade e o dereito a voto do/a votante, mediante á introdución polo Presidente/a da Mesa Electoral da papeleta de voto do elector na urna disposta ao efecto.

Rematada a votación presencial, a Mesa Electoral procederá ao escrutinio das papeletas depositadas na urna de votación e das remitidas por correo postal e correo electrónico. Serán declaradas nulas aquelas papeletas que presenten algunha alteración sobre a orixinal subministrada pola Mesa Electoral.

Resolto o escrutinio, o secretario/a da Mesa Electoral levantará acta da sesión, subscripta polos compoñentes da Mesa Electoral e, se así o fixesen, os Interventores/as das Candidaturas.

A Xunta Electoral, que estará presente e nun lugar visible durante as votacións, resolverá con carácter inmediato en dita Asemblea Xeral Extraordinaria as reclamacións ou observacións que se poidan presentar, tanto pola Mesa Electoral, os Interventores/as das Candidaturas, ou por calquera membro do IEM presente.

Unha vez resoltas estas, caso de se presentar, o secretario/a da Mesa Electoral procederá a anunciar o resultado, subscripto polos compoñentes da Xunta Electoral, quedando así nomeada como nova Xunta Directiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria a Candidatura que obtivese o maior número de votos.

Artigo 11. TOMA DE POSESIÓN

Os candidatos/as electos tomarán posesión dos seus cargos na primeira sesión de constitución da nova Xunta Directiva, que terá lugar antes dun mes despois das eleccións.

DILIXENCIA :

Don Xulián Maure Rivas, Director e Dona María Lemos Cerqueira, Secretaria do Instituto de Estudos Miñoráns, fan constar que estes Estatutos foron modificados en

Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en Gondomar o 9 de decembro de 2016, co obxecto de adaptalos aos requisitos establecidos ao procedemento previsto no Real Decreto 949/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

En Gondomar, a 9 de decembro de 2016

A Secretaria

O Director

Asinado : María Lemos Cerqueira

Asinado : Xulián Maure Rivas

AS NOVAS DO IEM

As novas do IEM

O ano 2020 coa pandemia que a todos nos colleu por sorpresa non foi pródigo en ocasións para as nosas actividades. Tras moitas dúbidas e reflexións, e no que despois se demostrou como un acto de lucidez, decidimos suspender as nosas Xeiras de verán. Estas foron as actividades máis salientables.

10 xaneiro 2020.

Presentación do libro “ATILA NO GROVE” de Antón Mascato

O venres 10 de xaneiro ás 20 h no local do IEM tivo lugar a presentación, coa participación de Carlos Méixome, historiador, Juan González, alcalde de Nigrán, e Antón Mascato, autor do libro.

A obra, segundo o seu autor, é o resultado de 25 anos de traballos de investigación en arquivos militares, expedientes de cárcere e Ministerio de Justicia, fondos documentais de carácter histórico, hemerotecas, entrevistas persoais e arquivos municipais, hasta construír un relato que lle dá a volta á historial oficial para pór en valor a voz das vítimas da represión política exercida dende os poderes públicos nos anos anteriores e posteriores á Guerra de 1936.

11 de xaneiro 2020.

MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO VAL MIÑOR E OIA

Este sábado, 11 de xaneiro, organizado polo Instituto de Estudos Miñoráns e coa colaboración do concello de Gondomar, comeza no Auditorio Municipal Lois Tobío unha nova edición da MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO VAL MIÑOR E OIA que, desde este sábado ata o domingo 9 de febreiro ten programadas dez pezas doutros tantos grupos afeccionados do Val Miñor e Oia.

Programa:

Sábado 11 de xaneiro. 20:00 h

“O GALEGO, A MULATA E O NEGRO” representado polo grupo *Bertorella teatro*, de Gondomar.

Domingo 12 de xaneiro. 18:00 h

“PEQUENO RETABLO” representado polo grupo *Nonsí teatro*, de Baiona.

Sábado 18 de xaneiro. 20:00 h

“LUME” representado por *Teatro do ar*, de Nigrán.

Domingo 19 de xaneiro, ás 18:00

“AS APARIENCIAS ENGANAN” representado por *A xesta vermella*, de Borreiros.

Sábado 25 de xaneiro, ás 20:00 h

“CÓNCAVO CONVEXO” representado por *Vichelocrego teatro*, de Gondomar.

Domingo 26 de xaneiro, ás 17:00 h

“O MERLO BRANCO” representado por *Os cabalos rosas brincan no patín*, grupo infantil de Viladesuso.

Sábado 1 de febreiro, ás 20:00 h

“MOVIDA NO CONVENTO” representado por *O mellor de cada casa*, de Viladesuso.

Domingo 2 de febreiro, ás 18:00 h

“UN DÍA DE PESADELO” representado por *A moura teatro*, de Chaín.

Sábado 8 de febreiro, ás 20:00 h

“QUEN DIXO MEDO?” representado por *Arredemo teatro/Aula de teatro* de Gondomar.

Domingo 9 de febreiro, ás 18:00 h
“ROSA INTENSO TIRANDO A ROJO BERMELLÓN” representado por Pritis Guomis/aula de teatro de Gondomar.

20 febreiro 2020.

Faladoiros do IEM – Pesqueiras en Groenlandia con Adriana Nogueira

O vindeiro xoves día 20 de febreiro ás 19:30h terá lugar na sede do Instituto de Estudos Miñoráns, IEM, Aula de Cultura Ponte de Rosas en Gondomar, un faladoiro da científica e Doutora en bioloxía Adriana Nogueira Ganset sobre Pesqueiras en Groenlandia. Será presentada polo biólogo, membro da Xunta de Goberno do IEM, Xosé Ramón García. O faladoiro será ás 19.30 h., unha hora antes do horario tradicional nos faladoiros do IEM por cuestións de axenda da nosa convidada.

Adriana Nogueira fixo a súa tese de doutoramento co traballo titulado “Changes in the overexploited demersal fish assemblages in the Northwest Atlantic: the Southern Gran Banks and the Flemish Cap”, dirixido por Xabier Paz, investigador do Centro Oceanográfico de Vigo do IEO, e Bernardino González-Castro, profesor titular do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Facultade de Ciencias do Mar, da Universidade de Vigo. Foi defendida o día 24 de marzo de 2017.

Adriana Nogueira actualmente traballa no Instituto de Recursos Naturales de Groenlandia, donde forma parte do Departamento de Pescado e Marisco. Está involucrada na avaliación de stock de halibut de Groenlandia occidental en alta mar (divisions NAFO 0 y 1).

5 de setembro de 2020.

CAZADORES DE PETRÓGLIFOS

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre (PAAR), no concello de Campo Lameiro, ofrece unha actividade formativa centrada na divulgación dos traballos recentes sobre a arte rupestre galega, tanto desde a óptica dos investigadores como das diferentes asociacións que protexen e divulgan o patrimonio cultural do seu territorio.

Entre os arqueólogos investigadores contamos coa participación de Arturo Lombera-Hermida (USC), codirector do proxecto da Arte Paleolítica de Cova Eirós en Triacastela. Beatriz Comendador (Uvigo) comentará os novos retos que requiren as novas pinturas de Arte Esquemática localizadas recentemente nas provincias de Ourense e Lugo. E pechará este apartado Alia Vázquez (USC) presentando os resultados da súa tese de doutoramento do pasado ano, na cal realiza unha análise en profundidade dos petróglifos do Sur de Galicia, principalmente o Baixo Miño.

O outro grupo confórmano os colectivos de diferentes lugares de Galicia que participan de forma activa na localización e socialización da arte rupestre como o Instituto de Estudos Miñoráns- Sección Arqueoloxía (Val de Miño) e o Colectivo A Rula (Comarca de Santiago). Ademais doutras asociacións de defensa do patrimonio cultural do seu territorio que teñen destacados traballos relacionados coa arte rupestre: Capitán Gosende (Terra de Montes), Terra de Trasancos e Patrimonio dos Ancares.

Esta actividade formativa ten un prezo de 15 euros, e chegaría aos 25 euros se queremos un menú na cafetería do PAAR a cargo do Chef Jorge Caeiro de Casa Tito de Campo Lameiro. Inscricións só na nosa páxina web: www.paar.es. Máis información no teléfono 886151195 ou correo formacion@paar.es. Aforo limitado a 30 prazas.

5 outubro 2020

A Sección de teatro do Instituto de Estudos Miñoráns, en unión dos grupos de teatro afeccionado que nela se integran como colaboradores, desexa achegar o seu esforzo para a mellora e consolidación da actividade teatral no Val Miñor tratando de promocionar tanto a representación de obras como a creación dramática; para iso, á parte das diferentes actividades que vén organizando cada ano, convoca o IV Certame escolar de creación dramática.

Bases en:

<https://iem.gal/destacadas-portada/4o-certame-escolar-de-creacion-dramatica/>

27 outubro-20 novembro.**Os Faladoiros do IEM: “O PREZO DO BARATO. Consumo responsable”**

Venres 27 Outubro 2020

Lito Prado Rodríguez (*Sociedade Cooperativa Amarelante. Manzaneda, Ourense*)
Falará das cooperativas e da mecanización no rural, do papel das mulleres neste sector, das iniciativas empresariais no rural, da política forestal e do sector primario, en xeral.

Presenta Jesús Rodríguez Diéguez (IEM)

Importante: O aforo e mesmo a celebración do faladoiro dependerán das “Condicións COVID” vixentes en cada momento.

Venres 13 Novembro 2020

Violeta Bouzada Novoa (*Colectivo FENTO, deseñadoras, artesás e creadoras*).

SECTOR TÊXTIL E MODA SUSTENTABLE GALEGA

Falará do sector téxtil e a moda sustentable galega, a produción respectuosa co medio natural, as certificacións, os custes de produción e a trazabilidade, entre outros temas.

Presenta Ánxeles Bouzó Fernández

FENTO é un colectivo galego de persoas con sensibilidade pola moda sustentable, creado en Vigo en 2018, por e para persoas que se adican á moda coma deseñadoras, artesás e creadoras, pero tamén para todas aquelas que, independentemente da súa actividade, queiran apoiar e poñer en valor este traballo. O noso obxectivo é contribuir ao cambio e ao deseño do futuro, reducindo o impacto ambiental, creando pezas especiais que perduren e producindo de forma xusta e responsable coas persoas e o medio ambiente. Realizamos actividades de distinta natureza, dende divulgativas, artísticas sociais e de activismo, para levar os retos globais da moda sustentable a accións locais. Actualmente o sector textil está vivindo a revolución da sustentabilidade e cada vez hai máis proxectos que queren partir duns principios respectuosos coas persoas e o medio ambiente. Dende FENTO reunímonos distintos proxectos textís con distintas traxectorias, modelos de negocio e tipos de servizos para crear sinerxias que faciliten as colaboracións entre as persoas o desenvolvemento das distintas iniciativas. Sendo actualmente a única iniciativa galega deste tipo.

Venres 20 novembro 2020

Xoán Ramón Doldán García (*Decano da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC*)

O prezo non representa sempre o valor das cousas

Presenta: Antón Lois (Amigos da Terra)

Nota: Este faladoiro, inicialmente programado para o venres 30 de outubro, foi desconvocado por causa da normativa COVID-19 e trasladado a este venres, 20 de novembro

17-24 de outubro. Homenaxe Mes Da Memoria.

A Volta dos Nove, Ineses e Perfeuta 2020

Acto de homenaxe aos nove veciños de Baiona e Panxón, aos Ineses e á Perfeuta, todos eles e máis ela vilmente asasinados en outubro do 36. Os nove primeiros na Volta da Bombardeira, na amañecida do venres 16, e os Ineses e máis a Perfeuta na mañá do martes 13, en Sabarís. Por eles e por todas as persoas represaliadas polos golpistas a partir do fatídico verán de 1936... aos nove veciños do Val de Miñor asasinados na Volta da Bombardeira e ás súas familias.

Video accesible en :

<https://iem.gal/2018-novas/memoria-historica/a-volta-das-nove-lxxxiv-cabodano/>

22 outubro 2020.

Convenio co Concello De Mondariz para recoller Toponimia

27 Outubro 2020.

Convocatoria Premios Investigación Val de Miñor

Os Premios Val de Miñor teñen a finalidade de, impulsar traballos de investigación realizados sobre o Val de Miñor co obxectivo de contribuir ao mellor coñecemento da nosa contorna e á súa difusión. Por outro lado, pretenden estimular a curiosidade científica dos estudantes suscritando así vocacións investigadoras nas novas xeracións.

Consultar as bases en:

<https://iem.gal/proxectos-pedagogicos/premios-investigacion-val-de-minor/>

1 novembro-30 novembro.

Victoriano Taibo 2020

Hai doce anos que a Entidade Menor de Morgadáns iniciou co IEM o Certame de Poesía Victoriano Taibo; e hai catro que este premio forma parte das actividades culturais do Concello de Gondomar en colaboración co Instituto de Estudos Miñoráns. Foi unha decisión dolorosa dos responsables destas institucións suprimir a convocatoria do Premio Victoriano Taibo neste ano de pandemia 2020.

O grupo de traballo PUGA (Promoción do Uso do Galego), integrado no IEM, que hai dous anos celebrou a Semana Poética Victoriano Taibo enchendo de poemas os balcóns de Gondomar, non quixo que unha das figuras máis relevantes do Val de Miñor quedase silenciado este ano. Taibo, a máis de ser o mestre de Morgadáns durante vinte anos (1930-50), foi fundador das Irmandades da Fala e Académico da Lingua Galega. Nas súas reflexións deixounos esta encomenda: “A misión do literato galego é devolver ó seu país a súa propia fala, todo o arrequeitada que se queira, con todos os neoloxismos e tecnicismos que a ela lle conveñan; pero limpa e esco-reita, axeitada para as xurdias angueiras do sentimento e do intelecto”. Este é un dos obxectivos do grupo PUGA que nos leva a organizar o programa *Novembro con Taibo* que hoxe presentamos.

Catorce foron as obras premiadas nos doce anos do Certame de Poesías Victoriano Taibo, seleccionadas entre centos de concursantes. A calidade dos catorce libros editados polo IEM, obríganos a editar este ano unha serie de vídeos poéticos que difundan, cos novos medios de comunicación, unhas mostras da literatura que pedía Taibo para a nosa lingua, expresión de sentimentos e pensamentos propios.

Estamos en contacto con moitas persoas afectadas pola complexa situación actual. Pasará a pandemia e o noso futuro seguirá dependendo de nós e do patrimonio que fomos capaces de conservar vivo. Boa parte dese patrimonio é a nosa lingua galega cultivada por todos os falantes e de xeito singular polo colectivo de poetas que hoxe nos acompañan para esta homenaxe a Victoriano Taibo.

Desde o San Martiño ata o Santo André celebraremos este *Novembro con Taibo* como unha oportunidade de ir dándolle corpo interior a este Val de Miñor que queremos cada día máis artellado como unha célula de universalidade como nos aprendeu Victoriano Taibo e os mestres xa centenarios da Xeración Nós.

Novembro con Taibo arranca o 11 de novembro, cos recitais diarios dos catorce poetas premiados ao longo destes anos no Victoriano Taibo, que se divulgarán na web, facebook e youtube do IEM diariamente.

Mércores, 11/11/20: **Carlos Negro** (2008)

Xoves, 12/11/20: **Carmen Caramés** (2009)

Venres, 13/11/20: **Elvira Riveiro** (2009)

Luns, 16/11/20: **Silvia Penas** (2009)

Martes, 17/11/20: **María Goretti Fariña** (2010)

Mércores, 18/11/20: **Calros Solla Varela** (2011)

Xoves, 19/11/20: **María Concepción Álvarez Lebrede** (2012)

Venres, 20/11/20: **Ramón Sandoval Pérez** (2013)

Luns, 23/11/20: **Lara Rozados Lorenzo** (2014)

Martes 24/11/20: **Iñaki Varela Pérez** (2015)

Mércores, 25/11/20: **Xosé Iglesias Lamela** (2016)

Xoves, 26/11/20: **Rafa Vilar** (2017)

Venres, 27/11/20: **Laura Ramos Cuba** (2018)

Luns, 30/11/20: **Fran Davila** (2019)

Data comezo: 00:00 11 Novembro 2020

Remata: 00:00 30 Novembro 2020

Lugar: En liña

**CATÁLOGO DE
COLABORADORES E
COLABORADORAS**

CASÁS PÉREZ, CELIA

Diplomada pola Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, na especialidade de Pintura. Promoción 1996-1999. Propietaria e directora técnica das obras realizadas na empresa ARA S.L. Restauración e conservación de obras de arte, activa desde abril de 2000.

A empresa inclúe todos os traballos necesarios para a conservación no tempo do Bens culturais que nos rodean, estudos completos de conservación e restauración, avaliacións estatais, proxectos e execución de obras de restauración, tanto de natureza públicas como privadas.

Despois de vinte anos de traballo ininterrompido, o groso das obras tamén é moi grande e variado así como as entidades para as que levo a cabo os meus proxectos: Xunta de Galicia, Axencia de Turismo de Galicia, Obispado de Tui-Vigo, Arcebispado de Santiago, Concello de Vigo, Concello de Tomiño, Concello de Mos, Faro de Vigo,...

CLUBE ESPELEOLÓXICO MAÚXO

(Vigo 1992)

Asociación sen ánimo de lucro dedicada ao estudo de cavidades naturais e artificiais. Ten realizado proxectos nas xeografías do Maúxo, Serra do Galiñeiro, Aloia, Castelo da Furna, O Pindo, Serra de Enciña da Lastra, O Courel etc. Os seus traballos -de carácter xeolóxico, arqueolóxico, etnográfico ou histórico- son publicados en informes, actas ou revistas, como esta do IEM (n^{os} 3 e 7-9), *Furada* (revista da Federación Galega de Espeleoloxía da

que forman parte), *El Museo de Pontevedra, Castrelos, Cuadernos de Estudios Gallegos*, etc. Son autores e promotores de cadernos ou libros como: *Historia de Chandebrito, As Covas de Vincios, A Cova do Pico, O Folón (Coruxo) e as outras covas do sur de Vigo e Toponimia de Chandebrito*. Destacar a colaboración con distintas administracións e museos públicos, así como a participación en Nunca Máis, Coordinadora pola supresión da Ronda de Vigo, Salvemos Monteferro, A Ría non se vende, Galiza non se vende, Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro... con quen, entre outros méritos, ter loitado pola anulación dalgunhas desfeitas que se pretendían (por ex. Campo de Golf en Chandebrito) ou pretenden: Non aos parques eólicos nas serras da Groba e do Galiñeiro.

COLAZO PAZÓ, XOÁN

(Candeán, 1970)

Colabora no asociacionismo veciñal, ecoloxista, sindical e cultural. Participou na constitución da Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común. Coautor de artigos e libros editados por medios galegos, entre eles Nós Diario. Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Vigo. Corista no Coro Galego Cantares do Brión.

FERNÁNDEZ SUÁREZ, EMILIO

Doutor en Bioloxía (Universidad de Oviedo). Catedrático de Ecoloxía na Universi-

dade de Vigo. Foi Director Xeral de Desenvolvemento Sostible na Xunta de Galicia (2005-2009) e Director do Campus de Excelencia Internacional “Campus do Mar” (2009-2018).

FERNÁNDEZ-COLMEIRO MARTÍNEZ, MARÍA TERESA
(Vigo, 1953)

Doutora en Filosofía e Letras pola Universidade de Salamanca. Catedrática de Ensino Secundario. Foi profesora de Inglés no IES Val Miñor de Nigrán e no IES Primeiro de Marzo de Baiona durante 25 anos. Alumna da Escola Municipal de Cerámica de Nigrán durante varios cursos. Reside en Nigrán dende hai catro décadas.

LÓPEZ FERNÁNDEZ, ALFREDO
(Vigo, 1964)

Doutor en Bioloxía pola USC, cetólogo e debuxante especializado en ilustración científica. Participou en varios volumes da Colección Fauna Ibérica (CSIC) sendo o ilustrador da primeira descrición da especie *Vulcanoptopus hydrothermalis*. Participou no Atlas de vertebrados de Galicia (Consello da Cultura) e no Vocabulario das Ciencias Naturais da Xunta de Galicia. Actualmente é investigador auxiliar da Universidade de Aveiro en proxectos de Educación ambiental e divulgación. Colaborador de Nós diario e autor das bandas deseñadas Cabana de Balieiros, A Causa do crime e GOL.

LÓPEZ FORTES, ANDRÉS

Enxeñeiro de Minas e Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible (Universidade de Vigo) co traballo “Definición y validación de un método para la estimación de los cambios en la cobertura del suelo a partir de fuentes fotogramétricas y ortoimágenes: aplicación al análisis retrospectivo de cuencas”.

MANSO DE LA TORRE, XILBERTE
(Ourense, 1958)

Realizou os primeiros estudos e o bacharelato no Colexio Cardeal Cisneros de Ourense, onde era director Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas”, que deixou nel unha fonda influencia. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, especialidade de Psicoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor no ensino secundario no IES Escolas Proval de Nigrán noutra das especialidades ás que lle dedicou unha parte importante da súa vida, a Educación Física e o deporte. Adestrador de varias modalidades deportivas, dirixiu Escolas deportivas e Clubs de Ourense e Vigo no deporte do Hoquei Herba, nos que ligou, hai xa trinta anos, a Psicoloxía ao deporte, por aqueles tempos algo novo no noso país. Ten participado no asociacionismo veciñal ourensán. Retirado do deporte competitivo, participa no asociacionismo cultural dende a xunta do goberno do IEM e das seccións Arqueoloxía, Etnografía e Ciencias Naturais. Reside en Panxón, Nigrán.

MARTÍNEZ CEDEIRA, JOSE ANTONIO

Licenciado en Bioloxía por la Universidade de Vigo e Mergullador Profesional. Presidente de CEMMA dende 2012. Especialista en monitorización mariña, oceánica e aérea de cetáceos, e en estudos de interacción cetáceos-pesca.

MAURE RIVAS, XULIÁN

(Vigo, 1941)

Doutor en Filosofía e Letras. Foi profesor de Lingua e Literatura castelás no IES “Val Miñor” de Nigrán do que foi director durante varios anos. Presidiu a Asociación de Tradutores Galegos (ATG), onde dirixiu a Biblioteca Virtual www.bivir.com, promovida por el no ano 2000. Foi fundador de Edicións Xerais de Galicia (1978-1983); primeiro Subdirector Xeral do Libro, Bibliotecas e Patrimonio documental da Xunta de Galicia (1983-1984). Publicou diversos estudos, en revistas especializadas, sobre o mundo editorial galego e sobre os problemas da lingua escrita; entre outros *Galicia sen libros. Informe sobre o libro galego* (1987), e a súa tese doutoral *Para unha escriptoloxía da lingua galega*.

Reside dende hai tres décadas en Nigrán. É membro da Xunta de Goberno do IEM.

MÉNDEZ MARTÍNEZ, GONZALO

Doutor en Xeografía (Universidade de Santiago de Compostela) e Diplomado Técnico Urbanista (INAP-MAP). Profesor Titular de Xeodinámica Externa na Universidade de

Vigo. Director da Cátedra UNESCO en Desenvolvemento Litoral Sostible.

MOSQUERA VELEIRO, JOSÉ LUÍS

(Ourense, 1954)

Licenciado en Xeografía e Historia pola USC. Doctor en Historia pola Universidade de Vigo coa tese “Elites, partidos políticos y elecciones en El Valle Miñor 1906-1936” calificada con sobresaínte cum laude. Coautor cos irmáns Soliño do libro “Gondomar: historia, arte e territorio” Ir Indo, 1995. Artigo na Nosa Terra e A Peneira.

OVEJERO CAMPOS, AIDA

Licenciada en Bioloxía (Universidad de León) e en Ciencias do Mar (Universidade de Vigo). Máster en Sistemas de Información Xeográfica ESRI (Universidad Católica San Antonio de Murcia). Persoal Docente e Investigador na Universidade de Vigo.

PROL SANJURJO, EVA

(Madrid, 1978)

Desde moi nova viviu en Nigrán e foi alumna do Instituto Val Miñor. Máster 1 en Arquitectura (ES Arquitectura Nantes e ETSA A Coruña). Técnica superior en arte e deseño, escultura (EASD Pablo Picasso). Actualmente é docente en Infoarte Ramallosa de debuxo artístico , informático, xeometría , pintura e modelado. Imparte docencia en cursos eventuais, como un curso de cerámica para

o Centro Juan María e o concello de Nigrán; así como participa en eventos públicos (feiras de artesanía, instituto Proval) e produce obras de artesanía en cerámica, repuxado en metal, talla, modelado e pintura.

RODRÍGUEZ LEMOS, ANXO

(Baiona, 1994)

Estudante de Historia na Universidade de Santiago de Compostela e membro do IEM dende os seus 15 anos, idade á que comeza a recoller a toponimia na súa parroquia natal. Ten sido contratado polo Concello de Vigo para impartir obradoiros e realizar recollida dos nomes de lugar así como polo Concello de Gondomar nos últimos anos. Como investigador, estuda a vila de Baiona e a súa Xurisdición Real en diferentes arquivos do país

SOLIÑO TRONCOSO, ANTONIO

(Gondomar, 1958)

Arquitecto pola F.A.A.U.L. do Porto, onde obtivo premio especial como número dous da licenciatura. Tamén, titulado en arquitectura técnica pola E.U.A.T. da Coruña. Realizou viaxes de estudo por algúns países de Europa. É membro de número do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, da Ordem dos Arquitectos Portugueses -SRN- e do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra. Forma parte da Xunta de Goberno do IEM dende o ano 2011.

Ten gabinete propio en Gondomar e realizou proxectos de arquitectura, só ou en colaboración, para distintos puntos de Galicia e Portugal. Preocupado polo patrimonio, participou na recuperación, posta en valor e rehabilitación de diversas pezas arquitectónicas de interese histórico, etnográfico ou monumental. Neste mesmo ámbito, foi o autor da documentación e argumentación para a declaración de Ben de Interese Cultural (B.I.C.) para o Pazo de Gondomar, acadada con categoría de monumento no ano 1999.

A súa obra foi seleccionada na VIII Bienal Internacional de Cerveira (Portugal), no apartado de escultura, e a produción arquitectónica ocasionalmente recoñecida.

Ademais, ten publicado artigos dentro da temática profesional e artística e o interese pola conservación e divulgación da arquitectura vernácula e demais bens patrimoniais téñeno levado a publicar traballos específicos e a conducir varias visitas guiadas. É coautor dos libros: Gondomar. Historia, Arte e Territorio (1995), Retallos de Gondomar de Miñor (2012), Gondomar 1914-2014. Identidade e representación da vila condal a través da evolución dunha sociedade artístico-deportiva (2014), Percorridos polo patrimonio cultural da vila e concello de Gondomar de Miñor (2018) e, dentro de Cadernos de etnografía, Arquitectura de intermediación no Val de Miñor (2020). En solitario publicou: Alfonso Soliño Troncoso. Obra plástica para o iem 2002/2015 (2015) e Tras os pasos do Conde de Gondomar. Unha viaxe alén Miñor (2016), este baixo pseudónimo.

Normas para autores

Os manuscritos orixinais, inéditos e escritos en lingua galega, preferentemente coa normativa oficial, en formato electrónico en calquera dos procesadores de texto compatibles, enviaranse á redacción no enderezo abaixo indicado. Deben conter os seguintes apartados: título, autor(es) e os seus enderezos postais e/ou electrónicos, resumos en galego e inglés (que darán unha idea clara e non excederán as 200 palabras), e palabras clave nestes dous idiomas (ata un máximo de 10). O corpo do traballo deberá organizarse na medida do posible en: introdución, material e métodos, resultados, discusión, conclusións e referencias bibliográficas. Pódese aceptar, en todo caso, a publicación de traballos que non teñan que axustarse ao modelo mencionado.

As figuras, cadros, follas de excel, etc. deberán vir por separado do texto (aínda que estean tamén incluídas no mesmo). Agradécese que as imaxes non baixen de 1000 px, así como que leven pé de páxina que indique a autoría.

Os tipos en negriña poderanse empregar para resaltar no texto conceptos importantes, pero procurárase sempre evitar un uso abusivo. Os epígrafes nos que se divida o traballo ou, no seu caso, a numeración de parágrafos, consígnanse sempre en negriña. Evitárase sempre o uso do subliñado nos traballos. O uso da cursiva limitarase a resaltar palabras doutras linguas. Eventualmente pode utilizarse para introducir texto que non é estritamente unha cita, por exemplo unha tradución (inédita ou para distinguila do orixinal).

As citas literais de dúas liñas ou menos deben ir dentro do texto, con «comiñas angulares». As citas superiores a dúas liñas deben ir fóra do texto, con sangrado pola esquerda e cun corpo de letra menor.

As citas contidas no texto estarán feitas dalgunha das seguintes maneiras:

Garrido Rodríguez (2001)

Garrido Rodríguez (2001: 25)

Soliño Troncoso & Chamorro Sanromán (2018)

Soliño Troncoso & Chamorro Sanromán (2018: 94)

Os comentarios a pé de páxina reserváranse para introducir texto complementario e nunca deben servir para introducir referencias bibliográficas.

Débase entender por REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS a listaxe de obras que teñen unha conexión directa co texto redactado e que nel se citaron. Presentárase alfabeticament ao final do artigo. Á parte, e baixo o epígrafe de BIBLIOGRAFÍA, o autor pode engadir unha serie de referencias, non citadas, pero importantes para a comprensión xeral do traballo. Faranse da seguinte maneira:

Libro: AUTOR/ES (Año). *Título*. Páxinas. Editorial. Cidade.

SOLIÑO TRONCOSO, A., & J. CHAMORRO SANROMÁN (2018). *Percorridos polo patrimonio cultural da vila e concello de Gondomar de Miñor*. 1-496. Instituto de Estudos Miñoráns. Gondomar.

Participación en obras colectivas: AUTOR/ES. (Año). Título capítulo. In Editor / Coordinador. Título da obra. Páxinas inicial-final. Editorial. Cidade.

CARMONA BADÍA, X. (2011). A economía galega do primeiro terzo do século XX: algúns comentarios á lus do centenario das Escolas Proval. In MALHEIRO GUTIÉRREZ, X.M. (ed.) *Actas do Congreso Emigración e Educación (1900-1936)*: 179-201. Instituto de Estudos Miñoráns. Gondomar.

Revista: AUTOR/ES. (Año). Título. *Nome da publicación* Número: Páxina inicial-final.

GARRIDO RODRÍGUEZ, X. (2001). A estación paleolítica de Chan do Cereixo na Portavedra. *Revista de Estudos Miñoráns* 1: 15-28.

Páxinas web: AUTOR(ES). Título. Localización (Consultada: xx/xx/xxxx)

BARANDIARAN, J.M DE & J. ALTUNA. La cueva de Ekaín y sus figuras rupestres. <http://www.aranzadi.eus/fileadmin/docs/Munibe/1969331386.pdf> (consultada 05/07/2020).

Os orixinais enviaranse directamente ao consello editorial da revista -mediante o enderezo electrónico oficina@iem.gal-, que valorará a idoneidade do traballo para a súa inclusión na revista. Poderase recorrer a revisores externos para a avaliación do traballo.

